

MEMORIA DE SERVICIO PÚBLICO 2024

INTRODUCCIÓN	7
CAPÍTULO 1. As relacións laborais na CRTVG.....	25
1.1 Negociacións coa parte social	25
1.2 Renovación tecnolóxica. Sistema de información de RRHH.....	28
1.3 Seguridade e saúde laboral	29
1.4 Formación e selección.....	35
CAPÍTULO 2. Audiencias	41
2.1 Audiencias xerais das canles da CRTVG.....	42
2.2 Referencia informativa	49
2.3 Referencia para o entretemento	51
2.4 Conclusións	52
CAPÍTULO 3 Canles dixitais en datos	55
3.1 Chegar a novas audiencias	56
3.2 Directos na OTT.....	57
3.3 Emisión multidispositivo	57
3.4 Audiencias 360º.....	58
3.5 Novos formatos innovadores de comercialización	58
CAPÍTULO 4. Os servizos informativos da CRTVG.....	61
4.1 Os formatos informativos en 2024	61
4.2 Servizos informativos en TVG	61
4.3 Servizos informativos en Radio Galega.....	64
4.4 Portal informativo G24.gal	66
4.5 Redes sociais e contidos dixitais	67
4.6 Cultura365	69
4.7 Deportes	71
4.8 O tempo.....	75
CAPÍTULO 5. Os contidos e emisións da CRTVG.....	77
5.1 Programación televisiva	80
5.2 Emisións televisivas	95
5.3 Producción allea	100
5.4 Dobraxa e subtitulación.....	107
5.5 Programación radiofónica.....	108
5.6 As plataformas OTT	123
5.7 Redes sociais e contidos dixitais	166
CAPÍTULO 6. Relación co sector audiovisual.....	171
6.1 Pulo do sector a través das medidas de apoio ao cine	171
6.2 Proxectos aprobados no 2024	172
6.3 Relación global co sector audiovisual	174
6.4 Promoción e presenza exterior das producións galegas	175

CAPÍTULO 7. O desenvolvemento tecnolóxico.....	179
7.1 Actualización da plataforma de produción e arquivo da TVG.....	179
7.2 Subtitulación en directo dos informativos da TVG	180
7.3 Emisión na TDT da canle de radio de contido infantil, Radio Picariña....	181
7.4 Ciberseguridade: servizo SIEM.....	182
7.5 Ciberseguridade: servizos ‘DFIR’ e ‘SOC’	183
7.6 Servizos web: CDN con WAF	185
7.7 Base de datos: actualización a Oracle 19c	186
7.8 Infraestrutura: wifi	188
7.9 Infraestrutura: postos de traballo da RG.....	189
CAPÍTULO 8. Documentación e Arquivo da CRTVG	191
8.1 Obras de adaptación á normativa da prevención de incendios	191
8.2 Optimización do arquivo dixital	191
8.3 Dixitalización dos fondos históricos	192
8.4 Entrada de produción nativa dixital	192
8.5 Atención de solicitudes externas	192
8.6 Atención interna e servizo á produción	193
CAPÍTULO 9. Normalización lingüística.....	195
9.1 Adaptación a novas necesidades da Corporación	196
9.2 Equipo de asesores lingüistas.....	196
9.3 Principais cometidos.....	197
9.4 Participación en procesos de selección	198
9.5 Relación con institucións académicas e lingüísticas	198
9.6 Colaboracións de normalización lingüística.....	199
CAPÍTULO 10. A Proxección Social da CRTVG.....	201
10.1 Responsabilidade Social Corporativa.....	201
10.2 Coordinación Creativa	207
10.3 Comunicación e relación co público	208
10.4 Igualdade e inclusión.....	210
10.5 Accións internacionais	221
10.6 Colaboracións institucionais e apoio ao tecido social galego.....	222
10.7 Premios e recoñecementos á CRTVG.....	224
CAPÍTULO 11. O control sobre a CRTVG.....	227
11.1 Consello de Administración da CRTVG.....	227
11.2 Funcionamento do Consello de Administración.....	229
11.3 Decisións que adoptou o socio único da CRTVG	250
11.4 Órganos ou comisión de participación, asesoramento ou de control interno.....	251
11.5 Parlamento de Galicia.....	263
11.6 Outros organismos de control	265

INTRODUCCIÓN

O 1 de xaneiro de 2016 nacía a Corporación Radio e Televisión de Galicia, participada ao 100% pola Xunta de Galicia, despois de que o 4 de decembro de 2015 o *Diario Oficial de Galicia* publicara o decreto polo que se extinguía a entidade de dereito público Compañía de Radio-Televisión de Galicia, unificándose as tres entidades instrumentais existentes ata aquel momento (Compañía de Radio-Televisión de Galicia, Radiotelevisión Galicia, S.A. e Televisión de Galicia, S.A.).

A creación da Corporación RTVG encádrase no marco regulamentario do sector da comunicación audiovisual, que parte da aprobación da Lei 7/2010, de 31 de marzo, xeral de Comunicación Audiovisual, a cal persegue adecuar a prestación do servizo público de comunicación audiovisual ás novas esixencias dun sector e un mercado cada vez máis innovador e con máis competencia despois da chegada das plataformas e múltiples operadores internacionais.

A configuración do ente público aplica o establecido na Lei 9/2011 de Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, na que tamén se establecen os mecanismos de control correspondentes, como os procesos de rendición de contas que, con carácter anual, ten que seguir a CRTVG. Entre eles, a edición e presentación desta Memoria de Servizo Público que é primeiramente trasladada e aprobada polo Consello de Administración da Corporación.

Por outra banda, o Mandato Marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia, publicado no *DOG* o 29 de decembro de 2015, no seu artigo 7 de “Control polo Parlamento”, explicita que, de conformidade co previsto na Lei 9/2011, o Parlamento de Galicia desenvolverá as funcións de control da Corporación mediante, entre outras medidas, o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público a través da Comisión Permanente non lexislativa de Control da CRTVG. Disto dáse conta no último capítulo desta memoria anual.

A lei prevé a existencia dese Mandato Marco no que o Parlamento de Galicia reflicte os termos e criterios que definen, por un período de nove anos, as liñas básicas para a prestación do servizo que lle cómpre á CRTVG. Deste xeito, ese instrumento contén as indicacións suficientes como para informar da estratexia da Corporación.

O preámbulo dese Mandato Marco, vixente ata o presente exercicio, sinala como fundamental garantir que o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia cubra as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade galega, e contribúa a preservar o pluralismo nos medios de comunicación, así como a normalización da lingua galega, o reforzamento da identidade de Galicia, a promoción da cultura galega e o impulso da súa industria audiovisual.

Todo isto coa finalidade de que a entidade prestadora se consolide como un instrumento eficaz de vertebración social, cultural e económica de Galicia, así como de promoción e dinamización da lingua galega. Con ese obxectivo, a Lei 9/2011 encomenda á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG) a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sometendo a súa actividade a unha serie de valores que emanan do respecto e da defensa dos principios que informan a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, e dos dereitos e liberdades que neles se recoñecen e garanten.

O Mandato Marco emanado do Parlamento é, polo tanto, a ferramenta estratéxica para a concreción do modelo de radio-televisión de Galicia e, en fin, para o cumprimento dos obxectivos xerais da función de servizo público da Corporación RTVG. A este respecto, merece especial atención o principio de eficiencia na prestación do servizo público da Corporación RTVG, orientado a cumprir coas esixencias de consolidación fiscal e estabilidade orzamentaria.

Á luz de todo o anterior, este Mandato Marco configúrase como o instrumento de orientación estratéxica para desenvolver o servizo público audiovisual de Galicia, adaptándoo aos cambios tecnolóxicos, económicos e de usos sociais que impoñen a evolución da sociedade da información e do coñecemento, as políticas audiovisuais europeas e nacionais, as directivas comunitarias de servizos audiovisuais e a Axenda Dixital 2020.

De conformidade co previsto na Lei 9/2011, o Parlamento de Galicia desenvolve as funcións de control da CRTVG mediante a elección dos membros do Consello de Administración; a elección e, de ser o caso, a revogación do seu director; o coñecemento do informe anual; e o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público a través da Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación.

Coa presente memoria preténdese ao tempo dar conta da execución do Mandato Marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia, do que os principios inspiradores constitúen unha verdadeira guía da misión de servizo público encomendada á CRTVG.

1. Resultado da provisión de servizo público de comunicación audiovisual

1.1 Resultados en clave de audiencia

A Corporación dispón de diferentes canles polas que emite programación exclusivamente no idioma galego. Esas canles son: dúas canles de Televisión Dixital Terrestre, TVG e G2; dúas canles de televisión vía satélite para o exterior, América e Europa; xunto a catro canles de radio, a Radio Galega xeralista, dúas canles de música, unha delas exclusivamente dedicada á música galega e Radio Picariña, dedicada exclusivamente ao público infantil. Tamén ten operativas as canles dixitais G24, crtvg.gal e as tres plataformas dixitais nadas en xaneiro de 2024: AGalega.gal, AGalegaAudio.gal e Xabarín.gal, ademais de 29 canles en redes sociais.

Aproximación ao rendemento da grella de contidos

En clave de identificar os resultados de audiencia do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, a continuación preséntanse os niveis obtidos (datos Kantar Media e EGM). Estes datos postos en combinación cos valores orzamentarios do exercicio correspondente permiten avanzar un xuízo custo/resultado do rendemento da grella de programación.

No ámbito das televisións autonómicas en España (FORTA), a marca TVG rematou 2024 na 3ª posición. A Radio Galega, no ano 2024 logrou 114.000 oíntes, situándose na 4ª posición. No ámbito das emisoras autonómicas en España (FORTA), a RG sitúase tamén na 4ª posición. Ponse así de manifesto un compromiso, en clave de competitividade, da Corporación coa eficiencia da grella de programación e a competitividade da mesma.

Televisión de Galicia

A primeira canle da TVG, no conxunto do día, ao longo do ano 2024, acadou unha cota de audiencia media do 8,6 segundo os datos de Kantar Media. No horario máis importante do día (*prime time*) a cota tamén acada un 8,6%. As canles públicas galegas (TVG e G2) que emiten a través de TDT obtiveron unha cota de pantalla conxunta no 2024 do 9,5%.

En posición comparativa coas canles autonómicas que integran a FORTA, a marca TVG acada a terceira posición no conxunto do día e a cuarta no *prime time*. A canle TVG preséntase como unha das máis dinámicas do grupo autonómico, e no conxunto do día acada 0,5 puntos máis de cota de pantalla que a media de FORTA (8,1%). No *prime time* a TVG acada 0,1 puntos máis que a media da FORTA (8,5%).

É preciso pór de relevo, pola excepcionalidade da situación, que o mediador Kantar Media debeu asumir e afrontar unha multa por primeira vez na historia da CRTVG no ano 2024 derivada das medicións irregulares da audiencia da Televisión de Galicia por parte desta empresa.

Radio Galega

A audiencia diaria da Radio Galega (RG) de luns a domingo do ano 2024, segundo os datos do Estudo Xeral de Medios, foi de 114.000 oíntes. Ao respecto da Radio Galega Música (RGM), a audiencia diaria no ano 2024 foi de 19.000 oíntes. As canles públicas galegas de radio (RG e RGM) acadaron no 2024 un total de 133.000 oíntes diarios.

Canles dixitais

A aposta pola CRTVG durante o ano 2024 polas canles dixitais vese reflectida no incremento dun 60% no número de impresións/reproducións dos contidos nas diferentes plataformas nas que opera a CRTVG.

O ano 2024 foi o da presentación das plataformas OTT da CRTVG que ofrecen desde xaneiro a súa oferta de contidos audiovisuais en AGalega.gal; de audio en AGalegaAudio.gal, e os contidos infantís e xuvenís en Xabarín.gal. Os contidos das plataformas dixitais lograron 615.000.000 impactos na cidadanía, ben a través das reproducións de vídeos (Instagram, TikTok e Youtube), ben a través de contidos non audiovisuais (Facebook e X).

AGalega.gal

AGalega.gal iniciou as súas emisións o 17 de xaneiro de 2024. Nun só ano de vida accederon a ela 2 millóns de usuarios, que xeraron 6 millóns de visitas e 11 millóns de contidos vistos. Ademais, logrou que se consumiran 14.432 horas de contidos integramente en galego, tanto emitidos en directo coma consumidos baixo demanda.

O 74% dos contidos consumidos na plataforma foron de directo, mentres que o 26% restante se corresponde co consumo baixo demanda tanto de contidos nativos dixitais como de programas emitidos pola TVG e pola Radio Galega. Un total de 90.700 usuarios baixaron as aplicacións móbiles da plataforma, logrando converterse na principal plataforma audiovisual que opera en Galicia e formar parte das 15 plataformas máis consumidas en España.

O 'Telexornal Mediodía' destaca como o informativo máis consumido á carta de AGalega.gal.

Esta plataforma é tamén accesible nos televisores intelixentes a través da tecnoloxía Hbbtv. Durante o ano 2024, preto de 120.000 televisores accederon diariamente a estes contidos.

G24.gal

A canle dixital dos servizos informativos, G24.gal, remata o ano cun crecemento importante en todos os parámetros. Durante o ano 2024 foi visitada por 2 millóns de usuarios, que xeraron 5 millóns de sesións e consumiron 11 millóns de impresións. O crecemento con respecto ao ano 2023 foi dun 33% de sesións, un 28% no número de usuarios e un 41% no número de páxinas vistas ou impresións.

Facebook

Os contidos das diferentes canles da CRTVG na rede social Facebook foron vistos 430 millóns de veces, o que supón un 48% máis que o consumido no ano 2023. Os vídeos lograron acadar os 223 millóns de reproducións, e as canles máis seguidas foron G24 e a conta da TVG.

Instagram

O crecemento do consumo en Instagram aumentou un 185% con respecto ao ano 2023, pasando dos 74 millóns de reproducións ata os 211 millóns. Ademais, esta rede xerou o maior *engagement* de todas as redes, cunha taxa dos 6 millóns de usuarios que interacturaron cos contidos emitidos.

TikTok

A rede TikTok foi tamén unha rede cun amplo crecemento no ano 2024, superando ao ano 2023 nun 192%. Neste ano logrouse que os vídeos emitidos se reproducisen 149 millóns de veces.

X

O caso da rede X merece un comentario especial, xa que o cambio das políticas comerciais e de contidos da rede americana provocaron importantes flutuacións tanto no consumo como na súa medición. Hai que salientar que no ano 2024 se produciron un total de 19 millóns de reproducións.

YouTube

O crecemento de YouTube foi o máis importante de todas as redes sociais, cun incremento das reproducións do 1.200% con respecto ao ano 2023. Lográronse preto de 13 millóns de reproducións de vídeo e 62 millóns de impresións, alimentados fundamentalmente polos directos da TVG, polas informacións de G24 e polos contidos de Xabarán.gal.

2. Liquidación orzamentaria

Para financiar os custos do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, a Corporación xestionou un orzamento definitivo no 2024 por importe de 141,2 millóns de euros (128,2 millóns de euros excluindo a achega finalista destinada a Tributos para financiar o sobrecusto do IVE por importe de 13,0 millóns de euros).

A liquidación orzamentaria da Corporación RTVG correspondente ao exercicio 2024 acada un resultado orzamentario en posición de superávit por importe de 1.333.259 euros.

Euros				
DOTACIÓNS E RECURSOS CONSOLIDADOS 2024	ORZAMENTO INICIAL 2024	ORZAMENTO DEFINITIVO 2024	ORZAMENTO EXECUTADO 2024	RESULTADO ORZAMENT. 2024
<i>DOTACIÓNS</i>				
Compras	39.105.115	48.344.388	48.302.752	41.636
Servizos Exteriores	16.657.400	16.663.325	17.604.305	(940.980)
Tributos	11.557.000	13.122.537	13.089.616	32.921
Gastos de Persoal	57.407.446	54.754.711	54.733.032	21.679
Outros Gastos de Xestión	20.000	5.000	4.161	839
Gastos Financeiros	33.000	88.000	85.963	2.037
Perdas Proc. do Activo e G. Excep.	0	2.000	1.800	200
Inmobilizacións Intanxibles	3.112.000	4.422.000	4.413.742	8.258
Inmobilizacións Materiais e en Curso	3.290.000	3.780.000	3.772.482	7.518
TOTAL DOTACIÓNS	131.181.961	141.181.961	142.007.853	(825.892)
<i>RECURSOS</i>				
Ingresos Publicitarios Netos	7.349.000	7.349.000	7.484.886	135.886
Outras Vendas	693.000	693.000	680.849	(12.151)
Outros Ingresos Xestión	30.000	30.000	500.933	470.933
Ingresos Financeiros	0	0	983.958	983.958
Benef. Prod. do Activo non Cte e I. Excep.	0	0	69.994	69.994
Achega Patrimonial	111.459.961	119.894.424	119.923.348	28.924
Achega Patrimonial Finalista IVE	11.400.000	12.965.537	12.936.613	(28.924)
Subvencións de Capital	250.000	250.000	250.000	0
Remanentes de Capital	0	0	510.531	510.531
TOTAL RECURSOS	131.181.961	141.181.961	143.341.112	2.159.151
RESULTADO ORZAMENTARIO 2024	0	0	1.333.259	1.333.259

A conciliación cos valores de balance do exercicio 2024 a través do estado demostrativo das variacións de remanente de tesourería é a seguinte:

CONCEPTOS	Euros		
	2024	2023	VARIACIÓN
DEREITOS PENDENTES DE COBRO	78.493.398	67.281.693	11.211.705
Crédito Facenda Pública l/p	72.884.266	61.423.287	11.460.979
Fianzas e depósitos constituídos l/p	67.280	51.420	15.860
Debedores por operacións tráfico	5.219.757	5.538.911	(319.154)
Investimentos financeiros c/p	21.687	49.504	(27.817)
Axustes periodificación	260.217	209.317	50.900
Anticipos sobre compras	40.191	9.254	30.937
OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	(107.297.028)	(75.692.012)	(31.605.016)
Provisións responsabilidades	(3.182.552)	(1.162.853)	(2.019.699)
Débedas a l/p	(72.884.266)	(61.423.287)	(11.460.979)
Débedas a c/p	(1.475.633)	0	(1.475.633)
Acredores por operacións tráfico	(29.664.399)	(13.001.059)	(16.663.340)
Outras débedas a c/p	(90.178)	(104.813)	14.635
TESOURARÍA	53.484.387	28.451.980	25.032.407
(=) REMANENTE TESOURARÍA	24.680.757	20.041.661	4.639.096
Variación neta incluídos remanentes por incorporacións orzamentarias			(3.305.837)
(=) RESULTADO ORZAMENTARIO 2024			1.333.259

A liquidación orzamentaria da Corporación RTVG no exercicio 2024 pon de manifesto unha xestión comprometida co seu carácter empresarial.

Así os trazos principais que caracterizaron o servizo audiovisual público desenvolvidos pola CRTVG son que presta un servizo por mandato do Parlamento; presenta unha situación financeira e patrimonial estable e saneada; ordenou e estabilizou a súa contorna laboral e axústase con moi notable precisión ás determinacións normativas sobre o tamaño do seu cadro; consolidou o seu modelo corporativo a partir dunha reorganización estrutural e desenvolve a súa actividade desde unha plena integración produtiva de medios, superando a dualidade inicial entre radio e televisión e incorporando a presenza no ámbito dixital.

Por conseguinte, xerou unha ampla e variada oferta temática que ofrece no seu portal na rede, no que ten un significado chave a plataforma de noticias G24.gal; dixitalizou os seus procedementos e procesos, nomeadamente os ligados á actividade produtiva, o que supón que arestora deba considerarse como unha factoría de contidos para unha difusión multimedia, multicanle e multiplataforma; acentuou a súa vocación empresarial; mellorou a súa rendibilidade produtiva económica e social, e mudou os termos cualitativos da súa concorrencia de mercado e do seu modelo de negocio, no sentido de que culmina na Plataforma Dixital de Comunicación Audiovisual de Galicia.

Mentres, segue a constituír un axente de primeira orde vertebrando a identidade colectiva, en sentido cívico e cultural, idiomático singularmente, de Galicia; mantén unha audiencia e un alcance significativos en medios convencionais; ten unha considerable notoriedade social; constitúe un motor do sector audiovisual galego e un factor clave da dixitalización da sociedade e a economía do país, cun papel destacado nas dinámicas de I+D+i que atinxen a ese sector e ao das TIC, ao tempo que perfilou e profundou o seu exercicio formal de transparencia e responsabilidade social.

En definitiva, a provisión do servizo público media centrouse, a nivel de xestión, na transformación dixital e a competitividade a cubrir nunha secuencia sucesiva de transformación cultural, transformación orgánica, transformación profesional e transformación tecnolóxica.

Histórico de resultados orzamentarios

O conxunto informativo que se recolle a continuación contribúe a unha mellor comprensión e facilita o análise do resultado orzamentario do exercicio 2024. Os datos para o período 1985-2024 son os seguintes:

Millóns de euros

EXERCICIO	ORZAMENTO	RESULTADO	RESULTADO ACUMULADO	EXERCICIO	ORZAMENTO	RESULTADO	RESULTADO ACUMULADO
1985		(0,7)	(0,7)	2007	133,8	3,7	(47,3)
1986	20,5	(1,8)	(2,5)	2008	142,1	(3,7)	(51,0)
1987	27,4	(1,4)	(3,9)	SUMA 1985-2008		(51,0)	(51,0)
1988	35,3	(7,5)	(11,4)	2009	146,9	2,0	(49,0)
1989	41,0	(14,0)	(25,4)	2010	145,4	21,6	(27,4)
1990	66,6	(3,8)	(29,2)	2011	121,5	0,4	(27,0)
1991	72,2	(11,0)	(40,2)	2012	114,4	0,3	(26,7)
1992	64,1	(9,4)	(49,6)	2013	104,0	0,3	(26,4)
1993	62,0	(2,3)	(51,9)	2014	107,8	0,3	(26,1)
1994	68,1	(2,7)	(54,6)	2015	103,6	0,8	(25,3)
1995	71,6	0,7	(53,9)	2016	104,1	3,7	(21,6)
1996	76,0	2,4	(51,5)	2017	107,2	1,6	(20,0)
1997	81,0	(0,1)	(51,6)	2018	106,9	2,2	(17,8)
1998	87,3	(2,5)	(54,1)	2019	109,2	1,7	(16,1)
1999	100,9	5,5	(48,6)	2020	111,2	1,8	(14,3)
2000	101,0	10,6	(38,0)	2021	110,4	2,8	(11,5)
2001	99,9	1,7	(36,3)	2022	111,2	3,1	(8,4)
2002	105,5	(21,9)	(58,2)	2023	115,8	2,1	(6,3)
2003	108,1	(9,6)	(67,8)	2024	128,2	1,3	(5,0)
2004	118,0	(7,6)	(75,4)	SUMA 2009-2024		46,0	(5,0)
2005	125,1	19,9	(55,5)	TOTAL 1985-2024		(5,0)	(5,0)
2006	134,7	4,5	(51,0)				

Nota: Dende 2022, a efectos comparativos e homoxéneos, exclúese a achega finalista para financiar o sobrecusto do IVE.
Fonte: Contas anuais auditadas.

Ao respecto da liquidación orzamentaria da Corporación RTVG do exercicio 2024, a mesma presenta unha posición cun resultado orzamentario positivo de 1.333.259 euros.

As posicións no período 2009-2024 (a.i) acadaron unha sistemática posición do resultado orzamentario con superávit. Isto permitiu sanear a acumulación histórica de déficits de tesourería negativos non presupostados, os cales evolucionan desde <-51,0> millóns de euros en 2008 ata <-5,0> en 2024. No período 2009-2024 (a.i) executouse unha xestión centrada na redución do déficit histórico.

En total, no período obxecto de observación sanéanse 46,0 millóns de euros, o cal representa unha porcentaxe do 90%.

Evolución do orzamento

A evolución do orzamento consolidado entre 2008 e 2024 é a seguinte:

EXERCICIO	EUROS	VARIACIÓN S/ANTERIOR	% VARIACIÓN INTERANUAL	Euros	
				VARIACIÓN S/2009	% VARIACIÓN S/2009
2008	142.145.14 6				
2009	146.908.99 5	4.763.849	3,4%		
2010	145.428.04 6	-1.480.949	-1,0%	-1.480.949	-1,0%
2011	121.490.78 3	-23.937.263	-16,5%	-25.418.212	-17,3%
2012	114.416.07 7	-7.074.706	-5,8%	-32.492.918	-22,1%
2013	103.964.27 5	-10.451.802	-9,1%	-42.944.720	-29,2%
2014	107.770.03 0	3.805.755	3,7%	-39.138.965	-26,6%
2015	103.575.94 3	-4.194.087	-3,9%	-43.333.052	-29,5%
2016	104.137.61 7	561.674	0,5%	-42.771.378	-29,1%
2017	107.187.83 0	3.050.213	2,9%	-39.721.165	-27,0%
2018	106.882.83 0	-305.000	-0,3%	-40.026.165	-27,2%
2019	109.165.00 0	2.282.170	2,1%	-37.743.995	-25,7%
2020	111.213.00 0	2.048.000	1,9%	-35.695.995	-24,3%
2021	110.351.00 0	-862.000	-0,8%	-36.557.995	-24,9%
2022	111.210.38 7	859.387	0,8%	-35.698.608	-24,3%
2023	115.760.01 6	4.549.629	4,1%	-31.148.979	-21,2%
2024	128.216.42 4	12.456.408	10,8%	-18.692.571	-12,7%

Nota: Dende 2022, a efectos comparativos e homoxéneos, exclúese a achega finalista para financiar o sobrecusto do IVE.
Fonte: Contas anuais auditadas.

Evolución dos indicadores do PAIF

A evolución dos indicadores do Programa de Actuacións, Investimentos e Financiamento (PAIF) do orzamento do exercicio 2024 é a seguinte:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN INDICADOR	UNIDADE	OBXECTIVO	REALIZADO	GRAO CONSECUCIÓN
P01006	Emisión de programas producidos en Galicia na RG	Horas	7.525	7.596	100,9%
P01007	Emisión de programas producidos en Galicia na TVG	Horas	6.650	6.844	102,9%
P01126	Contidos publicados nas canles dixitais da CRTVG	Número	100.000	128.534	128,5%

Fonte: CRTVG e plataformas dixitais.

Os valores acadados no caso dos tres indicadores son superiores aos obxectivos establecidos no PAIF do orzamento do ano 2024.

3. Xestión das persoas

A CRTVG está a desenvolver un plan de acción laboral centrado nas persoas baixo o obxectivo de contribuír á mellora en clave de competitividade e eficiencia. Este plan incorpora as liñas de traballo seguintes: estabilidade e calidade no emprego, clima laboral, coidado do contorno de traballo, recoñecemento e participación das persoas traballadoras, comunicación corporativa efectiva e formación continua.

Cómpre destacar o compromiso do persoal ao servizo da Corporación co proxecto que a CRTVG encarna. Este, na súa dilatada experiencia e probada capacidade, constitúe o seu principal activo.

3.1 Un proxecto laboral centrado nas persoas, na transparencia, no desenvolvemento profesional e comprometido coa estabilidade no emprego

O conxunto de actuacións e medidas executadas no ámbito laboral contribuíron a favorecer o desenvolvemento profesional, a iniciativa e un esquema que propicie contornas favorables para acadar unha maior satisfacción profesional baixo criterios de manter a estabilidade da CRTVG.

Un eixe prioritario foi mellorar a xestión operativa dos recursos humanos en relación coa nova organización produtiva. Implantouse así un sistema de xestión integral, que funciona baixo soporte de aplicacións informáticas, que impulsou avances en clave de desenvolvemento profesional e rendemento operativo e estratéxico.

Este esquema, presente na área da xestión das persoas, determina na organización un xeito de traballo comprometido coa eficiencia na xestión e a trazabilidade fundada nas decisións operativas.

Os avances insisten en considerar os vectores seguintes:

- Mellorar a xestión en clave de seguridade xurídica e sentar unha base axeitada para xestionar de xeito profesional a área laboral.
- Proporcionar transparencia externa e interna plenamente coherente coa reformulación da cultura corporativa.
- Ter un decisivo valor instrumental inmediato en clave de xestión e soporte que permitiu a estabilización de todo o cadro de persoal, na medida en que o mesmo identifica con claridade o conxunto de postos de traballo da Corporación RTVG.
- Mellorar así a capacidade de gobernanza na proxección estratéxica da xestión referida aos recursos humanos, facilitándolles ao supervisor e aos órganos de goberno da Corporación RTVG a toma de decisións.

O traballo está centrado nas novas competencias que demande a actividade e tamén en xestionar o cambio de forma acompañada coas necesidades produtivas mellorando as capacidades de adaptación estratéxica. En definitiva, estase a falar dunha aplicación produtiva da dixitalización. Trátase de facer compatible o contorno laboral existente cun conxunto de melloras e avances asociados á diversidade xeracional e aos niveis formativos e funcionais, de xeito que permitan manter unha coherencia dos custos de explotación.

O compromiso corporativo cun emprego de calidade e axeitadamente retribuído queda formalmente recollido no acordo do Consello da Xunta de 02.12.2024, polo que se aproba a oferta de emprego público da Corporación Radio e Televisión de Galicia correspondente ao ano 2024 na que se ofertaron 10 prazas mediante o sistema de concurso-oposición e 9 prazas de promoción interna para o persoal da Corporación.

Esta oferta do exercicio 2024 é unha continuación da liña de traballo iniciada coas Ofertas Públicas de Emprego dos anos 2021, 2022 e 2023. Estes datos dan como resultado que nos últimos 4 anos a Corporación ofertou un total de 315 prazas, o cal vén representar o 38% do cadro de persoal.

Cómpre sinalar que as ditas Ofertas Públicas de Emprego integraron a perspectiva das persoas con discapacidade mediante a inclusión nas mesmas de prazas tanto de discapacidade xeral como intelectual.


En consecuencia, no ano 2024, e por cuarto ano consecutivo, a Corporación consolida o que xa é un trazo característico sen precedentes desde a creación do medio, a través dun esquema de provisión definitiva de prazas con vínculo de fixeza. Ao igual que xa aconteceu no ano anterior, a OPE do 2024 contén 9 prazas de promoción interna, ás que hai que sumar ás 14 do ano 2023, coa finalidade de recoñecer o talento interno, dando a posibilidade aos profesionais da CRTVG de desenvolvemento profesional dentro da propia empresa.

O proxecto laboral segue os criterios executivos que establecen as directrices básicas, aprobadas polo Consello de Administración, en materia de xestión das persoas: igualdade, capacidade, mérito e publicidade na captación e xestión do talento; estabilidade e calidade no emprego; intencionalidade e autonomía na xestión dos efectivos e do cadro de persoal; racionalidade e sustentabilidade da organización produtiva, procurando unha coherencia entre os custos da actividade produtiva e os retornos económicos e sociais desta actividade; eficiencia e optimización da organización produtiva; e finalmente a actualización e provisión do cadro de persoal.


3.2 Estado de situación da cuestión laboral

Unha visión baseada nunha análise dinámica pon de manifesto que no ano 2009 a CRTVG tiña un número medio de 996 persoas traballadoras e un cadro de persoal de 769 prazas. Isto evidencia que o cadro de persoal non representaba axeitadamente o número de efectivos e a diferenza existente entre ambas proxectaba unha característica problemática laboral asociada á contratación indefinida. A maiores, o perímetro de risco laboral (principalmente referidos aos servizos de novas externalizadas que conformaban o esquema das actuais delegacións territoriais da Corporación, os cales finalmente se fixeron propios) ascendía aprox. a 160, ata completar o seu número total en aproximadamente 1.156 efectivos.

A xestión levada a cabo no eido dos recursos humanos supuxo cuantitativamente pasar dun cadro de 769 prazas e 996 persoas traballadoras e un perímetro de risco laboral que completaba o seu número en aprox. 1.156 efectivos, cara a evolucionar, no 2024, a un cadro de persoal laboral composto por 832 prazas e 865 persoas traballadoras de media, coa conseguinte estabilización e racionalización dos custos de persoal e a drástica redución da temporalidade na contratación.



Fonte: Contas Anuais auditadas.



Fonte: Contas Anuais auditadas.

A CRTVG pecha o exercicio 2024 cun número medio de persoas traballadoras de 865. Este dato pon de manifesto o compromiso corporativo con manter unha coherencia dos custos de explotación.

Cómpre salientar tamén a progresiva redución da contratación temporal implantada na xestión desde o ano 2010 (a temporalidade no 2009 superaba o 40%).

A distribución do promedio das persoas traballadoras no exercicio 2024 por tipo de vinculación contractual é a seguinte: fixos e indefinidos 74,7%; relevos 4,7%; interinidade 11,6%; obra 1,5%; temporais por acumulación de tarefas 0,1%; prácticas 3,1%; e directivos 4,3%.

En síntese, unha análise inmediata do número medio de persoal no período obxecto de observación 2009-2024 pon de manifesto que as medidas de mellora da xestión laboral executadas proxectaron o seu efecto en clave de estabilidade e calidade no emprego, diminución da temporalidade, sustentabilidade e mesmo a coherencia dos custos da actividade.

Os resultados propiciaron así contornos axeitados en clave de eficiencia, sen perder de vista unha perspectiva de mellora laboral baseada no diálogo e negociación cos axentes sociais.

Os datos do exercicio 2024 poñen de manifesto que o número medio de persoas traballadoras/ano foi de 865, que se encontra completamente aliñado co cadro de persoal autorizado (872: 832 cadro de persoal laboral e 40 cadro de persoal directivo).

O desglose por natureza do vínculo é o seguinte:

- **Cadro directivo:** 38.
- **Persoal de cadro:** i) fixos: 416; ii) relevistas: 41, iii) indefinidos -firmes e non firmes- en praza vacante: 220; iv) interinos en praza vacante: 42; v) obras ou servizos determinados: 13; e vi) 14 interinos que ocupan prazas reservadas.
- **Persoal de longa duración:** i) indefinidos sentenza non firme: 10; e ii) contratos en prácticas: 26.
- **Substitucións** (motivadas principalmente por Incapacidades Temporais): 44 e 1 contrato temporal por circunstancias da produción.

En clave retrospectiva, cómpre sinalar que as resolucións xudiciais que declaran a existencia de relacións laborais indefinidas determinan, na práctica totalidade dos casos, que a data da primeira vinculación contractual das persoas traballadoras é anterior ao ano 2009.

Os datos expostos deben contextualizarse cun fito de primeira orde como foi o **proceso excepcional de consolidación de emprego** convocado por Resolución do 29 de decembro de 2022 e que rematou mediante Resolución do 11 de decembro do 2024, do Director Xeral, pola que se designaron como persoal laboral fixo a 249 persoas traballadoras da Corporación.

Dado que a data de efectos dos vínculos de fixeza dos contratos de traballo comeza o 01.01.2025, os datos non teñen reflexo nos resultados do exercicio 2024. Porén debe adiantarse que coa execución deste proceso selectivo, xunto coa política empresarial de realizar Ofertas de Emprego Público con periodicidade anual, a práctica totalidade dos vínculos laborais serán de fixeza e, como consecuencia directa disto, redúcese a temporalidade á mínima expresión.

4. Tributación indirecta

A provisión do servizo público de comunicación audiovisual recolle, na última década, o efecto asociado á xestión da problemática do IVE, a cal proxecta inestabilidade sobre a xestión financeira e orzamentaria da Corporación e en consecuencia sobre o conxunto da actividade de provisión do servizo público. A AEAT foi adoptando diversos criterios cambiantes en función das modificacións legislativas que se foron aprobando, promovidas coa pretensión de clarificar a tributación do IVE e establecer un entorno estable. A pesar diso, a AEAT interpretou sempre a normativa en sentido contrario ao que se pretendía, en contra dos intereses dos contribuíntes e tratando de maximizar a súa recadación.

A situación financeira e a evolución da tesourería da Corporación viuse afectada polas continuas e cuantiosas inspeccións de IVE. Por este motivo a CRTVG formalizou un convenio de financiamento co Accionista Único (Xunta de Galicia) en 2019, modificado por tres addendas ata un montante total de 38,9 millóns de euros, que dá cobertura ao risco e compensa o debilitamento financeiro.

Dende o exercicio 2022 a CRTVG financia a problemática de IVE mediante unha achega orzamentaria na aplicación de Tributos, que para o ano 2024 tivo unha liquidación orzamentaria de 13,1 millóns de euros.

Á data de emisión deste informe, as controversias abertas coa AEAT son as seguintes:

- Problemática IVE repercutido (Xan.2017-Mai.2017).

Nesta inspección de IVE, a AEAT aplicou o criterio de “contraprestación de servizos” sobre o IVE repercutido, considerando que a achega patrimonial do socio único está suxeita ao IVE do 21%. A AEAT emitiu o 14.11.2017 un Acordo de Liquidación que se anulou como consecuencia dunha setenza do TEAC que cambiou o criterio a “actividade dual”, polo que ditou un novo Acordo de Execución o 28.07.2023. A última actuación levada a cabo pola CRTVG foi a presentación do escrito de conclusións o 25.05.2023 ante a Audiencia Nacional.

- Problemática IVE repercutido (Ano 2016 e Xuñ.2017-Out.2017).

No 2020 a AEAT inicia unha inspección para todos os períodos non prescritos. No caso destes períodos, volve de novo ao criterio de “contraprestación de servizos”, aplicando o 21% de IVE repercutido sobre as achegas da Xunta de Galicia. A AEAT emitiu o 23.02.2021 dous Acordos de Liquidación que posteriormente se anulou como consecuencia dunha sentenza do TEAC que cambiou o criterio a “actividade dual”, emitindo un Acordo de Execución o 19.02.2025 (recorrido ante o TEAC 10.03.2025). A última actuación levada a cabo pola CRTVG foi a presentación da demanda o 11.02.2025 ante a Audiencia Nacional.

- Problemática IVE soportado (Nov.2017-Dec.2018).

Nesta inspección de IVE a AEAT aplicou o criterio “actividade dual” sobre o IVE soportado, considerando que a CRTVG exerce 2 actividades: “comercial” (publicidade e programas con alta audiencia, con dereito a dedución do IVE) e “non comercial” (programas con baixa audiencia, sen dereito a dedución do IVE). A AEAT emitiu o 04.03.2019 o Acordo de Liquidación correspondente. A última actuación levada a cabo pola CRTVG foi a presentación do escrito de conclusións o 14.03.2024 ante a Audiencia Nacional.

- Problemática IVE soportado (Xan.2019-Dec.2020).

A inspección do 2020, comentada anteriormente, tamén actúa sobre estoutro período, volve de novo ao criterio da “actividade dual”. Neste caso a pretensión foi a de restrinxir a deducibilidade do IVE soportado, aplicando a prorrata financeira. A AEAT emitiu o 23.06.2021 un Acordo de Liquidación que posteriormente se anulou, emitindo un Acordo de Execución o 17.12.2024. A última actuación levada a cabo pola CRTVG foi a presentación da demanda o 11.02.2025 ante a Audiencia Nacional.

- Problemática IVE soportado (Xan.2021-Dec.2021).

No 2022 a AEAT inicia unha nova inspección, ao igual que no caso anterior, polo criterio da “actividade dual”. Do mesmo xeito pretende restrinxir a deducibilidade do IVE soportado, aplicando a prorrata financeira. A AEAT emitiu o 25.05.2022 o Acordo de Liquidación correspondente. A última actuación levada a cabo pola CRTVG foi a presentación dun recurso de alzada o 29.06.2023 ante o TEAC.

- Problemática IVE soportado (Xan.2022-Dec.2024).

A CRTVG, dende o Acordo de Liquidación da AEAT do 23.06.2021, resultante da inspección dos exercicios 2019 e 2020, nos que a Axencia Tributaria aplicou o criterio da “actividade dual”, para evitar posibles sancións, presenta as declaracións mensuais conforme ao criterio imposto, reflectindo no epígrafe VI de Debedores do Activo non corrente, do mesmo xeito que nos anos anteriores, o IVE soportado pendente de recuperar en consideración de que é ao 100% deducible.

1. AS RELACIÓNS LABORAIS NA CRTVG

Ao respecto da política sociolaboral da CRTVG durante o ano 2024, podemos salientar os seguintes aspectos.

1.1 Negociacións coa parte social

A interlocución entre a parte social e a empresa é unha das principais e recorrentes características nas relacións laborais na Corporación. Existen na actualidade diferentes foros de negociación abertos relacionados coa actividade habitual da empresa e outras cuestións organizativas e técnicas.

O obxectivo da apertura destas comisións de negociación parte da vontade de chegar a acordos beneficiosos para a empresa e os traballadores, así como obter a perspectiva e análise dos representantes dos traballadores. Neste caso, debemos mencionar as xuntanzas dos diferentes comités e os principais temas abordados nos mesmos ao longo do 2024.

Comité Intercentros e Comité de Empresa

Estes comités representan o persoal da CRTVG. No caso do Intercentros representa todo o conxunto da Corporación, e no caso do Comité de Empresa representa o persoal que presta os seus servizos no centro de traballo de San Marcos. No ano 2024 realizáronse 11 xuntanzas. Delas, podemos destacar as seguintes cuestións, entre outras, derivadas da actividade diaria:

- Negociación da Oferta de Emprego Público e das bases dos procesos do concurso-oposición, na quenda de discapacidade intelectual, acceso libre e promoción interna.
- Xestión do cadro de persoal e materia de contratacións.
- Cuestións de xestión de infraestruturas, espazos e condicións de traballo.

Comisión Paritaria

Segundo o disposto no artigo 11 do convenio colectivo da CRTVG, a Comisión Paritaria ten como principal función a interpretación do disposto no convenio. Neste senso, no 2025 producíronse 5 xuntanzas en que se analizaron diferentes cuestións que, ben por cambios normativos ou de aplicacións, suscitaron dúbidas.

En todas as xuntanzas procúrase conseguir unha interpretación acorde ao espírito da norma do convenio, ao beneficio dos traballadores e con respecto á lexislación vixente.

Comisión de Listaxes de Contratación

En 2025 mantivéronse 10 reunións da Comisión de Listaxes de Contratación, en que se trataron temas tales como a contratación en prácticas, os contratos de revezamento froito das xubilacións parciais, as ampliacións das listaxes, así como outros asuntos sobre a ampliación de listaxes de contratación.

Comité de Seguridade e Saúde

O Comité de Seguridade e Saúde Laboral (CSSL) asume as competencias que a Lei 31/1995, de Prevención de riscos laborais (LPRL), establece no seu artigo 39. Trátase dun órgano colexiado e paritario composto por todas as persoas delegadas de prevención e en igual número por representantes da empresa. As persoas delegadas de prevención son nomeadas polos sindicatos atendendo á súa representación. No 2024 producíronse un total de 21 xuntanzas, nas que se levaron a cabo diferentes análises, protocolos e avaliacións das diferentes actividades nestas materias que afectan ao persoal da Corporación RTVG.

Comisión Negociadora do Plan de Igualdade

No ano 2024 a Comisión Negociadora do Plan de Igualdade reuniuse en 6 ocasións. Estas xuntanzas versaron sobre as diferentes propostas de cara á elaboración dun Plan de Igualdade empresarial para a Corporación. Froito da negociación e da colaboración da parte social coa empresa aprobouse, no mes de outubro, o I Plan de Igualdade da CRTVG.

Comisión de Formación

A Comisión Paritaria de Programación e Seguimento da Formación está integrada por un membro de cada sindicato e o mesmo número de representantes da empresa. Esta comisión réunese polo menos unha vez cada trimestre. No 2024 houbo 12 xuntanzas da Comisión de Formación, que abordaron:

- Desenvolvemento de accións de formación de carácter xeral para todos os traballadores da CRTVG.
- Desenvolvemento de accións de formación específica de carácter voluntario ou obrigatorio, dirixida a determinadas categorías laborais. A formación obrigatoria resulta necesaria para a adaptación ás modificacións operadas no posto de traballo.
- Así mesmo, no seo da Comisión de Formación informouse das prácticas non laborais realizadas na CRTVG, as de carácter formativo (FCT, FP dual e prácticas académicas externas dos estudos universitarios) e as complementarias á formación (prácticas para estudantes ou titulados sen experiencia).

Outras xuntanzas coa representación sindical

En 2024 estiveron en marcha a Comisión da Nova Clasificación Profesional, que se reuniu en 3 ocasións, e a Comisión Negociadora do Convenio Colectivo, preceptiva tras a denuncia do texto en vigor pola parte social; esta comisión negociadora realizou un total de 11 xuntanzas.

A Comisión de Plan de Pensións tivo unha xuntanza no ano 2024, na que se abordou o proceso de internalización de funcións por parte da Entidade Xestora do Plan e do Fondo de Pensións. Aprobáronse as contas anuais e o informe de xestión do fondo.

Ao longo do ano realizáronse 81 xuntanzas formais dos comités, comisións ou coas seccións para informar e negociar sobre diferentes puntos de interese para os traballadores da CRTVG.

Esta vontade negociadora de ambas partes móstrase a prol da paz social e para fomentar o diálogo entre os diferentes axentes sociais corporativos.

Os procedementos de información cos representantes dos traballadores son as propias comisións e comités, ademais das vías habituais de comunicación interna como as notas, intranet, onde se comparten documentos, e os correos electrónicos. Estas xuntanzas son preavisadas con polo menos 48 horas de antelación, a non ser que sexan de urxencia.

A representación sindical é informada de xeito puntual de materias como os procesos selectivos, a contratación, conciliacións, chamamentos de listaxes, xubilacións, materias de seguridade e saúde e eventos especiais, entre outras cuestións.

Os traballadores poden acceder por diferentes vías a comunicados e novas a través da intranet da empresa, onde se publicitan algunhas medidas e acordos en diferentes materias que atinxen aos traballadores.

O convenio colectivo propio da CRTVG, vixente desde o ano 2015, marca os prazos de preaviso aos representantes dos traballadores de diferentes situacións administrativas, así como os casos nos que unha modificación substancial das condicións de traballo debe ser negociada coa representación sindical e preavisada cun prazo mínimo aos traballadores.

Toda a normativa nesta materia recóllese no convenio colectivo e, de non facer referencia no mesmo, remítese á lexislación xeral vixente sobre a materia.

No ano 2024 determinadas reivindicacións da parte social materializáronse en xornadas de folga e paros parciais en días alternos durante os meses de outubro a decembro. Estes paros estiveron motivados polas mobilizacións con motivo do inicio da coprodución do programa 'O termómetro' na TVG.

En total, foron 31 xornadas de paros parciais e 2 xornadas de folga total que interromperon a programación dos medios públicos. Estas mobilizacións remataron o 13 de decembro. O programa continua na grella da TVG, xa que replica o mesmo esquema de coprodución que se desenvolve en todas as canles autonómicas e en Televisión Española.

Realizáronse catro xuntanzas cos comités de folga para tratar de acadar consensos que evitasen a súa realización e para acordar os efectivos mínimos durante as xornadas para as que se convocaban folgas ou paros parciais.

O comité de empresa, convocante destas mobilizacións, promoveu tamén un conflito colectivo perante o TSXG denunciando os servizos mínimos e outras cuestións relacionadas coa xestión da Corporación durante as xornadas de folga, conflito colectivo que foi desestimado na súa totalidade pola Xustiza.

1.2 Renovación tecnolóxica – Sistema de información de Recursos Humanos

Destaca no ano 2024 a posta en produción da aplicación informática PREMIER, que xestionou o proceso excepcional de estabilización da Corporación RTVG mediante o sistema de concurso polo que formalizaron 249 contratos laborais fixos en diversas categorías profesionais.

Esta aplicación permitiu ás persoas aspirantes visualizar, modificar ou introducir os seus méritos telematicamente. Así mesmo, o tribunal realizou a xestión dos méritos a través do aplicativo obtendo directamente as puntuacións dos diferentes méritos de cada aspirante consonte ao regulado nas bases da convocatoria. Como dato ilustrativo, cómpre sinalar que PREMIER xestionou máis de 40.000 méritos.

Doutra banda, tamén no 2024, comezou a implantación dunha nova ferramenta informática denominada Alteryx, que permite transformar e automatizar a extracción de datos de forma rápida e eficaz.

Neste senso, hai que ter en conta que nos últimos anos se incrementaron substancialmente as obrigas en materia de extracción de datos no departamento de Recursos Humanos, nomeadamente en materia de igualdade. Coa implantación desta ferramenta preténdese automatizar procesos que, ata o de agora, supoñían unha importante carga de traballo para o departamento.

1.3 Seguridade e Saúde Laboral

Desde a súa orixe, a CRTVG estivo moi implicada na protección das súas persoas traballadoras e na prevención dos riscos que lles poderían afectar. Simplemente cabe indicar que o CSSL, antigamente Comité de Seguridade e Hixiene, foi constituído hai máis de trinta anos. Como servizo público de comunicación audiovisual, a CRTVG é unha organización complexa que dispón dunha multiplicidade de lugares de traballo, cunha localización xeográfica dispersa e cun elevado número de persoal, pertencente a colectivos diferenciados, tanto na actividade desenvolvida como no réxime legal aplicable á súa relación contractual. A complexidade da Corporación e o seu carácter de servizo público, desde o punto de vista da seguridade e a saúde laboral, evidéncianse tamén na multiplicidade de factores de risco presentes nos seus centros de traballo.

Obxectivos

Deseñáronse, ao longo do tempo, diversas accións co obxectivo de aumentar a sensibilidade e a participación de todos os niveis da empresa no ámbito da seguridade e a saúde, empezando pola dirección xeral, que promulga unha política particular para unha cuestión fundamental no transcurso do día a día da empresa.

Entre as actividades para protexer o persoal cabe destacar o deseño, aplicación e coordinación dos plans e programas de actuación preventiva, a avaliación dos factores de risco que poidan afectar a seguridade e saúde do persoal; a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas axeitadas e a vixilancia da súa eficacia; o seguimento das accións preventivas; a información e formación do persoal; a prestación dos primeiros auxilios; os manuais de autoprotección; a vixilancia da saúde en relación cos riscos derivados do traballo; o rexistro e as estatísticas de accidentes de traballo; a xestión da documentación que se xere relacionada coa prevención de riscos laborais; o fomento dunha cultura preventiva e a promoción da prevención; así como calquera outra función que poida ser encomendada e asumida en función da lexislación en materia de prevención de riscos laborais vixente e da política de seguridade e saúde da Corporación.

Seguridade e a saúde laboral

Tendo en conta todo o anterior, dentro das posibilidades de organización preventiva que recolle a lexislación de aplicación, a Corporación RTVG conta cun servizo de prevención propio. A seguridade e a saúde laboral das persoas traballadoras, no exercicio da súa actividade profesional, son prioritarias sobre calquera outras nas actividades que como servizo público desenvolve a Corporación.

Querendo chegar máis alá das esixencias legais vixentes, deseñáronse diversas accións co obxectivo de aumentar a sensibilidade e a participación da Corporación RTVG como servizo público no ámbito da seguridade e da saúde laboral. O persoal ten á súa disposición todos os medios necesarios de protección para desenvolver o seu traballo, sendo a empresa a responsable de proporcionar tal protección.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a saúde como un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades.

O “traballo” pode definirse como toda actividade de transformación da natureza, para satisfacer as necesidades humanas. O “perigo” é aquela fonte ou situación con capacidade de producir dano en termos de lesións, danos á propiedade, danos ao medio ambiente ou unha combinación deles.

O “risco laboral” consiste na posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo, que é unha combinación da frecuencia e a probabilidade e das consecuencias que poderían derivarse da materialización dun perigo (LPRL, art. 4º), entendendo por perigo aquel factor ou situación con capacidade de producir dano en termos de lesións, danos á propiedade, danos ao medio ambiente ou unha combinación deles.

Polo tanto, a política da CRTVG neste ámbito proxéctase en dous niveis:

- Un xenérico, constituído por determinadas accións de promoción da saúde, así como o control e redución do impacto da actividade no medio ambiente, en canto atenden a reducir e evitar danos nel.
- Un específico, obxecto agora desta epígrafe en particular.

Neste nivel específico, o vector determinante é a prevención. Prevención é, segundo o art. 4 da LPRL, o conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo. Do devandito séguese que a política de prevención se proxecta en varias dimensións conectadas entre si:

- A adopción dun marco de referencias normativas e de orde teórica que, en especial no primeiro caso, veñen dadas polo marco xurídico, aínda que poden ampliarse como efecto da iniciativa da empresa ou do diálogo entre esta e o seu persoal.
- A identificación en consecuencia dos riscos para a saúde e a seguridade e a súa avaliación.
- A adopción de medidas correctoras e de mellora por ampliación da prevención.
- Desenvolvemento destas.
- Seguimento, control e eventual axuste.

A Corporación é unha empresa comprometida na prevención dos riscos que poden afectar á seguridade e á saúde do seu persoal. No actual convenio colectivo, na medida que concreta e amplía as obrigas de orde normativa que ao respecto a atinxen, reflíctese ese compromiso expresado como produto do diálogo social.

É así que dar conta dese compromiso esixe glosar o disposto nese documento, en particular no seu Capítulo XV, que contén desde o art. 96 ao art.106, no que se expresa a regulación referente á seguridade e saúde laboral. Nel especifícase:

- A protección da saúde e a seguridade como obxectivo prioritario para as dúas partes asinantes.
- Un compromiso de asunción dos dereitos e obrigas ao respecto que, con carácter recíproco, se derivan do marco normativo vixente xeral de aplicación, de xeito especial en materia de prevención, particularmente: a LPRL, o Real decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, a Lei 54/2003, de 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, e o Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da LPRL, en materia de coordinación de actividades empresariais, así como doutras normas que se poidan ditar durante a vixencia do convenio colectivo, do disposto nel e da toma en consideración das normas e recomendacións da OIT e da UE.
- A planificación anual das actuacións en materia de seguridade e saúde laboral, así como a inclusión nelas dos correspondentes estudos e proxectos, a execución de medidas de prevención, control e inspección e os programas precisos de formación do persoal.
- O compromiso por parte da empresa de incluír nos pregos das licitacións unha cláusula determinando que as empresas adxudicatarias se comprometan ao estrito cumprimento da normativa laboral xeral e do convenio colectivo que lles sexa de aplicación, en particular, en materia de prevención, saúde e seguridade laborais; mesmo, sendo a Corporación competente, aplicando a normativa propia para satisfacer ese criterio, e fixando que o incumprimento poderá dar lugar á rescisión da relación contractual. Ese compromiso fai explícita a necesaria observancia do art. 42 do Estatuto dos Traballadores en caso de subcontratacións.
- O establecemento de criterios sobre organización dos servizos e órganos encargados da prevención e, en xeral, de velar pola saúde e seguridade laborais.
- Un servizo de prevención propio, de seguridade e saúde laboral, coas especialidades de seguridade, ergonomía e psicosocioloxía, sen prexuízo de que as disciplinas de hixiene e vixilancia da saúde son atendidas por un servizo de prevención alleo.

- Un Comité de Seguridade e Saúde Laboral, coas competencias e facultades que a LPRL establece no seu Art. 39, como órgano colexiado e paritario composto por todos os delegados de prevención, nomeados polos sindicatos atendendo á súa representación, e, en igual número, por representantes da empresa. O articulado relativo a este órgano fixa a periodicidade das reunións e o dereito de convocatoria, as proporcións e maiorías para os acordos.

Finalmente, o convenio colectivo desprega no capítulo e artigos referidos unha serie de determinacións sobre cuestións relacionadas coa prevención de riscos en eventualidades ou para colectivos singulares:

- En canto aos equipos de protección individual (EPIs) e a roupa de traballo, a preferencia por medidas de seguridade colectivas sobre as individuais; o fornecemento destas, por conta e con cargo á empresa, en función das características dos postos atinxidos e dos resultados das avaliacións de riscos que se realicen, a todos os traballadores que o precisen.

- En relación ao traballo nocturno sublíñase que a empresa prestará especial atención en materia de prevención de riscos laborais ás persoas que o desenvolvan.

O servizo de prevención desenvolve no nivel técnico de deseño e execución a política, programas e medidas correspondentes. A súa función concréta-se así en:

- a avaliación dos riscos que poidan afectar a seguridade e saúde do persoal.
- a determinación das prioridades na adopción de medidas preventivas.
- deseño, coordinación, vixilancia e seguimento dos plans, programas e medidas.
- a supervisión e control técnicos da homologación e funcionamento dos equipos e dispositivos de seguridade.
- a disposición dos medios de prevención e o fornecemento nos termos en que cumpra dos EPI ao persoal.
- a elaboración dos manuais de autoprotección.
- en xeral, o fomento dunha cultura preventiva e a promoción desta; en particular a información e formación do persoal, incluíndo expresamente o adestramento específico que poida ser preciso no uso de equipos e dispositivos de seguridade.
- a vixilancia da saúde do persoal en relación cos riscos laborais.
- a prestación de primeiros auxilios dentro das instalacións da empresa.
- a xestión técnica dos servizos externos contratados en materia de seguridade e saúde a efectos de estudos, avaliacións, deseño e implantación de medidas, fornecemento de equipos e dispositivos, etc.
- o exercicio no nivel técnico da representación e participación da empresa no CSSL.

- a xestión da documentación xerada en relación coa prevención de riscos laborais.
- o rexistro dos accidentes de traballo e a xeración das estatísticas correspondentes.

Desde o punto de vista do seu emprazamento orgánico na empresa e dos recursos de que dispón, debe dicirse do servizo de prevención que constitúe unha unidade operativa dentro da estrutura organizativa da CRTVG. Fai parte da dirección de RRHH.

Polo tanto, o persoal que o integra ten unha dedicación íntegra e exclusiva ao desempeño das funcións do servizo de prevención. Articúlase en dous ámbitos dados polas disciplinas de seguridade e mais ergonomía e psicossocioloxía.

O servizo conta coas instalacións e medios materiais precisos para desenvolver de xeito eficaz esas funcións. Conta como instancia coordinada co servizo médico, xestionado por acordo cun servizo de prevención alleo. O servizo médico está acreditado pola Consellería de Sanidade e incluído así no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia. Como apoio complementario dispón dun servizo de prevención alleo.

A conxunción de medios, singularmente a especialización técnico-profesional do persoal do servizo de prevención propio e alleo, garante a debida interdisciplinabilidade no desenvolvemento de tales funcións, particularmente en relación coas relativas ao deseño preventivo dos postos de traballo, a identificación e avaliación de riscos, o plan de prevención e os plans de formación derivados.

Un balance xeral en materia de seguridade e saúde laboral leva a concluír, tomando como referencia 2024, que a política de prevención presenta un alto grao de relevancia na dinámica da empresa e que esa relevancia está ademais formalmente recoñecida no vixente convenio colectivo. Así, en virtude del, e excedendo os termos do marco normativo legal de aplicación común, a participación do persoal no marco do diálogo social no seu impulso, deseño e control está garantida cun igualmente alto nivel de responsabilidade e capacidade.

Como foi aludido, a política específica descrita da Corporación RTVG no ámbito da seguridade e a saúde proxéctase no sentido da promoción da saúde integral, mediante algunhas actuacións singulares de índole sanitaria, converxendo tamén nese sentido as medidas humanizadoras da dedicación laboral de carácter xeral e de conciliación en particular.

O marco global desas políticas e medidas é a responsabilidade social corporativa, e nel as de orde preventiva conectan así nalgunhas dimensións concretas coas de protección do medio ambiente.

Vixilancia da saúde

Dentro da preocupación pola saúde dos seus traballadores, xa no 2011 a Corporación RTVG acreditou o seu servizo médico fronte á Consellería de Sanidade, que o inclúe no rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios da comunidade autónoma de Galicia. No ano 2015, dito servizo médico, despois das adaptacións e cos medios solicitados postos á súa disposición, foi adscrito ao programa galego de vacinacións, converténdose así en punto de vacinación da comunidade autónoma.

No ano 2024 leváronse a cabo 346 recoñecementos médicos correspondentes á vixilancia da saúde, dos que 177 foron realizados a mulleres e os outros 169 a homes. Administráronse un total de 94 vacinas da gripe, das que 44 foron administradas a mulleres e 50 a homes.

Analizados os datos, pode indicarse que tanto a saúde xeral como laboral da empresa non presenta alteracións relevantes que requiran intervencións colectivas específicas.

As alteracións individuais detectadas foron postas en coñecemento das persoas traballadoras afectadas pola médica do traballo, entregándolles nos seus informes individuais as recomendacións personalizadas requiridas en función da patoloxía detectada.

Comité de Seguridade e Saúde Laboral

Durante o transcurso do ano tiveron lugar 21 reunións do CSSL, co fin de mellorar a protección e a saúde dos traballadores, tendo en conta que é un obxectivo básico e prioritario das partes asinantes do vixente convenio colectivo.

Accidentabilidade laboral

O Servizo de Seguridade e Saúde Laboral encárgase da seguridade, a hixiene, a ergonomía e a psicosocioloxía no traballo e do recoñecemento, avaliación e control dos factores de risco provocados no lugar de traballo que poidan ocasionar accidentes ou enfermidades, alterar a saúde, o benestar ou crear algún malestar significativo entre as traballadoras e traballadores.

Durante o ano 2024, no servizo público de comunicación audiovisual galego, debe indicarse que se computaron 13 accidentes de traballo, dos que 7 deron lugar a baixas, sendo 2 destes 'in itinere'.

Todos os procesos derivados foron cualificados como leves, sen producirse, pois, ao longo do exercicio ningún grave nin moi grave; como tampouco se produciu ningunha outra continxencia de calquera outro tipo neste ámbito. Os accidentes sen baixa foron 6, afectando a 3 mulleres e a 3 homes, e os accidentes con baixa foron 7, afectando a 2 homes e a 5 mulleres.

1.4 Formación e selección

Formación

A actividade da CRTVG en materia de formación continua en 2024 articulouse, como vén sendo práctica habitual, nun plan de carácter ordinario onde se recollen os contidos demandados polas diferentes áreas, departamentos ou servizos e canalizados tamén pola súa representación legal, definindo así o carácter participado deste.

A formación impartida no ano 2024 foi destinada aos diversos colectivos profesionais da Corporación, no marco da formación continua establecido polo capítulo XIII do convenio colectivo, o emanado do Estatuto dos Traballadores (art. 23), o deber de planificación do departamento de Recursos Humanos de formar ao persoal (art. 69.1.d) e mais polo deber dos traballadores de manter actualizada a formación e cualificación (art. 54.8).

Os principais datos da formación de 2024 son os seguintes:

- Número de cursos: 26
- Número de accións formativas: 59
- Número de categorías formadas: 52
- Número de alumnos: 762
- Número de asistentes: 1078
- Número de horas impartidas: 115.50
- Número de horas lectivas: 2879.50

Selección

En 2024 convocáronse 27 probas de selección para a realización de contratos en prácticas e ampliación de listaxes nas seguintes categorías:

- Redactor/a
- Técnico/a de control
- Operador/a montador/a de vídeo
- Control de cámara
- Operador/a de cámara
- Deseñador/a gráfico/a
- Axudante/a de realización
- Relacións públicas
- Operador/a de posproducción
- Analista programador/a
- Documentalista
- Locutor/a presentador/a
- Titulado/a superior

- Iluminador/a
- Oficial administrativo (abril e outubro)
- Axudante de realización (abril e maio)
- Reporteiro/a gráfico/a
- Locutor/a de radio
- Promotor/a
- Auxiliar de programas de radio
- Axudante/a de produción

Bolseiros

A CRTVG é un dos destinos preferidos para a realización das prácticas educativas en todas as súas modalidades. Asumindo a súa responsabilidade de servizo público, a CRTVG proporciónalles aos bolseiros un marco de primeira clase para a realización das prácticas en empresas, obrigatorias no caso da Formación Profesional e optativas no caso da universidade, podendo ser, neste caso, curriculares ou extra curriculares, dependendo de se forman ou non parte do Plan de Estudos.

Todas as prácticas están reguladas por convenios subscritos cos centros de procedencia e cumprindo coa lexislación vixente. Cando inicia as prácticas, o bolseiro recibe un Manual de Acolida en que se expoñen, de forma detallada, os aspectos básicos para o seguimento da bolsa, así como os dereitos e deberes tanto do alumno como da CRTVG. Así mesmo, será informado tamén en normas básicas en materia de seguridade e saúde laboral.

As procedencias das modalidades das prácticas non laborais son:

1.- Módulo Profesional de formación en centros de traballo dos ciclos de FP

O obxectivo desta modalidade de prácticas é o de completar as competencias profesionais propias de cada titulación, adquiridas no centro educativo, e facilitar a inserción laboral. As actividades formativas, sempre supervisadas, desenvólvense nas instalacións da empresa, sen que isto implique ningunha relación laboral. A duración do período de prácticas nos ciclos formativos de grao medio e grao superior é, como regra xeral, de 400 horas.

O alumnado debe cursar ciclos relacionados coas actividades e requisitos das categorías laborais existentes nos medios públicos e proceder de centros do sistema educativo de Galicia.

Ciclos de procedencia:

- Produción de audiovisuais e espectáculos
- Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos
- Iluminación, captación e tratamento da imaxe
- Marketing e publicidade

Centros de procedencia de Formación en Centros de Trabajo (FCT):

- CPR TIC Lugo
- CIFP Imaxe e Son (A Coruña)
- EISV Marcote (Vigo)
- IES as Fontiñas (Santiago de Compostela)
- EFA Piñeiral (Arzúa)
- CIFP Audiovisual de Vigo
- IES San Clemente (Santiago)
- IES Urbano Lugrís (A Coruña)

2.- Módulo Profesional de formación FP Dual

A FP Dual é unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia de actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo. A duración do período de prácticas é, de media, de 800 horas. O alumnado debe proceder de centros do sistema educativo de Galicia.

Ciclos de procedencia:

- Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos
- Produción de audiovisuais e espectáculos
- Son para audiovisuais e espectáculos
- Iluminación, captación e tratamento da imaxe

Centros de procedencia de FP Dual:

- CIFP Imaxe e Son (A Coruña)
- IES Audiovisual Vigo

3.- Universidade e máster

Os obxectivos das prácticas externas son o de permitir que os estudantes apliquen e complementen os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecer a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, facilitar coa obtención dunha experiencia práctica a súa inserción no mercado laboral e fomentar a súa capacidade de emprendemento.

Estas prácticas poden ser curriculares, prácticas conducentes á elaboración dos traballos fin de máster ou extracurriculares. A duración das prácticas para os estudos de grao é de 300 horas e para estudos de máster de 150 horas.

Graos de procedencia dos bolseiros en 2024:

- Comunicación Audiovisual
- Xornalismo
- Dobre grao Xornalismo e Comunicación Audiovisual
- Lingua e Literatura galegas
- Publicidade e Relacións Públicas
- Xornalismo e Comunicación Multimedia (Máster)

Facultades de procedencia dos alumnos:

- CC. da Comunicación (USC)
- CC. Sociais e da Comunicación (UVIGO)
- Publicidade e Relacións Públicas (UVigo)
- Facultade de Filoloxía (USC)
- Facultade de Comunicación (Universidade de Salamanca)

4.- Prácticas para titulados sen experiencia

As prácticas desta modalidade fixéronse a través dos Programas da Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), que están dirixidos a titulados das tres universidades públicas galegas e a titulados procedentes de centros de FP a través dun programa de bolsas coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Estes programas favorecen a incorporación do alumnado recentemente titulado ao mercado laboral e complementan a súa formación teórica previa cunha estadía práctica na empresa.

As titulacións de procedencia desta modalidade son:

- Comunicación Audiovisual
- Xornalismo

2. AUDIENCIAS 2024

Para os medios públicos galegos é imprescindible comprender os comportamentos sociais, así como ter un fondo coñecemento de datos e información relativos a cuestións como a xeolocalización, os graos de impulsividade no consumo de contidos informativos ou de entretemento, os graos de satisfacción na busca de contidos específicos, a medición das escollas cualitativas nos procesos de recepción (elección de idioma, contorno de consumo, uso dos dispositivos de referencia para a recepción, consumo colectivo ou individual...) ou o grao de interactividade do usuario (actividade de espallamento das mensaxes, definición de líderes de opinión sobre cada tema, tempos de resposta ante estímulos informativos...).

Analizar toda esta información contribúe positivamente ao obxectivo de lograr unha maior anticipación na oferta e, por suposto, mellorar as *ratios* de satisfacción que cada usuario pretende acadar cando inicia un proceso de consumo de mensaxes informativas ou de contidos de entretemento.

Posibilita, polo tanto, coñecer ben a sociedade en que a CRTVG centra a súa actividade e permite avanzar no coñecemento dos usuarios, logrando combinar toda a experiencia da análise sociolóxica coa información achegada polos usuarios na súa actividade diaria.

Os medios de comunicación públicos galegos son unha das principais ferramentas de análise sociolóxica de Galicia, especialmente en todo o que se refire á capacidade de absorción de información, ao ocio e ao entretemento.

Televisión de Galicia está consolidada como o medio de comunicación audiovisual e dixital de referencia para a cidadanía galega. A primeira canle chega ao 98,5% dos fogares galegos e, no 2024, 515.000 persoas contactaron diariamente co soporte ao longo dun día. Iso supón que un 19,6% dos espectadores consumiron nalgún momento do día os contidos emitidos pola TVG a través do televisor.

No ano 2024 a TVG seguiu a traballar na cobertura das súas canles, mellorando o número de operadores que distribúen o seu sinal en América e en Europa. E no conxunto de canles de televisión da CRTVG chegan ao 99,6% dos fogares galegos, con 576.000 contactos de media cada día, que supón o 21,9% dos galegos de 4 e máis anos.

No eido da radio pública, os datos tamén avalan a importancia que lle outorga a poboación galega. Cada día, a Radio Galega e Radio Galega Música achegan contidos informativos e de entretemento a 133.000 persoas, segundo o Estudo Xeral de Medios, converténdose habitualmente na canle de referencia nos momentos de maior tensión informativa en Galicia.

Estrea das plataformas dixitais en xaneiro de 2024

Sen dúbida, o grande avance tecnolóxico e corporativo do ano 2024 foi a posta en marcha da plataforma OTT e da implantación dunha nova estratexia de creación de contidos específicos para as diferentes redes sociais.

O escenario de canles dixitais da CRTVG está composto actualmente por esta plataforma *Over The Top* (que opera baixo catro marcas diferenciadas por contidos e formatos: AGalega.gal, AGalegaAudio.gal, Xabarin.gal e Agalega Hbbtv), pola plataforma informativa G24.gal e polas 15 canles nas plataformas de redes sociais Facebook, X, Instagram, Tiktok e YouTube.

A partir deste nodo troncal, hai outras canles especializadas que reforzan produtos concretos, como as webs digochoeu.gal ou radiogalegapodcast.gal.

Esta estratexia multiplataforma cumpre o obxectivo de ser accesible en todas as pantallas de uso cotián dos cidadáns, e optouse pola estratexia de creación de contidos propios en cada unha das plataformas líderes no consumo dos usuarios, o que se traduciu no aumento da produción de contidos e o aumento do consumo e da audiencia.

Nesta liña, a CRTVG puxo á disposición dos galegos a través das diferentes plataformas dixitais dun total de 54.000 contidos para as redes sociais, un 21% máis que no ano 2023.

Ademais, publicáronse máis de 28.500 contidos audiovisuais na plataforma OTT e preto de 20.000 noticias en g24.gal, cunha media de 55 noticias ao día. Estase pois, ante a maior aposta de contidos informativos e entretemento en lingua galega, e cunha plataforma dixital accesible desde todos os soportes o que fixo posible un salto cualitativo transcendental nos medios públicos de comunicación galegos.

Pero de nada valería o esforzo de produción se non fose acompañado co aumento do consumo, tal e como se detalla máis adiante neste informe.

Cómpre tamén salientar que o ano 2024 foi o primeiro ano no que se aplicaron as penalizacións establecidas no contrato co medidor oficial de audiencia televisiva, Kantar Media, baseadas nunha serie de fallas no sistema de medición que provocaron que en todo o ano se producisen situacións que superaban amplamente os marxes de erro establecidos na representación da cidadanía galega.


2.1 Audiencias xerais das canles de CRTVG

Neste capítulo analízanse as audiencias de televisión e radio, agrupadas polos tres grandes grupos de análise: as audiencias xerais, os informativos e o entretemento. Os datos utilizan como fonte Kantar Media, o Estudo Xeral de Medios (EXM) e os datos internos da CRTVG. A TVG logra en Galicia unha cota de *share* do 8,6% no conxunto do ano.

Neste senso, a CRTVG viuse na obriga de executar as sancións recollidas contractualmente co medidor de audiencias polos devanditos incumprimentos referidos aos estándares de calidade marcados polo propio medidor (Kantar Media), o auditor técnico do proceso de audimetría (AIMC) e pola propia industria representada nos órganos de “Consejo de Control” e “Comité de Usuarios” de audimetría en ámbito España.

As sancións executadas pola CRTVG polo incumprimento dos estándares de calidade na medición de audiencias mediante audimetría facilitada por Kantar Media executáronse, por primeira vez na historia, en cada un dos meses que formaron parte do ano 2024.


*Gráfico 1. Audiencia en Galicia da TVG e a competencia. Ano 2024 (cota de pantalla).
Fonte: Kantar Media – Share*



Se se analiza a evolución dos últimos doce anos, obsérvase como TVG ten consolidada a súa presenza no mercado audiovisual galego, e cómpre salientar que, máis alá da estabilización, no 2023 acádase o valor máis elevado do período.


Pola contra, e como xa se comentou, o ano 2024 estivo fortemente marcado polas graves deficiencias no proceso de medición de audiencias en ámbito Galicia. Pese a esta mingua, a TVG pechou 2024 no terceiro posto entre as canles autonómicas reunidas en FORTA, igualando o acadado no ano 2023.

Gráfico 2. Evolución audiencia TVG e competencia (cota de pantalla). Fuente: Kantar Media



Existe tamén unha tendencia á estabilidade en boa parte do resto das televisións autonómicas.

Gráfico 3. Evolución da audiencia das televisións autonómicas (cota de pantalla). Fuente: Kantar Media




Un 19,6% dos galegos maiores de 4 anos contactan diariamente con TVG, o que a converte na terceira das televisións autonómicas con maior impacto en España. No caso da TVG, está 2,2 puntos por riba da media de contactos das canles autonómicas (17,4%).

Gráfico 4. Evolución da audiencia das televisións autonómicas por media de contactos diarios sobre o total de poboación (datos en porcentaxes). Fonte: Kantar Media

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
TVG	42,9	36,8	35,2	34,4	32,2	31,8	30	30,9	29,3	26,5	25,1	27,6	26,3	24,4	22,6	19,6
C.SUR	47,2	42,2	37,5	38,1	36,8	33,3	29,2	26,8	26,2	24,2	22,7	24,6	22,9	21	19,8	17,9
TV3	43	40,8	38,9	40,5	38,3	34,9	31,5	29,1	28,2	27,7	27	26,9	24,6	22,2	20,9	19,2
ETB2	48,6	40,5	36,4	37,5	36,3	34,5	31,1	29	28,7	27,3	25,9	29,1	28	23,7	22,9	21,7
TVM	38,5	32	28,5	26,2	22	22,2	21,5	22,3	20,9	19,4	18,2	19,8	18,5	15	14	12,5
C9	40,6	33,7	30,6	28,6	23,5											
A PUNT										1,9	9,7	12,9	13,4	12	10,3	9,3
TPA	35,6	33,1	33,2	33	29,7	30,1	26,5	23,1	22,2	21,4	20,8	23,6	22,4	20,7	18,1	15,3
TVCAN	42,2	36,9	34,8	32,9	29,9	29	24,5	22,1	22,5	20,5	18,5	22,2	24,1	19	17,1	14,6
CMM	39,5	33,6	30	28,9	26,3	25	24,6	24,3	23,7	20,6	19,8	21,8	20,2	18,7	18,8	16,1
ATV	40,3	40,7	40,2	38,7	38,7	36,5	34,3	32,3	31,3	30,1	30,1	32,7	31	27,8	26	24,1
IB3	26,5	25,4	22,7	25,6	25,9	24,8	22,8	17,1	15,7	13,7	13,5	15,8	15	13,6	12,3	11,7
FORTA	44,3	39,3	37,1	36	32,2	27,5	25,4	24,6	24,1	22,8	22,6	24,5	22,9	20,4	19,1	17,4


Na radio, a audiencia xeral das emisoras da CRTVG acada valores medios para o tramo de luns a venres. No 2024 tanto Radio Galega como Radio Galega Música acadan unha audiencia acumulada de 132.000 persoas. A tendencia que existe no ano 2024 é á estabilización nas audiencias.

Gráfico 5. Evolución da audiencia acumulada de luns a venres 2008-2024 en miles de persoas. Fonte: EXM



No período de luns a domingo, os valores son superiores ás medias acadadas de luns a venres, tanto do grupo como da Radio Galega. No 2024 acadouse a audiencia acumulada de 133.000 oíntes.

Gráfico 6. Evolución da audiencia acumulada de luns a domingo 2008-2024 en miles de persoas. Fonte: EXM



Salientables son os datos deste Estudo Xeral de Medios da Asociación para a Investigación de Medios de Comunicación (AIMC) na súa terceira onda do ano, de outubro a novembro. O EXM indicou que o grupo de emisoras de radio da CRTVG logrou o mellor dato de audiencia do ano na terceira das tres ondas anuais, mostrando así a súa tendencia á alza.

O grupo de emisoras da radio pública galega alcanzou una primeira onda do ano 109.000 oíntes, 137.000 oíntes na segunda e 152.000 oíntes na terceira. Radio Galega pechou o ano na terceira onda do ano con 113.000 oíntes, 14.000 oíntes máis ca na primeira onda do ano (na que acadara 99.000 oíntes).

Radio Galega Música tamén experimentou un incremento de audiencia similar. Acadou 10.000 oíntes na primeira onda do ano, 15.000 oíntes na segunda e 39.000 na terceira. En total, o grupo de emisoras da radio pública galega alcanzou a cifra de 132.000 oíntes diarios de luns a venres e 133.000 de luns a domingo.

O EXM marca o claro liderado no 2024 na TVG

A medición de audiencias ao longo do ano complétase cos datos das tres ondas do Estudo Xeral de Medios. E segundo o EXM (realizado por AIMC que é auditor da medición de audimetría en ámbito España), Televisión de Galicia foi no 2024 a canle líder absoluta na comunidade cunha cota do 20,1%, tanto no conxunto da semana como no período de luns a venres, e como referente informativo absoluto da sociedade galega.

Con este 20,1%, a TVG é líder con 7,4 puntos máis, no conxunto da semana, que o seguinte competidor, Antena 3 (12,7%).




Gráfico 7. Comparativa de canles luns a domingo. Fonte: EXM

O liderado repítese no período comprendido de luns a venres, ao acadar a canle galega a cota máis elevada en Galicia, cun valor de 19,5% e superando o competidor máis próximo, esta vez Tele 5 (que media unha cota do 12,9%) en 6,6 puntos de cota.




Gráfico 8. Comparativa de canles luns a venres. Fonte: EXM

A audiencia dos informativos da Galega marcaron un novo liderado no 2024. Na sobremesa, 'Galicia noticias' e 'Telexornal mediodía' foron a principal alternativa informativa na franxa entre as 13:30 e as 17:00 h, cun 34,9% de cota de pantalla, máis que duplicando a audiencia de Antena 3 (cunha media do 15%). Por franxas horarias destaca o 'Galicia noticias' entre as 14:00 e as 14:30, cunha cota de pantalla do 46,8%, ou o 'Telexornal 1', entre as 14:30 e 15:00, cunha cota do 45,6%.




Gráfico 9. Comparativa na franxa do mediodía. Fonte: EXM

Na franxa de noite (entre 20:00 e 04:00 h.), a TVG acada tamén o liderado en Galicia cunha cota do 16,7%, a 2,4 puntos de distancia do competidor máis próximo (Tele 5, cunha cota do 14,3%). Destacan sobre todo os venres, co 21,2%.




Gráfico 10. Comparativa na franxa da noite. Fonte: EXM

Este é o tempo do último informativo da xornada, pero tamén da franxa de entretemento e do *prime time*, na que triunfa entre a audiencia unha grella que inclúe ficción, con propostas como 'Land Rober Tunai Show' ou 'Luar', entre outros.

TVG, líder tamén das canles autonómicas


Entre as televisións autonómicas reunidas baixo o paraugas de FORTA, Televisión de Galicia é a que acadou maior cota, segundo o EXM do ano (ano móbil febreiro a novembro), con 4,5 puntos de cota máis que o seguinte competidor, TV3 (15,6%), no conxunto da semana. De luns a venres, a cota da canle galega, 19,5%, atópase a 3,5 puntos de cota de CSur (16%), a canle de Andalucía.

2.2 Referencia informativa

A TVG é referencia informativa televisiva para a poboación galega, sendo líder historicamente na franxa do mediodía. O liderado na cota de pantalla dos programas informativos en Galicia por parte da TVG demostra unha preferencia clara por parte dos galegos. O conxunto dos programas informativos da TVG lideran, segundo o medidor oficial de TV en ámbito España Kantar Media.



A audiencia total dos informativos da CRTVG ascendeu a 2.455.000 telespectadores ao longo do ano 2024, o 93,2% dos galegos de 4 e máis anos. (No caso de TVG 2.420.000 ou o 91,9%, no caso de TVG2 1.847.000 ou o 70,1% e no caso de Galicia TV 121.000 ou o 4,6%), seguidos de La Sexta e Antena 3 TV.

Gráfico 11. Evolución da audiencia da TVG e competencia. Cota de pantalla da información diaria. Fonte: Kantar Media



Na Radio Galega tamén se aprecia unha estabilización na audiencia dos programas informativos.

Gráfico 12. Audiencia acumulada de luns a venres da Radio Galega (Miles de oíntes). Fonte: EXM




2.3 Referentes para o entretenimento

A maior aposta polo entretenimento da canle concéntrase no horario de *prime time*, desde as 20:30 h ata as 24:00 h. Nesa franxa a TVG acada unha media de 8,6 puntos de *share*, trátase dun valor similar aos acadados nos últimos 10 anos. Cómpre salientar que é a mesma cota do ano, o que indica unha forte estabilidade ao longo da grella diaria.


Gráfico 13. Evolución da audiencia do prime time (cota de pantalla).

Fonte: Kantar Media



Na radio, tamén se consolida o crecemento producido nos programas de entretenimento, especialmente nos tramos de tarde como de noite. Tanto na franxa matinal, mediodía, tarde e noite/madrugada é doado ver audiencias superiores aos 20.000 oíntes.

Gráfico 14. Audiencia acumulada dos programas de entretenimento de luns a venres da Radio Galega (En miles de oíntes). Fonte: EXM



2.4 Conclusións

A TVG marca a referencia informativa galega: os seus programas informativos contan coa audiencia media máis elevada en Galicia de toda a oferta televisiva. Cómpre salientar que ningún outro soporte de comunicación logra acadar audiencias superiores no ámbito galego.

No caso da Radio Galega, dáse un proceso de estabilización entre as audiencias máis elevadas a nivel histórico, e no referido ao dixital, a información tamén segue sendo un dos eixes principais na comunicación a través de redes e da nova canle temática G24.gal.

O entretemento que propón a TVG segue a ser referencia nos medios públicos de Galicia, se ben se está a producir un desprazamento da audiencia que consome entretemento no *prime time* cara ao último tramo das tardes. A TVG consolida o grupo de cabeza que lidera o entretemento televisivo en aberto, xunto a Tele5 e Antena 3 e superando a canles como La1, Cuatro ou La Sexta. Neste ano a TVG segue sendo unha das referencias tanto en ámbito Galicia como autonómico.

A estes datos cómpre sumarlle que máis de 133.000 galegos e galegas escollen cada día a radio pública galega como medio de comunicación radiofónico de referencia.

E que TVG rematou o ano como líder en España e entre as canles autonómicas, segundo o Estudo Xeral de Medios, e como a terceira canle máis vista da rede de FORTA, segundo Kantar Media.

3. CANLES DIXITAIS EN DATOS

En 2024, a Corporación RTVG renovou a súa estratexia dixital cunha forte aposta pola tecnoloxía OTT, adaptándose ás novas formas de consumo audiovisual. No marco desta transformación lanzáronse tres plataformas dixitais especializadas: AGalega.gal para contidos de entretemento, AGalegaAudio.gal para contidos de audio e Xabarin.gal especializada no público infantil e xuvenil. Ademais, o proxecto informativo g24.gal foi optimizado, consolidándose como un referente informativo en Galicia, ao tempo que se actualizaron o Portal de Transparencia e a web corporativa crtvg.gal.

Os datos reflicten o éxito desta estratexia. Desta forma, g24.gal rexistrou preto de cinco millóns de sesións, dous millóns de usuarios e once millóns de páxinas vistas, o que representa un incremento do 33%, 28% e 41%, respectivamente. A expansión en redes sociais relacionadas coa información tamén foi notable, cun crecemento do 80% en impresións, un 510% en reproducións e un 512% en *engagement*. Estes datos confirman a relevancia do proxecto informativo e o alto grao de fidelización da audiencia.

En canto ao consumo da OTT, AGalega.gal lidera en número de sesións, usuarios e páxinas vistas con respecto á AGalegaAudio.gal e Xabarin.gal. O 74,4% do consumo de AGalega.gal corresponde a contidos en directo, mentres que o 25,6% restante refírese a VoD (vídeo baixo demanda). O tempo medio de consumo por usuario sitúase nos 52 minutos.

As novas métricas da plataforma OTT reflicten un alto compromiso do público, destacando especialmente Radio Galega Música e Radio Galega, que presentan os tempos de consumo promedio máis elevados. O *streaming* da Televisión de Galicia é o servizo máis demandado, con 252.000 usuarios únicos diarios, seguido pola Radio Galega, con 245.000 usuarios, e os eventos deportivos, con 89.000 usuarios únicos.

O lanzamento da nova plataforma en xaneiro de 2024 marcou un punto de inflexión na comunicación autonómica galega. Entre os seus obxectivos destacan a mellora da experiencia do usuario, garantindo un acceso intuitivo e personalizado aos contidos, e a integración coas plataformas de terceiros máis populares (YouTube, Radio Player, iVoox, iTunes, Spotify, etc.) facilitando a captación dunha audiencia máis ampla.

A innovación desempeñou un papel fundamental non só na modernización da percepción do servizo público, senón tamén na exploración de novos formatos e políticas de contido, lideradas pola Área de Contidos.

Ademais, a estratexia de distribución e comercialización adquiriu unha relevancia central, buscando ampliar o alcance dos contidos e potenciar o seu impacto a través de narrativas publicitarias atractivas.

Un dos avances máis significativos foi a integración da OTT co Data Lake da Corporación, o que permitiu unha análise máis profunda do comportamento dos usuarios. Esta sinerxía facilitou a comparación dos hábitos de consumo dixitais co modelo tradicional de televisión a través de HbbTV, posibilitando a definición de novas métricas e conceptualizacións de datos para optimizar as estratexias en función das tendencias e preferencias do público.

Por outra banda, a nova estratexia en redes sociais, liderada polo departamento de Novos Formatos, baseouse na adaptación aos algoritmos de cada plataforma e na potenciación do contido en vídeo. Os resultados foron extraordinarios, con incrementos históricos nas principais redes sociais. TikTok e Instagram consolidáronse como as plataformas con maior crecemento, rexistrando un aumento do 113% en reproducións en TikTok e do 125% en Instagram.

O *engagement* tamén experimentou unha subida significativa, con incrementos do 50% e 103%, respectivamente. En YouTube, o número de subscritores aumentou nun 14%, mentres que as reproducións creceron nun 21%. O impacto da nova estratexia foi aínda máis evidente en g24.gal, que rexistrou un aumento do 394% en impresións, un 671% en reproducións e un 752% en *engagement* en Instagram. Pola súa banda, a Radio Galega tamén experimentou un crecemento notable, con incrementos do 943,4% en reproducións, do 263% en *engagement* e do 134% en impresións.

A nova estratexia dixital estrutúrase arredor de cinco obxectivos estratéxicos fundamentais:

- 1/ Chegar a novas audiencias (*target* máis novos)
- 2/ Realizar directos en dixital con calidade
- 3/ Emisión multidispositivo
- 4/ Audiencias 360º
- 5/ Novos formatos innovadores de comercialización.

A partir destes obxectivos descríbense a continuación as conclusións máis relevantes mediante a análise da data e os resultados obtidos.

3.1 Chegar a novas audiencias (*targets* máis novos)

A posta en marcha da OTT consegue chegar a un *target* de público con idades comprendidas entre os 25 e os 44 anos, tanto en AGalega.gal, AGalegaAudio.gal e Xabarin.gal, en que tamén aparece o *target* de 35-44 anos, coincidindo coa Xeración Xabarán que creceu cos debuxos animados da canle.

Ademais, a distribución a través de SmartTV, HbbTV e dispositivos conectados ampliou significativamente a audiencia televisiva, fortalecendo a presenza da marca en novos escenarios dixitais.

Nas redes sociais de TVG hai que destacar os incrementos nas publicacións de TikTok e de Instagram que dan como resultado un incremento do 113% de reproducións en TikTok con respecto a 2023, e un 125% en Instagram. O *engagement* en ambas as dúas plataformas crece respecto a 2023, logrando un 50% en TikTok e un 103% en Instagram. En YouTube os datos tamén son positivos e incrementan nun 14% o número de subscritores e nun 21% o número de reproducións.

Nas redes sociais de G24 a nova estratexia nótase aínda máis con porcentaxes de incrementos do 394% en impresións, 671% en reproducións e un 752% de *engagement* en Instagram, con respecto a 2023. En YouTube contribúen nun 26% nas reproducións. En TikTok os incrementos son aínda moi superiores, logrando posicionar a información da Corporación, un dos seus piares como servizo público, en redes sociais de públicos moi diferentes aos televisivos.

A Radio Galega tamén se ve beneficiada pola nova estratexia de redes sociais, e incrementa nun 943,4% as reproducións con respecto a 2023, nun 263% en *engagement* e nun 134% en impresións.

3.2 Directos na OTT

A nova plataforma permite ofrecer un servizo de emisión en directo de alta calidade en múltiples dispositivos. Este modelo destaca pola súa capacidade para atraer a audiencia, reflectida no feito de que o 74,4% do consumo total da OTT corresponde a contidos en directo. Entre estes, os eventos deportivos son especialmente populares, alcanzando picos de tráfico de ata 236.000 visitas. Ademais, a externalización das emisións en directo durante a fin de semana resulta clave para optimizar a calidade do servizo e satisfacer as altas esixencias da audiencia.

3.3. Emisión multidispositivo

Grazas á estratexia de distribución da plataforma, os contidos da Corporación chegan a usuarios de SmartTV, HbbTV e dispositivos conectados, ampliando significativamente a audiencia televisiva e fortalecendo a presenza da marca en novos escenarios dixitais.

As descargas de Apps nativas en iOS /TVOS e Android/AndroidTV amosaron, respectivamente, preto de 23K e de 52K. E hai que destacar tamén o consumo a través de HbbTV que desde finais de outubro supera os 9K dispositivos, con 42K de sesións e cunha visualización de preto de 6.000 contidos.

3.4. Audiencias 360º


A integración da plataforma no DataLake da Corporación representa un avance fundamental para comprender o impacto da audiencia dixital e comparalo co consumo da televisión convencional, a través de HbbTV. Desde marzo esta sinerxía permitiu incrementar a audiencia televisiva nun 10%.




Ademais, as audiencias dixitais pódense analizar de forma agregada mediante métricas comúns, o que facilita a obtención dunha visión global do alcance dos contidos. Un aspecto clave deste proceso é o estudo da audiencia segundo o dispositivo de consumo, permitindo tanto a agregación de todos os datos como a análise desagregada, co obxectivo de optimizar estratexias e adaptar os contidos ás preferencias do público.

3.5. Novos formatos innovadores de comercialización

A estratexia de comercialización dixital da CRTVG medra en 2024, con incrementos do 91% en comercialización directa, nun 9% en programática e nun 5% en YouTube.

Para 2025, a consolidación da OTT a nivel tecnolóxico permitirá innovar en formatos publicitarios máis atractivos para os anunciantes e permitirá a explotación da comercialización en SmartTV.





A nova estratexia dixital da Corporación non só modernizou o servizo público, senón que tamén consolidou o seu impacto na sociedade galega. A notable mellora no consumo dixital, o crecemento en redes sociais e a captación de novas audiencias reflicten o éxito dun modelo de comunicación eficiente, flexible e adaptado ás tendencias actuais de consumo de contidos audiovisuais.

4. OS SERVIZOS INFORMATIVOS DA CRTVG

4.1 Os formatos informativos en 2024

O ano 2024 supuxo para os servizos informativos da Corporación Radio e Televisión de Galicia un período decisivo de consolidación do seu modelo de servizo público, caracterizado pola modernización, a apertura a novos formatos, a integración dixital e o reforzo da súa identidade como medio de proximidade. A actividade das distintas áreas de Información, Documentación e comunicación desenvolveuse baixo tres piares estratéxicos:

- Fortalecemento da estrutura dixital e multiplataforma, cunha presenza reforzada en contornas móbiles, redes sociais, OTT e novos dispositivos de consumo.
- Transformación dos procesos internos, grazas á incorporación de novas ferramentas, reorganizacións estruturais e automatización de tarefas.
- Ampliación e diversificación da cobertura informativa e cultural, tanto en contido como en enfoque, coa intención expresa de conectar con públicos diversos, especialmente os máis novos.

4.2 Servizos informativos de TVG

‘Bos días’

O programa informativo matinal da TVG consolidou a súa posición como primeiro espazo de referencia do día, tanto pola súa audiencia como pola súa capacidade de marcar axenda. Emítense de luns a venres entre as 08:00 e as 10:50 horas, mantendo unha duración ampla que permite combinar análise, actualidade e intervencións en directo.

Durante 2024, o programa destacou polos seguintes aspectos:

- Aumento da presenza de entrevistas en directo, tanto a representantes institucionais como a protagonistas da actualidade social e económica.
- Produción de contido propio e exclusivo, elaborado desde a redacción do propio espazo, con novos formatos adaptados á narrativa dixital.
- Cobertura ampliada de sucesos, política e información internacional, cunha vocación de contextualización e análise.
- Integración de novos elementos gráficos e audiovisuais para mellorar a comprensión da información e adaptar o formato aos novos hábitos de consumo (pantallas, redes sociais, cortes adaptados para vertical...).

Deste xeito, ‘Bos días’ reforzou a súa identidade como espazo informativo e divulgativo en galego de primeira hora, que anticipa os temas que protagonizarán a actualidade do día e que recollerán e ampliarán os seguintes informativos.

‘Galicia noticias’

‘Galicia noticias’ é un informativo de proximidade con identidade propia, centrado nas historias que afectan directamente á cidadanía galega. Cunha emisión diaria ao mediodía, o espazo segue a apostar por unha visión territorial ampliada e unha estrutura flexible que lle permite atender tanto noticias de última hora como reportaxes de fondo.

A súa evolución durante 2024 destacou por:

- Expansión da cobertura territorial, centrando atención nas áreas periurbanas e intermunicipais.
- Aposta por historias humanas e narración desde o territorio, mediante conexións en directo e coberturas con equipo desprazado.
- Incorporación de contido social, económico e veciñal, mantendo a perspectiva de servizo público e utilidade directa para a audiencia.

Con este enfoque, ‘Galicia noticias’ reforzou o seu papel como informativo esencial para comprender o día a día do país desde o territorio.

‘Telexornal mediodía’

O ‘Telexornal mediodía’ é o buque insignia dos informativos da Televisión de Galicia. Conta cunha estrutura xeralista e unha cobertura multitemática que abrangue Galicia, España e o contexto internacional.

Durante 2024:

- Reestruturáronse os tempos internos, co obxectivo de adecuarse a novas dinámicas de consumo: noticias máis breves, directas e cuidando a transición entre bloques temáticos.
- Reforzouse a linguaxe gráfica, coa incorporación de datos visuais, explicacións contextuais e infografías que complementan a voz do xornalista.
- Incrementouse a presenza dos profesionais no lugar da noticia, fomentando a personalización do relato e a proximidade informativa.
- Implantáronse plenamente as ferramentas do novo plató 300, co uso do pantallón xigante, recursos inmersivos e interacción cos presentadores doutras seccións.

‘Telexornal mediodía’ logrou manter o seu liderado como espazo informativo de referencia, actualizando a súa forma sen perder fondo, e ofrecendo unha visión transversal, comprensible e conectada coa realidade galega e global.

‘Telexornal serán’

O ‘Telexornal serán’ emítese na franxa de 20:30 a 21:30 horas, como espazo de peche informativo do día, cun enfoque directo, estruturado e ordenado.

No ano 2024, ‘Telexornal serán’:

- Apostou por unha narrativa sintética e agrupada, eliminando artificios innecesarios para mellorar a atención e comprensión.
- Segmentouse en tres grandes bloques: actualidade política e económica, información galega e sociedade e cultura.
- Incrementou a cobertura cultural como sinal de identidade, incorporando seccións fixas e ampliando o espazo dedicado ao eido cultural.
- Multiplicou as súas conexións en directo, co obxectivo de reforzar a percepción de actualidade e inmediatez.
- Ampliou o uso de recursos gráficos e pezas especiais, con reportaxes longas que completan a visión de fondo dos temas tratados.

Este informativo reforzou o seu perfil como espazo que pecha a xornada informativa da TVG cunha ollada integral, galega e próxima, combinando a rapidez da última hora cunha narrativa serena e contextualizada.

‘No foco’

‘No foco’ consolidouse no 2024 como un referente informativo de fin de semana da TVG, cunha proposta diferenciada e de alto impacto. O programa creceu en audiencias e prestixio, acadando cotas de pantalla moi superiores á media da súa franxa.

Así as cousas, durante o ano 2024:

- Incorporouse a presentación desde o lugar da noticia, achegando máis autenticidade ao relato e reforzando a ligazón entre xornalista e contido.
- Ampliouse a participación da redacción de informativos, convertendo o programa nunha produción coral con achegas de todas as quendas.
- Estreouse a sección ‘A semana no foco’, un resumo visual en formato de fotonoticia que recolle os momentos máis relevantes da semana.
- Incrementouse a presenza de referentes culturais galegos, ofrecendo entrevistas en profundidade a protagonistas que raramente aparecen en espazos informativos convencionais.

‘No foco’ definiuse xa como un modelo propio dentro do xénero informativo, que combina rigor xornalístico, narración coidada e unha mirada pausada sobre a realidade galega e internacional.

Faladoiros televisivos

Durante o ano 2024 continuaron a emitirse os espazos de análise política e social da fin de semana, consolidando o seu formato híbrido e a súa presenza multicanle.

En particular, ‘Café sen gotas’, realizado desde o Parlamento de Galicia, mantivo a súa emisión regular nas mañás dos sábados e domingos, cunha estrutura baseada na reflexión pausada, o diálogo plural e a participación de voces representativas das diferentes correntes ideolóxicas. Ademais, ‘Conexión Galicia’, producido desde a delegación da CRTVG en Madrid, ofreceu cada luns unha análise específica da actualidade política estatal con impacto en Galicia, reforzando así a cobertura territorial e a contextualización informativa.

Ambos espazos contribuíron a ofrecer unha mirada complementaria á información diaria, afastada do ruído e centrada na comprensión en profundidade da realidade política e social. A súa emisión multisoprote —en G2, Radio Galega e G24.gal— permitiu unha maior accesibilidade e conectividade co público.

4.3 Servizos informativos da Radio Galega

‘Galicia por diante’, tramo informativo

Durante o ano 2024, o tramo informativo do magazine matinal ‘Galicia por Diante’ reforzou o seu carácter estritamente informativo, transformándose nun verdadeiro referente de actualidade en tempo real. A programación de mañá da Radio Galega consolidou así o seu modelo híbrido entre radio e televisión, baseado nunha filosofía de cobertura inmediata, contextualización e contacto directo coa audiencia.

Principais novidades do 2024:

- Eliminación total de pezas gravadas do día anterior, o que lle outorga ao tramo informativo unha frescura e credibilidade destacadas.
- Cobertura en directo desde as 06:00 h, con xornalistas de garda que comezan a elaborar a escaleta desde a madrugada, asegurando un produto periodístico plenamente actualizado.
- Hibridación plena coa TVG no tramo de 07:00 a 08:00 horas, coa emisión simultánea en radio e televisión desde o estudio multimedia. Esta realización visual (a través de Vmix) incorpora:
 - Imaxes do estudio multimedia.
 - Gráficos do tempo e tráfico en pantalla.
 - Crawl informativo con titulares e última hora.
 - Pantallas LED con apoio visual ao relato informativo.

Ademais, fortaleceuse a análise da información coa reestruturación do faladoiro que se desenvolve entre 08:30 e 09:30 h, dividido en dúas mesas temáticas: unha centrada na análise política e outra en economía. Ambas achegan reflexión e contexto a partir de voces expertas e xornalistas especializados.

Así mesmo, o espazo intensificou a súa dimensión internacional coa potenciación da rede de correspondentes internacionais da Radio Galega, que pasan a ter unha presenza máis sistemática nas mañás da emisora, achegando visión global desde cidades como Bruxelas, Roma, Lisboa ou Nova York, entre outras.

Este modelo permite non só manter informada a cidadanía galega desde primeira hora, senón tamén posicionar a Radio Galega como medio áxil, moderno e conectable coa linguaxe visual, mediante un relato adaptado aos novos tempos sen perder o rigor tradicional.

‘A crónica’ ás 14 h e 19 h

O espazo informativo ‘A crónica’, que conta con dúas edicións diarias, reforzou durante 2024 o seu papel de eixo vertebrador da actualidade informativa da tarde na Radio Galega.

Edición das 14:00 h:

- Consolidación como informativo central do día, ofrecendo un relato estruturado e completo da mañá informativa en Galicia, España e o mundo.
- Duración ampliada a 45 minutos, permitindo incluír reportaxes, crónica parlamentaria, sucesos e avances da tarde.

Edición das 19:00 h:

- Adiantamento de franxa horaria para adaptarse aos novos hábitos de consumo, especialmente en dispositivos móbiles e podcast.
- Maior peso dos contidos especializados: asuntos económicos, análise de contexto internacional e seccións temáticas complementarias.
- Introducción da sección ‘Crónica de Proximidade’ ás 19:30 h, que achega información útil e de interese local, desde festas populares a conflitos sociais, pasando por perfís humanos.

‘Faladoiro’ de 20:00 a 21:00 h

- Mantense como espazo de referencia para a análise plural, con voces representativas de diferentes sensibilidades, expertos en comunicación, política ou economía.
- Ton sereno e reflexivo afastado do confrontamento, centrando a atención na comprensión dos temas complexos.

Informativos da fin de semana

Durante sábados e domingos, a Radio Galega mantén unha programación informativa viva, centrada tanto na actualidade como no afondamento dos temas que se abordan. A cobertura da actualidade da fin de semana faise en tempo real. A Radio Galega non interrompe a actualización de noticias, mesmo durante o desenvolvemento da programación deportiva que protagoniza os sábados e domingos. Ademais, os boletíns horarios emítense sen excepcións, mantendo a conexión permanente coa última hora.

No 2024 intensificouse tamén na fin de semana a aposta polos contidos de fondo co uso da reportaxe como xénero principal, incorporando temas de análise social, demografía, medio ambiente ou igualdade; e con entrevistas de profundidade a protagonistas da actualidade, tanto en directo como gravadas, en espazos que ocupan parte central do bloque informativo das fins de semana. Ademais, os informativos das fins de semana abordaron cuestións menos atendidas nos días laborais, como aspectos da cultura local, relixiosidade popular, vida comunitaria no rural e historias humanas de superación.

4.4 Portal informativo G24.gal

O ano 2024 foi clave na consolidación do portal G24.gal como o medio dixital informativo en continuo da CRTVG, cunha clara aposta pola integración coas dinámicas de traballo das redaccións de televisión e radio, e cunha implementación decidida da estratexia *digital first*. Este enfoque consolidouse sobre principios fundamentais como:

- Inmediatez e rigor, co obxectivo de ofrecer a noticia máis relevante no menor tempo posible e con total fiabilidade informativa.
- Accesibilidade e multicanle, coa intención de achegar o contido ao usuario en calquera momento e desde calquera plataforma.

Durante 2024, o portal experimentou unha reorganización estratéxica en varios ámbitos. En primeiro lugar, no seu servizo de notificacións, co reforzo do servizo de alertas para enviar directamente aos dispositivos móbiles das usuarias e usuarios as principais noticias de última hora e contidos exclusivos. Estas alertas son configurables segundo áreas temáticas (Galicia, política, deportes, internacional...), o que mellora a fidelización e o tráfico cualificado.

Ademais, incrementouse o uso de ferramentas interactivas para eventos informativos en tempo real (en casos como eleccións, temporais, mobilizacións sociais, eventos deportivos...). Entre elas o 'minuto a minuto', que se converteu nunha das ferramentas máis valoradas pola audiencia, especialmente en coberturas de xornadas electorais, sorteos ou catástrofes naturais.

Ademais, incorporáronse *widgets* informativos, consultables en tempo real, sobre tráfico, meteoroloxía, incidencia parlamentaria ou datos electorais; e incrementouse de forma moi significativa a cobertura de eventos en directo, entre os que destacan:

- Conferencias de prensa da Xunta de Galicia e do Goberno central.
- Sesións parlamentarias no Parlamento de Galicia, Congreso dos Deputados e Senado.
- Comparecencias públicas, protestas cidadás, foros institucionais, actos de homenaxe de distintos eidos e cobertura de grandes sucesos.

Esta cobertura complementouse con sinal de cámaras web e imaxes da Dirección Xeral de Tráfico para informar de incidencias meteorolóxicas ou de tráfico.

No aspecto editorial, no 2024 continuouse a integración plena dos contidos dixitais nas dinámicas de traballo da redacción dos servizos informativos da TVG. Estimulouse a participación transversal dos redactores, para que asumise o portal G24.gal como soporte prioritario de publicación, e non un espazo secundario.

Para mellorar a narrativa multimedia, potenciouse a creación de contido enriquecido con vídeo, audio, fotografías, gráficos e deseño de lectura, e implementáronse recursos estilísticos como destacados, despees, galerías e imaxes espiraladas na portada, nunha aposta por pezas cun ton máis directo e lexible que mellora a adaptación aos hábitos do consumo móbil.

Entre información xeral, contidos de cultura e de deportes, o portal G24.gal publicou no 2024 un total de 20.225 noticias, un volume de produción que reflicte a gran capacidade de resposta diaria da redacción ante os acontecementos, o grao de implicación do conxunto da estrutura informativa e a consolidación de G24.gal como medio dixital autonómico con maior volume de actualización constante.

4.5 Redes sociais e contidos dixitais

En 2024, a CRTVG abordou unha reorganización de amplo calado no seu eido dixital, xa que eliminou a estrutura anterior de Extensión Audiovisual, dando paso a unha nova configuración máis funcional e especializada. Este novo modelo organizativo dividiuse en dúas áreas: a área responsable das plataformas dixitais e o de departamento de novos formatos, enfocado exclusivamente na creación, edición e difusión de contido nativo dixital para as redes sociais, nomeadamente para o seu consumo en dispositivos móbiles.

Este equipo de novos formatos pasou a ser unha das unidades estratéxicas clave da Corporación. No 2024, renovouse o equipo de profesionais, cun perfil multidisciplinar e altamente especializado.

Incorporáronse montadores procedentes das delegacións territoriais, permitindo acelerar e descentralizar a produción de contidos, e estableceuse unha rutina diaria de edición e publicación con obxectivos cuantitativos e cualitativos claramente definidos.

A intelixencia artificial implantouse de forma sistemática no traballo deste eido en aspectos como a subtitulación automática de vídeos, o que acurta os tempos de publicación e mellora a accesibilidade destes contidos. Isto foi esencial para adaptar o contido ao consumo sen son, cada vez máis común en móbiles e contornas urbanas.

Produción e impacto nas redes sociais

O crecemento foi exponencial tanto en volume como en *engagement* neste 2024. En @g24noticias, pasouse de emitir 4 ou 5 vídeos diarios a unha media de 26 vídeos/día, e con picos de produción de ata 32 vídeos nunha soa xornada. E na conta @televisiondeg Galicia, duplicouse a media de vídeos, con 5/6 pezas cada día. Os formatos que se adoitan publicar son pezas orixinais que incorporan rótulos e audio ambiente e que se adaptan emisións broadcast ao formato vertical, con eliminación de elementos superfluos que non teñen espazo no consumo no móbil. Son pezas personalizadas, en moitos casos creadas por xornalistas novos que explican temas de actualidade cun ton directo e áxil.

Datos de crecemento por plataforma

@g24noticias

Instagram: +394% impresións / +671% reproducións / +752% *engagement*.

TikTok: consolidación da marca como canle de entrada para audiencias mozas.

YouTube: 26% do total de reproducións da CRTVG proceden desta canle.

@televisiondeg Galicia

Instagram: +125% reproducións / +103% *engagement*.

TikTok: +113% reproducións / +50% *engagement*.

YouTube: +14% subscritores / +21% reproducións.

Radio Galega

+943% reproducións

+263% *engagement*

+134% impresións

Pódese destacar tamén a consolidación de YouTube como canle estratéxica, tanto na emisión en directo como nos *shorts*, así como a decisión de desactivar a actividade en Twitch, priorizando plataformas cun maior retorno en visibilidade e impacto. Ademais, reconfigurouse o portal corporativo crtvg.gal como espazo institucional, derivando toda a oferta audiovisual ás plataformas dixitais.

E non se crearon programas nativos específicos para redes, optando por alimentar de maneira constante e profesional as contas principais da Corporación.

4.6 #Cultura365

Durante o ano 2024, a CRTVG consolidou o seu modelo de cultura transversal, multiplataforma e interxeracional, #Cultura365, que achega os contidos culturais tanto aos públicos tradicionais como aos novos segmentos da sociedade, especialmente a mocidade.

Este obxectivo artículase a través de tres piares fundamentais:

- A emisión de ‘Diario cultural’ da Radio Galega, na información cultural radiofónica.
- ‘Zigzag’, lonxevo e pioneiro programa de Televisión de Galicia. Contedor audiovisual de cultura galega contemporánea, que se emite de luns a venres e tamén nas fins de semana.
- As novas plataformas dixitais AGalega.gal e AGalegaAudio.gal, que permiten adaptar os contidos culturais ao consumo en mobilidade e á carta.

O proxecto global #Cultura365 persegue facer da cultura un elemento constante e visible durante todo o ano nas distintas canles e formatos da CRTVG.

4.6.1 ‘Zigzag’, o programa de referencia cultural

‘Zigzag’ é, a día de hoxe, o programa cultural máis lonxevo das televisións públicas en España, e conta con emisión diaria desde hai máis de dúas décadas. En 2024, o espazo reforzou o seu posicionamento como canle esencial para a visibilidade da cultura galega, tanto no medio lineal como no ecosistema dixital.

Emisión e estrutura:

- ‘Zigzag’ diario, de luns a venres na G2, ás 20:30 h.
- ‘Zigzag fin de semana’, os domingos na TVG, ás 11:30 h.

Cada edición estrutúrase arredor de entrevistas en estudio con artistas e axentes culturais, reportaxes en exteriores en toda Galicia, a axenda semanal de música, teatro, cinema e exposicións, e seccións fixas a cargo de especialistas en distintas disciplinas, como literatura, artes plásticas, arquitectura, arqueoloxía e escénicas.

O seu contido e enfoque pivota arredor de temáticas diversas, sen exclusión por xénero ou nivel de popularidade. O programa atende a cultura de vangarda e tamén as manifestacións máis tradicionais da cultura galega. Tamén visibiliza artistas emerxentes e proxectos alternativos, cunha inclusión sistemática de perspectiva de xénero e diversidade nas súas entrevistas e contidos. Así mesmo, ‘Zigzag’ ten un coidado especial na produción audiovisual, para iso incorpora en ocasións o uso de dron, a gravación en exteriores e realización cinematográfica.

Entre os eventos e coberturas máis destacadas no ano 2024, pódese citar a cobertura intensiva de festivais e galas da cultura en Galicia, como a gala dos Premios Mestre Mateo, a gala dos premios da asociación Músicas ao Vivo ou os Premios María Casares.

O espazo informou tamén sobre os festivais do eido audiovisual que se levan a cabo en Galicia, entre eles os de Cans (O Porriño, Pontevedra), o Carballo Interplay ou o Play-Doc de Tui, o Atlantic Fest, a gala dos Premios Goya do cine español e outras citas nacionais.

Arredor do Día das Letras Galegas 2024, 'Zigzag' preparou un programa especial, como adoita facer cada mes de maio. Neste caso, o espazo estivo dedicado á figura da escritora Luísa Villalta. Foi producido integramente en exteriores nos espazos vitais da autora (A Coruña, Santiago...) e incluíu entrevistas a estudosos, músicos, familiares e compañeiros da homenaxeada.

O programa, que aportou imaxes e material de arquivo e unha narración contemporánea, contou tamén coa presenza destacada da irmá da autora, Susana Villalta, nunha entrevista central do programa.

4.6.2 A cultura nos telexornais

Ademais de 'Zigzag', a cultura tivo en 2024 unha presenza constante e crecente nos informativos diarios da Televisión de Galicia e a Radio Galega, consolidándose como unha liña estratéxica transversal.

Moi especialmente no 'Telexornal mediodía' e o 'Telexornal serán', desde a área de cultura cubríronse en directo, con enviados especiais, os grandes eventos culturais con presenza galega:

- Premios Mestre Mateo.
- Premios María Casares.
- Premios Martín Códax da Música.
- Premios Goya, cun equipo en Valladolid.
- Premios Feroz en Pontevedra.

Así mesmo, os informativos atenderon as grandes exposicións desenvolvidas neste ano e os recoñecementos nacionais e internacionais acadados polos artistas galegos.

Cobertura de estreas de cine, teatro, literatura e eventos musicais, con especial atención aos seus protagonistas e á resposta do público, así como a difusión de historias culturais locais e comarcais, como proxectos comunitarios, recuperacións etnográficas ou accións de dinamización son contidos que os espectadores poden ver nos principais informativos da TVG.

Isto é posible grazas á coordinación transversal dentro do equipo do servizo informativo no que se integra a redacción da Área de Cultura, que participa activamente na planificación de contidos, moi especialmente cando se trata de coberturas de actos e eventos de relevancia.

Ademais, neste 2024 a delegación da CRTVG en Madrid incorporou unha liña estable de seguimento da actividade cultural galega na capital, con pezas sobre as exposicións de arte de centros como o Museo Reina Sofía ou CaixaForum, os concertos da Real Filharmonía de Galicia ou as actividades en centros culturais estatais protagonizadas por galegos.

4.7 Deportes

4.7.1 Información deportiva en Televisión de Galicia

A CRTVG consolidou en 2024 a súa estratexia de reforzo da cobertura deportiva, cun modelo integral, territorializado e con perspectiva de servizo público, que lle permite ofrecer contidos informativos e retransmisións dunha diversidade de disciplinas deportivas sen precedentes no ámbito autonómico. Ao longo do ano realizáronse un total de 367 retransmisións deportivas, das que 204 foron con medios de produción propios, destacando o nivel de autosuficiencia técnica da CRTVG. Ademais, utilizouse intensivamente a tecnoloxía 4G/5G, que permitiu conexións e directos en campos e instalacións sen infraestrutura técnica previa, favorecendo a cobertura en zonas rurais ou complexas.

Entre os fitos relevantes deste 2024 pódense citar:

- A recuperación dos dereitos de emisión de partidos de Primeira División, feito histórico tras dúas décadas sen emisión directa destes encontros.
- A cobertura completa da pretempada do RC Celta, Deportivo da Coruña e Rácing de Ferrol.
- A retransmisión do partido da Selección Galega Absoluta contra Panamá, celebrado en Balaídos.
- A presenza destacada nos Xogos Olímpicos de París, cun equipo propio desprazado, cubrindo en primeira persoa a participación galega.

Por competicións e disciplinas deportivas, a CRTVG emitiu:

Fútbol

- Primeira RFEF, con 64 partidos.
- Segunda RFEF, con 60 partidos.
- Terceira División galega, con 9 retransmisións e seguimento en liña a través de 'Carrusel de Terceira'.

Baloncesto

- Resumos regulares de partidos dos equipos Monbus Obradoiro, Río Breogán e Leyma Basquet Coruña.
- Emisión de encontros da LEB Ouro, a Copa Galicia e competicións europeas con equipos galegos, como o Baxi Ferrol.

Fútbol sala e balonmán

Emisión de 19 partidos entre categorías masculinas e femininas.

Traiñeiras

Neste 2024, emitíronse 46 probas, sendo oito de produción propia de TVG. Atendeuse a Liga ACT, a Euskotren, o campionato galego e a Bandeira da Concha.

Outros deportes

Televisión de Galicia atendeu outras disciplinas deportivas, ofrecendo o Torneo Internacional de Pádel, os concursos hípicas de Casas Novas, a Volta Ciclista a Galicia e outras carreiras ciclistas, o Campionato de España e Galego de Rally, así como probas de esgrima, ximnasia rítmica, vela ou atletismo.

Nas fins de semana, a G2 emite unha programación específica de deportes de ata 17 horas de emisión, con picos de 11,5 horas en directo. Espazos como 'En xogo' ou 'Deporte Extra' dan visibilidade a deportes minoritarios ou disciplinas específicas, mentres que os domingos pola noite a programación está centrada en resumos, análise e actualidade deportiva en clave galega.

Deporte feminino

A cobertura sobre deporte feminino nos informativos da TVG no ano 2024 superou as de anos anteriores, un crecemento que amosa o firme apoio, fomento e compromiso da canle co deporte feminino.

Dá mostra disto a análise de impactos nos informativos de máis audiencia da canle, o 'Telexornal mediodía' e o 'Telexornal serán', nas súas seccións de Deportes. No 2021 houbo 1.174 noticias sobre deporte feminino nestes informativos; no 2022 foron 874; no 2023 foron 1.216 e neste 2024 emitíronse 1.276.

Neste punto hai que salientar que a actualidade deportiva adoita estar condicionada pola presenza de equipos e deportistas na elite. No ano 2002 o descenso do Deportivo na Liga de fútbol, do Baxi Ferrol no baloncesto, a non clasificación europea do Club Ensino ou a non presenza en campionatos doutras deportistas fan diminuír a inclusión de noticias do eido deportivo feminino nos contidos dos informativos.

Este esforzo pola inclusión dos seus logros e traxectoria no relato informativo de cada xornada lévase a cabo co reto de seguir gañando visibilidade para as deportistas e equipos que son tamén referentes sociais do noso país.

Ata hoxe, 2024 foi o ano con máis contidos de deporte feminino nos informativos. Como se indicou, emitíronse 1.276 noticias na sección de deporte dos telexornais.

Emitíronse tamén nove reportaxes olímpicas dunha duración media de seis minutos logo do 'Telexornal mediodía' sobre Teresa Portela, Susana Rodríguez Gacio, Támara Echegoyen, Antía Jácome, Belén Toimil, Adi Iglesias, María Araújo e Paula Ginzo, Ester Navarrete e Tere Abelleira. Algunhas destas reportaxes foron gravadas fóra de Galicia, no lugar onde a deportista estivese preparando os Xogos Olímpicos de París. Precisamente foi arredor das Olimpíadas onde tamén se incidiu no seguimento, ao longo do verán de 2024, das deportistas galegas en competición.

A todo isto pódese engadir que na programación da G2 e da plataforma dixital AGalega.gal houbo 51 retransmisións deportivas de deporte feminino, ás que habería que engadir as retransmisións de distintos deportes con participación feminina, como as carreiras populares, as competicións hípcas, os partidos de fútbol gaélico ou o descenso do río Sella, entre outras.

Por categorías, pódese lembrar a retransmisión de torneos de fútbol feminino como o Teresa Herrera na Coruña e o Unindo Camiños, en Santiago, no verán de 2024, e nos que participou o Deportivo feminino, equipo do que TVG adquiriu os dereitos de retransmisión de varios partidos da máxima categoría, con cinco encontros emitidos durante a liga.

Mención especial merece o baloncesto feminino. Nesta disciplina, á marxe da Copa de Galicia, disputada polo Club Ensino e o Baxi Ferrol, os medios públicos galegos emitiron todos os partidos do debut europeo do equipo ferrolán, cun total de nove encontros, chegando ata o partido final da competición.

Un ano máis, TVG emitiu partidos de fútbol sala feminino da máxima categoría, na que militaban o Burela FSF, Ourense Ontime, Poio Pescamar, Marín Futsal e FSF Castro de Lugo, cun total de sete partidos nas nosas canles.

Tamén tivo presenza nas emisións da CRTVG o balonmán feminino cos dous representantes na máxima categoría, Atlético Guardés e Porriño, coa participación europea deste último, que tamén chegou á final da competición. E no hóckey feminino, TVG emitiu un partido do H.C. Coruña.

Por último, a canle galega segue a emitir as competicións femininas de traxeiras, tanto da Liga Galega coma da Liga Euskotren, e tamén a Bandeira da Concha feminina, superando as 20 retransmisións deste deporte tan arraigado en Galicia.

4.7.2 Información deportiva na Radio Galega

Tamén a Radio Galega aposta polo deporte como eixe central da programación da fin de semana, mentres que, de luns a venres, os deportes son unha sección estratéxica dos seus informativos, con especial atención aos equipos e deportistas galegos.

'Galicia en goles'

De venres a domingo, é o programa insignia e o referente nas retransmisións en directo. 'Galicia en goles' pechou 2024 cun rexistro histórico reflectido no Estudo Xeral de Medios que rexistrou 150.000 oíntes. Ao longo do ano, o espazo emitiu encontros de fútbol do RC Celta de Vigo, o R.C. Deportivo da Coruña ou o Rácing de Ferrol, e atende así mesmo a actualidade do deporte feminino e doutras categorías.

'A crónica deportes' e 'Ao contraataque'

'A crónica deportes', de 14:30 a 15:00 horas, é o informativo deportivo central en días laborais. E 'Ao contraataque', de 22:00 a 00:00 horas, é o espazo de análise, entrevistas e contexto, e ao que se convidan os protagonistas do deporte galego.

Contidos e coberturas destacadas

Xogos Olímpicos de París

Cobertura diaria entre o 26 de xullo e o 11 de agosto.

Sección semanal 'Galicia en Xogo Olímpico' durante todo o ano.

Xogos Paralímpicos

Cobertura do 28 de agosto ao 8 de setembro.

Entrevistas a deportistas galegos.

Eurocopa de Fútbol 2024

Seguimento da Selección Española, campioa invicta, con especial atención a a Joselu Mato, de Silleda, protagonista tanto na Euro como na Champions League.

Deportes inclusivos e base

Cobertura de eventos como a Liga Genuine, a carreira ENKI, os torneos de integración como o que leva a cabo o exxogador Míchel Salgado, torneos de fútbol base en toda Galicia e competicións como Campionato de España de ciclismo adaptado celebrado na Laracha (A Coruña).

'Galicia en xogo motor'

Este espazo monográfico emítese os sábados pola noite e neste 2024 fixo seguimento, entre outros, do Mundial de Motocrós, no que participan os galegos Jorge Prado e Rubén Fernández, e do Rally Galego, o Dakar e outras competicións de motor autonómicas e nacionais.

4. 8. O tempo

O servizo de información meteorolóxica 'O tempo' é unha das marcas informativas da CRTVG con máis impacto na audiencia. Cunha presenza constante tanto en pantalla como nos micrófonos da Radio Galega, este servizo foi renovado no 2024 tecnolóxicamente e esteticamente.

Hai que salientar as melloras introducidas, grazas ás posibilidades do plató de informativos estreado en 2023 e a estrea da emisión, en directo, de 'O tempo serán' desde finais de agosto, o que posibilita a incorporación de datos de última hora e a reacción inmediata aos cambios meteorolóxicos.

Entre as melloras tecnolóxicas cabe salientar novas funcionalidades, entre elas:

- Melloras de virtualidade, con mapas flotantes con maior percepción de profundidade.
- Integración de máis datos procedentes de Meteogalicia e AEMET.
- Novos servidores que incrementan a potencia operativa.
- Desenvolvemento de tótems e gráficos en realidade aumentada, xa en uso noutros programas informativos.

A programación diaria incluíu:

- 'O tempo mediodía': 8 minutos.
- 'O tempo serán': 7 minutos.
- 'Mar mañá': 4 minutos.
- 'Mar serán': 2 minutos.
- 'Atmosféricos'. Espazo especializado en meteoroloxía, emitido ata o mes de abril, dentro do magazine matinal 'A revista'. Duración, 17 minutos.

Ademais, hai a diario entradas dos profesionais de 'O tempo' noutros espazos, como nos matinais 'Bos días' e 'A revista', e nos telexornais. Toda esta actividade complementase coa publicación de pezas divulgativas nas redes sociais, con vídeos diarios nos que se comparte a previsión para a xornada.

E, como se informa no capítulo 10 desta memoria, o equipo de 'O tempo' levou a cabo un programa de visitas a centros escolares para fomentar a educación e concienciación ambiental e climática na mocidade, e que terá continuidade no 2025.

5. OS CONTIDOS E EMISIÓNS DA CRTVG

A principal novidade da actividade da Área de Contidos da CRTVG en 2024 foi sen dúbida o lanzamento da plataforma *Over The Top* (OTT) que se puxo en marcha o 17 de xaneiro e que supuxo unha transformación sensible dos procesos de difusión e distribución das diferentes canles dixitais e do propio mapa multicarle da CRTVG na súa relación coa audiencia.

A presenza desta plataforma nas tres versións AGalega.gal, Xabarin.gal e AgalegaAudio.gal nos sistemas de produción e difusión permitiu xerar un contorno optimizado para emitir contidos en directo e baixo demanda adecuado para seren consumidos en múltiples plataformas (web, APP, Smart TV...), poñendo os contidos audiovisuais galegos no mesmo nivel de accesibilidade que presentan plataformas mundiais coma Netflix, Amazon Prime Video ou Max. Incrementábase así a notoriedade do servizo público de comunicación na contorna dixital e mellórase a prestación de servizo público, de posicionamento social e de retorno económico. A xestión da programación adaptouse para acadar unha correcta coordinación entre as diferentes canles da CRTVG en función do potencial de alcance de cada unha delas.

Para a cidadanía, esta mellora supón a mellor recepción do sinal, unha maior accesibilidade aos contidos, tanto nativos coma emitidos nas canles tradicionais, e unha mellor adaptación aos diferentes soportes (móbil, televisores intelixentes, altosfalantes intelixentes, ...), así como a creación de canles dixitais específicas capaces de recoller os diferentes acontecementos que se producen en Galicia.

Paralelamente no mes de febreiro tivo lugar o remate das emisións de televisión terrestre de calidade estándar ou SD, algo que puido provocar turbulencias tanto na continuidade do servizo en fogares galegos como na exactitude dos sistemas de medición de audiencia respecto ao referencial sociolóxico do público galego.

Outros eixes permanentes de actividade desenvolvidos en 2024 foron os seguintes:

- Unha oferta televisiva altamente enfocada á **proximidade** dos contidos nas diferentes canles de distribución, o que segue a ser unha das fortalezas dos medios públicos galegos. Así o 95,2% dos contidos emitidos por TVG son producidos en Galicia pola combinación dun nivel de produción propia interna que ronda a metade e unha importante participación do sector audiovisual galego a través da produción propia externa. O incremento percibiuse máis na G2, que acadou un 83,0% de contido galego en toda a súa oferta. A Radio Galega, Son Galicia Radio e a canle de música infantil Radio Picariña pola súa parte están practicamente no 100% das horas de emisión producidas en Galicia, mentres que en Radio Galega Música, que combina a produción artística galega coas músicas de sona estatal e mundial, a oferta de contidos galegos mantense nun limiar de como mínimo o 30%.

- A canle principal da TVG especializou ao longo destes anos a súa oferta nos **contidos en directo**, sobre todo durante do *daytime*, como expresión clara da aposta pola proximidade e inmediatez. Isto ofrece unha importante diferenza competitiva respecto ás demais canles. Nos días da semana desde as 07.00 h ata as 21.50 h a programación é en directo, agás unha pequena interrupción a media mañá, o que suma un total de **14 horas diarias**. Na G2 destacan os directos todas as madrugadas e na fin de semana.
- O **compromiso co servizo público** para ofrecer contidos de alto interese cultural, divulgativo, de calidade, representativo da identidade galega e atendendo a principios editoriais recollidos na normativa interna da CRTVG e na lexislación sobre os medios públicos galegos, sen esquecer que o servizo público para selo debe chegar á audiencia. Dentro deste obxectivo foi particularmente importante o salto adiante da **programación infantil**, que pasou a depender menos das emisións televisivas e gañou un sensible peso específico coa posta en marcha da plataforma Xabarín.gal, que a finais de ano acumulaba máis de 3.500 contidos publicados para consumo baixo demanda e mais as cinco canles en directo 24/7, das que catro son audiovisuais e unha de audio. Tamén houbo un incremento sensible de **contidos para a mocidade**, tanto en Xabarín.gal como en AGalega.gal.
- O alcance a públicos distintos a través das canles dixitais non queda na OTT, senón que en 2024 se rexistrou un **incremento exponencial** de produción de contidos para as **redes sociais** da CRTVG e tamén de consumo nas mesmas, como consecuencia de melloras organizativas, o uso de ferramentas innovadoras como a intelixencia artificial nos procesos de subtulado ou a estandarización da identidade visual. Ao longo de 2024 triplicouse a produción nas contas de @televisiondeg Galicia, pasando a publicar unha media de 5 ou 6 pezas ao día e, no caso de @g24noticias, cun aumento bastante maior ata unha media de 26 pezas ao día. Este incremento cuantitativo viuse acompañado dunha mellora cualitativa que se reflicte na recepción da audiencia e nos datos de reproducións, por riba do 100% de incremento anual do perfil da TVG en Instagram e TikTok, mentres que en YouTube o incremento foi do 21%. No caso comentado de @g24noticias o número global de reproducións multiplicouse por 7, mentres que na Radio Galega multiplicouse por 10.
- Estes datos de redes sociais demostran a constante mellora no **carácter participativo** dos contidos da CRTVG, onde a interacción co público en múltiples formatos e soportes audiovisuais, radiofónicos e dixitais é un factor diferencial acorde coas tendencias mediáticas contemporáneas. Non só a través da conversa social, senón a capacidade que unha notoria aposta polos contidos televisivos e radiofónicos en directo deixa para a participación *in situ* nos programas como protagonistas ou como público, as chamadas telefónicas e mensaxería en directo, e tamén outros aspectos como programas nativos dixitais que permiten ao público votar e convocatorias públicas como os populares concursos 'A canción do verán' e 'A canción do Nadal'.

- Co lanzamento das plataformas AGalega.gal e Xabarin.gal modificáronse as **estratexias de programación** que Televisión de Galicia aplica na súa oferta de contidos, posibilitando ofrecerlles aos consumidores produtos ben diferenciados segundo a fórmula de comunicación pública escollida. Desta maneira as plataformas permitiron incorporar contidos diversos, alternativos e complementarios á programación lineal co obxectivo de satisfacer as demandas dos espectadores máis novos e conectar con públicos non tradicionais. Cada vez é máis frecuente a presenza de **contidos nativos dixitais** e outros contidos que antes do seu pase pola televisión son estreados na plataforma.
- O **concepto 360º** da programación facendo uso todo o posible das sinerxías entre televisión e radio e entre ambas cos medios dixitais tamén pasa polos **programas híbridos TV-radio**, nos que a CRTVG é pioneira desde que en 2021 creou o seu estudo multimedia. Unha das novidades deste capítulo foi o cambio de formato do **‘Galicia por diante’** no seu tramo informativo de 06:00 h a 09:30 h ao se converter no primeiro informativo a nivel nacional de formato híbrido para radio e televisión que empregou un sistema de realización automatizado que permitiu a súa emisión pola primeira canle de TVG con imaxes con composicións multiventá con textos, *tickers*, titulares, información meteorolóxica, etc. O **‘Galicia por diante’** situouse así como un **informativo referente** a nivel nacional.
- Paralelamente o novo escenario fixo que a CRTVG tivera necesariamente que adaptarse tamén na **estratexia de adquisición de contidos**, que foi reformulada para que os dereitos dixitais cobren unha especial relevancia e se convertan nun eixo crucial á hora de pechar acordos cos provedores. O obxectivo lóxico foi rendibilizar ao máximo o esforzo financeiro das compras de dereitos para garantir na maior medida posible os dereitos dixitais para a posta á disposición destes contidos nas plataformas AGalega.gal e Xabarin.gal, ben na modalidade de *catch up* vinculada á emisión lineal, ou nas modalidades de AVOD (contidos baixo demanda con publicidade) para AGalega.gal ou FVOD (contidos baixo demanda sen publicidade) para Xabarin.gal.
- Non se pode esquecer que todas estas estratexias deben aplicarse nun réxime de **competencia** acentuada diante das canles xeneralistas de ámbito estatal e plataformas de *streaming*, cable e consumo baixo demanda, escenario en que os medios públicos galegos necesariamente deben ter visibilidade. E tamén baixo un mandato de xestión eficiente do orzamento da CRTVG para acadar o maior alcance e calidade dos contidos baixo unha necesaria **contención de custos**.
- Hoxe en día é imprescindible traballar neste marco de competencia e contención orzamentaria aplicando alianzas e colaboración con outros medios, especialmente os de carácter público e audiovisual.
En 2024 mantívose a xa tradicional colaboración coa RTP portuguesa, que se concretou sobre todo en financiamento conxunto de proxectos de ficción e a produción dun programa de entretemento en directo desde A Guarda simultáneo para Galicia e Portugal, e polo tanto cun mercado potencial de 13 millóns de persoas.

- Paralelamente continuou a colaboración coas canles autonómicas da FORTA e máis directamente, por razón de veciñanza, coa asturiana TPA. Tamén se traballou nun proxecto de serie de ficción coa catalá 3Cat e a vasca EITB, que se espera que quede concretado en 2025. Outros ámbitos de colaboración internacional son o colectivo integrado no Celtic Media, particularmente BBC británica en Escocia, Gales e Irlanda do Norte, as irlandesas RTE e TG4 e France 3 Bretagne, así como o conxunto das televisións públicas rexionais de Europa a través de CIRCUM Regional, onde a CRTVG ostenta a Secretaría Xeral desde 2015 e que trouxo amplas fontes de coñecemento así como producións europeas de primeira calidade para as 'Noites temáticas' da G2. Continúa ademais a relación con América Latina tanto nos proxectos audiovisuais como na distribución do sinal de Galicia TV Europa nese continente, e coas oficinas en España das plataformas globais de vídeos baixo demanda (Netflix, Amazon, Max).

5.1 Programación televisiva

Os eixes de actuación da Televisión de Galicia neste 2024 foron:

- **Estar na rúa e en directo** durante practicamente todo o día. A grella da TVG neste momento vértase arredor de informativos en directo e *magazines* de actualidade social en directo, que cobren un total de trece horas diarias de luns a venres, para dar conta de todo o que acontece na comunidade. As cámaras e os reporteiros percorren todos os días Galicia para que a canle dea a última hora e recolla a opinión e os problemas dos veciños. No 2024 púxose en marcha o programa 'O termómetro', unha coprodución de TVG e unha produtora, no que se pretende aproveitar ao máximo os medios e persoal técnico da TVG e incorporar a creatividade e o coñecemento do sector audiovisual galego.
- **Explorar formatos capitaneados por galegos** con talento e credibilidade no seu traballo. É o caso de 'Curando o mundo', que ademais de levar o espectador de viaxe a lugares descoñecidos e de difícil acceso, amosa dun xeito didáctico o traballo dun profesional, o cirurxián coruñés Diego González Rivas, capaz de operar casos imposibles e salvar vidas nas súas viaxes polo mundo.
- **A televisión abandona os estudos** e instálase nas vilas, nas localidades... É o caso do 'Aquí Galicia', de 'O meu último concerto no Obradoiro da Panorama', e tamén das retransmisións dos grandes eventos do verán no espazo 'Chegou o día'. É un xeito de chegar a marca á sociedade, que a sintan preto. Por iso tamén en setembro a canle presentou a nova programación nun centro comercial, en Vigo, coa presenza de todas as caras da canle que por unhas horas se xuntaron cos espectadores no mesmo espazo.
- **Busca do público mozo** coa posta en marcha de espazos para eles, e protagonizados por eles, como 'Xeración porno. Galicia fala', 'Conectados en familia', o evento 'Querote Fest', ou a serie de concertos para televisión 'AGalega Fest'.
- Posta en marcha do espazo de '**O que a G esconde**', co fin de aproveitar as imaxes do gran arquivo da TVG, tesouro da canle, en temas de actualidade, como foron no 2024 'O caso Asunta' ou 'O asasino do pelo roxo'.

- **Adaptar as ficcións á nova realidade** e aos hábitos de consumo, coa produción de dúas series, 'Na Gloria' e 'Ghuasapp'.
- Explorar **novos formatos de ficción** onde se mestura a imaxe real coa ficción e se recrean feitos reais, que deixaron fonda pegada na sociedade galega. É o caso das 'Historias de aquí', recreando o accidente aéreo de Montrove (Oleiros, A Coruña), ou o capítulo que conta como é a formación na Escola Naval de Marín.
- Aposta no *prime time* por un programa que ten como elemento principal as últimas tecnoloxías en **realidade virtual aplicada á comunidade**, 'Nin o imaxinas'.

5.1.1 Contidos culturais e de servizo público

A promoción da cultura e a identidade galega é un dos elementos principais do labor de servizo público que desenvolve a CRTVG a través dos seus contidos. Tamén hai outros con alto compoñente de servizo público como todo o que ten que ver co patrimonio histórico artístico, a protección das minorías e da infancia ou a igualdade de xénero. Esta é unha relación de programas producidos ou emitidos en 2024 que se inscriben dentro destas características.

.PROGRAMAS ESPECIAIS CO GALLO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

- Emisión de cortinas de produción propia sobre o Día das Letras Galegas dando a coñecer a figura homenaxeada neste 2024, Luísa Villalta.
- Programa Especial 'Zigzag' sobre a escritora.
- Emisión da webserie sobre Luísa Villalta producida pola Real Academia Galega (6 capítulos), 'Luísa Villalta, a rebelión da palabra'.
- Emisión do documental 'Os Zeta tamén falan galego' e episodio do programa 'Soño contigo', que se grava en localidades de fóra de Galicia que falan galego.
- O evento musical 'Quérote Fest', organizado pola CRTVG en Mera (Oleiros), coa participación de grupos musicais emerxentes que están arrasando na mocidade.
- Estrea da película galega de animación para adultos 'Unicorn Wars', na que o exército osiño adoutrina mozos recrutas para a guerra que libran contra os unicornios e ameaza a seguridade do pobo osiño.
- Emisión da gala dos premios escolares 'DigochoEu', en que se galardaron os centros educativos galegos que produciron os mellores vídeos seguindo o formato do microespazo 'DigochoEu' arredor da lingua e o bo uso do galego.
- Emisión de programas relacionados coa temática das Letras Galegas como 'As 1001 páxinas' e 'Vilas literarias'.
- Emisión o 17 de maio na G2 do Concerto das Letras, organizado polo Consello da Cultura o 16 de maio no Teatro Colón da Coruña.

Ademais, emitíronse contidos transversais nos programas magazine en directo, 'Quen anda aí', 'Hora galega' e 'Xuntos', con toda a actualidade arredor da celebración.

.FILA 1

Oito obras recoñecidas polo público e a crítica, algúns dos mellores exemplos da dramaturxia galega coas que a canle achega o teatro aos espectadores e que foron representadas no auditorio do Grove (Pontevedra) coa presenza de público e artistas convidados. Inclúen desde a historia dun adolescente que quere ser obreiro en Amantis, ata a análise irónica dos actores Carlos Blanco e Xosé Touriñán sobre as esencias dos galegos en 'Somos criminais'.

.AGALEGA FEST

Nunca na historia de Galicia se viviu un momento musical coma o actual. A xente nova, e non tan nova, goza nos concertos dos seus artistas preferidos, e agora moitos deles son galegos e cantan en galego. A canle emitiu catro concertos con público en catro locais das catro provincias. As temáticas: música trad, musica urbana, música indie e orquestras. Entre os convidados, Grande Amore, as Fillas da Casandra, Ortiga ou The Rapants.

.NOITE INTERCÉLTICA DO FESTIVAL DE LORIENT 2024

No 2024 o grande espectáculo celebrado no estadio de Lorient con motivo do Festival Intercéltico dedicouse á mocidade para celebrar o potencial dos novos talentos, os grupos emerxentes e a organizar encontros de mozos das diferentes nacións. Por parte de Galicia participaron a Banda de Gaitas Arume de Malvas e o grupo de baile e música tradicional Rebulir. A transmisión que recolle o esplendor artístico de todos os territorios célticos para a televisión pública francesa foi estreado pola TVG na mañá do 1 de xaneiro.

.GRAN PARADA DA NOITE INTERCÉLTICA 2024

Programa que recolle a transmisión do gran desfile de agrupacións dos territorios célticos polas rúas da cidade francesa de Lorient. Esta edición deu prioridade á mocidade, con grupos emerxentes, fomentando iniciativas culturais para a rapazada, dando a coñecer entidades dedicadas á mocidade e organizando encontros de diferentes nacións para favorecer os intercambios e construír o futuro.

.DIN QUE NON FALAN

Programa de entrevistas que ten como protagonistas mulleres relevantes en Galicia. Dá a coñecer de primeira man historias de mulleres que conseguiron triunfar nas súas carreiras ao superar esa barreira invisible construída con estereotipos sociais e culturais; profesionais que romperon o teito de cristal e que serven de modelo na sociedade actual e moi especialmente ás rapazas novas.

.NO CARRO DA MÚSICA

Programa de música que visibiliza o traballo de artistas emerxentes en movemento. A presentadora viaxa cos entrevistados nun coche polas estradas galegas e vai falando e coñecendo as bandas intérpretes que cantan en galego con máis proxección do país.

.XERACIÓN PORNO. GALICIA FALA:

A serie 'Xeración porno' analiza o impacto do consumo prematuro de pornografía entre a rapazada. Foi producida pola televisión pública vasca, EITB. A TVG quixo saber o que di a mocidade galega a través da produción e emisión de pequenas pezas que se emitiron previamente aos capítulos da serie. Como é de doado para a rapazada galega acceder a contidos porno? A que idade os viron por primeira vez? Que efectos ten o consumo de porno sobre a súa sexualidade? Un grupo de adolescentes conta as súas experiencias e percepcións respecto ao consumo de pornografía nesa franxa de idade.

.CONECTADOS EN FAMILIA

'Conectad@s en familia' é un programa que ten como obxectivo abrir un debate na sociedade sobre os desafíos das novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC) na vida dos rapaces e dos adolescentes e as das súas familias. Partindo da opinión dos mozos e mozas galegas, as familias, os educadores e especialistas de distintos ámbitos abordan os perigos do mundo dixital e as súas consecuencias.

.FESTIGALIANDO

Este programa deu cobertura aos festivais musicais e grandes concertos na primavera e no verán de Galicia do 2024. O programa incluía, ademais da súa emisión por televisión, uns vídeos adaptados ás redes sociais e gravados nos concertos, e postos en circulación nas horas seguintes á celebración dos eventos.

.ZIGZAG

O espazo 'Zigzag' recolle e visibiliza a cultura de Galicia de luns a venres pola G2 e os sábados e domingos pola TVG. Música, cine, libros, tendencias, teatro, unha sección para cada día da semana e un bloque inicial onde se recolle toda a actualidade conforman o programa.

Completa estes 25 minutos diarios de información cultural unha entrevista cunha personalidade para tratar en profundidade algúns dos temas da actualidade. Un equipo de especialistas do programa percorre Galicia co obxectivo de dar cobertura ás actividades culturais que se desenvolven en calquera vila ou cidade galega.

.AS NOITES TEMÁTICAS NA G2

Nunha aposta pola calidade e unha oferta diferenciada, a segunda canle da TVG continuou programando no 2024 'As noites temáticas', que dotan de personalidade a canle coa exhibición fundamentalmente de documentais. Os espectadores identifican claramente cada día cunha temática diferente. O luns é a noite da lembranza; o martes, a noite da descuberta; o mércores, da música; o xoves, da cultura, e o venres, a noite do cine.

Ademais, houbo outras estreas destacables, como:

- A estrea nas noites da cultura do documental 'Á destra e á sinistra', que explora a relación entre dous grandes escritores aos que une a literatura por riba das discrepancias ideolóxicas: Camilo José Cela e Rafael Alberti. Pódese vincular tamén coa elección da palabra 'polarización' como Palabra do Ano.
- Estrea da serie de temática xacobeá 'As pedras falarán'.
- Estrea da longametraxe documental 'Woman', proxecto a nivel mundial que recolle os testemuños de máis de 2.000 mulleres de 50 países.
- Estrea de catro documentais sobre a cidade chinesa de Pequín: 'Natureza de Pequín' (1 e 2) e 'A cidade dos museos' (1 e 2).
- Estrea do documental 'Xosé Conde Corbal', en lembranza do pintor coincidindo cos 101 anos do seu nacemento.
- Estrea do documental 'Galicia futura. O futuro será das cabras', de Oliver Laxe, e recollendo as últimas liñas de creación deste recoñecido director.
- Estrea do programa musical 'Sesión fóra de sitio', que amosa o traballo de intérpretes emerxentes en lugares inesperados e diferentes.
- 'Candorcas, xogos perigosos', serie de dous documentais que se ambienta nas novas relacionadas cos incidentes causados por candorcas con embarcacións e que suceden principalmente ao longo do verán.
- Nas noites da cultura estreouse a serie 'Galicia en pezas', que pon en valor o nivel de calidade sobranceira e recoñecemento internacional da artesanía galega.
- Estrea de 'Elías Valiña, o inventor das frechas amarelas', sobre o legado deste pioneiro na divulgación práctica do Camiño de Santiago como experiencia de peregrinación.
- O 25 de xullo estreouse o documental 'Beato, a orixe do Xacobeo', sobre o Beato de Liébana e a súa relación co Camiño de Santiago.

- Co gallo do Día Internacional das Persoas Maiores o 1 de outubro, estreáronse os dous capítulos do documental 'Galicia e o segredo da lonxevidade', onde se comparan os casos de lonxevidade que frecuentan entre os galegos cos doutros territorios do mundo en que se dan situación semellantes.

.XABARÍN CLUB

Programa contedor de series para público novo, de produción galega e de produción allea dobrada ao galego. Con espazos para a afiliación no club e participación en concursos, así como a celebración dos aniversarios dos membros e programas tan soados como a produción galega 'Aquelandando con chispa' con participación de 25 centros educativos galegos e series recoñecidas en todo o mundo como 'Pipi Mediaslongas'.

.PROGRAMAS RELIXIOSOS

- Santa Misa en directo, cada domingo na primeira canle desde a igrexa de San Fruutuoso en Santiago de Compostela.
- 'Polo camiño da fe', programa semanal con reportaxes de temática relixiosa relacionada coa Igrexa Católica.
- 'Nacer de novo', a cita semanal dos seguidores da Igrexa Evanxélica.

5.1.2 Programas de entretemento con contido divulgativo

.'CURANDO O MUNDO':

Programa sobre o cirurxián coruñés Diego González Rivas, que percorre o mundo ensinando a súa técnica minimamente invasiva para operacións de pulmón. Diego é o creador da técnica UniportalVATSeRats, coa que operou máis de 7.000 pacientes en 129 países. Serra Leoa, Liberia, Bosnia e Hercegovina ou Romanía son algúns dos destinos.

.'NIN O IMAXINAS':

O primeiro programa de realidade virtual da TVG que emprega os últimos avances tecnolóxicos para descubri-lles aos galegos grandes proxectos e infraestruturas postos en marcha no noso país ou outros que se idearon nun momento dado e que nunca se levaron a cabo. Tamén teñen cabida a meteoroloxía e contidos de servizo público.

.'CHEGOU O DÍA':

Primeira experiencia da TVG emitindo en directo, con comentarios en off como os dos eventos deportivos, os acontecementos máis salientables do verán: o Carme, a Festa da Istoría de Ribadavia, a Romaría Vikinga e a Rapa das Bestas, entre outros.

.'ATRÁPAME SE PODES, CHANZO ARRIBA'

Evolución do concurso 'Atrápame se podes' para adaptarse ás novas esixencias da audiencia. Unha das grandes novidades é que a escaleira deixa de ser a última fase, xa que cede o seu lugar ao chamado "minuto final". O concursante que consiga subir primeiro os cinco chanzos terá que enfrontarse a 60 segundos trepidantes en que ten que acertar 5 preguntas de distinta temática se quere facerse co cobizado bote do programa.

.'TAL SEMENTE'

Concurso de preguntas e respostas en que participan tres parellas, cada unha delas composta por dous membros da mesma familia consistentes nun adulto e un mozo.

.'GRAZAS'

Este programa é o punto de encontro da solidariedade na Televisión de Galicia, xa que narra historias de heroes anónimos de Galicia. Son mulleres e homes que estaban no lugar e no momento axeitados para salvar vidas, axudar nunha traxedia ou simplemente achegar esperanza. Combinando sucesos e emotividade, o obxectivo do programa é pór en valor as leccións de vida que nos ofrecen en cada capítulo persoas exemplares, narrando as súas historias de superación persoal.

.'OS RÍOS DA VIDA'

O espazo explora trece cursos de auga, desde o nacemento ata a desembocadura, na procura das historias máis curiosas que agochan. Inclúe reconstrucións en 3D e animacións bidimensionais que axudan a comprender mellor a riqueza do patrimonio galego. O programa achega natureza, aventura, historia e moita emoción.

.'QUERO UN XARDÍN'

Expertos en xardinería e paisaxe asesoran unha persoa que quere regalar a reforma dun espazo de terra descoidado. Cada programa aborda dous casos protagonizados por aqueles que buscan sorprender un ser querido regalándolle un xardín. Coa axuda dunha persoa experta pónense en marcha todos os procesos para logralo, dende a selección de plantas no viveiro ata os traballos de xardinería da leira.

.'DESERTORES DO ASFALTO'

Espazo que percorre as catro provincias e recoñece a cultura popular, a innovación no rural, as tradicións que se mesturan co novo e o día a día na parroquia ou concello dos que decidiron que non ían marchar á cidade.

.'O QUE A G ESCONDE'

Este programa pon en valor o arquivo audiovisual da Corporación, achegando outra perspectiva sobre temas de actualidade. No 2024 o caso Asunta volveu estar na boca de todos pola serie dunha plataforma, e producíronse varios especiais ofrecendo imaxes e testemuños en exclusiva gardados no arquivo da CRTVG sobre esta temática.

.'UN GUIRI NA RIBEIRA SACRA'

Programa no que un explorador británico contemporáneo coñece os concellos e lugares da Ribeira Sacra, desde as ribeiras do Sil, en Ourense, ata as do Miño, en Lugo e vai inmortalizando estes espazos únicos coa súa cámara fotográfica e coas sinxelas composicións á guitarra que lle inspiran cada un destes momentos irrepetibles.

.'CONFIDENCIAS'

Programa de entrevistas, debate e opinións da rúa arredor da evolución dos valores morais, relixiosos e éticos na sociedade como pano de fondo.

.'A GRANDE EPOPEA DE GALICIA'

Programa que conta de maneira moi documentada historias sobranceiras que hai detrás da diáspora galega tras as pegadas dos seus protagonistas. Centos de milleiros de galegos protagonizaron, ao longo dun século, un éxodo colectivo de proporcións colosais. Embarcaron cara América coa maleta baleira, o corazón encollido e a cabeza inflamada de ilusións na procura dun futuro mellor. Non todos o lograron, mais todos contribuíron a forxar unha gran xesta que cambiou o curso da nosa historia.

.'TAL COMO FACEMOS'

Serie documental que reflicte como os galegos achegaron o seu gran de area á sociedade. Galicia foi durante moito tempo unha gran descoñecida para o resto de España. Moitos son os que simplificaron a nosa terra: sempre chove, en Santiago está o Apóstolo e... o marisco. Os galegos sentímonos moi orgullosos do noso pasado, o noso presente e aínda máis do noso futuro e esta serie documental leva aos cidadáns de Galicia a unha realidade vibrante, en branco e negro e cor na que todos os galegos achegaron o seu gran de area.

.'RETO ASTROLABIO'

O documental segue un grupo de mariñeiros galegos mentres cruzan o Atlántico no veleiro La Peregrina empregando só instrumentos de navegación do século XVII. A travesía de 3.000 millas náuticas destaca a habilidade e pericia da tripulación, liderada por Javier Babé, na que sería a última viaxe deste aventureiro e mariño.

.'GAÑA A TÚA ALDEA'

Programa concurso en que tres participantes deben responder preguntas sobre as bisbarras galegas. A dinámica do concurso consiste en atinar entre tres respostas para ir avanzando comarca a comarca sobre un mapa de Galicia ata chegar a un punto de destino. Na rolda final preséntase un peto de diñeiro acumulado que o vencedor das anteriores fases debe desafiar acertando dez preguntas en tres minutos.

.'XUNTOS EN DIRECTO'

Espazo que cobre toda a tarde das fins de semana e que bota man da nostalxia, da música, dos concursos e as reportaxes para acompañar a audiencia galega na sobremesa dos sábados e domingos.

.'AQUÍ GALICIA'

O programa visita cada semana unha localidade na que haxa algo que celebrar. Contando coa complicidade do público, 'Aquí Galicia' amosa costumes, tradicións e lugares especiais da vila escollida da man de tres reporteiros. Ademais do estudio itinerante, o espazo conta cunha cociña móbil para desenvolver un *running* culinario con pasos sinxelos e fáciles de seguir. En total, máis de dúas horas de programación en directo para a sobremesa dos domingos.

.'SEN CÓDIGO POSTAL'

Un carteiro percorre Galicia e leva unha carta a un veciño para que lle ensine os recunchos da súa vila e gañe con iso o recoñecemento de embaixador. Un xeito diferente e entretido de coñecer todos os lugares e as xentes do noso territorio.

.'OS NOSOS MAIORES'

O programa narra a vida diaria de dous protagonistas que soamente teñen en común a súa franxa de idade. Conta exemplos de superación e sabedoría de xubilados con moito que contar, pois son maiores imparables con vidas activas e inspiradoras.

.'GALICIA BONITA'

Novos capítulos deste programa de reformas que percorre a xeografía galega na procura dos feísmos máis comúns, para poñerlles remedio xunto cos veciños e o seu "equipo de arranxos". O presentador viaxa e conta a historia do personaxe e do problema dando unha volta polo lugar, e despois pon en contacto o protagonista co "equipo de arranxos", volvendo ao lugar dos feitos para valorar as posibles solucións e ver as necesidades.

.'COS PÉS NA TERRA'

'Cos pés na terra' fala de homes e mulleres que optan por vivir da terra e da vida que nela agroma. Todos eles decidíronse por un xeito de vivir, a un ritmo e cun estilo distintos dos da cidade. Son bos profesionais, persoas que non tomaron a súa decisión á lixeira ou por puro romanticismo: son agricultores, gandeiros, artesáns, madeiros e hostaleiros con bos argumentos para crer que hai futuro no campo.

.AS MAÑÁS DA TVG, COA CHEGADA DE 'O TERMÓMETRO'

O magazine das mañás para tomarlle a temperatura ao día naceu en setembro do 2024 e en pouco tempo fíxose un oco no difícil mundo das audiencias na franxa da mañá.

.'ESTACHE BO!'

Novos capítulos deste espazo gastronómico que se emite cada mañá de luns a venres, co cocinheiro Iván Mariñas á fronte.

. AS TARDES DE LUNS A VENRES

- **'A VOLTAS CO PRATO'**

'A voltas co prato' presenta o reto de realizar un programa de cociña en directo, con toda a problemática que isto supón, como é a limitación de tempo e estar aberto a todo tipo de posibles incidencias. O programa, que naceu con vocación estacional, acabou asentándose e converteuse nunha das gratas sorpresas da TVG pola súa frescura e o seu enfoque, "as receitas de toda a vida", así como a participación de persoas da rúa como chefs ocasionais e que lograron o apoio da audiencia.

- **'QUEN ANDA AÍ?'**

Programa *magazine* que ocupa tres horas da sobremesa de luns a venres e que ten un gran valor de servizo público, divulgación e promoción das actividades, tradicións e valores culturais da nosa comunidade. Todo isto combinado co entretemento expresado en galego e con óptica galega, e co valioso servizo de facer compañía a boa parte da audiencia das tardes.

- **'HORA GALEGA'**

Espazo que conta en directo con cámaras en todos os recunchos galegos o que lles pasa aos espectadores, o que pensan, o que senten, o que lles preocupa e do que falan. A actualidade de entretemento e a frescura acompañan o espectador servíndolle un menú de proximidade onde descubrir que o noso país é único. As súas xentes, os barrios, os veciños, a cultura popular, a gastronomía, as tradicións, festas e produtos do país xúntanse en 'Hora galega' para chegar ao serán con bo humor. Ducias de persoas pasarán cada día polo programa, que se converte nun desfile diario do cotián, nun altofalante do que se fala nas rúas e nas casas.

5.1.3 Programas de *prime time* orientados a entreter

.'THE HIT LIST'

Concurso en que tres parellas deben adiviñar os títulos e intérpretes de temas musicais do cancionero universal. Dous presentadores marcan o ritmo do programa con fragmentos de música popular galega, española e do mundo desde os anos setenta ata a actualidade, que hai que ir atinando ao longo de catro fases.

.'SALVAXE'

'Reality' de aventuras en que 18 concursantes deben mellorar as súas condicións de vida rodeados só de natureza. Os concursantes, divididos en dúas mandas, deben superar desafíos diarios para mellorar as súas condicións de vida, conseguir alimento e un teito en que convivir.

.'XERACIÓNS'

Dúas parellas, cada unha dunha xeración distinta, compiten nunha serie de probas que avalían os seus coñecementos e habilidades sobre diferentes épocas.

.'NOITE XIGANTE'

'Concurshow' que combina espectáculo e concurso e conta con famosos convidados, galegos e de fóra, que participan activamente no *show*. Son cinco valentes que se enfrontan a probas espectaculares e loitan por converterse no finalista e gañar o Grande Escaparate, que agocha un conxunto de premios.

.'PESCA TOTAL'

Un grupo de concursantes sen experiencia previa no mar enrólanse no barco Playa de Sanxenxo ás ordes do seu capitán. Os participantes enfróntanse a desafíos e tarefas propias dun barco pesqueiro. Ao longo de varias xornadas de pesca real deberán demostrar que poden ser considerados auténticos mariñeiros e mariñeiras, e competirán por ver quen é o gañador do gran premio final.

.'LIXO OU TESOURO'

Concurso que ofrece entretemento e curiosidades sobre obxectos cotiáns e peculiares, algúns sorprendentemente caros e outros asombrosamente baratos. En cada episodio, unha parella de concursantes debe elixir o máis valioso de todos eles por tres roldas. Un só erro pode custarlles unha fortuna. Un experto anticuario encárgase de seleccionar os obxectos e explicar a súa orixe e valía, contribuíndo ao seu coñecemento.

.'XENTE MARABILLOSA'

Formato innovador en que unha cámara oculta está ao servizo da denuncia social para contribuír, desde o entretemento, ao labor de servizo público encomendado á Televisión de Galicia. O autismo, o cancro, as enfermidades mentais, a lingua galega, a rivalidade entre os seareiros deportivistas e celtistas ou a loita contra o lume son algunhas das temáticas abordadas polo espazo, que vén de triunfar noutras televisións autonómicas.

.'VAIA TROULA. ALFOMBRA VERMELLA'

O programa máis festeiro da TVG traslada o seu particular 'photocall' e a alfombra vermella aos eventos máis salientables e multitudinarios do país. As reporteiros do programa son as encargadas de recibir todas as estrelas e, ademais, estarán presentes nos momentos máis importantes das celebracións.

.'A LIGA DOS CANTANTES EXTRAORDINARIOS'

Terceira edición dun concurso que busca o mellor cantante de Galicia. Oito aspirantes loitan para conseguir a maior puntuación do xurado e así acadar os ansiados puntos que os levarán directamente á final. Un xurado profesional ten un papel crucial á hora de elixir o campión. Os concursantes non estiveron sós, xa que contaron co apoio das catro grandes orquestras galegas: Panorama, París de Noia, Olympus e Los Satélites.

.'FESTA NA BAIUCA'

Gastronomía, música e combinados exóticos nunha contorna de luxo. Estes son os atractivos dos mellores bares de praia de Galicia que percorre o programa para amosar o verán galego a través dos seus establecementos a pé de areal.

.'AMOR NUN CLIC'

Cada programa conta tres historias de persoas que contactaron en diferentes redes e plataformas de Internet e triunfaron no amor. Con protagonistas de distintas idades, xéneros e lugares de Galicia, o denominador común é o final feliz como parella. Con todo, o programa tratou tamén as precaucións á hora de establecer relacións en Internet.

.'IMOS AO CHOIO'

Dous reformadores que teñen como obxectivo transformar as casas de toda Galicia enfrontándose a un reto diferente cada día: casas antigas, desfasadas, en malas condicións, que tras pasar polas súas mans, e coa axuda dunha decoradora, pegarán un cambio radical. E entre recoller, limpar, cortar, arranxar e pintar teñen tamén que rifar, rir e vivir moitas situacións inesperadas. O programa fai en certo modo contrapunto con 'Galicia bonita' no labor de concienciar e combater o *feísmo* na comunidade, se ben 'Imos ao choio' está especializado nos interiores dos inmobles e non nos exteriores.

.'COMISIÓN DE FESTAS'

En Galicia non hai vila sen festa nin celebración sen comisión. Grazas ao esforzo destes grupos de persoas que traballan de forma voluntaria e desinteresada, os veráns están cheos de verbenas, foguetes e xuntanzas. Ata aí a parte coñecida, pero hai moito que o ollo non ve. E iso é precisamente o que o programa amosa ao público: o que de verdade implica organizar unha festa.

.'BAMBOLEO'

Programa do *prime time* dos sábados, de algo máis de dúas horas de emisión, con actuacións con artistas e enxeñosas seccións: 'Agora ou nunca' unha oportunidade para artistas descoñecidos; 'Dirty dancing' propón un baile interxeracional, con exhibición de bailes de salón; 'Ghaliñeiro' son vídeos divertidos extraídos da rede; 'A ITV do amor' é un test para parellas de namorados; 'Falabarato' de bromas con cámaras ocultas; e 'Faino ti' é unha divertida proposta de intercambio de tarefas para parellas consolidadas.

.'MALICIA NOTICIAS FIN DE SEMANA'

Espazo en clave de humor no prime time da TVG que analiza as noticias, a actualidade nas redes, os eventos e o panorama televisivo dende unha perspectiva humorística, dándolle unha volta ao acontecido no día, ao que se fala na rúa, o que lles interesa aos galegos, o deporte, as festas, a gastronomía, o rural... centrándose no eido máis social e divertido.

.'CASAMOS'

'Casamos, a historia de amor de...' é un programa de 60 minutos destinado ao horario de máxima audiencia de TVG e que no 2024 seguiu descubrindo historias que acabarán en voda.

.'LAND ROBER TUNAI SHOW'

O espazo continúa sendo unha das propostas dos xoves á noite preferidas dos galegos, cun público eminentemente mozo e moi fiel. Concibido como un país en que impera o humor, o programa incide nesa forma tan persoal que ten o presentador de entender o sentido do humor e de facer unha revisión semanal dos principais temas da actualidade, da grella da TVG e de Internet.

.'LUAR'

Con máis de 30 anos en emisión, 'Luar' segue facéndose un oco na difícil noite dos venres, ao tempo que promove a música e a cultura popular galega nas súas diversas manifestacións. Este é o único programa do seu xénero en todo o panorama televisivo estatal de arredor de 3 horas en directo. O programa representa tamén unha plataforma de promoción para o talento musical e humorístico, como nos concursos de baile tradicional, gaita, ragueifas, contacontos e o máis coñecido 'Recantos', de canto.

5.1.4 Producción propia de entretemento

.'SALA G'

'A sala na que me namorei' é un formato de produción propia interna da CRTVG que pon en valor o talento musical de Galicia e dá a coñecer unha das actividades de ocio máis demandadas na comunidade. No 2024 producíronse seis programas para o verán, con temáticas diferentes, e dous especiais para o Nadal, 'A gran velada', dedicado á audiencia polos 40 anos da Televisión de Galicia, e que conseguiu que seis espectadores sentasen cear cos seus presentadores favoritos, e 'Prato nacional' que, baseándose nunha enquisa dunha empresa demoscópica, descobre entre música e catas cal é o prato preferido dos galegos, que resultou ser o polbo á feira.

.'PANORAMA, O MEU ULTIMO CONCERTO NO OBRADOIRO'

Dirixido a un público novo que encheu a praza do Obradoiro, a TVG fixo unha importante despregadura de medios para ofrecer un concerto da orquestra máis importante de Galicia e case de España, nunha das prazas máis bonitas do mundo.

.'SOÑO CONTIGO'

Serie de programas que reflicten a paisaxe ou aspectos estéticos de Galicia gravados dende a óptica dun dron que fala cunha voz creada por intelixencia artificial. No 2024 producíronse e emitíronse sete programas sobre romarías e festivais de música, o Entroido, a celebración da Semana Santa ou un Especial Letras Galegas, entre outros.

5.1.5 Contidos de ficción, Series G

.'NA GLORIA'

Serie de humor de capítulos curtos, para adaptarse aos novos hábitos de consumo de ficción, no que se fai contraste entre a idiosincrasia rural galega e as tendencias máis cosmopolitas. Concretamente a trama sucede nunha suposta parroquia, A Gloria, na que se vivía ben ata que chegan unha galega retornada e un cociñeiro andaluz e abren un hotel "refinado".

.'GHUASAPP'

Serie de humor que recolle a retranca costumista, fonte de éxito en moitas *sitcom* galegas, mesturada con elementos representativos dos hábitos de vida contemporáneos. Carne, unha muller brava, e Lolo, un lobo de mar xubilado, teñen tres fillos maiores e independentes: Sindo, empresario, divorciado e cunha filla adolescente; Beni, taxista e músico vocacional, e Rosa, *influencer* que casou en Londres. Todos espallados pero en contacto a través do 'Ghuasapp'.

.'HISTORIAS DE AQUÍ':

Esta serie fusiona o documental e a ficción para dar unha perspectiva única sobre acontecementos, personaxes icónicos e fitos culturais que deixaron unha pegada imborrable na memoria colectiva galega, entre eles a traxedia do petroleiro Mar Exeo, o atentado na discoteca Clangor, ou o accidente aéreo de Montrove, na Coruña.

.'SAUDADE DE TI. DERRADEIRA TEMPORADA'

Derradeira temporada desta serie de éxito que transcorre nunha vila mariñeira e que pon en valor as nosas profesións, o galego e as rutinas propias do noso país. Con 'Saudade de ti' TVG recuperou esta modalidade de entrega diaria inspirada nas últimas tendencias do mercado. Romance, intrigas familiares e moitos segredos que saen á luz tras un accidente ocorrido na vila mariñeira de Abrente nas festas do Carme. Abrente garda moitos segredos e ninguén pode escapar deles...

.'OPERACIÓN MAREA NEGRA'

Terceira temporada da serie que deu a volta ao mundo, gravada en Galicia e cunha primeira entrega inspirada en feitos reais. Convertido en intermediario entre América e Europa, a perda dun cargamento de fentanilo coloca o protagonista na peor das situacións e obrigarao a emprender unha carreira contra o reloxo para eludir a policía, que lle segue a pista.

5.1.6 Grandes eventos

.'AQUÍ PORTUGAL', NA GUARDA

TVG e a Rádio e Televisão de Portugal (RTP) uníronse o domingo 7 de xullo con motivo da realización dun programa moi especial, unha nova edición de 'Aquí Portugal', que desta volta chega ao concello pontevedrés da Guarda, onde se celebra a Festa da Lagosta. O formato comparte presentadores, lingua, música e contidos, procedentes da Guarda e tamén do Norte de Portugal.

Outros grandes eventos emitidos en directo por TVG no 2024 foron:

- Fogos do Apóstolo
- Ofrenda ao Apóstolo, do 25 de xullo
- Gala 25 de xullo
- Gala Fin de Ano
- Badaladas Fin de Ano
- Premios Castelao
- Medallas de Galicia

5.2 Emisións televisivas

O 2024 estivo marcado pola fin oficial das emisións en SD, algo que puido afectar fogares galegos que non adaptaron os seus receptores a este feito.

Outro fito importante foi o nacemento das novas plataformas OTT da CRTVG. A xestión da programación adaptouse para acadar unha correcta coordinación entre as diferentes canles da Corporación de Radio e Televisión de Galicia tendo en conta a potencial audiencia de cada unha das ofertas de contido da CRTVG.

Durante 2024 preparouse o control de continuidade, parte estratéxica e vital da emisión, para a inminente renovación tecnolóxica que culminará en 2025. Estas actualizacións tecnolóxicas sumaranse ás melloras realizadas nos últimos meses para que a emisión das catro canles da CRTVG estea no nivel óptimo en canto a calidade de emisión e deseño dos elementos de pantalla.


5.2.1 Televisión de Galicia

TVG é a principal canle xeneralista da CRTVG, cunha oferta variada de programación que permite chegar a diferentes perfís de audiencia, sempre tendo como prioridade o servizo público.


A grella desta canle ofrece principalmente programación en directo, como foi descrito nos epígrafes anteriores, nas mañás entre 07:00 e 11:00 horas e de novo de 11:30 a 21:40 horas. Ademais os espazos en *prime time* de xoves e venres tamén son en directo. E neste 2025 implementouse unha hora de informativos de 07:00 a 08:00 da mañá.

TVG está preparada e aberta a calquera evento de interese que suceda no territorio galego e no mundo, de xeito que pode adaptar a súa programación por cuestións informativas ou eventos de relevancia social.


Neste senso, pódense sinalar as retransmisións da Semana Santa desde Ferrol ou Viveiro ou a retransmisións no verán do Desembarco Vikingo de Catoira e os Fogos do Apóstolo desde Santiago. Esta capacidade de retransmisión en directo viuse ampliada coa interacción co estudio multimedia da Radio Galega, que permite emitir en directo a calquera hora ao longo do día e a noite, practicamente en tempo real.



A produción propia interna e propia externa ocuparon a maior parte das emisións con arredor de 7.500 horas (3.512 de propia interna e 3.951 de propia externa), fronte a só 375 horas de produción allea, o que supón que os contidos producidos en Galicia representan o 95,2% do total.



Por tipo de programa, destacan os programas informativos, seguidos dos espazos de entretemento e os *magazines*.




5.2.2 A canle G2

A segunda canle incrementou nestes últimos anos a súa oferta de contidos de produción propia interna e segue sendo a canle que reúne a programación infantil, xuvenil e deportiva, ademais da redifusión dos informativos, con intérprete de lingua de signos.


A primeira hora, a programación infantil inclúe a redifusión de series de éxito da TVG. Pola tarde é o tempo de concursos e tamén do debate semanal 'Conexión Galicia' que se realiza desde Madrid. E durante a fin de semana prima a proposta para o público infantil, os deportes, como se detallou no capítulo 4 desta memoria e o cine en galego.

A G2 tamén inclúe cada mañá o faladoiro do espazo da RG 'Galicia por diante' e pola noite, ás 21:00 horas, de luns a xoves, o faladoiro de 'A crónica', en simultáneo coa Radio Galega.


Esta canle acolle tamén de luns a venres a emisión do informativo cultural 'Zigzag', unha ollada diaria ao panorama cultural galego, que conta tamén cunha versión en fin de semana, na TVG. Todo isto complétase coa oferta das noites temáticas, xa descrita nos epígrafes anteriores, e que atende a cultura, a historia e a música e cine galegos.



Na G2 o maior número de horas de emisión corresponderon a produción propia interna, con 4.160 horas. A produción propia externa ocupou 2.916 horas e a allea, 1.445 horas.



Por tipo de programa, nesta canle destaca a oferta de entretemento, seguida de series e programas de deportes.



5.2.3 Canles internacionais

A Corporación Radio e Televisión de Galicia segue apostando polo mantemento do sinal de satélite para as súas canles internacionais. No medio de cambios tecnolóxicos outras televisións decidiron apostar unicamente por internet e apagar o custoso sinal de satélite. A CRTVG considera que é parte do servizo público para a numerosa colectividade de galegos que viven no exterior e que manteñen o seu vínculo con Galicia a través das canles TVG Europa e TVG América.

Actualmente en Europa a canle **Galicia TV Europa** distribúese a través do satélite Astra, que, ademais do posible acceso aberto, serve de alimentador a diferentes distribuidoras en varios países:

- En Portugal: Meo e Nos Comunicações (da fusión de Zoom T e Cabovisão)
- En Suíza: Thema TV, Sunrise TV
- En Francia: Thema TV e NC Numericable (SFR)

A oferta para Europa é basicamente a mesma que para a canle TVG, agás os produtos que non teñen dereitos de emisión fóra do territorio galego. É o sinal que emiten as plataformas españolas, fóra de Galicia.

En América, a canle **Galicia TVG América** distribúese a través do satélite Hispasat en aberto. O satélite tamén presta servizo a diferentes plataformas:

- Na Arxentina e O Uruguai: Cablevisión, Equital, Teledifusora San Miguel Arcángel, Ver TV, Red Intercable, Telemás, Motecablevideo, Tractoral, Riselco, Cable Plus, Teledifusora e Paralelo 52 TV.
- En México: a través das plataformas do grupo IZZI (Televisa): Telecable, TVI, Cablecom, Cablevisión, CableMás.
- En Panamá: a través de Cable Onda, Cable Onda Wireless.

A canle TVG América emite os directos ao mesmo tempo que en Galicia e adapta redifusións ao horario transatlántico. Igualmente o *prime time* emítese tendo en conta os usos horarios do continente americano. Ademais o sinal de TVG pode recibirse en liña en todo o mundo a través do dominio www.agalega.gal en Internet.

5.2.4 Plataformas de TV de pago en España

As principais plataformas de televisión de pago en España distribúen o sinal de TVG na súa oferta. Durante 2024 sumáronse dúas novas. Así as canles da CRTVG están presentes en Movistar, Vodafone-Ono, MasOrange, DIGI, MasMóvil e R. Estas plataformas ofertan a canle principal TVG e tamén a G2 dentro do territorio galego. Fóra de Galicia pode verse TVG Europa. A información actualizada para sintonizar as canles de CRTVG é a seguinte:

Movistar:

- TVG no dial 9.
- G2 no dial 10
Estas canles só poden sintonizarse en territorio galego.
- TVG Europa no dial 152. Sintonízase en Galicia e fóra de Galicia.

Vodafone-Ono:

- TVG no 7.
- G2 no 8.
Estas canles só poden sintonizarse en territorio galego.
- TVG Europa no 901. Pode sintonizarse dentro e fóra de Galicia.

MasMóvil:

R Cable:

- TVG no dial 110
- G2 no dial 118

MasMóvil:

- Galicia TV Europa no dial 987

Telecable:

- Galicia TV Europa no dial 151

Racctel+ (Cataluña):

- Galicia TV Europa no dial 122

Virgin Telco (España):

- Galicia TV Europa no dial 122

MasOrange:

En territorio galego emite:

- TVG no 7.
- G2 no 170 (próximo cambio a 8)
Estas canles só poden sintonizarse en territorio galego.
- TVG Europa no 83. Pode sintonizarse dentro e fóra de Galicia.

DIGI:

- TVG Europa no 11

5.3 Producción allea

Un dos obxectivos xerais da Área de Contidos é acompañar as novas dinámicas do mercado audiovisual negociando os dereitos dixitais para fortalecer a presenza de contidos neste contorno e explorando as novas oportunidades de produción e distribución de contidos.

No ano 2024, co lanzamento das plataformas AGalega.gal e Xabarán.gal ampliáronse as formas en que Televisión de Galicia achega a súa oferta de contidos aos consumidores, posibilitando ofrecerlles produtos ben diferenciados segundo a fórmula de comunicación pública escollida.

Desta maneira as plataformas permitiron incorporar contidos diversos, alternativos e complementarios á programación lineal co obxectivo de satisfacer as demandas dos espectadores máis novos e conectar con públicos non tradicionais.

5.3.1 Producción allea para televisión

O volume das horas de emisión de produción allea para televisión mantense estable en relación cos datos de anteriores exercicios. Desta maneira asegúrase a presenza de contidos producidos fóra de Galicia co obxectivo de ofrecer unha variada selección de títulos pensada para satisfacer as demandas da audiencia dentro das posibilidades e oportunidades que ofrece o mercado internacional.

Na TVG as horas de emisión que corresponden a produtos de produción allea representan arredor dun 5% da programación da canle principal e achegan contido internacional e de prestixio para alimentar os espazos dedicados ao cinema na grella semanal e de fin de semana. Estes contidos procedentes de territorios foráneos ofrécense ao espectador en versión galega grazas ao labor dos estudos de dobraxe, que fan accesibles estes contidos audiovisuais ao público galegofalante. Desta forma, incorpóranse ao catálogo de Televisión de Galicia películas, series, episodios de animación ou documentais con valor engadido, ben de recente produción ou clásicos do audiovisual.

Na canle principal, os contidos de produción allea son principalmente longametraxes cinematográficas que alimentan os *slots* de cine na franxa da noite, así como o emblemático espazo 'Butaca especial', dedicado ás versións orixinais subtituladas.

En canto á tipoloxía das longametraxes, distinguimos dous bloques claros: os *first run* ou estreos de filmes en televisión aberta e os *re-runs* ou títulos de librería que corresponden a compras conxuntas que se xestionan xunto a outras televisións autonómicas mediante FORTA, a súa federación. Normalmente trátase de acordos coas *majors*, como Warner, Universal, Paramount, Metro ou Disney, ou con distribuidores independentes como Betafilm, Alfa Pictures, Studio Canal, DeA Planeta, Flins, Watson & Holmes, New Regency, Tripictures, A Contracorriente, Motion, Flins, Adso, Adrenalyn, etcétera.

A porcentaxe de achega de contidos de produción allea na canle secundaria G2 é máis relevante grazas á continuidade na franxa da tarde da serie clásica do Oeste 'Bonanza' e á presenza dos contidos infantís e xuvenís, maioritariamente series de animación, nas franxas destinadas ao público máis novo. Ademais, cómpre citar as redifusións gratuítas nos trinta días seguintes das longametraxes cinematográficas nos *slots* destinados ao cine nas noites da G2, e hai que mencionar ademais a coidada selección de documentais que cobren o espazo 'Noite da descuberta' dentro do concepto de noites temáticas na G2.

A distribución do contido de produción allea na G2 é a seguinte: 909 episodios de animación, 255 longametraxes, 33 documentais e 237 horas de series.

5.3.2 Reformulación da política de compras no novo escenario dixital

Co lanzamento das plataformas Agalega.gal e Xabarán.gal en xaneiro, a política de compras experimentou unha reformulación das negociacións co obxectivo de garantir os dereitos dixitais para a posta á disposición destes contidos en ambas plataformas, ben na modalidade de *catch up* vinculada á emisión lineal, ou nas modalidades de AVOD (contidos baixo demanda con publicidade) para Agalega.gal ou FVOD (contidos baixo demanda sen publicidade) para Xabarin.gal.

Así, acometéronse compras específicas para as novas plataformas, dando cabida a contidos alternativos ás grellas tradicionais, co obxectivo de atraer novos públicos ofrecendo produtos innovadores, orixinais e bastante inesperados desde o punto de vista da audiencia da televisión en aberto, como pode ser o caso da serie paquistaní 'Churails', que provocou gran sorpresa mediática no seu lanzamento.

Deste xeito pecháronse varios acordos para incrementar a diversidade da oferta dixital:

- Paquete da distribuidora A Contracorriente para a compra de 20 películas independentes europeas cun corte *feelgood* para Agalega.gal.
- Paquete Watson & Holmes para a compra de 7 longametraxes e unha selección de curtametraxes de animación con percorrido por festivais de prestixio internacional para o Xabarín.gal.
- Paquete Adrenalyn para a adquisición de 5 títulos de miniserias de ficción para Agalega.gal.
- Paquete Avalon para a compra de 2 títulos de series de ficción de corte xuvenil para Agalega.gal.

Neste novo escenario onde conviven os medios tradicionais coa nova oferta OTT e as plataformas de vídeo á carta, os dereitos dixitais cobran unha especial relevancia e convértense nun eixo crucial á hora de pechar acordos. Introdúcense, por tanto, novas variables nas operacións de compra, entre as que poderíamos sinalar como máis importantes os seguintes conceptos:

_Televisión lineal aberta e gratuíta e as modalidades de:

- *Simulcasting*
- *Catch up* (permite ter dereitos dixitais durante un tempo limitado e vinculados á emisión lineal)

_Definición do n.º de episodios máximo que pode estar en *catch up* simultaneamente.

_Servizos de videogravación remota.

_Vídeo *on demand* (especificando as modalidades de VoD: TVoD, EST, SVoD, Pack VoD, AVoD/FVoD, TV VoD).

_Xeobloqueo (permite limitar territorialmente a visibilidade dos contidos e posibilita axustar os prezos.).

_Ámbito territorial que para os dereitos lineais habitualmente é Galicia e no caso dos dereitos dixitais é España.

_Concepto de exclusividade (permite limitar a exclusividade ao idioma ou renunciar a ela en pro dun acordo máis equilibrado)

_Reenfoque nas políticas de prezo:

- Nos casos híbridos nos que xa hai unha licenza de TV lineal, o *catch up* é gratuíta e garante uns mínimos dereitos no contorno dixital.
- Nos casos que se xestiona unicamente a posta á disposición, a política de prezos aínda non está totalmente definida, pero a referencia é que o prezo sexa substancialmente inferior ao da licenza lineal.

Aínda queda moito camiño por percorrer, xa que os modelos de negocio son cada vez máis complexos e dinámicos e son moitas as variables que entran en xogo. Neste marco de converxencia dixital e evolución permanente, a Área de Contidos da CRTVG procura detectar oportunidades e propiciar alianzas que permitan ampliar o espectro de dereitos para garantir que na medida do posible todos os contidos poidan ofrecerse tamén nas plataformas dixitais. Desta forma, ponse o foco nas distintas negociacións en fórmulas híbridas que permitan alimentar a grella lineal e atender ao mesmo tempo as demandas da plataforma dixital, mantendo o espírito da TVG como canle pública. E, ademais, aprovéitase a oportunidade que supón a posta a disposición para tratar de satisfacer gustos e necesidades diversas que poidan achegar as tendencias do mercado máis innovadoras e sorprendentes como posible reclamo para públicos alternativos.

Neste sentido, ao longo do 2024 as compras realizáronse desde unha dobre perspectiva. Por un lado, para dar continuidade aos espazos de produción allea da grella lineal como sesións de cine, documentais e animación; e por outro lado, para construír unha oferta atractiva e diferenciada para as dúas novas plataformas, a xeneralista e a infantil.

No caso das series de animación dirixidas ao público infantil e xuvenil, acometéronse compras de dereitos híbridos para alimentar a grella lineal e a oferta dixital. A selección de títulos combinou a relicenza de títulos xa dobrados xunto coa incorporación dalgúns títulos de anime e de contido *preschool* que puidesen achegar novidade e atractivo á nova plataforma Xabarín.gal.

E, no caso das series, fíxose tamén un esforzo por incorporar unha selección de títulos de gran calidade e prestixio no mercado internacional. Aproveitando esta oportunidade para sorprender e atraer o público máis novo coa descuberta de series de calidade na súa propia lingua, e a golpe dun so clic.

Por outra parte, as sinerxías coas televisións internacionais europeas seguen alimentando os *slots* das 'noites temáticas' da G2 con contidos candidatos ou premiados nos galardóns anuais tanto de CIRCUM como de Celtic Media.

5.3.1 Cine

Durante o ano 2024, a CRTVG emitiu un total de 388 sesións cinematográficas. Destas, 227 pases difundíronse na TVG e 161 pases foron emitidos na G2. En total, emitíronse 174 filmes diferentes.

Cine na TVG

A programación de cine da primeira canle (227 pases) elaborouse cos contratos de 25 distribuidoras, produto dunha escolla moi variada.

Estas distribuidoras foron Twelve Oaks, Video Mercury, Sony Pictures, A Contracorriente, Lionsgate, Aurum/E-One, NBC/Universal, Flins, Paramount, DeAPlaneta, Motión Pictures, MGM, Warner, Watson & Holmes, Adso, Key2Media, Diamond, Castelao

Pictures, Selectavisión, StudioCanal, Big Rights, New Regency, Walt Disney, Abano Producións e Live is Life Movie AIE.

A programación completouse cos fondos de cinema da TVG, que corresponden fundamentalmente aos proxectos apoiados por Televisión de Galicia no marco da lei de apoio ao cine, a coñecida como Lei do 6%, neste caso relativos a películas producidas por Frida, Filmanova, Vaca Films, Filmika Galaika, Artemática ou Perro Verde, entre outras.

Como xa é habitual, o contrato con Video Mercury de 2023 permitiu dar continuidade á programación da sesión en VOSG (versión orixinal subtitulada) da noite dos sábados, 'Butaca especial' (52 pases), que neste ano 2024 fixo 34 anos de emisión ininterrompida, manténdose como a sesión máis veterana das televisións europeas.

Este ano estreáronse neste espazo filmes clásicos e de culto como 'Bellissima', 'Il conformista', 'Il generale Della Rovere', 'Mr. And Mrs. Bridge' ou 'Le carrosse d'or', que os espectadores puideron ver por primeira vez en versión orixinal subtitulada ao galego.

Estreáronse tamén dous filmes galegos, 'Live is life' e 'Unicorn Wars'. O número total de emisións de películas galegas foi de 14, coa reemisión de títulos como 'O que arde', 'A sombra da lei', 'Engurras', 'Cuñados', 'Os fenómenos', 'Os mortos van ás présas', 'Arima', 'Quen a ferro mata' ou 'María e os demais'.

Para conmemorar o 25 de xullo escolleuse a estrea de 'Live is life' e o aniversario da Revolución dos Caraveis en Portugal quedou marcado coa estrea de 'Revolución sen sangue' na madrugada do 24 ao 25 de abril. E no mes de decembro ampliáronse os *slots* dedicados ao cinema e iniciouse unha nova sesión os venres, despois de 'Luar'.

O *share* medio do cinema da primeira canle da TVG en 2024, coa maior parte das sesións na franxa do *late night*, a partir das 00:00 horas, foi dun 3,3%. E o *share* medio do cinema emitido na sesión de VOSG, nas madrugadas do sábado ao domingo, foi de 1,35%.

Houbo un total de 45 estreas, das que 2 foron filmes galegos. E entre as estreas internacionais destacan as de 'Blade Runner 2049', 'Mulleriñas', 'Air force one', 'Misery', 'Captain fantastic', 'The full monty', 'The monuments men', 'Flawless', 'Ao outro lado da lei', 'Dáme os teus ollos', 'Anna', 'Race', 'Gringo', 'Hércules', 'Eiffel' e 'Persecución mortal'.

Cine na G2

Coma todos os anos, a programación cinematográfica da G2 fíxose coa redifusión dos filmes emitidos na primeira canle, nunha grella completada con producións galegas de estrea e reestrea. Así, na G2 difundíronse 161 sesións cinematográficas, todas na franxa do segundo *prime time* ou na franxa do *late*, a excepción da programación especial de Nadal, con sesións de tarde orientadas ao público familiar, como o filme 'Heidi' e a saga 'The karate kid'. Nove destas emisións corresponderon a producións galegas. O *share* medio da programación cinematográfica da G2 estivo en 1%, o que supón un lixeiro incremento con respecto ao 0,9% do 2023.

Dentro das 'noites temáticas', da G2 no *prime time* de luns a venres, estreáronse 16 longametraxes e curtas documentais de produción galega: 'Á destra e á sinistra', 'Os espazos en branco', 'O método', 'Morabeza', 'Luísa Villalta: a rebelión da palabra', 'Xosé Conde Corbal', 'Julia', 'Galicia futura, o futuro será das cabras', 'Candorcas, xogos perigosos', 'Elías Valiña. O inventor das frechas amarelas', 'Beato, a orixe do Xacobeo', 'Galicia e o segredo da lonxevidade', 'Agromantes', 'O sono que cura. Historia da anestesia en Galicia', 'Galicia, un marco xurídico propio' e 'Buscando a Santa Compañía'. Tamén se emitiron neste espazo *tv movies* de produción galega como 'Contou Rosalía', 'Os fillos do sol', 'Margarita Xirgú, a actriz' e 'Arenal, a visitadora de cárceres'.

Cine na plataforma AGalega.gal

A programación cinematográfica da CRTVG ampliou en xaneiro de 2024 a súa oferta coa posta en marcha da plataforma dixital que ofertou ao longo do ano catro carruseis dedicados ao cinema: 'Sofá, manta e flocos de millo', 'Adrenalina e suspense', 'Novo cinema galego' e 'Cine feito en Galicia'.

Para alimentar os carruseis 'Sofá, manta e flocos de millo' e 'Adrenalina e suspense' mercouse un paquete de 20 títulos á distribuidora A Contracorriente en 2023: 'C'est la vie!', 'Un italiano en Noruega', 'O vello que saíu pola ventá e escapou', 'Benvidos ao sur', 'Misterio', 'A familia que ti elixes', 'Voando xuntos', 'A sociedade literaria e o pastel de pela de pataca', 'A gran sedución', 'Le week-end', 'Salyut-7', 'O val escuro', 'O obxectivo', 'Kon-Tiki', 'Asher', 'Sweet Virginia', 'O home perfecto', 'Conexión Marsella', 'Diplomacia' e 'Zulú'.

Os carruseis dedicados a cinema galego ofertaron 40 longametraxes de diversos xéneros, con filmes de estrea como 'Sica', 'Matria', 'O corpo aberto', 'Os demos de barro', 'O home e o can' e 'Unicorn wars', aos que se suman outros títulos destacados da filmografía galega dos últimos anos como poden ser 'O que arde', 'Quen a ferro mata', 'Cuñados', 'Pradolongo', 'Trote', 'Engurras', 'Vilamor', 'Os fenómenos', 'Código emperador', 'Mimosas', 'Arima', 'Eroski Paraíso', 'O descoñecido', 'A esmorga' e 'Cela 211'.

O cine de AGalega.gal complétase con aqueles títulos que teñen *catch up* vinculado á emisión lineal, o que permite unha renovación constante da oferta cinematográfica internacional.

5.3.2 Series de ficción

A serie clásica 'Bonanza' segue sendo un valor estable na oferta da programación das tardes da G2, polo que a finais do ano pasado procedeuse a xestionar a renovación da segunda temporada, composta por 68 episodios. Ademais cómpre destacar a adquisición dunha selección de contidos pensados principalmente para a plataforma AGalega.gal con títulos de contrastado prestixio e calidade.

Por un lado, procedeuse á compra de contidos de produción nacional como a segunda temporada da prestixiosa serie de produción catalá 'Merlí' (a CCMA, a canle autonómica catalá), e a renovación dos dereitos dixitais da primeira temporada. Son en total 26 episodios, de 50 minutos cada un.

Adquiríronse tamén contidos do xénero documental como 'O gran Camiño. Grandes rutas a pé do mundo' (8 entregas de 52'), a Meteórica Cine. E 'Dorothe na vila' (87'), a Alejandro Gándara Porteiro.

Por outro lado pecháronse diversos acordos de miniserias de ficción con títulos de contrastado prestixio e calidade como:

- Red Arrow:
 - o 'Viena Blood' (6x45')
 - o 'Double Parked' (8x30')
 - o 'A beginner's guide to grief' (6 x 12')
- Vod Acquisición Co:
 - o 'Travesuras de la niña mala' (10 x 60')
- Adrenalyn:
 - o 'Mayflies' (2 x 60'), 'The cry' (4 x 60'), 'Ognuno é perfetto' (6 x 60')

E, por último, para completar a oferta dixital, leváronse a cabo acordos con distribuidores galegos. Nuns casos para incorporar carruseis temáticos dedicados a contidos de curta duración:

- Mordisco Films:
 - o Incorpora dereitos dixitais de 26 curtametraxes galegas premiadas en diversos festivais nacionais e internacionais:
- Cósmica Producións:
 - o Incorpora dereitos dixitais de 11 webseries galegas con premios en diversos certames
- Cristela Torres Nines:
 - o 'Pringadas Temporada 1' (3 x 12')
- Miraveo:
 - o 'A arte de ser mal pai' (3 x 18')

E noutros casos para xestionar dereitos de sinais en directo de eventos musicais como os acordados con Esmerarte, cunha selección de concertos no marco do Festival Portamérica, e con Casa de Tolos, como foi o caso do concerto de As Fillas de Casandra no marco do festival de Ortigueira.

Finalmente, tamén se adquiriron os contidos teatrais para incrementar a oferta da sección Palco en Agalega.gal, como 'Somos criminais' (74') e 'Aquí Tou' (55'), de Undodez Producións.

5.3.3 Programación infantil

Co lanzamento da plataforma infantil Xabarín.gal, en xaneiro de 2024, Televisión de Galicia concentrou os esforzos para atender a demanda dos máis pequenos incrementando a oferta no mundo dixital, co obxectivo de conectar cos diversos grupos de idade, desde os máis cativos ata a mocidade, a través dunha ampla variedade de xéneros e de *target*, pero sen abandonar as franxas destinadas a este público na emisión lineal da G2.

O obxectivo é achegar á rapazada un amplo catálogo de animación en galego en constante renovación. A consecución deste obxectivo lógrase a través de acordos conxuntos de FORTA con diversas distribuidoras internacionais.

Este é o caso de Paramount e Mediawan, coa compra de dereitos de marcas tan consolidadas como as das series 'Paw Patrol', 'Ninja Turtles', 'Maddie&Triggs' ou 'Sonic Boom' e 'Miraculous Lady Bug'. Todos eles son títulos dunha gran popularidade e unha valiosa ferramenta para atraer usuarios á plataforma dixital.

A franxa infantil na televisión lineal, pola súa banda, mantén a súa oferta diaria de luns a venres e nas mañás da fin de semana, supoñendo un espazo significativo na programación da G2, especialmente durante os períodos de vacacións escolares.

A programación semanal estrutúrase arredor do espazo matinal compatible cos horarios escolares, con preto de tres horas de animación de luns a venres, arredor de 8 horas máis durante as fins de semana.

Esta programación infantil representa unha parte moi significativa das horas de emisión correspondentes a contidos de produción allea presentes na G2, aproximadamente unhas 900 horas anuais.

En relación á catalogación de contidos de directo, no 2024 mantivéronse os tres bloques diferenciados por idade: 'Pequerrech@s', para público de ata 6 anos; 'Cativ@s', para a cativada de entre 6 e 9 anos; e 'Mociñ@s', dirixido aos maiores de 9 anos, tanto na App Xabarín como na plataforma Xabarín.gal.

5.4 Dobraxe e subtítulo

Conforme ao recollido nos obxectivos da CRTVG como empresa de servizo público, a encomenda de promover a lingua galega e a dobraxe e a subtítulo teñen un papel relevante no cumprimento desta misión xa que permiten facer accesibles os contidos e as producións elaboradas noutras linguas á audiencia de todas canles, que desde 2024 inclúen as plataformas dixitais, nunha versión netamente galega e adaptada á nosa lingua. Ademais, cómpre destacar que a dobraxe destes contidos ao galego vén acompañada dos correspondentes ficheiros .stl de subtítulo para posibilitar atender as necesidades das persoas con discapacidade auditiva e de acordo coa Referencia Técnica 3264-E da UER.

5.4.1 Dobraxe

En abril de 2024 finalizou o ano II da contratación correspondente á prórroga do concurso 'CRT-2021-0027: Servizo de dobraxe ao galego de obras audiovisuais, mediante acordo marco'.

O 4 de abril de 2024 iniciouse o procedemento da nova licitación, expediente 'CRT-2024-0011: Servizo de dobraxe ao galego de obras audiovisuais, mediante acordo marco'. Este concurso formalizouse o 18 de outubro de 2024, e nel resultaron adxudicatarios do servizo sete estudos de dobraxe.

O balance das horas dobradas no pasado exercicio foi de preto de 280 horas de contidos audiovisuais, que incluían tamén os insertos de dobraxe para remasterizar algunhas longametraxes.

5.4.2. Subtítulo

As canles da CRTVG ofreceron 2.763 horas de subtítulo durante o ano 2024. A Corporación mantén o compromiso coa accesibilidade dos seus contidos, incluíndo o subtítulo na maioría dos contidos que non se producen en directo.

Na TVG, con maioría de programación en directo, emitíronse 808 horas de contidos subtítulos, principalmente espazos de entretemento, concursos, longametraxes e documentais. Na G2 o número de horas medra ata as 1.865, e son as series as que supoñen un maior número de horas seguidas dos contidos de animación.

5.5 Programación radiofónica

A Radio Galega mantivo en 2024 unha programación baseada en grandes bloques temáticos, fortalecendo o proxecto de transformación iniciado en 2018, con especialización temática e especial atención á cultura e o deporte, e á intensa cobertura territorial das catro provincias galegas. A estratexia xira arredor dunha programación de 24 horas en directo, con información, entretemento e deportes e as voces máis destacadas do panorama mediático de Galicia.

Esta proposta programática situou á Radio Galega como a emisora pública máis escoitada de Galicia que alcanzou no Estudo Xeral de Medios da Asociación para a Investigación de Medios de Comunicación -AIMC- a estabilización dos datos de audiencia en 2024. En concreto, o número de oíntes alcanzou no acumulado anual das tres ondas comprendidas entre febreiro e novembro de 2024, unha media de 111.000 oíntes diarios de luns a venres e 114.000 de luns a domingo.

Así mesmo, o grupo de emisoras da radio pública galega alcanzou a cifra de 152.000 oíntes de luns a venres e 145.000 de luns a domingo. Neste senso, cómpre destacar os dous incrementos consecutivos no número de oíntes rexistrados en Radio Galega Música. O primeiro dun 111% de luns a domingo e do 50% de luns a venres na segunda onda de 2024, e o segundo de máis dun 160% de luns a venres e de máis dun 47% no conxunto da semana na terceira onda.

Estes datos foron o resultado de outorgar protagonismo ás historias galegas, dar espazo a voces de todo o país en todos os ámbitos de relevancia social e facilitar a participación da audiencia nos programas en directo.

A capacidade de estabilización da Radio Galega en 2024 proba que o servizo público de audio é forte e se mantén ante o ecosistema mediático actual caracterizado pola fragmentación das audiencias e a multiplataforma. Neste sentido, a radio pública viviu este ano o lanzamento da plataforma AGalegaAudio.gal, unha solución tecnolóxica propia das OTT de audiovisual aplicada ao tratamento do audio co obxectivo de ofrecer aos públicos un catálogo amplo, conformado por contidos de FM, nativos dixitais e formatos innovadores e de experimentación.

Coa posta en marcha de AGalegaAudio.gal, a Radio Galega amplía a súa pegada dixital e garante o acceso aos seus contidos en múltiples formatos, combinando a emisión en liña, a produción de podcast nativos dixitais e a retransmisión en multiplataforma con imaxe. O teléfono móbil intelixente posiciónase como o aparello máis empregado por parte dos usuarios, por diante mesmo do ordenador persoal. Así mesmo, outros dispositivos están gañando protagonismo, como o altofalante intelixente e os sistemas de audio dos automóviles.

Neste contexto, a Radio Galega está combinando a emisión lineal de calidade coa produción de formatos de audio adecuados para o seu seguimento por medio das novas oportunidades que o mercado outorga, a través da plataforma AgalegaAudio.gal.

Nun contexto da innovación, a Radio Galega seguiu avanzando en 2024 nos usos do seu estudio multimedia estreado en 2022, unha infraestrutura innovadora e espazo de experimentación coa creación de *videopodcasts*, a acollida de actuacións musicais e a produción de produtos informativos *breaking news* para a emisión en simultáneo en RG, na TVG e nas canles dixitais.

Por canto á presenza da Radio Galega en eventos musicais de relevancia en Galicia, intensificouse neste 2024 con retransmisións dende festivais de música de primeiro nivel en todo o territorio galego.

Todas as canles da emisora -Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Radio Picariña- continuaron a emisión no agregador de radios dixitais 'Radioplayer España', logo da incorporación a ela en decembro de 2019.

Pola súa parte, os *podcasts* e os *videopodcast* dos programas emitidos en FM e os dos programas nativos dixitais puxéronse a disposición da audiencia en Spotify, Ivoox, iTunes, Apple Podcast e Youtube.

No que atinxe ao apartado técnico, adquiriuse un sistema de acceso a internet por satélite Starlink. Permite a conexión con gran largo de banda dende calquera punto da xeografía con visión directa do ceo permitindo por tanto ter unha intervención en directo en poucos minutos a través de audio por IP con boa calidade independentemente de se existe cobertura 4G/5G ou non, como podería ser en zonas catastróficas ou localizacións rurais de difícil acceso e/ou coberturas de móbiles ou FTTH.

Así mesmo implantouse un posto avanzado de vídeo vMix no estudio multimedia que permite a emisión de vídeo máis completa ata a data: incorporación de grafismos, titulacións, composicións de vídeo multiventá, etc. Especialmente destacable é a capacidade de automatización do sistema, o que posibilitou a realización do informativo 'Galicia por diante' na TVG en directo mostrando cámaras de tráfico, webcams da CRTVG, mapa de predición meteorolóxica e información de temperatura, estado do ceo de todos os concellos de Galicia, titulares, noticias de última hora, valores do Ibex35...

Non só se acadou un fito tecnolóxico no referente ao vídeo relacionado coa radio, senón que se abriu a porta a acadar un sistema moito máis rico en datos e composicións que responde aos hábitos de consumo multimedia actuais.

Ademais continuouse no perfeccionamento das liñas por IP e dos sistemas de conexión dende exteriores, como Peplink. A produción e emisión de programas en directo afondou nas posibilidades outorgadas polas aplicacións HQ e Airbridge, que permiten chamadas e videochamadas, respectivamente, en directo con calidade de son de estudio.

En canto á programación, a novidade da temporada 2023-2024, en antena dende o mes de setembro, foi o cambio de formato do 'Galicia por diante' no seu tramo informativo de 06:00 h a 09:30 h, ao se converter no primeiro informativo a nivel nacional de formato híbrido para radio e televisión que empregou un sistema de realización automatizado que permite a súa emisión pola primeira canle de TVG con imaxes con composicións multiventá con textos, *tickers*, titulares, información meteorolóxica, etc, a prol de potenciar a vocación de servizo público e as sinerxías entre a radio e a televisión. O 'Galicia por diante' sitúase así como un informativo referente a nivel nacional.

No tramo que abrangue de 09:30 h a 14:00 h convértese nun programa informativo que combina información e entretemento. O humor ten a súa propia sección por medio de 'A bóla extra', que se emitiu en simultáneo na primeira canle de Televisión de Galicia de 12.04 a 13:00 h. de luns a venres. O traslado ao estudio multimedia incrementou a calidade de emisión televisiva a índices de *broadcast*. O 'Galicia por diante fin de semana' é a edición deste programa nos sábados e domingos, cunha franxa informativa de 08:00 h a 09:30 h e un bloque magazine de 09:30 h a 12:00 h, no que se inclúen entrevistas de sociedade e cultura, ademais de seccións temáticas sobre ciencia, lingua, audiovisual e música.

O programa 'A tarde' consolidou o horario implementado en setembro de 2022, de 15:00 h a 19:00 h, tras amosarse exitosa a proposta dunha mesa informal de debate ás tres da tarde coa colaboración dunha das humoristas con maior seguimento en redes sociais.

No marco destes axustes, o programa 'Convivir' modificou o seu formato e horario de emisión co obxectivo de reforzar os contidos de carácter social, adaptarse mellor á demanda da audiencia e dar maior visibilidade a cuestións sociais e de inclusión. Desde setembro de 2024, o programa 'Seres', emítese na antesala do 'Pensando en ti' de 00:00 h a 01:00 h, para dar visibilidade ás persoas, entidades e iniciativas que impulsan proxectos con impacto positivo na sociedade. A través dos seus testemuños en primeira persoa, 'Seres' pon o foco nas persoas, promovendo unha maior e mellor integración social nunha sociedade máis empática.

O apartado informativo deu continuidade ao formato 'A crónica' en dúas edicións. A primeira emitiuse ás 14:00 h, con trinta minutos de información pura e outros trinta minutos de información deportiva, e a segunda ás 19:00 h, cun formato híbrido que combina a información xeral e información de proximidade. Nesta segunda edición, emitiuse información de 19:00 h a 19:45 h e cultura de 19:45 h a 20:00 h. A partir desa hora realízase un faladoiro político. Finalmente na última hora do programa emitiuse programación especializada en clima e medio, 'Atmosféricos'; en tecnoloxía con 'Lambóns dixitais'; de viaxes con 'Lambóns de viaxe', e de ciencia con 'Efervescencia'.

Os faladoiros políticos do informativo 'Galicia por diante' -de luns a venres de 08:30 h a 09:30 h- e de 'A crónica' -de luns a xoves de 20:00 h a 21:00 h- realízanse dende o estudio multimedia e emitíronse en simultáneo en Radio Galega e na segunda canle da Televisión de Galicia.

A información cultural é un dos puntais da misión de servizo público da Radio Galega, coa emisión do programa 'Diario cultural' en tres edicións diarias: de 10:30 h a 11:00 h, de 17:30 h a 18:00 h e de 19:45 h a 20:00 h. Coa vontade de ofrecer programación específica ás audiencias máis novas, os sábados e domingos emitiuse a edición 'Zeta', de 14:30 h a 15:00 h, que se publicou tamén en YouTube e Radio Galega Podcast, Ivoox, Spotify, iTunes e Apple Podcast.

No que atinxe á programación deportiva, en 2024 a Radio Galega apostou por adiantarse na estratexia de programación dos contidos deportivos na franxa da noite. Así, o programa 'Ao contraataque', que mantivo o formato establecido en 2023 en aras de potenciar a información e análise dentro dun mesmo formato, adiantou a súa hora de emisión unha hora, de 22:00 h a 00:00 h para se converter no referente radiofónico do deporte galego nesa franxa horaria.

O 'Galicia en goles', buque insignia dos deportes da Radio Galega, mantivo a programación os venres de 20:30 h a 00:00 h e sábados e domingos de 15:00 h a medianoite, ademais dunha edición matinal os domingos de 12:00 h A 14:00 h. O programa de retransmisións deportivas da Radio Galega rematou o ano 2024 cun rexistro histórico no Estudio Xeral de Medios, alcanzando a cifra de 150.000 oíntes.

A Radio Galega consolidou súa aposta polo deporte da canastra e durante o 2024 transmitiu en directo todos os partidos xogados polos clubs galegos na liga ACB na temporada 2023-2024 e 2024-2025.

A emisora pública tamén continuou co proxecto 'Galicia en xogo-Convivir deportivo', programa que fai foco na realidade social do deporte a partir da visita a clubs, persoas destacadas do panorama deportivo galego e escolas deportivas. Así mesmo, o equipo de Deportes asumiu emisións para canles dixitais coa retransmisión de partidos en desdoblamento de programación.

A programación especializada da Radio Galega estivo encabezada polos programas 'Mar de ardora' e 'Ferrado e medio', sábados e domingos ás 07:00, respectivamente. Continuaron os programas 'Lambóns dixitais', 'Lambóns de viaxe', 'Sala 5', e 'Efervescencia'. No apartado do humor, emitíuse na medianoite das fins de semana o programa 'Como que non?'

A Radio Galega mantivo o seu liderado na madrugada co programa 'Pensando en ti', cunha duración de cinco horas, entre as 01:00 e as 06:00 horas, de luns a domingo. Co obxecto de proxectar este programa baseado na participación da audiencia, emítase en simultáneo na Radio Galega, na segunda canle da Televisión de Galicia cada madrugada e en YouTube. A interacción coa audiencia seguiu sendo unha ferramenta esencial para a creación de comunidades dixitais activas, interesadas e fieis aos contidos da Radio Galega. Pola vía convencional, esta interacción desenvolveuse por medio do teléfono, con chamadas ou mensaxes de WhatsApp. Así mesmo, a Radio Galega dialogou cos seus públicos a través das redes sociais Facebook, X e Instagram.

5.5.1 Programación xeral

'Galicia por diante'

O programa 'Galicia por diante' emitíuse de luns a venres de 06:00 h a 14:00 h, cun tramo informativo dende primeira hora ata as 09:30 h, e outro tramo definido como programa informativo ata as 14:00 h. O programa arranca cunha presentación de contidos coral para logo facer conexións con seis puntos do territorio galego para coñecer os temas de actualidade social.

Antes do mediodía, o programa fai parada en seccións temáticas semanais de arte, ciencia, música, sexo ou medicina. A partir das 12:00 h desenvólvese a hora de humor baixo o formato 'A bóla extra', que se emitiu en simultáneo na primeira canle de Televisión de Galicia. A última hora do programa volve a adquirir ton informativo cunha entrevista de actualidade en profundidade, avance deportivo e o 'miolo' do día co desenvolvemento dun tema de interese público e as súas voces protagonistas.

'Galicia por diante' conta con perfís en Facebook, X e Instagram, que se empregan a diario para divulgar os contidos presentados no directo e dialogar coas audiencias ou mesmo celebrar concursos. O servizo de mensaxería WhatsApp é empregado, xunto ás chamadas telefónicas, para facilitar a participación da audiencia na sección de humor 'A bóla extra'. O programa realízase e emítase con imaxe dende o estudio multimedia da Radio Galega, con distribución dixital a través das canles da CRTVG e de YouTube. Cabe sinalar que o faladoiro político do tramo informativo e a sección A Bóla Extra foron os espazos da franxa da mañá que se emitiron en simultáneo na segunda canle de Televisión de Galicia.

'A tarde'

'A tarde' consolidou o cambio de horario e de formato establecido nas temporadas anteriores cunha aposta por unha estrutura baseada no deseño dunha primeira hora de mesa redonda do equipo do programa a partir de temas de sociedade anecdóticos e de humor, cunha das humoristas de moda en Galicia, presentouse como un éxito segundo as cifras de audiencia do Estudo Xeral de Medios.

Así mesmo, cada tarde este programa conecta con cinco puntos de directo en todo o territorio galego para tratar temas de interese para a sociedade galega dende o punto de vista social e de ocio. Por canto as colaboracións, cada día da semana ofrécese un espazo de consulta a expertos especializados en consumo, ciberseguridade, seguridade viaria, medicina, dereito, coidados da horta, etc.

'A tarde' é un programa con especial relevancia social en Internet e as redes sociais e empregou WhatsApp para fomentar a participación da audiencia e para achegar á participación da audiencia.

'Galicia por diante fin de semana'

'Galicia por diante fin de semana' posicionouse como un programa de autor de alto seguimento por parte da audiencia. Trátase dun formato cunha estrutura que inclúe un tramo informativo de 08:00 h a 09:30 h. -exposto noutro apartado deste informe- e un tramo *magazine* de 09:30 h a 12:00 h, no que as entrevistas sociais e culturais en profundidade son as protagonistas, ademais das reportaxes e as colaboracións de especialistas nas materias de ciencia, dereito, música e audiovisual.

Este programa comparte redes sociais co programa que leva o mesmo nome e que se emite de luns a venres, cunha repercusión dos seus contidos por enriba dos dez mil usuarios.

‘Diario cultural’

A estratexia de información cultural da emisora artéllase arredor do ‘Diario cultural’, cun formato baseado en tres edicións diarias de luns a venres: dúas de media hora de 10:30 h a 11:00 h -integrada no programa ‘Galicia por diante’- e de 17:30 h a 18:00 h -integrada no programa ‘A tarde’- e unha edición de quince minutos no informativo ‘A crónica’, de 19:45 h a 20:00 h. Así mesmo, na fin de semana emitíuse a edición ‘Zeta’, os sábados e domingos de 14:30 h a 15:00 h, con contidos culturais específicos para o público da xeración Zeta, dando especial relevancia a aquelas producións e manifestacións culturais promovidas por persoas menores de trinta anos.

Con motivo do Día das Letras Galegas 2024, o equipo do ‘Diario cultural’ desenvolveu un programa especial que se emitiu o 17 de maio e que puido escoitarse en Radio Galega na súa emisión en directo e en formato podcasts en AGalegaAudio.gal. Así mesmo, emitíronse e publicáronse entrevistas en profundidade arredor da escritora con especialistas, editores e persoas que o trataron, así como fragmentos de voz da propia autora homenaxeada, recuperados do Arquivo Sonoro da Radio Galega. O programa conta con redes sociais propias en X, Facebook e Instagram. ‘Diario cultural’ ampliou os seus horizontes e seccións dando paso por exemplo á música *heavy* que se fai en Galicia

‘Convivir’

O programa especializado en temática social ‘Convivir’ viu modificado o seu formato e horario en setembro de 2024 ao deixar a franxa de 22:00 h a 23:00 h e establecerse baixo o formato ‘Seres’ que se emite de luns a xoves de 00:00 h a 01:00 h, como antesala do ‘Pensando en ti’. Os servizos sociais, a medicina, a investigación, as enfermidades, o medio ambiente ou as historias de superación humana son as súas temáticas centrais. Os sábados ás 13:00 h mantívose a edición singular denominada ‘Galicia en xogo-Convivir deportivo’, programas monográficos sobre o deporte dende a súa vertente social. Neste ámbito dedicáronse programas a figuras relevantes no mundo do deporte galego, clubs históricos ou escolas deportivas de concellos.

‘Pensando en ti’

‘Pensando en ti’ de luns a venres e ‘Pensando en ti fin de semana’ nos sábados e domingos, foron líderes da noite radiofónica en Galicia en 2024. O programa ten unha duración de cinco horas, de 01:00 h a 06:00 h. O núcleo do programa é a interacción coa audiencia, que participa por vía telefónica ou notas de voz para relatar as súas vivencias a partir das temáticas propostas polos condutores dos programas. O espazo válese das canles de comunicación social para propiciar a interacción coa audiencia.

Este programa valeuse das novidades ofrecidas polo estudio multimedia, en tanto que se emite de xeito simultáneo por Radio Galega e a G2. A emisión visual, por medio de realización automática, permitiu dar continuidade informativa de madrugada na primeira canle da televisión pública a feitos noticiosos de extrema relevancia pública, como a dina que asolou boa parte de España en outubro de 2024. Por outra banda, a comunidade de oíntes do ‘Pensando en ti’ volveu celebrar ‘Encontro de Oíntes’ que congregou a milleiros de persoas o 9 de xuño no Carballiño.

‘Sabrosura Fest’

‘Sabrosura Fest’ é un programa de variedades musicais que celebra o excelente momento do panorama musical galego. Con entrevistas, actuacións en directo e a participación activa da audiencia a través de WhatsApp, o programa ofrece unha selección musical diversa que abrangue todos os estilos e xéneros, cunha atención especial aos grupos e artistas de Galicia e á música galega e en galego.

Dende setembro, o estudo multimedia da RG converteuse, de 12:00 h a 14:00 h nun punto de encontro imprescindible para a escena musical. O ‘Sabrosura Fest’ acolleu novas promesas como artistas xa consolidados que presentaron os seus novos proxectos en aras de difundir a súa música e por en valor a creatividade e a forza da escena galega actual, amosando un reflexo do vizoso momento da creación musical galega.

5.5.2 Programas temáticos

A grella de programas temáticos da radio pública está conformada polos seguintes espazos:

- ‘Efervescencia’ ocúpase de achegar a ciencia ao público xeral, desde o humor e con voces autorizadas e reportaxes sobre descubertas científicas de toda índole. O programa conta coa colaboración da USC e o financiamento da FECYT (Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía).
- ‘Lambóns dixitais’ é un programa de novas tecnoloxías que vive a súa terceira temporada en antena e conta cun espazo adicado ás novas tecnoloxías aplicadas á accesibilidade.
- ‘Lambóns de viaxe’ é un programa de experiencias de viaxes por todo o mundo.
- ‘Sala 5’ é un espazo dedicado ao mundo do cine e o audiovisual.
- ‘Mar de ardora’ é un programa especializado na actualidade do mar que vive a súa segunda temporada en antena.
- ‘Ferrado e medio’ é un programa especializado na actualidade do agro que vive a súa segunda temporada en antena.
- ‘Como que non?’ é un espazo de humor.
- ‘Atmosféricos’ é un programa especializado no tempo, o clima e o medio.
- ‘Bailas ou que?’ é un espazo musical

A Radio Galega produciu e emitiu en 2024 programas nativos dixitais -podcast-, que foron publicados na plataforma AgalegaAudio.gal, Spotify, Ivoox, Apple Podcast e iTunes.

Trátase dos seguintes espazos:

- ‘De lá para cá’ é un programa que busca é traer as músicas portuguesas para mostralas e achegalas ao público de aquí.

- ‘Na fin do xogo’, podcast narrativo que achega as historias que hai detrás da creación dos videoxogos.
- ‘Polisión’, espazo sonoro especializado en músicas urbanas e de vangarda.
- ‘A mirada económica’, un *podcast* que ofrece unha visión clara e accesible da economía, explorando temas de actualidade como aqueles aspectos atemporais subxacentes no funcionamento da economía, dos mercados, políticas públicas ou tendencias financeiras.
- ‘Superando a ficción’ é un *podcast* sobre grandes anécdotas mundiais do mundo do cine.
- ‘Un ollo de vidro’ é unha serie de ficcións sonoras que adaptan contos de terror de escritores recoñecidos mundialmente.

5.5.3 AGalegaAudio.gal, novo referente da estratexia dixital

A Radio Galega culminou un lustro de traballo na conversión dixital co lanzamento da plataforma AGalegaAudio.gal en xaneiro de 2024-, co obxecto de posicionarse como principal medio de comunicación de audio e de servizo público de Galicia no ecosistema mediático dixital.

A Radio Galega dá un paso adiante na súa estratexia dixital coa creación da nova OTT que centraliza e potencia toda a oferta de audio da Corporación. Este proxecto forma parte da súa aposta pola explotación dixital do contido radiofónico dentro do marco da transformación dixital dos medios públicos, garantindo unha presenza máis forte e accesible no ecosistema dixital.

AGalegaAudio.gal supón unha evolución con respecto ás iniciativas dixitais previas da Radio Galega, consolidando nun único espazo tanto a emisión en directo coma a distribución de contidos en formato *podcast* e *videopodcast*. A nova plataforma substitúe e amplía os servizos previos lanzados desde a Radio Galega, como Radio Galega Podcast, Diario cultural, etc., cunha aposta renovada pola innovación, a usabilidade e a interactividade.

AGalegaAudio.gal non só moderniza a infraestrutura técnica da Radio Galega, senón que tamén reforzou o seu papel como servizo público fundamental en Galicia, ao permitir que a información, a cultura e o entretemento cheguen a toda a cidadanía dun xeito máis accesible, flexible e innovador.

A nova OTT da Radio Galega está deseñada para mellorar a experiencia dos usuarios grazas a unha navegación máis intuitiva e á incorporación de funcionalidades que permiten un consumo máis cómodo e personalizado do contido. Entre as principais melloras destacan:

- AGalegaAudio.gal está dispoñible en web e en aplicacións nativas para iOS e Android, facilitando o acceso aos contidos desde calquera dispositivo. Ademais, os programas tamén están accesibles en agregadores como Radio Player, Spotify, iVoox e Apple Podcasts.

- A plataforma permite acceder ás emisións en directo de todas as emisoras da Radio Galega (Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Radio Picariña), ao tempo que ofrece un amplo catálogo de contidos a demanda. Deste xeito, o servizo público radiofónico está dispoñible as 24 horas do día, en calquera momento e desde calquera lugar.
- Os programas están organizados en distintas seccións para facilitar a exploración dos usuarios, incluíndo espazos temáticos dedicados a música, cultura, historia, ciencia, ficción e sociedade.
- O sistema de recomendacións permite descubrir novos contidos en función dos intereses do usuario, mellorando así a experiencia global.
- Música: con "Fondos reservados", 'Polisión', 'O rancho', 'De lá para cá', 'Cara B', 'A lista negra', 'Galicia emerxe', 'Consellería do ritmo', 'Tres peixes voando', 'Lume na palleira', 'Ondas indies', 'Estudio 3. Desclasificados', e 'Notas de jazz'.
- Sociedade: con *podcast* como 'Na fin do xogo', 'A mirada económica', 'Superando a ficción', 'O poigrama' e 'Pasarse da raia'.
- Ciencia: con 'Enfermeira saturada', sobre saúde; 'Corazón Contento', do doutor Juan Antonio Juanatey, sobre saúde, e 'Deborah ciencia', de Débora García Bello, sobre ciencia.
- Historia: con espazos como 'Efeméridas', de Manuel Gago, 'Arredor de nós' e 'Próxima estación'.
- Cultura, con *podcast* como 'O Barroquista', de Miguel Ángel Cagiao, 'Galicia para neofalantes', de Pilar Ponte, 'Zeta' e 'Lambóns de viaxe'.
- Igualdade: con programas como 'Consellos con sexo', e os nativos dixitais 'Moito ollo!' e 'Morra o conto'.
- Humor: co programa 'Como que non?'.
- Documental: co *podcast* 'Un país en guerra', sobre a guerra de Ucraína.
- Ficción: co *podcast* 'Un ollo de vidro', baseado na adaptación de contos de terror, 'Os pobre tamén choran' e os contos de Nadal 'Que belo é vivir' e 'Morte na abadía'.

AGalegaAudio.gal non só mellora o acceso aos contidos radiofónicos, senón que tamén reforza o papel da Radio Galega como medio público de referencia en Galicia, garantindo que a súa programación responda ás necesidades da cidadanía en diferentes ámbitos:

- Información veraz e de servizo público: a plataforma pon á disposición da cidadanía todos os programas informativos da Radio Galega, garantindo un acceso inmediato á actualidade, análise e debate de temas clave para Galicia.
- Cultura galega ao alcance de todos: a nova OTT ofrece contidos en galego relacionados con música, literatura, historia, divulgación científica e cultura popular, garantindo que o patrimonio cultural galego teña unha maior difusión.

- Música e entretemento en galego: AGalegaAudio.gal potencia a música e o entretemento producido en Galicia, promovendo novos talentos e formatos adaptados ás novas audiencias.
- Diversidade de formatos e voces: a plataforma inclúe programas especializados en igualdade, ciencia, ficción e humor, asegurando unha oferta variada e adaptada aos intereses da sociedade galega.
- Proximidade e participación: o servizo público reforza o contacto cos usuarios a través da interactividade, facilitando a súa participación e permitindo unha comunicación máis próxima entre a Radio Galega e a súa audiencia.

O lanzamento de AGalegaAudio.gal non só modernizou a presenza dixital da Radio Galega, senón que tamén supuxo unha aposta por novos formatos e modelos de distribución.

Entre os avances máis destacados desta OTT atópanse:

- ✓ Toda a infraestrutura técnica foi optimizada para permitir unha xestión áxil e eficiente dos contidos, facilitando a súa publicación e actualización en tempo real.
- ✓ Ademais dos programas tradicionais, a plataforma incorpora *videopodcasts*, directos multimedia e formatos nativos dixitais, adaptándose ás novas tendencias de consumo, ofrecendo contidos curtos, directos interactivos e formatos audiovisuais innovadores.
- ✓ O sistema de xestión de contidos permite unha organización eficiente dos programas e unha mellor integración cos sistemas de distribución dixital da CRTVG.
- ✓ Experiencia de usuario mellorada, con navegación intuitiva e opcións personalizadas de recomendación

Esta aposta tecnolóxica facilita un mellor servizo público, garantindo que os contidos da Radio Galega sexan accesibles para toda a poboación sen importar o dispositivo ou a localización.

AGalegaAudio.gal sitúa a Radio Galega á vangarda da transformación dixital dos medios públicos galegos. A súa integración dentro do ecosistema OTT da CRTVG, que inclúe tamén AGalega.gal para os contidos de entretemento da Televisión de Galicia e Xabarán.gal para o público infantil e xuvenil, reforza a aposta da Corporación por un modelo dixital flexible e innovador.

A nova plataforma non só garante unha oferta de contidos máis rica e diversificada, senón que tamén facilita a fidelización do público tradicional e a captación de novas audiencias, especialmente das xeracións máis novas, que consumen contido principalmente en plataformas dixitais.

5.5.4 Estudio multimedia

A Radio Galega transformouse en medio multiplataforma en 2022 coa estrea das emisións no estudio multimedia, que foron nucleares nas estratexias programáticas da emisora durante todo o ano 2024, coa emisión en imaxe en AGalegaAudio.gal e YouTube así como outras canles dixitais.

Os programas de Radio Galega poden grazas ao equipamento tecnolóxico do estudio multimedia emitir en directo ou diferido por Televisión de Galicia ou en calquera das canles dixitais da CRTVG en calidade *broadcast* desde un espazo creado *ad hoc*.

Ademais, este estudio está acondicionado para a emisión ou gravación de concertos -incorporouse un piano ao estudio en 2023-, para acoller público e para atender proxectos en novos formatos, que combinen audio e imaxe.

Os departamentos técnicos da Corporación desenvolveron numerosas integracións e implementaron avances tecnolóxicos para avanzar na automatización de procesos que reverteron de xeito positivo no resultado final dos produtos elaborados no estudio multimedia. No marco destes avances, en 2024, implantouse un posto avanzado de vídeo vMix que permite a emisión de vídeo máis completa ata a data: incorporación de grafismos, titulacións, composicións de vídeo multiventá, etc.

Especialmente destacable é a capacidade de automatización do sistema, o que posibilitou a realización desatendida do informativo 'Galicia por diante' na TVG en directo mostrando cámaras de tráfico, webcams da CRTVG, mapa de predición meteorolóxica e información de temperatura, estado do ceo de todos os concellos de Galicia, titulares, noticias de última hora, valores do IBEX35... Xunto con este sistema situouse un pequeno panel de control 'stream deck' co que poder facer variacións en directo de forma manual. Un fito tecnolóxico no referente ao vídeo relacionado coa radio.

O estudio multimedia é o espazo dende o que se emitiu o programa 'Galicia por diante', de 06:00 h a 14:00 h, 'A crónica', de 19:00 h a 21:00 h, 'Ao contraataque', de 22:00 h a 00:00 h, e 'Pensando en ti' de 01:00 h a 06:00 h.

Así mesmo, a tecnoloxía destas instalacións permitiu que se emitise en simultáneo en RG e TVG o 'Galicia por diante', de 07:00 h a 08:00 h, e de 08:30 h a 09:30 h e pola segunda canle de TVG, o faladoiro do 'Galicia por diante' así como o faladoiro de 'A crónica' 19 h, de 20:00 h a 21:00 h., e o programa 'Pensando en ti', de 01:00 h a 06:00 h.

No que atinxe á produción estritamente dixital, o estudio multimedia é o espazo para a gravación de *videopodcast*, como 'Movendo marcos', e os dos programas especializados 'Lambóns dixitais', 'Lambóns de viaxe' e do 'Sabrosura Fest'. Así mesmo, facilitou a difusión de destacados informativos en redes sociais con formato vídeo, como os que derivaron da emisión do programa 'Galicia por diante' e dos formatos deportivo 'Ao contraataque' e 'Galicia en goles'.

5.5.5 Emisión simultánea RG–TVG

Os procesos de sinerxía da Corporación Radio Televisión de Galicia consolidáronse coas estratexias de emisión simultánea de programas e espazos de Radio Galega nas canles de televisión. Ademais dos programas ‘Pensando en ti’ e dos faladoiros dos informativos ‘Galicia por diante’ e ‘A crónica’ da edición serán, incorporáronse novas emisións en simultáneo en 2024:

- ‘Galicia por diante’ | De luns a venres de 07:00 a 08:00 en RG e TVG
Faladoiro | De luns a venres de 08:30 a 09:30 en RG e G2.
- ‘A crónica’ | Faladoiro de luns a xoves de 20:00 a 21:00 en RG e G2.
- ‘Pensando en ti’ | Emisión en simultáneo en RG e G2 de luns a domingo pasando ao primeiro canal de TVG cando a actualidade da xornada así o require como na noite do 29 de outubro cando unha dina afectou boa parte de España. Unha catástrofe que deixou máis de 200 vítimas mortais e cuantiosos danos materiais.

Esta estratexia viuse impulsada pola consolidación do estudio multimedia que, cunha estética televisiva e un sistema de realización automático, permitiu levar á televisión contidos radiofónicos cunha calidade de imaxe de estándar *broadcast*.

5.5.6 Radio Galega Música

Radio Galega Música consolidou a estratexia de radio fórmula melódica establecida en 2023 coa incorporación de novas hibridacións de estilos musicais e a inclusión de novidades relacionadas coas novas demandas dos públicos e con especial atención á combinación de temas musicais nas linguas galega, castelá e inglesa. O sistema de reprodución baséase nunha rotación de cincocentas cancións, novas e antigas, coa renovación continua de novidades musicais. Nun ecosistema de radio musical atomizado coa repetición de fórmulas clónicas, Radio Galega Música mantívose na vontade dunha radio musical feita dende Galicia para a cidadanía galega, na que a música galega se amalgame con naturalidade con temas doutras linguas. De feito, experimentou dous incrementos consecutivos de audiencia en 2024 e chegou aos 39.000 oíntes de luns a venres e 28.000 de luns a domingo na última onda do Estudo Xeral de Medios de 2024.

No que se refire á estrutura, mantívose a proposta dos anos anteriores, cunha programación articulada en grandes bloques musicais que acompañaron a audiencia nas distintas actividades e ocupacións da súa xornada. As horas laborais do día, é dicir, dende as 07:00 h ata as 23:00 h, apostouse pola radiofórmula sen locutor. Isto, xunto coa ausencia de publicidade, propiciou que Radio Galega Música fose unha opción a ter en conta polos establecementos comerciais como fío musical.

Dende as 07:00 h ata as 09:00 h preséntase a fórmula espertador con ritmos e estilos axeitados para o arranque do día.

Dende as 09:00 h ata as 14:00 h prográmase música para o traballo coa vontade de convertérmonos en banda sonora das actividades laborais. A hora de xantar e as primeiras horas da tarde continúan a mesma tónica cunha selección melódica uniforme, con temas de corte máis relaxado e cadencioso.

No tramo de 18:00 h a 22:00 h préstase atención á audiencia que escoita Radio Galega Música no coche coa fórmula 'RGM na túa volta á casa', unha selección musical tranquila, sen estridencias e con calidez.

A radiofórmula conxúgase coa emisión de programas de autor creativos, orixinais e especializados en distintos xéneros musicais. Estes programas son espazos de prescrición musical, en tanto que os profesionais que os realizan son expertos en distintos xéneros musicais. Estes espazos acollen o tratamento de temas en profundidade, entrevistas, presentacións, voces de protagonistas, recomendacións e tendencias.

- **'O lobo urbano'**. Rock.
- **'Notas de jazz'**. Jazz.
- **'Ondas indies'**. Indie.
- **'Cara B'**. Grandes anécdotas da música.
- **'Raizame'**. Músicas do mundo e listaxe World Music Charts Europe.
- **'Tres peixes voando'**. Música galega combinada con músicas do mundo.
- **'Fondos reservados'**. Éxitos musicais do século XX.
- **'Lume na palleira'**. Música tradicional e folk galego.
- **'A lista negra'**. Blues.
- **'De lá para cá'**. Música portuguesa.
- **'O rancho'**. Grandes clásicos da música americana.

Radio Galega Música programa máis dun 30% de música galega, entendida esta como aquela que está composta en lingua galega ou está realizada por grupos musicais galegos noutros idiomas. As horas de maior atención (horas puntas e medias horas) alcánzanse sempre con música en lingua galega dentro do formato radiofórmula.

A Corporación Radio Televisión de Galicia, con todas as súas canles analóxicas e dixitais -Radio Galega Música, Son Galicia Radio, Radio Picariña e as canles xeneralistas-, é o único medio no ámbito xeográfico de Galicia que atende á totalidade da produción de música de grupos galegos, en lingua galega e outras. A música dos creadores galegos é a preferente na totalidade da emisión da primeira canle da Radio Galega en FM. As músicas empregadas nas sintonías, fondos e cortinas foron maioritariamente galegas, cunha porcentaxe que se achega ao cen por cento.

5.5.7 Radio Picariña

A primeira canle dixital de música infantil e xuvenil da historia da Radio Galega, lanzada en xuño de 2018, forma parte da estratexia de programación infantil e xuvenil da Corporación Radio Televisión de Galicia e, como tal, é un dos alicerces da plataforma dixital. En 2024 ampliouse o catálogo de cancións ofrecidas por esta canle coa incorporación dos discos publicados en galego ao longo do ano.

Para acceder aos contidos de Radio Picariña, os usuarios deben empregar os accesos ás canles dixitais da emisora así como ás aplicacións móbiles da Corporación.

5.5.8 Programas exteriores de Radio Galega

Na programación da radio pública cómpre destacar a presenza en directo en exteriores dos distintos programas da grella durante todo o ano 2024. Neste contexto, realizáronse os seguintes espazos fóra dos estudos de San Marcos:

- 28/03 | 'Galicia por diante' | Camariñas
- 04/04 | 'Diario cultural zeta' | Carballo–Carballo Interplay
- 12/04 | 'A tarde' | Silleda
- 20/04 | 'Efervescencia' | Cinvigo-Vigo
- 08/05 | 'Efervescencia' | Tecnópole-Ourense
- 11/05 | 'Galicia por diante fin de semana' | Festa da Troita de Sigüeiro-Oroso
- 17/05 | 'Galicia por diante Especial Letras Galegas' | A Coruña
- 23/05 | 'Mar de Ardora' | Arou
- 24/05 | 'Diario cultural' e 'Sala5' | Festival de Cans-O Porriño
- 31/05 | 'A tarde' | Silleda
- 09/06 | 'Pensando en ti' | O Carballiño
- 20/06 | 'Mar de Ardora' | Camelle-Camariñas
- 24/07 | 'Galicia por diante' | Santiago
- 27/08 ao 30/08 | Cobertura da Volta Ciclista a España |
- 19/09 | 'Galicia por diante' | Feira do moble de A Estrada
- 05/10 | 'Galicia por diante fin de semana' | Festas do San Froilán-Lugo
- 30/10 | 'Mar de Ardora' | Festival do cine do Mar-Ribeira
- 14/11 | 'Mar de Ardora' | Fisterra
- 21/11 | 'Ao contraataque' | Sede do Real Club Celta de Vigo
- 29/11 | 'Diario cultural' | Culturgal-Pontevedra
- 29/12 | 'A Radio Conta' | A Coruña

O programa 'Galicia en xogo-Convivir deportivo' gravouse integramente en exteriores en 2024. Como en anos anteriores, dedicou edicións a clubs, deportes minoritarios e figuras relevantes do deporte galego.

A plataforma AGalegaAudio.gal ofreceu o directo dos programas de 'Convivir deportivo', con carácter previo á súa emisión en FM:

- 12/01 | Xunqueira de Ambía |
- 25/01 | Quintela de Leirado |
- 31/01 | A Bola |
- 01/02 | Porqueira |
- 21/02 | Rairiz de Veiga |
- 28/02 | As Neves |
- 01/03 | Calvos de Randín |
- 07/03 | Baleira |
- 13/03 | Os Blancos |
- 20/03 | Begonte |

- 22/03 | Xermade |
- 27/03 | Frades |
- 05/04 | Meis |
- 17/04 | Adai |
- 25/04 | Meaño |
- 06/05 | A Lama |
- 21/05 | Moeche |
- 29/05 | Vilamartín de Valdeorras |
- 04/06 | O Bolo |
- 07/06 | O Pino |

4.5.9 Festivais retransmitidos en directo por Radio Galega Música

Co obxecto de dar a maior cobertura posible, a pesar da limitación de dereitos, fixéronse programas especiais con motivo dos seguintes festivais:

- 30/05 | 'Diario cultural' | Santiago de Compostela–O Son do Camiño
- 28/06 | 'Diario cultural' | Viveiro–Resurrección Fest

5.5.10 Gravacións de eventos de música clásica, bandas e corais

A RG deu continuidade á gravación de eventos de música clásica, bandas e corais, para incorporar ao arquivo histórico que a emisora promove desde a súa fundación.

- 20/01 | Orquestra Cámara Galega | A Coruña
- 10/03 | Banda Municipal de Santiago+ Orquestra Sinfónica de Galicia | Santiago
- 16/03 | BACH: os concertos de violín | Vigo
- 06/04 | XXX Festival de bandas de música de Silleda | Silleda
- 14/04 | VIII Mostra Musical do Eixo Atlántico | Barcelos
- 14/04 | Orquestra Sinfónica e Banda Municipal de Santiago | Santiago
- 20/04 | Concerto Mozart. Misa da coroación | Vigo
- 09/05 | Gravación Festival de Reis | A Coruña
- 11/05 | Banda de Lalín | Lalín
- 18/05 | Gravación Festival de Reis | A Coruña

5.5.11 Premios

A Radio Galega recibiu recoñecementos en 2024 por producións destacadas:

- **'Efervescencia'** | Outubro, 2024 | Programa especializado en ciencia que conta coa colaboración da USC e o financiamento da FECYT (Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía). Recibiu o Premio da Crítica de Galicia na categoría de Iniciativas Culturais e Científicas.
- **'Celtic Media Festival'** | Xuño, 2024 | A Radio Galega foi finalista na categoría 'mellor emisora do ano'.

5.6 As plataformas OTT

O lanzamento das novas plataformas dixitais, AGalega.gal, AGalegaAudio.gal e Xabarín.gal en 2024 foi un paso imprescindible para garantir un acceso máis amplo, flexible e inclusivo á cultura, ao entretemento e á información en galego.

5.6.1 Presentación das plataformas OTT da CRTVG

O 17 de xaneiro de 2024 presentáronse as novas plataformas OTT (Over The Top) da Corporación: AGalega.gal, AGalegaAudio.gal e Xabarín.gal nun evento na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela. Coa súa estrea, a CRTVG reconfigurou a súa estrutura dixital poñendo á disposición da cidadanía os seus contidos de ficción, entretemento, cine, series, animación, documentais, podcasts, directos e contidos exclusivos, a través das maiores plataformas dixitais audiovisuais en galego do mundo.

AGalega.gal incorporou no momento do seu lanzamento máis de 1.400 contidos audiovisuais cun abano de títulos que abrangue desde as series míticas da TVG aos programas do *prime time* ata espazos nativos dixitais desenvolvidos exclusivamente para a plataforma.

AGalega.gal naceu con dúas apps integradas, pero que tamén se poden descargar de forma individual: Xabarín.gal e AGalegaAudio.gal.

Para os máis cativos, Xabarín.gal naceu con máis de 1.400 contidos propios e novidades como 'Os Argonautas e a moeda de ouro' ou 'Valentina', cinta estreada como contido exclusivo na plataforma. E AGalegaAudio.gal chegou con todos os servizos e canles da Radio Galega integrados e incorporando a radio visual, coa programación desde o estudio multimedia e todos os podcasts e contidos nativos dixitais, cun total de 4.500 audios dispoñibles desde o primeiro día.

A AGalega.gal puido accederse dende o seu lanzamento vía web a través de www.agalega.gal, ou das apps en Google Play e App Store. No primeiro semestre do ano incorporáronse as apps nas televisións intelixentes, en Fire TV, LG e Samsung. Ao xeito das plataformas dixitais internacionais, recoméndouse o rexistro para gozar de todas as súas posibilidades como engadir contidos á lista propia, continuar vendo un contido ou recibir as notificacións coas últimas novidades. AGalega.gal conta con todas as canles de directo de televisión e radio que ofrece agora mesmo a CRTVG, polo que pode verse a televisión convencional tamén a través desta plataforma.

5.6.2 Os contidos de AGalega.gal

Ao longo do 2024 traballouse en varias liñas estratéxicas coas que achegar ao público unha ampla diversidade de oferta audiovisual en lingua galega. Foron as seguintes:

- **Directos:** A ampla oferta de contidos en directo son un dos elementos diferenciais da plataforma AGalega.gal e tamén é a sección que máis visitas acumula. Dende o primeiro día a canle TVG Europa está dispoñible de xeito permanente dende calquera lugar do mundo, ao igual que Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Mira RG e tamén se ofrece a emisión de G2 xeobloqueada a Galicia por cuestións de licenzas dos contidos. Nesta mesma categoría inclúense as canles infantís Pequerrech@a (ata 6 anos), Cativos (6-9 anos), Mociñ@s (+9 anos), Xabarín TV e Radio Picariña. Ademais desta oferta permanente, os deportes ocupan un espazo moi importante ofrecendo durante todo o ano máis de 340 retransmisións deportivas en directo. No verán de 2024 tamén se traballou en achegar contidos de entretemento en directo, AGalega.gal achegou grandes festivais galegos cun total de 19 concertos en directo a través da plataforma.
- **Ficción galega:** A ficción galega ocupou dende o primeiro día un lugar privilexiado na plataforma. O *binge watching* é a acción de ver de xeito continuado varios capítulos seguidos nunha plataforma, e isto funcionou especialmente ben coa ficción galega, nomeadamente coas producións do ano 'Na Gloria', 'Ghuasapp' e 'Saudade de ti', sen esquecer a categoría 'As series da nosa vida', onde se puxeron á disposición grandes clásicos da ficción galega como 'Mareas vivas', 'Pratos combinados' ou 'Matalobos', funcionaron tanto como apelando á nostalxia para os que xa as coñecían ao tempo que tamén atoparon novos públicos. O cine feito en Galicia é outro eixe fundamental do servizo público e compromiso co sector. Estreáronse o longo do ano títulos tan destacados como 'Unicorn wars', 'O home e o can', 'Os demos de barro', 'O corpo aberto', 'Sica' ou 'Matria'.
- **Xeración Zeta:** A mocidade actual consome o contido audiovisual fundamentalmente a través de redes sociais e plataformas. A CRTVG ten a obriga de atender todos os públicos e adaptarse aos cambios sociais que se vaian producindo, así pois, en AGalega.gal creouse un espazo chamado 'Xeración Z' onde se ofrecen todo tipo de contidos nativos dixitais dirixidos ao público máis novo. Estes contidos caracterízanse por unha duración curta; unha linguaxe audiovisual áxil, onde os grafismos e as emoticonas forman parte importante de narración; tamén combinan formatos e versións verticais con horizontais, e adoitan levar asociada unha estratexia en redes sociais, onde se ofrece contido complementario e/ou se comenta máis sobre eles. Nesta sección destacaron no 2024 programas como 'A previa', 'Sexo con senso', 'Raíña-me' ou 'O armario'; series como 'Pringadas' ou 'Cara bonita' e contidos de divulgación como 'Xogando en galego' ou 'Recollendo músicas'.
- **Divulgación:** A divulgación é un elemento fundamental do servizo público da Corporación e dende a OTT fíxose unha aposta forte pola posta á disposición e estrea de múltiples contidos de difusión de cultura e coñecemento. Destacan as docuficcións 'Historias de aquí', estreadas en exclusiva na plataforma, así como as seccións de longametraxes documentais coa estrea de títulos como 'Aceros', 'Julia', 'Nación', 'A poeta analfabeta' ou 'Agromantes'. Tamén se creou a categoría de series documentais na que ao longo do ano se estrearon títulos como 'A grande epopea de Galicia', 'Rockefeller en Mondariz', 'Os andamios da historia' ou os nativos dixitais: 'Incalculable', 'Vida salvaxe' ou 'San Simón, colonia penitenciaria'. Neste mesmo eixo estratéxico tamén cómpre destacar as estreas exclusivas do programa de entrevistas 'Galegos', no que coñecemos máis quen son, que fixeron

e que pensan do seu ámbito profesional e da marcha do mundo persoas sobranceiras da vida política, social e cultural de Galicia.

- **Programas:** Todos os programas da TVG puxéronse á disposición na plataforma, tanto os magazines de mañás e tardes como os grande formatos do *prime time*. A maioría destes programas caracterízanse por estar dirixidos a amplos públicos. Nesta categoría cómpre destacar a estrea en plataforma antes que na TDT do programa 'Curando o mundo', en que o cirurxián coruñés Diego González Rivas percorre o planeta ensinando a súa técnica minimamente invasiva para operacións de pulmón. Tamén se estrearon múltiples programas nativos dixitais como 'Recollendo músicas' ou 'A miña mascota fala'. E hai que destacar os bos datos de programas da grella da TDT como 'Land Rober Tunai Show' ou 'Salvaxe'.
- **Contidos de nicho en lingua galega:** Dende a CRTVG quíxose atender ás tendencias de hiperfragmentación de audiencias ofrecendo contidos de nicho, con públicos obxectivos máis reducidos que os da TDT. Así, creáronse seccións como 'Palco' na que se puxeron a disposición todo tipo de contidos de artes escénicas, dende concertos como Fillas de Cassandra en Ortigueira ata múltiples obras de teatro filmadas para televisión do programa 'Fila 1'. Tamén se crearon outras seccións como 'Lecer', con propostas tan diferentes como 'loga con Hanh', 'Montañas de aventura', 'Visítame nun día' ou o contido nativo dixital 'Paradas no camiño'. Ademais púxose en valor o arquivo da CRTVG coa creación da sección 'Pasou o que pasou', en que se pode descubrir ou lembrar acontecementos destacados dos últimos 40 anos e que se foi actualizando ao longo do ano.
- **Ficción non galega:** Os datos de acceso indican un satisfactorio consumo de ficción baixo demanda, cunha oferta de contidos galegos complementada con múltiples contidos de fóra en lingua galega, tanto cine como series. O obxectivo era ofrecer a maior diversidade posible. Nas series de fóra destacaron polos bos datos a serie paquistaní 'Bruxas' e a británica 'Os crimes de Port Talbot', e no cine tivo un importante peso os filmes de adrenalina e suspense, moitos deles dispoñibles en condición de *catch up* despois da súa emisión en televisión.
- **Informativos:** todos os informativos producidos pola TVG foron postos a disposición a través de Aggalega.gal, sendo o 'Telexornal mediodía' o contido informativo máis visto da plataforma.

Cronograma de contidos destacados en 2024

A continuación ofrécese un cronograma que deixa constancia do catálogo de saída da plataforma e das estreas destacadas de cada mes. Nestas estreas non se inclúen os contidos de posta a disposición da TVG, enuméranse os contidos exclusivos, os contidos *digital first* e aqueles que poñen en en valor o arquivo da CRTVG. Tamén se inclúen as accións específicas (8-M, Día das Letras Galegas, Día de Galicia e o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller) e os deportes.

XANEIRO

Directos

- Televisión de Galicia (emisión de Europa) e dispoñible globalmente
- G2, dispoñible para Galicia
- Radio Galega
- Radio Galega Música
- Mira RG

- Pequerrech@s. Contidos infantís, ata os 6 anos.
- Cativ@s. Contidos infantís, 6 a 9 anos
- Mociñ@s. Contidos infantís maiores de 9 anos.
- Xabarin TV. Contidos infantís con dereitos de emisión universais.
- Radio Picariña, cun repertorio de 1.100 cancións infantís.
- ‘A illa das mentiras’
- ‘Tres’
- ‘O que arde’
- ‘Malencolía’
- ‘Cuñados’
- ‘Quen a ferro mata’
- ‘Ons’
- ‘Arima’
- ‘Dhogs’
- ‘Eroski Paraíso’
- ‘A sombra da lei’
- ‘A esmorga’
- ‘O descoñecido’
- ‘Vilamor’
- ‘18 comidas’
- ‘Engurras’
- ‘Cela 211’
- ‘Pradolongo’
- ‘Trote’
- ‘A estación violenta’
- ‘Eles transportan a morte’
- ‘Lúa vermella’

Series orixinais da TVG

- ‘Na Gloria’ (produción exclusiva OTT)
- ‘Ghuasapp’ (estrea na OTT)
- ‘Auga seca’
- ‘Dalia, a modista’
- ‘A estiba’
- ‘Método criminal’
- ‘Códice’
- ‘O final do camiño’
- ‘Vidago Palace’
- ‘Artemisa’
- ‘Saudade de ti’
- ‘Hospital Real’
- ‘Hotel Almirante’
- ‘Faro. O reencontro’
- ‘Serramoura’
- ‘Pratos combinados’
- ‘Mareas Vivas’
- ‘Padre Casares’
- ‘Matalobos’

As mellores series de fóra

- ‘DES’
- ‘O ladrón, a súa muller e a canoa’
- ‘Bruxas’

Historias de aquí

- Cap1 e 2: ‘O accidente de Montrove’

Cine feito en Galicia

- ‘Jacinto’ (estrea na OTT)

Humor 100%

- ‘Ghuasapp’
- ‘Artemisa’
- ‘Catro gatos’
- ‘Na Gloria’
- ‘Era visto’

Xeración Z

- ‘A previa’ (estrea en exclusiva OTT)
- ‘Nosoutras’ (estrea en exclusiva OTT)
- ‘No carro da música’
- ‘Furallolos’ (estrea en exclusiva OTT)
- ‘Ondas Novas’
- ‘Danza no foco’ (estrea en exclusiva OTT)
- ‘A Ghavota’ (estrea en exclusiva OTT)

‘DígochoEu’

Programas

- 'Luar'
- 'Cos pés na terra'
- 'Casamos'
- 'Xente marabillosa'
- 'Land Rober Tunai Show'
- 'Quen anda aí?'
- 'Hora galega'
- 'Tal semente'
- 'Malicia noticias'
- 'Amor a un clic'
- 'A voltas co prato'
- 'Estache bo!'
- 'Sen código postal'
- 'Atrápame se podes'
- 'Alalá'
- 'A liga dos cantante extraordinarios'
- 'Vaia troula'
- 'A casa da Conexa'
- 'En feminino singular'
- 'Os cantos rolados'
- 'Facendo as Américas'
- 'Catro gatos'
- 'Os nosos sabios'
- '100 anos de verbena galega'
- 'O caderno de Isabel'
- 'Ata a cociña'
- 'Larpeiros Social Club'
- '48 horas para o si'
- 'Galegos'
- 'O gato con botas'
- 'Festigaliando'

Palco

- 'Sons de Ortigueira'
- 'Corrente do Golfo na Quintana' (estrea en exclusiva OTT)
- 'Amancio Prada coa Real Filharmonía de Galicia' (estrea en exclusiva OTT)
- 'Orquestra Sinfónica de Galicia: Richard Wagner'

- 'Crónicas do Paraíso'
- 'A amnesia de Clío'
- 'Uxía e a Real Filharmonía de Galicia, liras e alalás'
- 'Un canto á vida'
- 'Aí vén o maio'
- 'Orquestra Panorama: xira Deluxe Tour'
- 'Orquestra París de Noia: xira A lo loco'
- 'Real Filharmonía de Galicia: Piotr Ilich Tchaikovsky e Jean Sibelius'
- 'Real Filharmonía de Galicia: Johannes Brahms'
- 'Orquestra Sinfónica de Galicia: Ludwig van Beethoven'
- 'Orquestra Sinfónica de Galicia: Johann Sebastian Bach e W.A. Mozart'
- 'Real Filharmonía de Galicia: Bedřich Smetana e Johannes Brahms'

Máis que música

- 'Os cantos rolados'
- 'Ondas novas'
- 'Alalá'
- '100 anos de verbena galega'
- 'Meniños cantores: Cantamos nós'
- 'No carro da música'

Longametraxes documentais

- 'Auto das ánimas' (estrea en exclusiva e por tempo limitado na OTT)
- 'O gran Camiño'
- 'Nación de Muchachos'
- 'A virxe roxa' (estrea OTT)
- 'Nación'
- 'Os días afogados'
- 'María Casares. A muller que viviu mil vidas'
- 'Tódalas mulleres que coñezo'

- 'Trinta lumes'
- 'Os Ancares, a serra esquecida'
- 'Esquece Monelos'
- 'Verde, a cor da soidade'
- 'Vigo 1972'
- 'A Seara'
- 'Noite irisada'
- 'O soño de papá'
- 'O futuro da mente'
- 'Alén da terra'
- 'Entre pastores e lobos'

Sofá, manta e flocos de millo

- 'O vello que saíu pola ventá e escapou'
- 'A gran sedución'
- 'Un italiano en Noruega'
- 'Benvidos ao sur'
- 'Cuñados'

As series da túa vida

- 'Mareas vivas'
- 'Pratos combinados'
- 'Padre Casares'
- 'Matalobos'
- 'Serramoura'

O último en cultura

- 'Zigzag diario'
- 'Zeta'
- 'Zigzag fin de semana'
- 'As mil e unha páxinas'
- 'Danza no foco'
- 'No carro da música'

Novo Cinema Galego

- 'O que arde'
- 'Lúa vermella' (estrea OTT)
- 'Eles transportan a morte' (estrea OTT)
- 'Trote'

- 'Arima'
- 'Nación'
- 'A estación violenta'
- 'A virxe roxa'
- 'Trinta lumes'
- 'Tódalas mulleres que coñezo'
- 'Dhogs'
- 'Ons'

Lingua e literatura

- 'As cinco vilas literarias de Galicia' (estrea OTT)
- 'As mil e unha páxinas'
- 'Florencio Delgado Gurriarán. O soño da Galicia infinda'
- 'Xela Arias. A palabra esgazada'
- 'Francisco Fernández del Riego. O que nunca se rendeu'.
- 'Xeración Nós'
- '#DígochoEu'

Historia e arte

- 'A grande epopea de Galicia' (estrea OTT)
- 'O reino suevo de Galicia'
- 'Galicia de 20 a 20'
- 'Os castelos'
- 'Os castros'
- 'Catedrais de Galicia'

Nomes propios

- '[Galeg@s](#)' (estrea da última temporada na OTT)
- 'En feminino singular'
- 'Os nosos sabios'
- 'Facendo as Américas'
- 'O gato con botas'

Adrenalina e suspense

- 'O zulú'
- 'Quen a ferro mata'

- 'O home perfecto'
- 'A sombra da lei'
- 'A illa das mentiras'
- 'O descoñecido'
- 'Kon-Tiki'
- 'Cela 211'

Informativos

- 'Bos días'
- 'A revista'
- 'Galicia noticias'
- 'Telexornal mediodía'
- 'Telexornal serán'
- 'Atmosféricos'
- 'Vivir o mar'
- 'Labranza'

Deportes

- 'Un século de afouteza'
- 'Cando fomos os mellores'
- 'As nosas'
- 'Talento galego'
- 'Aqueles maravillosos anos'
- 'En Xogo histórico'
- 'Montañas de aventura'

Pasou o que pasou

- Fragmentos do arquivo histórico da CRTVG

A nosa xente

- 'A porta aberta'
- 'Desertores do asfalto'
- 'Imos indo'
- 'Cos pés na terra'
- 'En feminino singular'
- 'Furallolos'

Series documentais

- 'Rockefeller en Mondariz'
- 'Pedra a pedra'

- 'Galicia de 20 a 20'
- 'Desmontando Galicia'
- 'Os nosos sabios'
- 'O peso da cociña galega: Picadillo'
- 'Florencio Delgado Gurriarán. O soño da Galicia infinda'
- 'Xela Arias. A palabra esgazada'
- 'Francisco Fernández del Riego. O que nunca se rendeu.'
- 'A grande epopea de Galicia' (estrea OTT)
- 'O reino suevo de Galicia'
- 'Galicia de 20 a 20'
- 'Os castelos'
- 'Os castros'
- 'Catedrais de Galicia'

Lecer

- 'Visítame nun día'
- 'loga con Hanh'
- 'Montañas de aventura'

Cociña e gastronomía

- 'Estache bo!'
- 'A voltas co prato'
- 'O caderno de Isabel'
- 'Larpeiros social club'
- 'Ata a cociña'
- 'O peso da cociña galega'

Os videopodcasts que non podes perder

- 'Lambóns de viaxe'
- 'O impostor'
- 'Zeta'

Descuberta

- 'Alén da terra'
- 'O futuro da mente'
- 'A seara'
- 'Entre pastores e lobos'
- 'A serra esquecida'

Películas e documentais

- ‘María Casares. A muller que viviu mil vidas’
- ‘Tódalas mulleres que coñezo’
- ‘Trinta lumes’
- ‘Os Ancares, a serra esquecida’
- ‘Esquece Monelos’
- ‘Verde, a cor da soidade’
- ‘Vigo 1972’
- ‘A Seara’
- ‘Noite irisada’
- ‘O soño de papá’
- ‘O futuro da mente’
- ‘Alén da terra’
- ‘Entre pastores e lobos’
- ‘Jacinto’ (estrea na OTT)
- ‘A illa das mentiras’
- ‘Tres’
- ‘O que arde’
- ‘Malencolía’
- ‘Cuñados’
- ‘Quen a ferro mata’
- ‘Ons’
- ‘O auto das ánimas’ (estrea en exclusiva e por tempo limitado)
- ‘O gran Camiño’
- ‘Nación de Muchachos’
- ‘A virxe roxa’ (estrea OTT)
- ‘Nación’
- ‘Os días afogados’
- ‘Arima’
- ‘Dhogs’
- ‘Eroski Paraíso’
- ‘A sombra da lei’
- ‘A esmorga’
- ‘O descoñecido’
- ‘Vilamor’
- ‘18 comidas’
- ‘Engurras’
- ‘Cela 211’
- ‘Pradolongo’
- ‘Trote’
- ‘A estación violenta’
- ‘Eles transportan a morte’
- ‘Lúa vermella’

A continuación inclúense as estreas destacadas de cada mes que se foron incorporando ao catálogo da plataforma.

FEBREIRO

Ficción galega

‘Na Gloria’

Serie protagonizada por Xosé Antonio Touriñán, Iolanda Castaño, David Perdomo, Lucía Veiga e Dani Rovira. Na parroquia da Gloria vivíase ben... ata que chegaron unha galega retornada e un cociñeiro andaluz e abriron un hotel "refinado".

‘Que fixemos mal?’

Filme dirixido por Liliana Torres. A protagonista, Lili, é infeliz coa súa parella. Antes de tiralo todo pola borda intentará atopar os motivos que a fan sentirse así. Busca tres

persoas que foron capitais na súa vida para facerlles unha entrevista. A pregunta inicial é: que fixemos mal?

‘María (e os demais)’

Filme dirixido por Nely Reguera. Desde que morreu a súa nai, María asumiu o rol de coidadora dentro da familia. Pero a situación persoal de seu pai cambia, e o escenario vital de María muda por completo. Con 35 anos, a nosa protagonista descobre que por moita ilusión que lles poñamos ás fantasías, a realidade acaba por impoñerse.

‘As altas presións’

Filme dirixido por Ángel Santos. Miguel marchou a Madrid a estudar cine. Agora volve ao lugar onde medrou para buscar localizacións para unha película. Percorrendo a paisaxe da infancia acaba debuxando un novo escenario emocional, onde conviven a súa crise persoal, os vellos amigos e a posibilidade dunha relación amorosa.

Ficción non galega

‘Os crimes de Port Talbot’

Serie británica baseada en feitos reais: os asasinatos de tres mozas no Reino Unido nos anos 70, e a investigación policial que rematou 30 anos despois grazas aos avances do ADN.

‘Le week-end’

Filme en que Nick e Meg, unha parella británica, volven a París moitos anos despois da súa lúa de mel para tentar revitalizar o seu matrimonio.

Divulgación

‘Historias de aquí: Viaxe á fin da noite santiaguesa’

O 10 de outubro de 1990 unha bomba explotou por erro no templo da movida compostelá, a discoteca Clangor, con 200 estudantes no seu interior. No medio do horror os estudantes e os traballadores do local axudan aos feridos e incluso os levan ata os hospitais nos seus utilitarios. As vítimas revelan as secuelas físicas e psicolóxicas que perduran no tempo.

‘Luz Fandiño, a poeta analfabeta’

Longametraxe documental galega dirixida por Sonia Méndez. Analiza a figura de Luz Fandiño, unha das voces vivas da emigración galega, da cal volveu pobre pero moi consciente da súa identidade, a súa lingua e o seu xénero.

‘Se ti souberas’

Programa nativo dixital incluído na categoría ‘A nosa xente’ que pon en valor algúns *influencers* galegos de antes. Moito antes da chegada de TikTok ou Instagram, houbo persoas que romperon barreiras desde diferentes puntos de Galicia. Artistas, deseñadores ou escritores que abriron camiños sen a axuda nin o éxito das redes sociais.

‘Carrusel especial Día de Rosalía 2024’

Co gallo do Día de Rosalía publicouse unha sección especial durante un mes:

- ‘Contou Rosalía’: ‘TV movie’ dirixida por Zaza Ceballos. Primeira ficción sobre a poeta e novelista galega, unha nova ollada sobre o seu legado como escritora, pensadora e feminista.
- ‘Cantares gallegos’: documental de produción propia interna que analiza desde novas perspectivas esta obra de referencia de Rosalía.

Programas

‘Sección Entroido 2024’

Dentro da categoría Programas abriuse unha sección cun deseño especial con:

- ‘A gran batalla do Entroido’. Programa en que se enfrontaron máscaras tradicionais das catro provincias para determinar, por votación popular, a máis valorada.
- ‘Soño contigo: o Entroido’. Coa axuda dun dron o programa descubren quen se agocha detrás de tanta máscara, debaixo de tanto traxe e quen organiza tanta troula.

MARZO

Día da Muller 2024 en AGalega.gal

Carrusel ‘Grazas a elas’

O 8 de marzo é a xornada en que se reivindica a loita pola igualdade formal e real de dereitos e oportunidades para as mulleres. A plataforma AGalega.gal dedicou a semana a visibilizar o papel de mulleres que idearon e protagonizaron as avances sociais, a través de cinco ficcións que relatan a súa vida, obras e conquistas.

- ‘Soffía Casanova, a obreira do pensamento’, 2022, dirixida por Zaza Ceballos.
- ‘Contou Rosalía’, 2018, sobre Rosalía Castro, dirixida por Zaza Ceballos.
- ‘Juana de Vega, vizcondesa do arado’, 2017, dirixida por Zaza Ceballos.
- ‘Concepción Arenal, a visitadora de cárceres’, 2012, dirixida por Laura Mañá.
- ‘Emilia Pardo Bazán, a condessa rebelde’, 2011, dirixida por Zaza Ceballos.

Serie ‘Carmen Curlers’

Serie danesa que conta unha historia real: como a invención nos anos 60 do rizador eléctrico supuxo unha revolución para as mulleres. Por dúas razóns: a primeira, porque reduciu horas de estancia e molestias no salón de peiteado e, a segunda, porque permitiu acceder ao mercado de traballo a case 3.500 amas de casa da vila natal do invento, o que supuxo a súa independencia económica e un cambio nos roles familiares que non foi ben acollido por moitos homes.

Miniserie ‘Cara bonita’

Unha comedia para falar en serio sobre a muller e a aceptación do seu corpo. Produción alemá que se puxo a disposición na sección Xeración Z. Ao longo de seis episodios coñecemos a historia de Gigi, unha rapaza que recibe do seu mozo un singular agasallo: unha estadia nun campamento para persoas con exceso de peso. Esta serie convida a audiencia a unha reflexión sobre a percepción do propio corpo e a ‘gordofobia’ imperante na sociedade actual.

Carrusel 'Elas dirixen'

Escolma de longametraxes documentais e de ficción dirixidas por mulleres que estivo dispoñible durante un mes. Incluíu películas de diverso corte, como 'A illa das mentiras', de Paula Cons, que conta a historia de 3 mulleres que salvaron máis de 50 sobreviventes do naufraxio do chamado Titanic galego; 'Sei quen es', da falecida Patricia Ferreira, ou a primeira longa de Jaione Camborda, 'Arima', ademais doutras de directoras como Nely Reguera, Anxos Fazáns ou Zaza Ceballos, sen descoidar a animación, representada por 'Meigallos', dirixida por Virginia Curiá, e 'Valentina', de Chelo Loureiro, gañadora do Goya á mellor longametraxe de animación en 2022.

Na área dos documentais inclúense longametraxes como 'Nación', de Margarita Ledo, sobre a loita das traballadoras de Pontesa, ou 'A poeta analfabeta', de Sonia Méndez, un retrato da poeta e activista Luz Fandiño, entre obras de Ángeles Huerta ('Esquece Monelos'), Sandra Sánchez ('Tralas luces'), Xiana do Teixeiro ('Tódalas mulleres que coñezo'), Diana Toucedo ('Trinta lumes'), Bea Vázquez Campaña ('Noite irisada') ou Ruth Chao ('Alén da terra, O futuro da mente').

Longametraxe documental 'Woman'

Proxecto a nivel mundial con testemuñas de máis de 2.000 mulleres de 50 países. Son voces moi diferentes, desde xefas de estado ata raíñas de beleza, labregas, indíxenas, empresarias ou empregadas, con discapacidades e sen elas, lesbianas, trans... Todas falan do seu día a día, dos problemas que afrontan, da maternidade, da menstruación ou da sexualidade, das súas fortalezas e debilidades, conformando unha visión fascinante do mundo na que se manifesta que, pese ás diferencias de orixe, cultura ou situación económica, teñen moito en común.

Outros contidos destacados en marzo

Ficción galega

'Código emperador'

Longametraxe baseada en feitos reais dirixida por Jorge Coira e protagonizada por Luís Tosar. Juan traballa para os servizos secretos e ten unha dobre misión. Por un lado, achegarse a unha parella implicada no tráfico de armas e, por outro, un encargo "non oficial": buscar ou inventar os trapos sucios dun político para protexer os intereses das elites máis poderosas do país.

'Os Crebinsky'

Longametraxe dirixida por Enrique Otero Suárez que recrea un universo fantasioso e particular de humor negro. Cando a chuvia torrencial provoca a enchente do río que inunda a vila, a corrente arrastra os irmáns Crebinsky e a súa vaca. Aparecen vivos nun lugar da costa, Trasisto. Os irmáns, illados da súa contorna, sobreviven a base de ir recollendo cousas que trae o mar, as crebas.

Ficción non galega

‘Voando xuntos’

Longametraxe francesa baseada nunha historia real que conta a historia de Christian, especialista nas rutas migratorias dos gansos salvaxes que involucra o seu fillo adolescente nunha aventura para salvarlos da extinción.

‘As do hóckey’

Serie dirixida á mocidade que conta as aventuras e desventuras das xogadoras dun equipo de hóckey, o Minerva. Ademais de xogar, Emma, Berta, Flor, Laila, Lorena, Raquel e as demais experimentan os altos e baixos da adolescencia, coas súas alegrías e problemas, éxitos e fracasos nos estudos, e maduran xunto aos seus pais, adestradoras e compañeiros do equipo masculino.

Divulgación

‘Historias de aquí. Os aneis de Santo Estevo’

No corazón da Ribeira Sacra, o mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil leva séculos escondendo un tesouro de incalculable valor. Onde están os nove aneis dos bispos de Santo Estevo? Segundo a lenda, esas xoias tiñan a capacidade de curar os enfermos. Pero desapareceron.

‘Xa choveu’

Serie documental nativa dixital que revela segredos da historia de Galicia cun estilo desenfadado, á vez que ilustra anécdotas descoñecidas dos acontecementos históricos.

‘Incalculable’

Serie documental nativa dixital que, en pequenas pezas que combinan imaxes de alta definición con realidade aumentada, explica como viven, como sobreviven e como se relacionan especies animais e vexetais galegas.

‘Buscadores de naufraxios’

Serie documental galega de dezaseis episodios sobre barcos afundidos nas nosas costas en distintas épocas e a busca dos seus restos. Dirixida por Edu Lavandeira.

‘O futuro é das cabras’

Mediametraxe de Óliver Laxe no que un grupo de arqueólogos comeza os traballos de estudo do castro do Teso da Ermida nos Ancares. Na outra ladeira, Suso e Oliver, veciños de Vilela, preparan o peche para introducir cabras nunha zona abandonada. Pretenden facer un cinto que protexa as casas e o monte dos posibles incendios.

Programas

‘Historias mínimas’

Programa de 27 episodios construído coa realidade de xente común que, captada na rúa e sen guión previo, relata experiencias que lle marcaron a vida. O único requisito é que as historias sexan de verdade e que resultasen transcendentales para quen as viviu.

Ficción galega

‘Os metarquivos’

Serie de animación estreada na categoría ‘Xeración Zeta’. Ambientada en mundos fantásticos e futuros distópicos, combina a intelixencia artificial coa ilustración nos procesos de animación. O realizador Xaime Miranda, gañador dun premio Mestre Mateo por ‘Esquimais’, volve empregar a IA nesta produción nativa dixital.

‘Rent-a-pal’

Microserie que conta, en capítulos autoconclusivos, diversos encontros que ten a protagonista con descoñecidos. Andrea leva máis dun ano no paro cando decide aceptar un traballo singular: convértese en empregada de Rent-a-pal, unha axencia de alugueiro de amizades para persoas que se senten soas.

Ficción estranxeira en galego

‘Revolución sen sangue’

Baseada en feitos reais, esta película portuguesa conta a historia de catro mozos que morreron o 25 de abril de 1974 en Lisboa, durante a revolución dos cravos que acabou co réxime ditatorial do chamado “estado novo”. Esta película estivo dispoñible na data na que se cumpriron os 50 anos da Revolución dos Caraveis portuguesa.

‘A sociedade literaria e o pastel de pel de pataca’

Película británica que conta a historia dunha moza escritora que, no tempo da posguerra, viaxa á pequena illa de Guernsey, no Canal da Mancha, para coñecer un peculiar club de lectura que lle cambiará a vida.

‘O val escuro’

Película coprodución austro-alemá que conta a historia dun forasteiro que, a mediados do século XIX, chega a un recuncho illado dos Alpes austríacos dominado por un clan de leñadores.

Divulgación

‘Historias de aquí: Mar Exeo’

O 3 de decembro de 1992 o buque Mar Exeo, con oitenta mil toneladas de cru, encallou aos pés da Torre de Hércules. Ante a inminente explosión do barco, o desafío é evacuar a tripulación e minimizar o desastre. O alcalde da cidade ou o director da Mariña Mercante, contan que a clave foi o entendemento político e a designación dunha voz única: a gobernadora civil.

‘Xeración porno’

Está a industria do porno marcando a vida sexual das xeracións máis novas? Esta serie documental establece un diálogo directo con catro familias con fillos adolescentes, con profesionais da industria do porno e con expertos en educación sexual. O obxectivo é facer reflexionar o espectador sobre o tipo de educación sexual que está a recibir a mocidade.

‘A cero.5’

Documental autobiográfico que relata a vivencia do vigués Gonzalo Suárez, que estudaba Audiovisual cando quedou parapléxico a raíz dun accidente. Gonzalo empezou a practicar baloncesto en cadeira de rodas para non estar só e seguir a súa rehabilitación.

Programas

‘Curando o mundo’

Estrea en exclusiva do programa protagonizado polo cirurxián coruñés Diego González Rivas, que percorre o mundo ensinando a súa técnica minimamente invasiva en operacións de pulmón.

Contidos de nicho

‘Real Filharmonía de Galicia: Felix Mendelssohn’

Na sección ‘Palco’ púxose á disposición este concerto baixo a dirección de Paul Daniel, a Real Filharmonía de Galicia interpreta varias obras de Felix Mendelssohn: a abertura de ‘A bela Melusina, op. 32’, o ‘Concerto para piano nº 2 en re menor, op. 40’ e a ‘Sinfonía nº3 en la menor, op. 56’ “Escocesa”.

MAIO

[As Letras Galegas 2024 en AGalega.gal](http://AGalega.gal)

‘Luisa Villalta: a rebelión da palabra’

Estrea da serie documental sobre a figura homenaxeada nese ano. Producida pola Real Academia Galega, esta serie de 6 capítulos incorpora artistas do ámbito da poesía, a música e as artes escénicas para achegar o público á esencia da artista coruñesa, comprometida coa igualdade de xénero a través da poesía, o ensaio, o teatro e a narrativa de ficción.

Publicación dunha segunda liña de programas unitarios de lingua e literatura en que se incluíron estes contidos:

- ‘Letras de Galicia’: documental sobre os homenaxeados no Día das Letras Galegas, desde Afonso X a Rosalía de Castro, pasando por Curros ou Cunqueiro, que constitúe á vez unha escolma da historia da literatura galega desde o medievo ata hoxe.
- ‘Versogramas’: o primeiro documental sobre o fenómeno internacional da videopoesía que conta coa voz de videopoetas e persoas investigadoras de todo o mundo.

- ‘As Irmandades da Fala’: documental que fai unha crónica do nacemento, o significado e o legado das Irmandades da Fala
- ‘Cantares Galegos’: documental sobre esta obra de referencia de Rosalía de Castro.
- ‘Cantigas de Celso Emilio’: documental sobre a figura do poeta galego máis musicado.

- ‘Manuel María. Paixón de palabra e terra’: documental que percorre os lugares vivenciais do poeta enfiando historias, anécdotas persoais e amizades para profundar na faceta humana do autor.
- ‘Cunqueiro: o señor das palabras’: documental sobre a vida, a obra e o tempo histórico de Cunqueiro contados por el mesmo

Retransmisións en directo:

- Gala de entrega dos III Premios escolares DigochoEu de videos en galego, celebrada na Cidade da Cultura de Santiago e producida pola CRTVG. Tamén se complementou coa posta á disposición dos vídeos realizados polos 12 finalistas na plataforma.
- Concerto das Letras Galegas 2024, organizado polo Consello da Cultura Galega, foi en directo desde o Teatro Colón da Coruña.

‘Unicorn Wars’

Filme galego que recolleu o premio Goya a mellor película de animación no 2023.

Posta a disposición programas especiais da TVG:

- ‘Zigzag Especial Luísa Villalta’: Programa que inclúe unha conversa con Susana Villalta, irmá da homenaxeada, e ofrece varias reportaxes sobre a súa vida e obra.
- ‘Os marcos invisibles’, capítulo do programa ‘Soño contigo’ en que se percorren as zonas limítrofes con Galicia que usan o galego en Asturias, León e Zamora.
- ‘Os zetas falan galego’, dúas entregas con xente nova que emprega o galego no seu día a día.

Outros contidos destacados en maio

Ficción galega

‘Os fenómenos’

Longametraxe dirixida por Alfonso Zarauza. A película conta a historia dunha muller que entra no mundo da construción, convertendo a súa cuadrilla nun grupo inédito.

Ficción non galega

‘Cúpula 16’

Serie norueguesa de ciencia ficción e ambientada no ano 2140 que amosa un mundo dividido en zonas climáticas. Os máis privilexiados viven en cúpulas que os protexen das pandemias, o clima extremo, a contaminación e o malestar social. A esas cúpulas acoden traballadores do exterior. Antón vive na cúpula 16. Emma é do exterior. E cando se cruzan os seus camiños farán o que sexa para estar xuntos.

‘Diplomacia’

Longametraxe francesa que conta como, durante os últimos días do dominio alemán na capital francesa, o cónsul sueco en París debe convencer o gobernador militar alemán de que non execute a orde de activar os explosivos que farían voar os principais monumentos da capital francesa: o Louvre, Nôtre-Dáme e a Torre Eiffel, entre outros

‘A familia que ti elixes’

Longametraxe norteamericana que conta o periplo de Zak, un rapaz con síndrome de Down que escapa da residencia para converterse en loitador profesional. Bate con Tyler, que foxe duns homes que queren axustar contas con el, e a eles unírase Eleanor, unha cuidadora da residencia de Zak, na súa viaxe cara a Florida.

Divulgación

‘A viaxe de Lucy’

Longametraxe documental dirixida por Ruth Chao que conta a viaxe da sonda espacial Lucy a seis asteroides de Xúpiter buscando as orixes do noso sistema. Por primeira vez na historia unha viaxe axuda a desvelar o enigma das orixes do sistema solar.

Contidos de nicho

‘Somos criminais’

Espectáculo teatral publicado na sección ‘Palco’ no que Carlos Blanco e Xosé Touriñán analizan Galicia e os seus habitantes e dramatizan crimes autóctonos en clave de humor en todas as súas variables.

‘AGalegaFest A Coruña’

Espectáculo da música emerxente galega, coas actuacións de Ortiga, Mondra, Grande Amore, Boyanka Kostova e Mundo Prestixio.

Directos de entretemento

‘Orquestra Panorama dende a Praza do Obradoiro’

Produción propia da CRTVG e primeira retransmisión de concertos na plataforma. Co gallo das Festas da Ascensión 2024, a orquestra Panorama actuou durante máis de tres horas na Praza do Obradoiro presentando a súa xira IA Tour.

‘Gala de entrega dos XI Premios Martín Códax da música’

Retransmisión en directo e posta a disposición da gala de entrega dos XI Premios Martín Códax da música, desde o Pazo da Cultura de Pontevedra.

XUÑO

Ficción galega

‘Saudade de ti’

Serie galega que parte dun tráxico accidente de tráfico en que morren dúas persoas, que sacode a vida de tres familias e obriga unha doutora nova, filla dunha das falecidas, a facerse cargo do seu pai e da consulta médica da vila. A aparición da nova doutora desata un rego de paixóns.

A estratexia de publicación desta serie comezou poñendo os capítulos a disposición tras a súa emisión en TVG, e nas últimas tres semanas da súa emisión preestreadáronse os capítulos na plataforma.

‘María Solinha’

Longametraxe dirixida por Ignacio Vilar. Unha moza representa no teatro a historia de María Solinha, unha viúva de Cangas acusada de bruxería e queimada pola Inquisición no s.XVII. Mentres a interpreta, sofre ecos da agresión que viviu a súa personaxe.

‘Os demos de barro’

Longametraxe de animación participada por Televisión de Galicia. Foi candidata ao Goya 2023 na categoría de animación e gañadora en 2024 de dous Premios Sophia, os galardóns da Academia Portuguesa do Cine. A súa protagonista é Rosa, unha profesional de éxito que amasara uns demos de arxila co seu avó. Trala morte do ancián, as figuras cobran vida para resolver asuntos pendentes.

Ficción non galega

‘É pecado’

Miniserie británica de cinco capítulos ambientada en Londres entre 1981 e 1991 que escribe a vida dun grupo de homosexuais e os seus amigos durante a crise do VIH/SIDA no Reino Unido.

‘Sweet Virginia’

Longametraxe norteamericana cualificada como ‘thriller indie’. Conta a historia de Sam, un home que foi campión de rodeos e agora vive apartado nunha vila pequena de Alaska, onde rexenta un motel. Un sanguento atraco na zona, que acaba en asasinato, levarao a unha situación que non espera e chea de violencia.

Divulgación

‘Historias de aquí: O Edén’

‘Historias de aquí’ é unha serie que fusiona o documental e a ficción para dar unha perspectiva única sobre acontecementos e fitos culturais.

Ademais de vender plantas, unha herboristería de Vigo comeza a facer traballos espirituais. Será o xerme da poderosa organización relixiosa dos miguelianos, que pronto contou cunha casa nai en Oia onde vivían ducias de seguidores do líder, Miguel Rosendo.

‘Elisa e Marcela en 10 imaxes’

Serie documental que, en dez breves capítulos, relata a historia do matrimonio de Elisa e Marcela na Galicia de comezos do século XX, un suceso con repercusión internacional. O audiovisual percorre os lugares polos que transcorreu a vida das dúas protagonistas. Foi publicada na categoría ‘A nosa xente’.

‘Inside the Iranian uprising’

Longametraxe documental producida pola BBC en 2023. Permite ver desde dentro, e baixo unha nova luz, un réxime baixo unha presión sen precedentes tras as protestas que sacudiron Irán desde a morte dunha moza en custodia policial, cunha colección de imaxes filmadas polos manifestantes, moitas das cales nunca foron vistas previamente.

‘Antártica, a viaxe á fin da terra’

Longametraxe documental ucraína que segue os pasos dos primeiros exploradores da Antártida, e aproxímanos ás viaxes que se realizaron ata alí hoxe en día. Unha visita a un dos lugares máis remotos do planeta para descubrir todo o seu esplendor e a fascinante beleza dos seus tesouros naturais.

‘Xeración 0’

Serie documental de dez capítulos breves dirixida á mocidade da Xeración Zeta. Ofrece ideas e consellos para achegármonos o máis posible ao "residuo cero".

Contidos de nicho

‘Música no foco’

Programa publicado en ‘Xeración Zeta’ no que artistas da música contemporánea galega interpretan cancións en pequenas cápsulas visuais coa natureza como escenario. Inclúe artistas como Hydn, Mounqup, Cristina Pena, Filloas ou Mondra, entre outros .

‘Raíña-me’

O primeiro programa drag en galego. A artista e *performer* Alexa Evans abre as portas do seu “odragoiro” a un convidado ou convidada especial para transformar o seu aspecto por completo e comprobar, con retos sorprendentes e entrevistas lixeiras, se teñen o que fai falta para converterse nunha raíña do drag, con novo nome incluído.

‘Don Pasquale’

Representación, cun enfoque moderno e innovador, desta ópera bufa en tres actos con música de Gaetano Donizetti, considerada a última das grandes óperas cómicas italianas. Foi publicado en ‘Palco’.

‘Chungo’

Luís Zahera presenta nun teatro o monólogo da súa vida. O actor repasa diversas anécdotas da súa vida, que transportan ao público ao surrealismo que el afronta cada mañá ao espertar. Experiencias da infancia, os primeiros pasos como actor e historias cheas de humor de como a vida o levou a ser ‘chungo’. Este episodio da serie ‘Fila 1’ de teatro para televisión foi publicado en ‘Palco’.

Día de Galicia: 25 de xullo de 2024

AGalega.gal conmemorou a festividade do Día de Galicia coa estrea de:

‘Paradas no Camiño’

Publicado na categoría de ‘Lecer’, este programa presentado pola *youtuber* e peregrina Cristina Maró amosa a gran riqueza da ruta do Camiño de Santiago portugués. Dá consellos, información útil sobre os lugares e recomendacións das mellores opcións gastronómicas.

‘Elías Valiña, o inventor das frechas amarelas’

Documental que recupera a historia vital de Elías Valiña Sampedro, o cura do Cebreiro, principal responsable do rexurdimento dos Camiños de Santiago no século XX e inventor das características frechas amarelas que o sinalizan.

‘Entrega das Medallas de Galicia’

Retransmisión en directo o 24 de xullo e posterior posta á disposición do acto de entrega das Medallas de Galicia 2024 que recibiron o actor Luís Tosar, a produtora de cine Zaza Ceballos e a Academia Galega do Audiovisual.

‘Sesión fóra do sitio’

Programa musical que amosa o traballo de intérpretes emerxentes en lugares inesperados e diferentes. Estreáronse todos os capítulos na plataforma o 24 de xullo.

‘O home e o can’

Estrea da longametraxe galega protagonizada por Manuel Manquiña e dirixida por Ángel de la Cruz. Conta a historia de Manuel, un sexaxenario coas súas capacidades intelectuais minguadas e último habitante da súa aldea, acompañado polo seu can. Cando este ten un accidente, debe viaxar ao descoñecido mundo da cidade.

‘Beato, a orixe do Xacobeo’

Estrea da longametraxe documental que explora as orixes do Camiño de Santiago. A ‘lignum crucis’, o anaco máis grande conservado da cruz onde morreu Xesucristo, e un dos seus monxes gardiáns, Beato de Liébana, dan as respostas.

Posta á disposición dos programas especiais da emisión lineal da TVG

- ‘Gala do 24 de xullo Galician dance’
- ‘Retransmisión dos Fogos do Apóstolo’

Outros contidos destacados en xullo

Deportes

‘Olímpicos’

Sección da categoría de Deportes en que se incluíron reportaxes individualizadas dos dezaseis deportistas galegos que competiron nos Xogos Olímpicos de París 2024.

Ficción non galega

‘The feed’

Serie británica de ciencia ficción. Case todas as persoas do mundo teñen implantado o *feed*, un chip que permite estar conectados e gardar recordos.

‘Saliut-7, heroes do espazo’

Longametraxe rusa de ficción que narra unha das maiores fazañas cosmonáuticas da era soviética: o rescate da estación espacial non tripulada Saliut-7 na década dos 80, durante a etapa final da Guerra Fría.

‘Xubilación imposible 2’

Película francesa que conta que a parella formada por Marilou e Philippe prepárase para gozar da súa próxima xubilación en Portugal pero, cando está a punto de chegar, a súa vida vira de súpeto.

‘Gringo: búscase vivo ou morto’

Película estadounidense que xira en torno a un executivo dunha importante compañía farmacéutica que debe viaxar a México. Alí descobre que o seu laboratorio colabora cos narcos na comercialización dunha nova droga. Entre os narcos, mercenarios internacionais e a policía perseguíndoo, pasará de ser un cidadán exemplar a un desafortunado delincuente.

Divulgación

‘San Simón, a colonia penitenciaria’

Microserie documental nativa dixital que ofrece un relato distinto, fusionando animación e entrevistas, sobre a illa que se converteu no símbolo da represión franquista, do exterminio e da inxustiza.

‘Xosé Conde Corbal, creación e compromiso’

Longametraxe documental sobre Conde Corbal, pintor pontevedrés influído pola Xeración Nós cunha extensísima obra ás súas costas. O seu fardel componse de retratos, prazas, feiras, fauna e paisaxes; mais tamén reserva un espazo para a denuncia social cunha escura serie sobre os terribles sucesos da Guerra Civil.

Programas

‘O armario’

Programa nativo dixital que amosa os armarios de diversas persoas populares para coñecer máis sobre elas e sobre a súa forma de entender a moda. Estilos clásicos ou *vintage*, pezas que esconden anécdotas, de segunda man ou pezas de deseñador. A roupa é un medio máis para expresarse. Este programa foi publicado en ‘Xeración Zeta’.

Directos de entretemento

Concertos en directo:

- Festival Portamérica (4-6 xullo)
Incluíu a retransmisión dos seguintes concertos: Los Acebos, Mondra, Guadi Galego, Toquinho, Xoel López, Standstill, Carlos Sadness, Galician Army, Adrián Timms, Caloncho, The Rapants, Técnicas y Procedimientos e Arde Bogotá.
- Festival Ortigueira (12 de xullo)
Retransmisión en directo do concerto de Fillas de Cassandra durante o Festival de Música Celta.

Retransmisións de festas e tradicións:

- O Carme. Retransmisión en directo o 16 de xullo – e posterior posta a disposición das procesións marítimas que celebraban a festividade da Virxe do Carme en Foz, Camariñas e Cariño.
- Procesión dos cadaleitos de Santa Marta de Ribarteme. Retransmisión en directo – e posterior posta a disposición dunha das romarías máis antigas de Galicia, que se celebra cada 29 de xullo nesta parroquia do concello pontevedrés das Neves.

AGOSTO

Ficción galega

‘Operación Marea Negra II’

Estrea da segunda temporada desta serie dirixida por Daniel Calparsoro, participada pola TVG, e baseada na historia real do primeiro narcosubmarino interceptado en Europa, na ría de Aldán (Cangas).

Programas

‘Xogando en galego’

Programa nativo dixital dirixido á Xeración Zeta de cinco capítulos nos que Ángela Triana e Jon Amil fan un percorrido en pequenas pílulas polos videoxogos que se poden xogar en galego, que vai desde aventuras gráficas de estilo clásico a crebacabezas coloristas, pasando por xogos de conducción, naves e carrilanas.

Divulgación

‘Vida salvaxe’

Serie documental nativa dixital sobre a fauna salvaxe galega. Fálase con persoas que investigan esas especies e que contan como as estudan e cal é a importancia da súa conservación.

'Súbito, a historia da Polaroid'

Longametraxe documental que homenaxea unha cámara que marcou un antes e un despois no mundo da fotografía e que hoxe é obxecto de culto: a Polaroid.

Ficción non galega

'A fortuna de Hazelwood'

Serie británica sobre a familia propietaria e os empregados dunha mansión da campiña inglesa.

'Conexión Marsella'

Película francesa que rememora o mellor cine policial dos anos 70. Un xuíz enfróntase á poderosa mafia da heroína, a French Connection. Sen atender ás advertencias, lidera unha cruzada contra Gaëtan Zampa, o padriño máis intocable.

'O heroe de Berlín' (catch up 15 días)

Esta longametraxe canadense narra a historia do mítico atleta Jesse Owens, o coloso da velocidade que acadou a gloria nos Xogos Olímpicos de Berlín de 1936, cando deixou o mundo sen fala coas súas catro medallas de ouro que desmentían a teoría de Hitler sobre a supremacía da raza aria.

'Megan Leavey' (catch up 30 días)

Película estadounidense que conta a historia dunha muller que, tras a morte do seu mellor amigo, marcha da súa vila e enrólase nos Marines.

'Columbus circle' (catch up 30 días)

Película estadounidense protagonizada por Selma Blair que conta a historia de Abigail, unha muller que padece agorafobia e non pode saír de casa. Unha noite oe na escaleira os laios dunha muller maltratada polo seu marido e decide abri-lle a porta.

'Everly' (catch up 30 días)

Película de acción protagonizada por Salma Hayek, que encarna a Everly, unha prostituta que traballa como escrava sexual para un xefe do crime xaponés, Taiko, e que se debe enfrontar aos axentes que lle enviou este ao descubrir que estaba colaborando coa policía para derrubar a súa organización.

Directos de entretemento

- Desembarco Vikingo en Catoira. Retransmisión o 4 de agosto -e posterior posta a disposición- da Romaría Vikinga de Catoira, Festa de Interese Turístico Internacional.
- Festa da Istoría. Retransmisión o 31 de agosto -e posterior posta a disposición- do Gran Desfile da Festa da Istoría de Ribadavia.
- Festival Río Verbena. Concerto en directo de Lori Meyers o sábado 24 de agosto dende Pontevedra.

Ficción galega

‘Terapia de parella’

Microserie de ficción contada a través de redes sociais sobre tres parellas de idades diferentes, procedencias e xéneros, que acoden á consulta dunha terapeuta para tratar de salvar as súas relacións. Este contido naceu da primeira convocatoria de proxectos dixitais. Consta de tres capítulos nos que audiencia puido escoller o final a través dunha enquisa nas redes. O 13 de setembro estreouse na plataforma o capítulo co final votado pola audiencia.

‘Operación Marea Negra’ (temporada 3)

Publicación da terceira temporada desta serie dirixida por Daniel Calparsoro.

‘As leis de Celavella’

Posta á disposición dunha das series clásicas da TVG coas que viaxar á Galicia dos anos vinte nunha vila asolada polo crime.

‘O sabor das margaridas’ (temporada 1)

Thriller de 6 capítulos que comeza unha noite de 2010, días antes da chegada do papa Bieito XVI a Santiago, cando unha moza desaparece nunha gasoleira da vila de Muriás.

‘Mimosas’

Longametraxe de Óliver Laxe. Unha caravana acompaña o ancián moribundo Sheikh a Sijilmasa. A súa última vontade é ser enterrado xunto aos seus, pero morre mentres cruzan os escarpados cumes do Atlas marroquí. Os viaxeiros néganse a seguir transportando o cadáver. Ahmed e Said ofrécense a levar o seu corpo ata Sijilmasa.

Ficción non galega

‘Asher’

Filme americano protagonizado por Ron Perlman. Asher é un exmilitar que agora traballa como asasino a soldo, vive dunha maneira bastante humilde en Brooklyn e Sophie cambia a súa vida.

‘Air Force One’ (*catch up 7 días*)

Longametraxe estadounidense na que Harrison Ford encarna ao presidente do país, que viaxa no avión Air Force One coa súa muller e a súa filla cando o aparato é secuestrado por terroristas.

‘Que ruína de función!’ (*catch up 7 días*)

Película estadounidense sobre un autor teatral a punto de estrear a súa obra que contempla as loitas persoais entre os actores da compañía que fan perigar a función.

Divulgación

‘Historias de aquí. Marín, escola de oficiais’

Dende 1943, Marín alberga a Escola Naval Militar onde se forman os futuros oficiais da Armada española, que compaxinan os estudos de enxeñaría mecánica coa formación militar. O primeiro ano os alumnos aprenden os valores da vida militar e fan prácticas en simulador de barco, tácticas de combate ou saídas en barcos de vela. A formación remata cunha singradura de instrución no buque escola Juan Sebastián Elcano.

‘Galegos D'ouro’

Unha longametraxe documental en que se afonda na historia das ribeiras portuguesas do río Douro, que está vinculada a moitos galegos e galegas que foron traballar alí para facer os socalcos, dándolle así a estas ribeiras a súa feitura.

Programas

‘Sexo con senso’

Programa nativo dixital de contido afectivo-sexual cun enfoque integral e divertido, presentado por Lidia Lestegás e publicado na sección ‘Xeración Zeta’.

Directos de entretemento

‘O rosario dos fachos’

Retransmisión en directo e posta a disposición da Procesión dos Fachos e rezo do Rosario no santuario dos Milagres de Baños de Molgas (Ourense), o 7 de setembro.

‘Cantando as corenta’

Retransmisión en directo e posta a disposición do programa de presentación da programación da nova temporada de outono da TVG, desde Vigo, o sábado 14 de setembro.

‘Festival Revenidas’

Retransmisión en directo dos concertos de The Rapants, El Kanka e Rebeliom do Inframundo no Festival das Revenidas, en Vilaxoán de Arousa, o 14 de setembro.

OUTUBRO

Ficción galega

‘O corpo aberto’

Estrea do premiado filme galego dirixido por Ángeles Huerta, wéstern gótico que sorprende pola súa feitura técnica e a atmosfera envolvente. Gañou 13 Premios Mestre Mateo no 2022 (incluíndo mellor película e mellor dirección) e foi recoñecida co prestixioso galardón Melies d'Argent á Mellor Película Fantástica Europea do ano.

‘Luci’

Posta á disposición de todos os capítulos desta serie creada por Alfonso Blanco, Pepe Coira, Araceli Gonda e Jorge Coira. Luci é unha muller normal, ten 37 anos, un

traballo en mantemento de parques e xardíns, un piso coa hipoteca a medio pagar, un fillo que xa non está en idade de acariñar, un exmarido do que se acaba de separar e unha irmá coa que fala por teléfono todas as noites.

Divulgación

‘Historias de aquí: A última balea’

No século XX, Galicia foi unha das industrias baleeiras máis poderosas de Europa. Ao porto de Caneliñas podían chegar máis de 200 exemplares ao ano. Esa época próspera é narrada polos seus protagonistas: traballadoras da fábrica, mariños, biólogos e ecoloxistas. Paralelamente, no documental recréase a historia da última balea a través da conversa dun neto co seu avó, que foi un dos últimos arpadores.

‘Agromantes’

Longametraxe documental galega dirixida por Cora Peña, na que un grupo de persoas se reúne para compartir as súas experiencias de tolemia e psiquiatrización nun xogo de escenificación improvisada.

‘Desmontando a Barbie’ (*catch up 30 días*)

Longametraxe documental na que descubrir como durante 60 anos, Barbie foi unha icona da moda e tamén o centro dunha das discusións feministas máis polémicas con respecto á loita pola igualdade e a perspectiva de xénero. O documental conta o proceso co que a empresa Mattel, en plena crise de marca, busca conectar coas novas xeracións actualizando a boneca e facéndoa máis parecida á muller moderna.

‘George Romero: zombis e Santa Compañía’

Un documental sobre o director da primeira película de zombis que ten raíces galegas, unha raíces que marcan a súa traxectoria profesional no cine de terror e que pode ter relación cas historias que na súa nenez escoitaba da súa avoa sobre a Santa Compañía.

Ficción non galega

‘Merlí’

A premiada serie catalá estreouse na sección ‘Xeración Zeta’. O seu protagonista, Merlí Bergeron, é moito máis que un profesor de filosofía de bacharelato. Os seus métodos pouco ortodoxos estimulan os seus alumnos a pensar libremente.

‘Informer’

Serie tipo ‘thriller’ da BBC. Un mozo londiniense de orixe paquistaní vese na obriga de comezar traballar como confidente para Gabriel Waters, responsable da unidade antiterrorista da policía británica.

‘Dáme os teus ollos’ (*catch up 30 días*)

Esta película narra a historia de Gina, unha muller que quedou cega nun accidente de tráfico cando era nena e que consegue recuperar parcialmente a vista tras un transplante de córnea.

'O derradeiro desafío' (catch up 15 días)

Filme en que un narcotraficante escapa da xustiza e foxe en dirección a México. Só o shériff dunha pequena cidade fronteiriza e os seus inexpertos axudantes obstaculizan a súa liberdade.

'Persecución mortal' (catch up 30 días)

Película en que un ladrón lle rouba a un narcotraficante unha gran cantidade de diñeiro coa que pretende retirarse.

'O duelo' (catch up 30 días)

Filme en que a David, un *ranger* de Texas de finais do século XIX, lle encargan a misión de investigar unha serie de asasinatos misteriosos na fronteira con México.

'O meu amigo Poli' (catch up 30 días)

Cécile decide salvar a Poli, maltratado poni estrela do circo que chega a vila. Fuxen nunha viaxe chea de imprevistos.

'Ao outro lado da lei' (catch up 30 días)

Película de adrenalina e suspense no que dous policíaas, un veterano do corpo (Mel Gibson) e o seu compañeiro (Vinde Vaughn) son suspendidos cando un vídeo das súas duras tácticas de detención de delincuentes se converte na noticia do día nos medios de comunicación.

Programas

'Recollendo músicas'

Programa nativo dixital que explora a pegada da música de raíz e os ritmos tradicionais galegos nas músicas actuais. Aмосa diferentes propostas de artistas e grupos que manteñen viva a tradición a través de novas linguaxes e sonoridades modernas.

Directos de entretemento

Retransmisión do concerto de Sés nas festas do San Froilán, Lugo, o 6 de outubro.

Contidos de nicho

'Il trovatore'

Estreada na sección 'Palco' esta ópera foi gravada en Vigo. Nela, Giuseppe Verdi adéntrase nos sentimentos máis extremos da humanidade, como o amor e o odio, a violencia e a calma, a vinganza e a tenrura

NOVEMBRO

25-N: Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

A plataforma AGalega.gal estreou e destacou varios contidos na semana do 25-N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller:

- Estrea do documental 'Contraaluz', que parte dunhas clases de autodefensa para vítimas de violencia de xénero, recollendo os testemuños das mulleres, e xerando preguntas nos espectadores sobre esta batalla silenciosa e o traballo que queda aínda por facer.
- Estrea do documental 'Onde máis doe', que se centra sen sensacionalismo na violencia vicaria a través do caso do parricida de Oza, que asasinou a golpes o seu fillo de 11 anos o Día da Nai de 2017.
- Destacouse o documental 'Woman', que recolle os testemuños de máis de 2.000 mulleres de 50 países distintos: xefas de Estado, raíñas de beleza, labregas, indíxenas, empresarias, obreiras, estudantes... Falan do seu día a día, as dificultades, a maternidade, a educación ou a desigualdade e do que significa ser muller no noso planeta.
- Destacouse a longametraxe documental 'Tódalas mulleres que coñezo', que recolle tres conversas da directora do documental, Xiana do Teixeiro, con amigas, colaboradoras e estudantes de secundaria sobre a violencia estrutural contra as mulleres e a fraude do mito da igualdade.

Ficción galega

'Pringadas' (temporada 1 e 2)

A primeira temporada foi a gañadora do premio á mellor serie web no Festival Carballo Interplay 2022 e mercada pola CRTVG para a súa posta á disposición na plataforma. Tamén se produciu unha segunda temporada estreada xusto a continuación da primeira. A serie conta a vida de tres universitarias da USC dende unha mirada feminista e transgresora e foi inicialmente estreada na sección 'Xeración Z'.

'Sica'

Filme galego estreado con éxito na Berlinale e no Festival de Málaga. Sica, obsesionada con que o mar devolva o corpo do seu pai tras un naufraxio na Costa da Morte, percorre os cantís e coñece a Suso, o Cazatormentas. Suso é un mozo raro coma ela que espera a chegada de Ofelia, a nai de todas as tormentas. Sica investiga as circunstancias do accidente e introdúcese nunha dolorosa viaxe de descuberta.

Ficción non galega

'Carmen Curlers' (segunda temporada)

Segunda serie desta serie danesa inspirada en feitos reais e ambientada nos anos 60, sobre como o invento do rizador de cabelo eléctrico librou as mulleres de pasar infinitas horas no salón de peiteado e permitiu acceder ao mundo laboral a moitas, ata entón, amas de casa.

'O obxectivo'

Película de adrenalina e suspense Yeo-Hoon, un mercenario de elite retirado, agora leva unha vida completamente normal.

‘Amigos para sempre’ (*catch up* 30 días)

Un home de negocios xubilado empeza a ter visións que lle lembran como de pequeno rescatou e criou un pito de pelicano orfo ao que chamou Señor Percival.

‘Mía e o león branco’ (*catch up* 15 días)

Película para toda a familia. Mía ten 11 anos cando comeza unha relación extraordinaria con Charlie, un cachorro de león branco nado na granxa de leóns dos seus pais en Sudáfrica.

‘A miña gran voda italiana’ (*catch up* 30 días)

Jan e Sara son unha parella nova, el é alemán e ela, filla dun emigrante italiano que vive en Alemaña, e van casar á vila italiana de Campobello. As diferenzas de carácter de italianos e alemáns serán o detonante das rifas familiares.

Divulgación

‘Reto Astrolabio’

Longametraxe documental sobre a viaxe a vela de Galicia a América realizada en 2024 por unha embarcación galega sen instrumentos de navegación modernos.

‘Julia’

Julia é unha longametraxe que documenta a extinción e o abandono da vida rural tal e como a coñecemos a través dos ollos da súa protagonista, unha muller de 87 anos que espera salvar as súas raíces e comunicar a súa importancia ás xeracións vindeiras.

‘Galegos’

Novas entrevistas en que coñecemos máis quen son, que fixeron e que pensan do seu ámbito profesional e da marcha do mundo persoas sobranceiras da vida política, social e cultural de Galicia.

‘Metamorfose’

Longametraxe documental que desenvolve unha nova narrativa arredor do cambio climático e ofrece unha profunda mensaxe de esperanza.

‘Toñito Blanco, só, perdido e vicioso (O home do traxe amarelo)’

Documental sobre a vida e obra do cineasta e xornalista Toñito Blanco, autor de ‘La matanza caníbal de los garrulos lisérgicos’, un creador audiovisual inquieto e ecléctico, un referente para a súa xeración. Porén, o seu tráxico final, con apenas 30 anos, tamén amosou a cara máis amarga dos anos 80.

Programas

‘A miña mascota tamén fala’

Programa nativo dixital en que a audiencia escolle a través das redes sociais quen é o gañador de cada programa. Para conseguilo os compañeiros das mascotas intentarán demostrar que o seu amigo peludo é o máis especial para facerse co premio final . As votacións da mellor mascota realízanse a través dos comentarios no vídeo colgado no Instagram de @tvgalicia.

Contidos de nicho

‘Somos criminais. A orixe’.

Obra de teatro protagonizada por Carlos Blanco e X. A.Touriñán publicada na sección ‘Palco’.

DECEMBRO

Ficción galega

‘Matria’

Estrea da primeira longametraxe de Álvaro Gago, baseada na premiada curta do mesmo nome. Ramona vive nunha vila de Galicia sometida pola tradición e abocada ao traballo. Sempre sacrificándoo todo polo futuro da súa filla, verase empurrada a mirar cara a dentro e pensar que talvez haxa algo novo polo que vivir.

Programas

‘Sen saída’

‘Sen saída’ resulta da fusión entre os *escape room* e os *reality show* e ofrece un espectáculo en que a audiencia pode deleitarse cos apuros de cinco concursantes. A casa do terror que os acolle é unha prisión da cal só poden escapar con enxeño, descifrando os enigmas nunha busca contra o reloxo. Este programa nativo dixital estreouse no espazo ‘Xeración Zeta’.

‘Nos meus tempos’

Programa nativo dixital que propón unha curiosa contenda entre xeracións. Canto sabe a cativada dos tempos dos seus avós, e viceversa?

‘Salvaxe’

A súa publicación comezou coa posta a disposición tras a emisión en TDT pero continuou como un contido *digital first* despois de varias semanas e cun seguimento continuado na plataforma por parte da audiencia. Este programa é un *reality* de aventuras en que 18 concursantes deben mellorar as súas condicións de vida rodeados só de natureza.

Divulgación

‘Os andamios da historia’

Galicia atesoura un magnífico patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e arquitectónico cuxa protección, restauración e recuperación constitúe un labor de enormes dimensións. Para dar a coñecer ese patrimonio e comprender a importancia da súa conservación creouse esta serie documental que achega algunhas das máis relevantes xoias arquitectónicas e artísticas galegas.

‘O home que salvou o Louvre’

Longametraxe documental. Na Segunda Guerra Mundial un grupo da Resistencia organiza unha increíble extracción de obras de arte do museo do Louvre para salvarlas de caer nas mans dos nazis.

Ficción non galega

‘O círculo Bletchey’

Esta serie británica conta a historia de catro mulleres que traballaron en Bletchley Park, o centro de desciframento de códigos do exército británico durante a Segunda Guerra Mundial.

‘Misterio’

Película familiar baseada nunha historia real. Vicky, unha nena de 8 anos, deixa de falar e de comunicarse co mundo tras a perda da súa nai.

‘Loita de clases’

Comedia francesa en que Sofía e Paul verán posta a proba a súa parella mentres intentan educar o fillo segundo os seus valores.

‘Á deriva’ (*catch up 30 días*)

Esta película está baseada na historia real de Tami Oldham e Richard Sharp, que se viron sorprendidos polo furacán Raymond nun veleiro no medio do Pacífico.

‘Irmás por sorpresa’ (*catch up 30 días*)

Película estreada na sección ‘Sofá, manta e flocos de millo’ en que tres mulleres se unen pola luxosa herdanza dun pai en común.

‘Heidi’ (*catch up 30 días*)

Heidi é unha orfa de oito anos que vai vivir co seu avó aos Alpes. Alí coñece e faise amiga de Pedro, un neno pastor de cabras. Pero a súa tía Dete vana levar a Frankfurt, á casa dunha familia rica, onde coñecerá a súa filla inválida, Clara.

5.6.2.2. Os deportes en AGalega.gal

AGalega.gal converteuse na canle de referencia para as retransmisións deportivas en directo dos equipos e deportistas galegos. Máis alá do que noutros soportes como a G2, en AGalega.gal pódense gozar ata 4 retransmisións en vivo e independentes a un mesmo tempo, circunstancia que sucedeu varias ocasión ao longo de 2024.

Algúns datos destacables do deporte en Agalega.gal:

- 1ª retransmisión deportiva directo: Copa Galicia de pádel mulleres (21-1-2024).
- 348 emisións en directo, a razón de 6/7 por semana, a meirande parte en sábados e domingos.
- A porcentaxe de deporte feminino con presenza de mulleres foi dun 22,7% (79).
- Case a metade, o 48,6% foron partidos de fútbol, a maioría da 2ª RFEF (78).
- Fixéronse directos de 17 disciplinas diferentes, desde competicións base ata campionatos europeos e mundiais, con interese para o público galego.
- Os dereitos de explotación deixan dispoñibles en VOD 304 emisións (87,3%),

Deportes de equipo

Como xa se destacou, o fútbol galego é o gran protagonista de AGalega.gal, o contido máis atractivo para os usuarios da plataforma segundo os datos de consumo, en concreto os partidos que se ofreceron dos máximos representantes, o R. C. Celta de Vigo e o RC Deportivo.


A concentración de clubs galegos nas 1ª e 2ª división da RFEF posibilitou ofrecer numerosos partidos de rivalidade autonómica, así como encontros das fases de ascenso ás categorías superiores (Ourense CF). Emitíronse torneos de categorías base, a final da Copa Federación, partidos amigables de pretemporada (o R. C. Celta en Portugal, Francia e Inglaterra) ou torneos como o Trofeo Teresa Herrera da Coruña na súa modalidade masculina e feminina.

Estes partidos puidéronse ver en directo e pódense ver posteriormente na modalidade VOD (agás os cinco da Liga EA e catro da fase de ascenso ao fútbol profesional por exclusividade de dereitos).

AGalega.gal participa nos éxitos dos clubs femininos galegos: do Baxi Ferrol na súa andaina pola Eurocup Women de baloncesto; do HC Coruña na WSE Champions de hóckey sobre patíns; do Conservas Orbe BM Porriño na EHF European Cup de balonmán; ou o título de Campión de Liga do Pescados Rubén Burela de fútbol sala.

Hai que salientar tamén a emisión de partidos do Deportivo Liceo, tanto na OK Liga como na WSE Hóckey (Europa) e as finais das Copas Galicia masculina e feminina en varias disciplinas.

Distribución das retransmisións deportivas (ano 2024)




O verán concentrou o maior número de retransmisións e a gran maioría corresponden as ligas de traíñeiras, o segundo deporte en número de transmisións (56, 16,1%). AGalega.gal facilita ao público a elección en directo das ligas ACT Euskotren -feminina-, Eusko Label -masculina- ou as ligas galegas segundo o seu interese particular.

AGalega.gal fixo tamén un gran seguimento dos seareiros do piloto lugués Jorge Prado, que se proclamou campión do mundo de MXGP 2024 (motocrós), unha modalidade que ofreceu íntegra a plataforma (43 eventos, 12,3% do total). No mundo do motor, no 2024 emitíronse en directo nove últimos treitos do Supercampionato de Rallys de España.

Outros triunfos galegos polo mundo e de grandes figuras en Galicia que se emitiron pola plataforma foron os do danés Jonas Vingegaard na terceira edición do Gran Camiño (ciclismo), o do alemán Philipp Weishaupt na Copa do Mundo de Hípica en Casas Novas (Arteixo) ou os arxentinos Tolito Aguirre e Gonzalo Alfonso no Galicia Open de pádel.

Por último, o deporte autóctono tivo o seu oco tamén este 2024 en AGalega.gal con varios torneos de fútbol gaélico, masculino e feminino, así como seis encontros de billarda e chave.

No seguinte cadro aparecen detalladas por competición (ano 2024)



Esta oferta complementase con retransmisións en vivo de galas deportivas e outros espazos de produción propia como 'En xogo' de emisión semanal, o mensual 'En xogo motor', o espazo de reportaxes 'Deporte extra' e outros programas sobre figuras senlleiras e históricas do deporte galego.

Máis alá destas retransmisións, AGalega.gal fixo un especial seguimento no verán do 2024 aos resultados diarios dos deportistas galegos en París e publicou reportaxes previas de deportistas olímpicos e paralímpicos nados ou criados en Galicia con motivo dos xogos celebrados na capital francesa.

De modo esquemático, este sería o cómputo global dos directos en AGalega.gal durante 2024.

	Feminino	NON VOD	Diferido (1)	1+1 (Homes/Mulleres)													NON VOD	FEMININO
	2024 Ene Feb Mar Abr Mai Xuñ Xull Ago Set Out Nov Dec																	
Fútbol																		
Liga EA Sports	5							1	1	1	1	1			5			
Liga F	2								1		1					2		
1ª RFEF	55	2	7	11	9	8			2	5	6	5						
2ª RFEF	78	3	13	14	11	1		1	10	8	9	8						
3ª RFEF (ascenso a 2ª)	8					4	4											
Ascensos a 2ª Div.	4					2	2								4			
Ascensos a 1ª RFEF	3					3												
Pretemporada 2024-2025	9							5	3+1							1		
Outros	5					1	1		2		1							
Baloncesto																		
Primeira FEB	6									2	1	3			1			
Eurocup women basket	9									1	4	2	2			9		
Outros	1									1								
Hockey sobre patíns																		
OK Liga	4		1				1				2							
WSE Hockey	3			2							1							
Fútbol sala																		
Copa Galicia FS.	2		1		1											1		
Liga Iberdrola FS	4					2			1			1				4		
Outros FS	2								1+1							1		
Balnmán																		
Liga Guerreiras Iberdrola	6		1	1	1	1			1			1				6		
EHF European Cup	1									1						1		
Liga Asobal	3										2	1						
Rugby – Liga Iberdrola	3		1		1							1				3		
Ciclismo																		
O gran camiño	4		4															
Ciclocrós	2										1+1					1		
Motor																		
Rallys España	9		1	1		1	1		2	2	1					9		
MXGP	43		4	4	6	8	6	6	6	3					34			
Traiñeiras																		
Liga ACT-Eusko Label	21						2	8	7	4								
Liga ACT-Euskotren	18						2	8	6	2						18		
Liga Galega traíñeiras	10							6	4							10		
Outras traíñeiras	7						1		1+1	2+2						4		
Deportes autóctonos																		
Fútbol gaélico	3		1	1+1												1		
Chave	3			1				1		1								
Billarda	3			1				1		1								
Hípica – CSI Casas Novas	4							2						2		4		
Atletismo (populares)	2			1							1					2		
Piragüismo (Sella)	1								1							1		
Pádel	5	1+1					3									1		
Retramisións deportes Agalega.gal	348	7	25	35	33	28	27	38	35	39	30	26	25		44	79		

5.6.2.3. Algúns datos sobre AGalega.gal

- O número de contidos de AGalega.gal a finais de 2024 superaba os 9.500.
- Os contidos máis vistos durante o ano foron as emisións en directos e as retransmisións deportivas.
- Nas series destacaron 'Na Gloria' e a e a última temporada de 'Saudade de ti'.
- O programa máis visto no ano foi 'Land Rober Tunai Show' e salientou a acollida do programa 'Curando o mundo' que se estreou antes na plataforma que na TVG.
- As series históricas seguiron recollendo éxitos. 'Matalobos' foi a favorita do público no 2024, seguida de 'Mareas vivas' e 'Pratos combinados'.
- Os contidos dixitais máis vistos foron 'Raíña-me', 'Sexo con senso' e 'Pringadas'.
- As películas e documentais tamén son do gusto do público, especialmente as producións galegas. Destacaron no 2024 'Cuñados', 'A esmorga' e 'O que arde'.
- Os dispositivos desde o que máis se consumiron os contidos foron: móbil, 60,1%, ordenador, 26,8%, tablet, 6,9% e *smart TV*, 6,2%.
- O día da semana que máis se consumiron contidos foron os domingos, con moita diferenza sobre calquera outro día, probablemente por efecto das retransmisións deportivas.
- Os lugares de fóra de Galicia desde onde máis se accedeu a AGalega.gal no resto do estado foron Madrid, Andalucía e Cataluña. Fóra de España a plataforma galega foi máis seguida en Inglaterra, New Jersey e Nova York (EUA) e Zürich (Suíza).

5.6.3. Os contidos de Xabarín.gal

Xabarín.gal achega á cativada galega unha ampla oferta de contidos baixo demanda e libre de publicidade, combinando entretemento con contidos educativos e de divulgación. A plataforma infantil ofrece un amplo catálogo organizado en carruseis, clasificado por idades para facilitar a pais e coidadores a mellor elección para os pequenos e cun deseño pensado para unha óptima experiencia de usuario.

Un elemento diferencial da nova plataforma infantil, con respecto á oferta anterior da CRTVG, foi a inclusión de longametraxes e curtametraxes de animación dende o lanzamento. Moitas delas son títulos prestixiosos e moi premiados cos que poder explicar aos máis pequenos emocións ou conceptos complexos. Curtametraxes como 'Mamá é pura chuvia', 'A canción do mar' ou 'A miña vida en Versalles' dan mecanismos e ferramentas á rapazada para enfrontarse a problemas como a perda dos seres queridos ou a depresión.

Outras como 'Dunia' e outros contos do mundo' ou 'Zarafa' son historias sobre a unión de culturas e a necesidade de acoller e respectar ao outro e 'Vainilla' componse dunha serie de curtas para a aceptación das propias orixes e valorar o que nos fai diferentes. Para falar da aceptación de novos membros da familia, ofreceuse a visión fantasiosa e interesante de 'Mirai'.

Tamén se quixo fomentar o amor polos libros e a lectura entre a cativada, con títulos como 'Kerity' ou 'A rebelión dos contos', esta última cinta baseada nun libro de

Roald Dahl. Ao longo de todo o ano incluíronse curtametraxes de entretemento tan prestixiosas como 'O grúfalo' ou longametraxes como 'O raposo grande e malo' e non faltaron algúns dos elementos clásicos asociados a Xabarín como as películas de 'Doraemon' e 'Shin Chan'.

Na compra de series de produción allea combináronse os produtos de *edutainment* e os máis comerciais. Nos contidos de *edutainment* destaca a serie de BBC 'Bloques de cores', dirixida a primeiros espectadores e coa que aprender as cores e como da mesturan, e no apartado máis comercial compre destacar a compra e relicenza de contidos máis asociados á marca Xabarín como as series de anime ('Sakura', 'Shin Chan', 'Doraemon' etc.).

As series galegas tamén tiveron unha especial presenza no 2024 con produtos de éxito como 'Os Bolechas: Historia de Galicia', 'Bibopalula', 'Bechos', 'Os Bolechas exploradores', 'Mibots' ou 'Picariños'.

Outras iniciativas destacadas foron a participación na produción da Gala de Premios escolares DigochoEu e a posta disposición dos vídeos finalistas na plataforma así como a colaboración co programa da Xunta de Galicia 'Nos tamén creamos', coa posta á disposición dos das curtametraxes finalistas deste concurso organizado dende a Secretaría Xeral da Lingua nos centros educativos galegos.

Desde setembro Xabarín.gal conta con redes sociais propias e implantou o envío de notificacións aos usuarios rexistrados. As mensaxes lanzadas no último trimestre do ano dirixíronse a nais e pais e a a súa liña comunicativa baséase en catro piares:

- Contido en galego
- Consumo en calquera momento, en calquera lugar e en calquera dispositivo (*ATAWAD: Anytime, Anywhere, Any device*)
- Contido de balde
- Plataforma sen publicidade

Esta iniciativa tivo un impacto positivo nos consumos da plataforma Xabarín.gal cun incremento de usuarios continuado.

5.6.3.1. Cronograma de contidos destacados Xabarin.gal

A continuación recóllense os contidos destacados na plataforma infantil da CRTVG.

XANEIRO - FEBREIRO

1. En directo
 1. [Pequerrech@s](#). Canle con contidos infantís ata os 6 anos.
 2. [Cativ@s](#). Canle con contidos infantís de 6 a 9 anos
 3. [Mociñ@s](#). Canle con contidos infantís maiores de 9 anos
 4. Xabarín TV. Canle con contidos infantís con dereitos universais e por tanto accesibles en todo o mundo.
 5. Radio Picariña. Radio con cancións infantís.
2. Os Bolechas
 1. 'Os Bolechas exploradores'
 2. 'Os Bolechas'
 3. 'Os Bolechas no cole'
 4. 'Braulio Tuber'
 5. 'Os Bolechas one, 2, three'
3. Digochiño
4. Os nosos filmes preferidos
 1. 'Valentina'
 2. 'A galiña Turuleca'
 3. 'Meigallos'
 4. 'Maimiño'
 5. 'A tropa de trapo'
5. As túas series
 1. 'Mibots' (estrea na OTT)
 2. 'Axente Binky' (estrea na OTT)
 3. 'O cordeiro Shaun'
 4. 'Leonardo'
 5. 'Monster Allergy'
 6. 'Os contos do Camiño'
 7. 'Bechos'
6. Aventuras inesquecibles
 1. 'A aldea enfeitizada de Pichhio'
 2. 'Súper 4'
 3. 'Robin dos bosques'
 4. 'Idafix'
 5. 'Yakari'
 6. 'Moby Dick'
 7. 'As aventuras de Rocky e Bullwinkle'
 8. 'As aventuras de Minchi'
7. Non todo van ser debuxos
 1. 'Os argonautas'
 2. 'Miracle Tunes'
 3. 'Verán M'
 4. 'Pipi Mediaslongas'
8. Moito máis que experimentos
 1. 'Pim pam experimenta'
 2. 'Aquelando con chispa'
 3. 'Aquelando'
9. As favoritas [d@s pequerrech@s](#)
 1. 'Bechos'
 2. 'O cordeiro Shaun'
 3. 'Cocorico'
 4. 'Teletubbies'
 5. 'Os Axóuxeres'
 6. 'Telmo e Tula'
 7. 'Tutu'
 8. 'A tropa de trapo'
 9. 'As aventuras de Minchi'
10. Let's learn English
 1. 'Kiwi'
 2. 'Os Bolechas one, 2, three'
11. Anime
 1. 'Evangelion'
 2. 'Sakura, cazadora de cartas'
 3. 'O detective Conan'
 4. 'Sarxento Keroro'
 5. 'Sherlock Holmes'
12. Músicas de cabeceira
13. Videoclips do Xabarín
14. Afíllate

MARZO

'Kerity, a casa dos contos'

Filme. Natanael é un neno de sete anos que aínda non aprendeu a ler. Vai pasar o verán coa súa familia na casa que herdaron da vella tía Eleanor. A tía Eleanor deixoulle a Nat unha herdanza moi especial: a súa biblioteca, chea de libros e contos de todo o mundo.

'Ágata, a veciña espía'

Filme. Ágata Christine, de 10 anos, é unha apaixonada dos misterios. Tanto, que creou unha axencia de detectives privados no soto da súa casa. O primeiro crebacabezas de Ágata levaraa a un asunto moito máis complicado do que agardaba.

Estrea da sección curtametraxes cos seguintes títulos:

- 'O grúfalo'. Un ratiño pasea por unha fraga frondosa. Terá que facer fronte a uns depredadores moi feros que o queren comer: un moucho, un raposo e unha serpe.
- 'A filla do grúfalo'. A filla do grúfalo decide ir na busca de aventuras ignorando as advertencias de seu pai sobre o perigo de adentrarse na fraga frondosa e escura, onde vive o rato grande e malo.
- 'A rebelión dos contos' I e II. Revisión moderna e irreverente de clásicos da literatura infantil, para nenas e nenos espertos e intelixentes.

ABRIL

'O raposo grande e malo e outros contos'

Un grupo de animais organiza unha representación teatral que consta de tres historias: 'Un bebé para entregar', 'Un raposo grande e malo' e 'Hai que salvar o Nadal'. Este filme foi un dos favoritos da cativada ao longo do ano.

MAIO

'Ernest e Celestine (a colección)'

Longametraxe na que Ernest, un oso ao que lle gusta a música, acolle na súa casa a Célestine, unha ratiña á que lle gusta debuxar. Xuntos vivirán moitas aventuras.

'O diario de Alice'

Serie de animación galega. As historias que Alice conta convértense en debuxos que cobran vida animada no seu diario.

'Lucas etc'

Serie *live acción* belga na que Lucas vai vivir coa súa nai, Bénédicte, á casa da nova parella dela. O cambio de domicilio supón que Lucas cambie de colexio e faga amizades novas. A convivencia dará lugar a situacións conflictivas, cómicas ou disparatadas, que poñerán a proba a capacidade de adaptación de todos.

‘Mamá é pura chuvia’

Curtametraxe de animación na que Jeanne se ve obrigada a ir pasar o Nadal coa súa avoa materna. Malia non estar moi feliz coa idea, pronto descubrirá un mundo máxico que lle fará ver as cousas doutro xeito e acabará de entender que súa nai non a abandonou, senón que precisa axuda para poñerse ben. Premio do xurado na categoría especial de TV no Festival Internacional de Cine de Animación de Annecy en 2021.

XUÑO

‘A miña vida en Versailles’

Violette queda orfa tras a morte dos seus pais nos atentados de París de 2015 e ten que ir vivir con seu tío a Versailles. Premio especial do xurado na categoría Especial de TV no Festival de Animación de Annecy de 2019.

‘Vainilla’

Vainilla é unha nena parisiense que viaxa a Guadalupe a desgana para pasar as vacacións coa súa tía. Historia realizada cunha técnica de animación que combina o 2D con fondos de imaxes reais, premiada no Festival de Annecy como mellor produción para televisión no 2021.

‘Doraemon’

Doraemon é un gato cósmico enviado dende o século XXII para mellorar a vida de Nobita, un neno torpe e despistado ao que as cousas lle adoitan saír mal.

XULLO

Este mes a plataforma reforzou os seus contidos de cara ás vacacións escolares.

‘Betty Atómica’

Serie de animación. Elizabeth ‘Betty’ Barret é unha nena de 10 anos cun gran segredo. Cando a galaxia a precisa, convértese en Betty Atómica, Gardiá Galáctica e Defensora do Cosmos.

‘Osmar, a primeira rebanda do pan de molde’

Serie de animación. En Vila Almorzo vive Osmar, unha tapa do pan de molde que comparte apartamento con Stevie, que é unha ‘baguette’.

‘Mysticons’

Serie de animación. Na cidade máxica de Drake City, catro mozas convértense, grazas a un antigo amuleto, nas Mysticons, as novas guerreiras destinadas a salvar o mundo.

‘Nós tamén creamos’

Posta a disposición na plataforma dos vídeos finalistas e gañadores do concurso escolar de curtametraxes en galego ‘Nós tamén creamos’, organizado pola Xunta de Galicia en colaboración coa CRTVG.

Novas curtametraxes:

- 'O meu amigo tigre'. Unha cría de tigre faise amiga dunha nena que reside na cidade. Ambas conviven percorrendo rúas e xogando ata que, ao ir medrando, o tigre dá en sentirse desconcertado nesa natureza estraña. Convertido en fera adulta, recuncará ao seu hábitat.
- 'Falas de marabilla'. Unha nena de ascendencia camboxana sente vergoña das súas orixes por causa dos ataques racistas que sofre na vida diaria. Anóxase cando sente que a nai se atrapalla coa lingua do país ao que emigraron e bótalle as culpas da súa desgraza. A proxenitora decídese a cortar a situación de raíz.
- 'Idodo'. Unha lenda fantástica do clan indíxena Ziag Zagaz de Papúa Nova Guinea.
- 'Curry azul'. Neel pregúntalle á súa nai por que a xente que coñece ten cores tan distintas, empezando por el, que é azul. A proxenitora resolve explicarllo mediante unha alegoría culinaria.
- 'Día de lavado'. Nada máis espertar a rapariga, o calendario recórdalle que é día de lavar o cabelo. A masa de pelo é tan longa e rebelde que non o dá peiteado a xeito. A rapaza acabará adoptando unha solución resolutive que a deixa derreada.

'Os Bolechas: Historia de Galicia'

O 25 xullo estreouse esta serie de animación na que os Bolechas explican como foi evolucionando a vida desde a Idade de Pedra ata hoxe: a alimentación, a roupa, os medios de transporte, os inventos de cada etapa etc. Un completo repaso á historia de Galicia da man da popular familia de bonecos.

AGOSTO

'Bloques de cores'

Serie didáctica e musical que se centra, dunha maneira divertida, no mundo das cores. As personaxes de Vermello, Amarelo, Azul, Púrpura, Laranxa, Verde e moitos máis viven aventuras emocionantes no mundo de Corlandia e colorean a natureza e os distintos obxectos que van atopando.

'Zarafa'

Longametraxe de animación que relata unha historia inspirada nun feito histórico. Maki é un neno de dez anos que se fixo amigo de Zarafa, unha xirafa orfa, ofrecida polo paxá de Exipto ao rei de Francia, Carlos X, para que lle axude a liberar Alexandría dos invasores turcos.

'A tropa de trapo na selva do arco da vella'

Nesta historia para nenos de entre 2 e 6 anos, todos os personaxes senten a necesidade de axudar os animais que teñen moitas dificultades para sobrevivir. Por iso, organizan unha expedición solidaria ata a selva do arco da vella.

SETEMBRO

'Shin Chan'

Serie de animación clásica do Xabarín club da Televisión de Galicia, protagonizada por Shin Chan, un rapaz falangueiro, descarado e algo larpeiro.

'Houdini'

Filme de animación. Harry é un rapaz de once anos que desexa converterse nun gran mago. Un día, preséntaselle a oportunidade cun concurso en Nova York con motivo da inauguración da Estatua de Liberdade.

'Picariños'

Serie nativa dixital galega de imaxe real. Ao colexio de Lola, Carla e Xan chega un novo bedel de aspecto moi sospeitoso, que leva consigo un pequeno e agarimoso can.

OUTUBRO

'A sopa de pedras e outros contos do revés'

Nestas cinco curtametraxes ofrécese unha recreación de contos narrados polo moucho do cine. O fío condutor destes relatos é o mundo da imaxinación e as relacións coa familia e coa veciñanza desde a óptica da infancia.

'O home máis pequerrechiño do mundo'

O home máis pequerrechiño do mundo descoñece o seu diminuto tamaño e as súas consecuentes limitacións. Decidido a adaptarse a todas as circunstancias, mantén unha actitude digna e perseverante ante calquera adversidade.

'Dunia e outros contos do mundo'

Unha selección de curtametraxes protagonizados por nenos e nenas loitadores e esperanzadores que representan a unión de culturas e a necesidade de acoller e respectar o outro.

'Gardiáns da noite' (*catch-up*)

Serie de anime. Despois de que un demo mate a súa familia e maldiga a súa irmá, Tanjiro quere converterse nun cazador de demos para evitar que a súa traxedia poida volver ocorrer.

NOVEMBRO

'Doraemon e o tren do tempo'

Filme de animación. Doraemon, Nobita e toda a panda lánzanse a unha sorprendente aventura a bordo do Tren do Tempo.

'A abella Maia'

Serie de animación 3D. Unha abella chamada Maia deixa a súa colmea para descubrir a beleza e misterio da natureza. Volve un clásico da animación remozado para as novas xeracións. A abella Maia e a súa tropa volven vivir mil aventuras.

‘Un gato en París’

Filme de animación. Dino é un gato que divide a súa vida entre dous fogares. De día vive con Zoe, filla de Jeanne, unha detective da policía e pola noite acompaña a Nico, un ladrón.

‘Bibopalula’

Serie de animación galega, unha serie musical deseñada para ver múltiples veces por espectadores principiantes, de ata catro anos. Colorida, divertida e ambientada nun bosque amable, Bibopalula componse de historias de cinco minutos protagonizadas por paxaros que teñen un grupo musical e nas que a natureza e os seus ciclos ocupan un lugar principal. A serie busca achegar a vida natural próxima ás nenas e nenos que se achegan por vez primeira ao audiovisual.

DECEMBRO

Este mes inclúe un reforzo dos contidos para atender as vacacións escolares da cativada durante o Nadal.

‘3 minutos para salvar ao mundo’

Filme de animación protagonizado por Shin Chan na que os Nohara terán que enfrontarse a monstros que ameazan o equilibrio e a paz do mundo humano.

‘Mil e unha aventuras’

Filme de animación protagonizado por Doraemon. Nesta película Doraemon ten unhas zapatillas que permiten somerxerse dentro dos libros e vivir as súas aventuras.

‘Os Bolechas. Orquestra de Nadal’

Serie. Os Bolechas queren vivir ao grande as festas do Nadal: xogar, divertirse, aprender e celebrar estas datas tan importantes coas nenas e os nenos de toda Galicia. E non se lles ocorre mellor idea que formar a súa propia orquestra.

Carrusel ‘Bo Nadal no reino animal’

Sección activada durante o Nadal cunha selección de capítulos natalicios das series de Xabarin.gal e a estrea dun Especial Nadal de ‘Betty Atómica’.

‘A Lego película’

Filme de animación. Emmet, unha figuriña de Lego absolutamente normal e leal ás normas, é o elixido para salvar o mundo, pero el queredo que escollesen a outro.

‘Chupóns’

Serie de animación protagonizada por un grupo de bonecos que viven na parte traseira dos coches.

‘Happy Feet’

Filme de animación. Na gran colonia dos pingüíns emperador, no máis profundo da Antártida, non es ninguén se non sabes cantar, e Mumble é o peor cantante do mundo.

5.6.3.2 Algúns datos sobre Xabarin.gal

- O número de contidos publicados en Xabarin.gal a finais do ano 2024 superaba os 3.500.
- O *anime* sigue sendo un dos sinais de identidade do Xabarin Club e os contidos máis vistos da plataforma neste ano foron 'O detective Conan', 'Sakura' e 'Shin Chan'. Tamén destacou a boa acollida de 'Gardiáns da noite'.
- O cine para a cativada foi unha das novidades da plataforma e outro dos contidos máis vistos neste ano. Destacou especialmente o filme galego 'Valentina'.
- As series galegas 'Os Bolechas' continúan conseguindo bos datos e tamén destacou o lanzamento a finais de ano da serie 'Bibopalula', o contido máis visto do mes de decembro.
- Os dispositivos desde os que máis se consumiron os contidos da plataforma infantil foron o móbil, 54,6%, ordenador, 27,4%, a smart TV, 9,7% e a tableta, 8,3%.
- O día da semana de máis consumo foi o venres, no que máis estreos adoita haber.
- Os lugares fóra de Galicia dende onde máis se accedeu a Xabarin.gal no resto do Estado son Madrid, Andalucía e Cataluña. E fóra de España, Inglaterra, County Monaghan (en Irlanda) e California, nos EUA.

5.6.4 AGalegaAudio.gal

AGalegaAudio.gal reúne todos os formatos de audio da Corporación Radio e Televisión de Galicia, incluíndo a difusión de podcast, contidos destacados dos programas da emisión en FM e o lanzamento de formatos nativos dixitais. Sobre este punto xa se informou neste mesmo capítulo da memoria, na epígrafe 5.5.3. sobre a programación radiofónica.

5.7 Redes sociais e contidos dixitais

O ano 2024 supuxo un punto de inflexión na estratexia dixital da CRTVG. O antigo Servizo de Extensión Audiovisual foi substituído por unha nova estrutura organizativa dividida en dúas áreas especializadas: a destinada á xestión das novas plataformas dixitais, amplamente explicadas na epígrafe 4.6., e o departamento de Novos Formatos, concentrado na creación e dinamización de contidos dixitais orientados ao consumo móbil e ás redes sociais.

Esta nova organización tivo o seu correlato en dous diferentes eixes para a produción e xestión dos contidos no ámbito dixital. Por un lado o traballo dirixido fundamentalmente ao consumo audiovisual horizontal para as plataformas e, por outro, o que se orienta fundamentalmente ao consumo vertical, propio das plataformas sociais.

5.7.1 Departamento de Novos Formatos

A combinación de creatividade e experiencia no equipo do departamento de Novos Formatos fixo posible unha produción de contidos áxil e eficaz ao longo de 2024. A implantación da intelixencia artificial nos procesos de subtitulado permitiu automatizar tarefas e reducir tempos de publicación, mellorando a accesibilidade nun contexto no que moitos usuarios consumen vídeo sen son.

Ao tempo, estandarizouse a identidade visual das pezas publicadas en redes, cunha liña gráfica recoñecible que achega valor á marca CRTVG e contribúe á fidelización da audiencia.

Neste contexto, a produción de vídeos para redes sociais ao longo de 2024 triplicouse. Nas contas de @televisiondeg Galicia pasouse de publicar 1 ou 2 vídeos diarios a unha media de 5 ou 6 pezas ao día.

No caso de @g24noticias, cunha media anterior de 4 ou 5 vídeos diarios, pasouse a publicar diariamente arredor de 26, chegándose en ocasións a picos de 32 vídeos nunha soa xornada. Este esforzo reflectiuse na recepción da audiencia e nos datos de *engagement*.

5.7.2 Estratexia e tipos de contido

Ao longo de 2024 a presenza da CRTVG consolidouse nas principais plataformas (X, Facebook, Instagram, TikTok e YouTube), incorporando ademais un servizo informativo a través de WhatsApp que permitiu diversificar aínda máis os puntos de contacto coa audiencia.

O foco centrouse en alimentar con contido atractivo e constante as tres grandes contas referencia:

- @g24noticias, posicionada como a canle informativa clave.
- @televisiondeg Galicia, centrada na promoción dos contidos de entretemento.
- @radiogalega, que ampliou o seu espectro con pezas adaptadas ao consumo social.

Na conta G24, a información presentouse en tres grandes formatos: pezas creadas especificamente con rótulos e imaxes; fragmentos adaptados da emisión televisiva; e vídeos protagonizados por xornalistas novos, que explican as noticias cun ton próximo e directo.

Pola súa banda, a conta de @televisiondeg Galicia combinou promoción de programas con contido exclusivo que amosa o que hai detrás das cámaras: entrevistas, anécdotas e curiosidades. Un aspecto clave foi a execución dos contratos de produción propia externa para que as produtoras faciliten materiais pensados desde a orixe para o formato vertical. Este cambio supuxo unha verdadeira optimización dos recursos, mellorando tanto a calidade dos contidos como a velocidade da súa publicación.

5.7.3 Impacto e resultados

Este cambio de estratexia e de desenvolvemento do traballo diario detrás dos distintos perfís e contas supuxo un crecemento sostido, significativo e, en moitos casos, espectacular, algúns xa mencionados no apartado de audiencias.

- Instagram (TVG): +125 % en reproducións / +103 % en *engagement*
- TikTok (TVG): +113 % en reproducións / +50 % en *engagement*
- YouTube (TVG): +14 % en subscritores / +21 % en reproducións

O caso de @g24noticias é especialmente revelador:

- Instagram: +394 % en impresións / +671 % en reproducións / +752 % en *engagement*
- YouTube: 26 % das reproducións totais
- TikTok: posicionamento estratéxico ante públicos novos e non televisivos

No que respecta á Radio Galega, a nova estratexia tamén tivo un impacto notorio:

- +943,4 % en reproducións / +263 % en *engagement* / +134 % en impresión

5.7.4 Outros aspectos relevantes

YouTube mantense como un dos eixes da estratexia dixital. A emisión en directo da TVG consolidouse como un servizo de referencia, mentres que os contidos curtos (YouTube Shorts) aumentaron notablemente, aproveitando a produción pensada para TikTok e Instagram.

En canto a Twitch, decidiuse deixar a actividade neste 2024. A canle permanece aberta, pero a experiencia acumulada levou a priorizar outras plataformas con maior retorno de audiencia e *engagement*.

O portal crtvg.gal deixou de ser unha plataforma de contido á carta para converterse nun espazo corporativo, xa que como se explicou no apartado 4.6., toda a oferta audiovisual pasou a estar dispoñible nas plataformas AGalega.gal e Xabarin.gal.

Prestouse atención especial aos programas do *prime time* e aos tres *magazines* diarios de televisión en directo: 'O termómetro', 'Quen anda aí?' e 'Hora galega'. Ademais, fíxose un seguimento específico e intensivo dos programas insignia da grella de *prime time* de TVG: 'Luar' e 'Land Rober Tunai Show', que continuaron a ser referentes tanto na emisión televisiva como na súa proxección en redes sociais.

6. RELACIÓN CO SECTOR AUDIOVISUAL

6.1 Pulo do sector a través das medidas de apoio ao cine

No 2024 a CRTVG mantivo o seu pulo ao talento audiovisual galego a través da participación activa en proxectos relevantes atendendo ademais ao cumprimento das obrigas de apoio á produción cinematográfica (coñecidas como o 6%). A Corporación seleccionou e apoiou 15 proxectos, dos que 6 son longametraxes cinematográficas, 4 longametraxes documentais, 2 longametraxes de animación, e dos que se informa máis adiante neste mesmo capítulo.

Creatividade, calidade, viabilidade e capacidade de repercusión nos distintos niveis, rexional, nacional ou internacional, como tamén nos medios tradicionais e nas redes sociais son aspectos que inflúen na decisión de coproducir ou apoiar os distintos proxectos.

Deste xeito, a CRTVG segue a potenciar a súa vinculación co tecido empresarial galego na busca de sinerxías e proxectos de interese común que atopan nos medios públicos o mellor altofalante na súa chegada ao gran público.

Desde a área de Contidos da CRTVG mantívose unha estreita colaboración co sector audiovisual, e participase ao longo do ano nas accións e foros do sector, o que facilita o seguimento pormenorizado dos proxectos cinematográficos en curso. No 2024 foron:

- Pitching Producción MPXA, abril 2025, A Coruña.
- Pitching Celtic Media Festival, xuño 2025, Cardiff, con participación nunha mesa redonda sobre contidos infantís.
- Pitching do Clúster do Audiovisual Galego, I+P ideas para producir, novembro 24, A Coruña.
- Presenza en xornadas organizadas porla Asociación Galega de Productoras Independentes (Agapi), a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ou o Clúster Audiovisual Galego.
- Presenza no Carballo Interplay, onde se fixo un relatorio sobre as plataformas galegas.
- Participación nas xornadas FORTA, onde se explicou a estratexia da nova OTT.
- Participación no *workshop* CIRCOM-Uvigo 'Shaping Media for the future' falando sobre innovación de contidos no ente público.
- Asistencia a rodaxes de películas e series: 'San Simón', en San Simón; 'Onte á noite conquistei Tebas', en Bande (Ourense); 'Así chegou a noite', en Sanxenxo; 'Antes de nós', en Santiago; e 'Lume', en Cuntis.

- Prestreas de longametraxes: 'Revolución sen sangue' nos cinema São Jorge en Lisboa; 'Xustiza artificial' no teatro Colón da Coruña; 'Prefiro Condenarme' e 'A Parra' no marco de Cineuropa; 'Cuñados' na Coruña; 'As Neves' en Málaga.
- Prestreas de series: 'Argonautas', 'Bibopalula', 'Na Gloria', 'Ghuasapp', 'Pringadas', 'Saudade de ti', 'Operación Marea Negra 3', 'Frei Rosendo Salvado'.
- Visitas ás gravacións de programas: 'Hora galega', 'Recollendo músicas', 'Tesouro ou lixo', 'Xente marabillosa', 'Noite xigante', 'Nin o imaxinas', 'Xeracións', 'Fila 1', 'A galega Fest', 'A liga dos cantantes', 'O termómetro' ou 'The hit list'.
- Presenza institucional en Culturgal, a feira das industrias culturais que se celebra en Pontevedra.
- Presenza institucional en Cineuropa.
- Presenza institucional na gala dos Premios Mestre Mateo 2023.
- Presenza institucional no Festival de cine de Ourense (OUFF).
- Presenza institucional no Festival de Málaga.
- Presenza institucional no Festival de San Sebastián.

Ademais o equipo da Área de Contidos da Corporación acudiu ao mercado MIPCOM en Cannes, onde asistiu a distintas actividades e conferencias para descubrir as tendencias e novidades do sector e se realizaron os habituais contactos cos principais distribuidores internacionais para a selección e compra de contidos.

6.2 Proxectos aprobados no 2024

O rexistro de proxectos audiovisuais, dispoñible no Portal de Transparencia da Corporación, recolleu neste ano 2024 un total de 264 propostas, entre elas 22 longametraxes, 2 longametraxe de animación, 4 longametraxes documentais, 22 documentais, 14 series, 2 series de animación, 10 propostas de contidos dixitais, 17 radiofónicas, mais 171 propostas de programas.

Ademais, actualizouse o procedemento do 4 de abril de 2022 de presentación de proxectos de producións audiovisuais co fin de favorecer a transparencia e o traballo de valoración e selección dos proxectos.

Tras o exhaustivo traballo realizado pola Comisión directiva de Programación e atendendo ás dispoñibilidades orzamentarias, propúxose participar en 15 proxectos, dos que 6 son longametraxes cinematográficas, 4 son longametraxes documentais e outras 2 son longametraxes de animación.

Os proxectos seleccionados foron:

_ **'O pesadelo das vacas'** de Matriuska Producciones, que será o debut cinematográfico de Rafa de los Arcos, que quere seguir o modelo de filmes como 'Alcarrás', 'As bestas' ou 'Cinco lobitos' e ambiciona, por tanto, ter recorrido nos festivais nacionais e internacionais.

_ **'Fomos ficando sós'** de Zeitun Films, S.L., un proxecto con selo persoal do director, Adrián Canoura, que se constrúe a partir da descuberta de cartas, postais e cintas de vídeo gravadas polo seu pai durante varias mareas no Gran Sol.

_ **'Vidas perras'** de Indígena Films, S.L.U., Aquí y Allí Films, será a ópera prima de Giselle Llanio, que achega unha película de mulleres tanto na temática como no equipo técnico e artístico.

_ **'Máis vivas'** de Claqueta Coqueta, S.L., un documental de Rubén Riós que dá voz a mulleres maltratadas con rodaxe en tres localizacións: As Rías Baixas, A Ribeira Sacra e Águeda, en Portugal.

_ **'Decorado'** de Maria y Arnold. A.I.E., a nova proposta de animación de adultos de Alberto Vázquez, que fai crecer a historia da curtametraxe do mesmo nome, unha parodia social que se presenta como un relato fantástico en forma de fábula.

_ **'Rondallas'** de Rondallas Movie, A.I.E, unha comedia dramática con gran potencial comercial, avalada por Ramón Campos e con referentes como 'Full Monty' ou 'Intocable', con marcados trazos de autenticidade e tradición local.

_ **'Romaría'** de Romería Vigo, A.I.E., unha coprodución natural entre Cataluña e Galicia que dará forma á terceira longametraxe de Carla Simón, un conto romántico con rodaxe íntegra en Galicia.

_ **'As defensas'** de Cós mica Producción, S.L. Lucía Estévez aborda a súa primeira longametraxe cun toque de frescura xeracional e sensibilidade. Este proxecto participou no Programa Rueda da Academia de Cine e pretende dar visibilidade ao colectivo LGTBIQ+.

_ **'Mil ourelas'** de Tamboura Films, S.L. Un filme de historias cruzadas enraizado na realidade social do territorio que destaca por un guión avalado por diversas residencias e laboratorios (Ventura Playdoc ou Cinema Pendent de L'Alternativa) .

_ **'Chica e lobo'** de Sygnatia, S.L.U. Longametraxe de animación para un público adulto baseada na novela gráfica homónima de Roc Espinet cunha liña gráfica persoal e distintiva.

_ **'Todo é cárcere'** de Fílmika Galaika, S.L. Novo filme de Eloy Enciso que entronca coas tendencias do cinema de autor contemporáneo cunha narrativa innovadora e humanista.

_ **'Xalundes'** de Rebordelos, S.L. Ofrece un relato colectivo oral sobre a lenda arredor do monte Medulio co prisma visual de Xacio Baño, que combina imaxes contemplativas con outras máis vivas.

Con estas achegas á produción cinematográfica, a CRTVG dá continuidade á súa estratexia de apoio ao sector audiovisual, que cada vez está tendo un maior impacto no mercado internacional.

6.3 Relación global co sector audiovisual

O papel de CRTVG en relación ao sector audiovisual galego é moi significativo e de gran relevancia, xa que se basea na aposta permanente polo talento creativo, artístico e técnico do territorio. Este labor concrétese en diferentes fórmulas de apoio e colaboración:

- A produción propia externa alimenta os principais espazos de *prime time* da grella da TVG que están realizados por produtores independentes galegos.
- A CRTVG conta cun protocolo de rexistro de proxectos que regula e permite canalizar dunha forma eficaz e homoxénea as propostas creativas que chegan desde o sector.
- Do mesmo xeito, régúlase a liña de apoio aos proxectos cinematográficos que nacen desde Galicia en cumprimento da lei do chamado 6%, promovendo a construción de plans de financiamento sólidos que fomenten a coprodución e a competitividade.
- Ademais, a CRTVG posibilita a construción de novas fórmulas de produción, como pode ser o caso das series *premium* ‘Lume’ ou ‘Punto Nemo’, que son claros exemplos de ambiciosas coproducións internacionais que contan co apoio de plataformas como HBO-Max ou Prime Video e garanten produtos de gran calidade que incrementan a visibilidade e posta en valor da lingua e do talento galego no marco audiovisual internacional.
- Abórdanse tamén iniciativas pioneiras como a convocatoria de contidos dixitais, dirixida á procura de formatos e creadores innovadores e adaptados ao mundo dixital. O obxectivo da iniciativa é transcender a produción dos contidos tradicionais da televisión lineal e focalizar en contidos concibidos cunha linguaxe e narrativa propia das redes e dos distintos soportes transmedia, en consonancia co reto de acompañar o novo contexto audiovisual e atendendo á demanda e aos novos hábitos de consumo dos espectadores.
- Por último, hai que sinalar outro tipo de achegas da CRTVG ao sector audiovisual que van máis alá da adquisición de contidos e que consisten na prestación de servizos, tales como poden ser a dobraxe ou o subtitulado, entre outros, e que representan volumes relevantes en termos de servizo e mesmo orzamentarios. A estes habería que sumar as achegas en materias como os servizos de información, grafismos, alugueiros de estudos, servizos de *streaming* e traballos exteriores de apoio á produción e á circulación polas canles dixitais, ou colaboracións en diversos programas e proxectos de televisión, radio ou ámbito dixital.

A relación da Corporación Radio e Televisión de Galicia co sector audiovisual vai, polo tanto, máis alá da promoción do cine, e inclúe a produción de todo tipo de programas, ben sexan ficción, documentais, programas infantís, e tamén a adquisición de produtos e servizos de todo tipo, de nova tecnoloxía ou de desenvolvementos.

No ano 2024 esta achega total da CRTVG ao sector atinxiu os 47 millóns de euros, que representan un 39% da achega de explotación recibida da Administración da Xunta de Galicia no correspondente exercicio.

6.4 Promoción e presenza exterior das producións galegas

A Corporación leva a cabo un intenso labor de promoción en eventos do sector audiovisual cos que se establece una conexión máis directa co público, dentro e fóra de Galicia. Estreas e lanzamentos de produtos audiovisuais en alfombra vermella logran unha gran repercusión nacional e internacional.

No 2024 a Televisión de Galicia participou na presentación da terceira temporada da serie 'Operación Marea Negra', en Madrid, así como na presentación da longametraxe 'Revolución sen sangue', en Lisboa.

No Festival de Málaga estiveron presentes loitando pola Biznaga a longametraxe 'As Neves' de Sonia Méndez e 'Tratamos demasiado ben ás mulleres', e ademais competiron na sección documental as longametraxes 'Salvaxe, salvaxe' e 'Aurora'.

No Festival de San Sebastián a presenza galega estivo marcada pola participación das longametraxes 'As Neves' e 'Xustiza artificial' na sección Made in Spain.

Ao longo do pasado exercicio mantívose a procura de proxectos audiovisuais con clara vinculación á nosa identidade e con alto potencial para traspasar fronteiras e captar o interese do mercado exterior.

Do mesmo xeito continuaron as accións impulsadas pola Corporación para dar maior visibilidade aos contidos galegos grazas á presenza dos produtos e da marca de TVG en plataformas tan significativas como Amazon apoiando series como 'Punto Nemo' ou Max-HBO con series como 'Lume', ademais de nas tradicionais ventás de exhibición nas salas e nas propias televisións de todo o mundo.

Percorrido exterior de producións galegas

Televisión de Galicia segue a cultivar as alianzas con socios europeos que propician sinerxías e acordos, e que facilitan a visibilidade no exterior dos produtos “made in Galicia” incrementando a súa capacidade de competir no mercado audiovisual global. Nesta liña, a canle pública galega esforzase en apoiar as iniciativas de distribución que impulsen o alcance dos contidos galegos no mercado internacional e aumenten o seu atractivo comercial.

Deste 2024 pódese destacar o éxito dalgunhas das series de ficción *premium* como a citada ‘Operación Marea Negra’, xa na súa terceira temporada, e producións anteriores entre as que cómpre salientar ‘O Sabor das Margaridas’ e ‘Auga Seca’, pero tamén series de ficción de librería xa clásicas como ‘Serramoura’ ou ‘Matalobos’.

Ao longo do pasado ano concretáronse algunhas accións comerciais con distintas plataformas dixitais para incorporar ao seu catálogo contidos en lingua galega correspondentes á librería de Televisión en Galicia.

O interese da Corporación por seguir atopando fórmulas de coprodución e negocio refórzase coas oportunidades de explotación deses contidos que ofrece agora o contorno dixital, e entendemos que neste sentido a nova plataforma dixital da CRTVG pode funcionar como un atractivo escaparate do catálogo de produtos feitos no noso territorio.

7. DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

7.1 Actualización da plataforma de produción e arquivo da TVG

No ano 2024, a actualización da plataforma de produción e arquivo da TVG consolidouse como o proxecto con maior dedicación e tempo de implantación, marcando unha evolución fundamental para o sistema dixital e operativo da organización.

Tras a posta en marcha en 2018 da plataforma que dixitalizou o sistema produtivo da TVG en 2024, identificouse a necesidade de renovar os equipos clave para asegurar un crecemento sostible e establecer as bases dunha evolución continua dos servizos e prestacións da plataforma de produción. Esta renovación impactou en:

1. Infraestrutura de rede e servidores de *playout*. No marco desta actualización, realizouse unha profunda modernización da infraestrutura de rede. Incorporáronse dous equipos Cisco Nexus 9K, que aportan unha notable capacidade de conmutación da datos e un número ampliado de interfaces, permitindo unha transmisión de datos máis rápida, fiable e resiliente.

Esta actualización resultou esencial para facer fronte á crecente demanda e ao fluxo constante de información xerado polos servizos da TVG e da RG actualmente e nun futuro próximo.

Ademais, para optimizar a emisión dos informativos, no plató incorporáronse dous novos servidores de *playout* Avid FastServe.

Estes servidores están deseñados para xestionar os vídeos de xeito fluído, reducindo o risco de interrupcións na emisión e garantindo unha transmisión de alta calidade. Esta mellora non só incrementa a eficiencia operacional, senón que tamén eleva o nivel de calidade dos contidos informativos emitidos.

2. Optimización dos servidores e virtualización. O proceso tamén implicou unha revisión completa dos servidores que integran a plataforma. Os servidores HP beneficiáronse dunha actualización que inclúe a expansión da memoria e a modernización da rede de datos, pasando dunha capacidade de 1 GbE a 10 GbE na rede de datos, e de 8 a 16 na rede virtualizada de almacenamento, o que proporciona unha comunicación de datos moito máis veloz e estable.

Xunto con isto, actualizouse o software de virtualización mediante a implementación da última versión de VMWARE, o que contribúe a unha maior eficiencia, escalabilidade e funcionamento sen cortes dos sistemas.

3. Renovación do almacenamento e da base de datos de arquivo. Para dar soporte ao crecemento dos datos e á necesidade de contar cunha infraestrutura redundante, integráronse dúas novas cabinas HPE MSA2060 dedicadas ao sistema de almacenamento do contorno de virtualización.

Esta actualización perseguíu tres obxectivos principais:

- Creación dunha arquitectura redundante: Garantir que, ante posibles fallos, o sistema se manteña operativo sen interrupcións ou con indispoñibilidades moi curtas de tempo.
- Mellora do rendemento de procesado e comunicación: Acelerando o acceso e o manexo dos datos, o que repercute directamente na eficiencia dos servizos prestados.
- Ampliación do espazo de almacenamento: establecendo un contorno tipo SAN, destinado a albergar a base de datos do arquivo. Durante este proceso, a base de datos, que anteriormente residía nos servidores físicos, foi migrada ao contorno virtualizado e actualizouse a versión Oracle á 19c, reforzando así a seguridade, rendemento e escalabilidade.

4. Incorporación de contidos dixitais "nativos". Outro aspecto relevante desta actualización foi a integración na plataforma de arquivo da posibilidade de engadir novos contidos no formato dos denominados “nativos dixitais”. Esta funcionalidade permite o almacenamento, a busca e o envío de arquivos utilizando o formato contedor .mp4. Grazas a esta mellora, a plataforma amplía as súas capacidades de xestión de contidos, facilitando unha manipulación máis áxil e moderna dos arquivos dixitais, o que resulta fundamental para a preservación e difusión dos contidos nas plataformas dixitais.

5. Impacto e formación. A transformación da plataforma non só supón unha renovación tecnolóxica, senón tamén a posibilidade de optimizar os procesos internos e elevar a calidade dos servizos prestados pola TVG. Este ambicioso proxecto reflicte o compromiso da organización co servizo público, ao mesmo tempo que se adapta ás novas demandas do ecosistema dixital e mellora a experiencia dos seus usuarios. Adicionalmente, acompañouse a este proceso un plan robusto de formación e adaptación, que garantiu que o persoal técnico se familiarizase rapidamente coas novas tecnoloxías implantadas. Esta formación foi esencial para minimizar os períodos de adaptación e para asegurar unha transición sinxela cara á nova infraestrutura, permitindo aproveitar ao máximo os beneficios que ofrece esta actualización.

7.2 Subtitulación en directo dos informativos da TVG

En xuño do ano 2024 puidéronse dar os primeiros pasos cara a unha maior accesibilidade dos informativos da TVG, coa implementación dun avanzado sistema de subtitulación especificamente deseñado para os colectivos con dificultades de audición.

Este servizo foi concibido pensando na necesidade de derrubar barreiras de comunicación e garantir que toda a poboación poida acceder a información de calidade sen impedimentos, demostrando o compromiso da TVG coa inclusión e a universalización dos seus contidos.

Para a posta en marcha desta iniciativa adoptouse unha solución tecnolóxica baseada en Intelixencia Artificial (IA), que emprega sofisticados modelos da linguaxe. Estes modelos teñen a capacidade de recoller o audio, efectuar o seu recoñecemento e transformalo de forma precisa a texto, adaptando a transcripción ao idioma galego.

Durante o procesamento, empregase o protocolo “newfor”, que serve para estruturar e normativizar a conversión do audio a texto. Este protocolo establece estándares que aseguran unha transcripción precisa e sincronizada, permitindo que os textos xerados se integren de forma correcta co contido audiovisual. Así, o fluxo de texto resultante lévase de maneira automatizada ás subtituladoras do estudio de Continuidade da TVG, que ofrecen os subtítulos en tempo real.

Esta solución integral supón unha vantaxe fronte á subtitulación manual, xa que incrementa a velocidade de resposta e a fiabilidade do servizo. Ademais, a tecnoloxía empregada representa un paso significativo cara á modernización dos procesos de comunicación nos medios. Con esta innovación, a TVG reafirma o seu compromiso co servizo público ao integrar ferramentas dixitais avanzadas que melloran a transmisión e a accesibilidade da información.

7.3 Emisión na TDT da canle de radio de contido infantil, Radio Picariña

Como parte do compromiso co servizo público e coa intención de chegar a todos os usuarios por distintos medios, a Corporación RTVG estendeu a súa oferta de canles de radio na TDT. Ata o momento, na programación de TDT xa estaban integradas as canles Radio Galega, Radio Galega Música e Son Galicia Radio, ofrecendo contidos que abarcan desde información e entretemento ata propostas musicais.

No verán de 2024 incorpórase unha nova proposta, a canle Radio Picariña, que previamente xa se difundía mediante streaming na internet. Radio Picariña propón unha oferta con contido musical centrado na música en galego dirixida ao público infantil.

A súa integración na TDT supón un paso innovador, permitindo que a programación chegue a un público máis amplo e diverso, favorecendo a preservación dos valores culturais e musicais propios de Galicia.

7.4 Ciberseguridade: servizo SIEM

No ano 2024 consolidouse o servizo de monitorización de eventos e comunicacións de alarmas (SIEM), un pilar fundamental para a seguridade dos sistemas operados pola CRTVG.

Este servizo, que funciona como "centro de control da cibervixilancia", baséase na obtención, análise e correlación de eventos xerados por diversas máquinas e dispositivos de seguridade. A súa implementación permitiu non só recoller datos de gran relevancia, senón tamén integralos de maneira coherente para ofrecer unha visión global do estado dos sistemas.

A plataforma recibe información procedente de distintos compoñentes críticos, como os *firewall*, fundamentais para detectar intentos non autorizados de acceso, os controladores de dominio que xestionan os permisos e a autenticación dos usuarios, e as plataformas virtualizadas que soportan tanto o ámbito corporativo como os sistemas de produción da TVG.

Ademais, recolle datos procedentes do xestor de conexións remotas (VPN), que é esencial para verificar o acceso seguro dos usuarios externos, e do equipamento que aloxa as páxinas web g24.gal e crtvg.gal, asegurando que a comunicación se manteña fluída e segura en todas as fronteas.

Este servizo de cibervixilancia non se limita a recoller información, senón que tamén implementa sofisticadas técnicas de análise e correlación para identificar patróns e posibles anomalías. Esta capacidade predictiva e de resposta inmediata constitúe un paso crucial na detección precoz de eventos de ciberseguridade, permitindo anticipar e facer fronte a posibles ataques.

Estas medidas constitúen unha resposta directa aos incidentes cibernéticos experimentados pola Corporación RTVG no ano 2023, minimizando así os riscos e os impactos nas infraestruturas críticas.

A consolidación deste servizo reflicte o compromiso da CRTVG coa protección integral dos seus activos dixitais e a salvagarda dos seus procesos operativos.

Ao centralizar a monitorización dos eventos e establecer unha comunicación fluída das alarmas, a organización non só mellora a súa capacidade de resposta inmediata, senón que tamén promove unha cultura de prevención e de mantemento continuo da ciberseguridade.

Esta estratexia permite optimizar os recursos, reducir o tempo de inactividade ante incidentes e, en última instancia, garantir unha maior continuidade nos servizos prestados á sociedade.

7.5 Ciberseguridade: servizos 'DFIR' e 'SOC'

Moi vencellados ao servizo do SIEM, consolidáronse outros dous servizos vitais en ciberseguridade: o DFIR e o SOC.

7.5.1 'DFIR'

O aumento da sofisticación das ameazas cibernéticas e a necesidade de protexer a integridade, dispoñibilidade e confidencialidade dos sistemas de información impulsaron a implantación dun servizo de DFIR (Resposta ante Incidentes e Análise Forense Dixital) como unha medida clave dentro da estratexia de ciberseguridade corporativa.

O servizo DFIR non só permite responder de forma eficaz aos incidentes de seguridade, senón que tamén achega valor estratéxico, operativo e normativo á organización.

As principais vantaxes da Implantación dun Servizo DFIR son as seguintes:

1. Capacidade de resposta inmediata: grazas a un equipo especializado en resposta a incidentes e análise forense, a organización pode actuar con rapidez e eficacia fronte a ciberataques, reducindo o tempo de reacción e o impacto.
2. Minimización do impacto: a detección e contención temperá dos incidentes permite limitar a propagación das ameazas, protexer os activos críticos e manter a continuidade operativa.
3. Análise forense profesional: o servizo DFIR garante a obtención, preservación e análise das evidencias dixitais de forma legalmente válida, esencial para investigacións internas ou procesos xudiciais.
4. Prevención baseada en aprendizaxes: cada incidente analizado convértese nunha oportunidade de mellora. A través do informe postincidente e da análise da causa raíz, refórzanse as defensas e actualízanse os procedementos de seguridade.
5. Cumprimento normativo: contar cun servizo DFIR facilita o cumprimento de normativas como o RGPD, ISO 27001, ENS ou NIS2, que esixen capacidade de detección, resposta e documentación fronte a incidentes.
6. Reforzo da postura en ciberseguridade: implantar DFIR demostra un compromiso claro coa seguridade da información, mellorando a percepción de clientes, socios e auditores externos.

7. Detección proactiva e threat hunting: moitos servizos DFIR inclúen capacidades de procura activa de ameazas (threat hunting), anticipándose a ataques antes de que se materialicen.
8. Redución de custos a longo prazo: unha xestión eficaz dos incidentes permite evitar perdas económicas asociadas a fendas de seguridade, interrupcións operativas, sancións legais ou perda de confianza.

A implantación dun servizo DFIR é unha aposta decidida pola resiliencia dixital. O seu valor vai máis alá da simple reacción ante ataques, converténdose nun elemento clave para a aprendizaxe, a prevención e a mellora continua en materia de ciberseguridade.

7.5.2 'SOC'

Neste mesmo escenario, a implantación dun SOC (Centro de Operacións de Seguridade) convértese nunha medida estratéxica para protexer os activos dixitais críticos e garantir a continuidade do sistema.

Un SOC actúa como o núcleo central da ciberseguridade corporativa, supervisando, detectando, analizando e respondendo aos incidentes de seguridade de maneira proactiva e coordinada.

As principais vantaxes da Implantación dun servizo de SOC son as seguintes:

1. Monitorización continua (24x7): o SOC permite unha vixilancia constante dos sistemas, redes e aplicacións, detectando comportamentos anómalos e ameazas potenciais en tempo real.
2. Detección temperá de ameazas: grazas á correlación de eventos e ao uso de tecnoloxías SIEM (Security Information and Event Management), o SOC identifica ataques antes de que causen un impacto significativo.
3. Resposta coordinada ante incidentes: O equipo do SOC dispón de procedementos estandarizados para a xestión de incidentes, o que garante unha actuación rápida, eficaz e controlada ante calquera ameaza.
4. Redución do tempo de detección e mitigación (MTTD/MTTR): a implantación dun SOC mellora significativamente os tempos medios de detección e resposta, minimizando o risco e os danos potenciais.
5. Visibilidade completa do contorno TIC: o SOC proporciona unha visión centralizada da seguridade de toda a infraestrutura tecnolóxica, facilitando a toma de decisións informadas baseadas en datos reais.

6. Cumprimento normativo: contribúe ao cumprimento de marcos normativos como RGPD, ISO 27001, ENS ou NIS2, ao ofrecer trazabilidade, auditoría e informes de seguridade continuos.
7. Xestión proactiva do risco: o SOC non só reacciona ante incidentes, senón que axuda a identificar vulnerabilidades, avaliar riscos e anticipar ameazas mediante intelixencia de ameazas (*threat intelligence*).
8. Redución de custos a longo prazo: a detección e contención temperá evita custos asociados a fendas de seguridade, interrupcións operativas, sancións legais e perda de reputación.
9. Escalabilidade e adaptación a novas ameazas: un SOC ben implantado é escalable e evoluciona xunto coa organización, adaptándose a novas tecnoloxías, normativas e ameazas emerxentes.

A implantación dun servizo SOC representa un paso clave cara a unha estratexia de ciberseguridade madura, resiliente e proactiva. A súa capacidade para protexer, monitorizar e responder convérteo nun pilar esencial para garantir a seguridade, o cumprimento normativo e a confianza de clientes e partes interesadas.

7.6 Servizos web: CDN con WAF

Na era dixital actual, o rendemento, a dispoñibilidade e a seguridade dos contornos web son factores clave para garantir unha boa experiencia de usuario e manter a competitividade.

A migración dun contorno web a unha CDN (Content Delivery Network) representa unha solución eficiente e escalable para optimizar o servizo, mellorar a latencia e reducir riscos de caídas ou ciberataques.

Unha CDN é unha rede global de servidores distribuídos xeograficamente que entrega contidos web desde o nodo máis próximo ao usuario final, de maneira rápida e segura.

Como beneficios mais importantes do traslado a unha infraestrutura de CDN, teríamos:

1. Mellora significativa do rendemento: a CDN reduce a latencia ao chegar os contidos estáticos (imaxes, *scripts*, follas de estilo, etc.) ao usuario, acurtando os tempos de carga e mellorando a experiencia de navegación.
2. Maior dispoñibilidade e tolerancia a fallos: ao replicar o contido en múltiples localizacións, a CDN garante a continuidade do servizo incluso ante fallos dalgúns servidores.

3. Escalabilidade fronte a picos de tráfico: a arquitectura distribuída permite absorber altos volumes de tráfico sen comprometer o rendemento, algo esencial durante campañas, lanzamentos ou eventos multitudinarios.
4. Redución da carga sobre os servidores de orixe: a CDN actúa como memoria caché intermedia, descargando o servidor principal e permitindo un uso máis eficiente dos recursos internos.
5. Mellora do posicionamento en buscadores (SEO): buscadores como Google valoran positivamente a velocidade de carga e a dispoñibilidade web, dous factores que melloran substancialmente cunha CDN.
6. Optimización para dispositivos móbiles e multicanle: as CDN están deseñadas para servir contido optimizado segundo o dispositivo, navegador ou rede, garantindo unha experiencia fluída e adaptada.
7. Redución de custos en infraestrutura: ao externalizar parte do tráfico e do procesamento, redúcese a necesidade de ampliar recursos propios, optimizando o investimento en infraestrutura.
8. Análise e control avanzado: as CDN ofrecen ferramentas de monitorización, estatísticas de uso, xeolocalización de usuarios, alertas de tráfico sospeitoso e análise detallada do rendemento web.
9. Reforzo da seguridade web: moitas solucións CDN incorporan funcionalidades avanzadas como mitigación de ataques DDoS, cortalumes para aplicacións web (WAF), xestión de certificados SSL e protección fronte a *bots* maliciosos.
10. Neste caso, o WAF tamén se integrou co SIEM, conseguindo outra mellora importante en ciberseguridade.

Migrar un contorno web a unha CDN non só mellora o rendemento técnico, senón que reforza a seguridade, incrementa a capacidade de resposta fronte ao crecemento e optimiza os custos operativos. Esta evolución tecnolóxica é un paso natural para calquera organización que queira garantir unha presenza dixital rápida, segura e eficiente.

7.7 Base de datos: actualización a Oracle 19c

A actualización tecnolóxica é un factor clave para garantir a eficiencia, seguridade e sustentabilidade das plataformas de datos empresariais. Neste contexto, a migración a Oracle Database 19c representa unha evolución natural e estratéxica, que permite consolidar unha base sólida e preparada para os desafíos actuais e futuros da organización.

Oracle 19c é a versión de soporte a longo prazo (Long-Term Support) máis estable e robusta do portafolio de Oracle, con melloras significativas en rendemento, escalabilidade, seguridade e automatización.

Os beneficios que se perseguían con esta actualización eran os seguintes:

1. Soporte a longo prazo ata 2027 (con opción de extensión ata 2030): Oracle 19c é a versión recomendada por Oracle para manter contornos estables e compatibles durante varios anos, eliminando riscos derivados do uso de versións obsoletas.
2. Mellora do rendemento e da eficiencia: incorpora optimización automática, xestión intelixente de memoria e procesamento paralelo, o que se traduce nunha base de datos máis rápida e eficiente, mesmo en contornos con carga crecente.
3. Alta dispoñibilidade mellorada: funcionalidades como Automatic Diagnostic Repository, Real Application Clusters (RAC) e melloras en Data Guard garanten maior resiliencia ante fallos e continuidade operativa.
4. Seguridade reforzada: Oracle 19c inclúe cifrado transparente dos datos (TDE), control de acceso máis detallado, auditoría unificada mellorada e aplicación automática de parches de seguridade.
5. Automatización con funcionalidades autónomas: incorpora capacidades de aprendizaxe automática (*machine learning*) e automatización na xestión de índices, estatísticas e diagnósticos, reducindo a intervención manual e os erros.
6. Compatibilidade con ferramentas modernas: total integración con Oracle Cloud Infrastructure (OCI), contornos híbridos e ferramentas como Oracle APEX, Oracle Data Pump e Oracle Enterprise Manager.
7. Preparación para a nube: Oracle 19c facilita a transición a contornos cloud ou híbridos, grazas á súa arquitectura optimizada e compatibilidade plena coa nube de Oracle.
8. Redución do risco operativo: a migración desde versións anteriores reduce a exposición a erros coñecidos, vulnerabilidades de seguridade e problemas de compatibilidade.
9. Mellora na experiencia de usuarios e desenvolvedores: respostas máis rápidas, alta dispoñibilidade e integración con tecnoloxías actuais permiten ofrecer unha experiencia máis fluída tanto para usuarios como para equipos técnicos.

A actualización a Oracle 19c posiciona a Corporación nun camiño de estabilidade, innovación e eficiencia operativa. Supón unha aposta estratéxica que reforza a seguridade e o rendemento, ao tempo que abre novas oportunidades para a evolución tecnolóxica e a transformación dixital.

7.8 Infraestrutura: wifi

A adopción de solucións de rede sen fíos avanzadas é clave para impulsar a transformación dixital, mellorar a experiencia dos usuarios e garantir un contorno de traballo áxil, seguro e preparado para o futuro.

Neste contexto, a migración á rede Wi-Fi de Aruba representa un avance significativo na modernización das infraestruturas de comunicacións da Corporación.

Esta mellora foi posible grazas a un derivado sobre un acordo marco de AMTEGA, que xa establecera unha serie de características que debía cumprir esta infraestrutura, como eran:

1. Rendemento superior e cobertura intelixente: a tecnoloxía de Aruba permite unha conectividade sen fíos de alto rendemento, optimizada de forma dinámica para ofrecer unha experiencia fluída mesmo en contornos con alta densidade ou mobilidade constante.
2. Seguridade integrada de extremo a extremo: Aruba incorpora funcionalidades avanzadas como autenticación baseada en roles, detección de ameazas en tempo real, segmentación dinámica e cumprimento normativo sen friccións.
3. Xestión centralizada e simplificada: grazas á plataforma Aruba Central, a xestión da rede realízase dende un punto único, con visibilidade completa do contorno, control proactivo e analítica avanzada para anticipar problemas e optimizar recursos.
4. Escalabilidade preparada para o futuro: o ecosistema Aruba está deseñado para medrar coa organización, permitindo incorporar facilmente novos puntos de acceso, dispositivos IoT e servizos na nube sen afectar ao rendemento.
5. Optimiza o traballo híbrido e a mobilidade: unha rede Wi-Fi robusta e fiable facilita a colaboración entre equipos, o acceso seguro dende calquera lugar e a adopción de contornos BYOD (Bring Your Own Device) sen comprometer a seguridade.
6. Aforro operativo e eficiencia enerxética: os dispositivos Aruba destacan pola súa eficiencia enerxética, actualizacións automáticas e mantemento predictivo, reducindo o custo total de propiedade (TCO) a medio e longo prazo.

Trátase dunha aposta intelixente que mellora a produtividade, reforza a seguridade, reduce a complexidade operativa e prepara o contorno para afrontar con garantías os retos tecnolóxicos do presente e do futuro.

7.9 Infraestrutura: postos de traballo da RG

Unha das áreas con máis obsolescencia de equipos de posto de traballo era a Radio Galega. Debido a que as necesidades das ferramentas principais utilizadas para o traballo diario non se incrementaron nos últimos anos, non era imperativo a actualización dos equipos de posto de traballo.

Con vistas a incorporar ferramentas de produción máis actuais, nun futuro inmediato e, sobre todo, os requirimentos dos novos sistemas operativos, acometeuse unha renovación de todos os postos de traballo, tanto na sede central de San Marcos coma nas delegacións.

Os novos equipos instaláronse con dobre pantalla e co sistema operativo Windows 11, que posibilitará as actualizacións de seguridade mais aló de outubro de 2025. Estes equipos tamén aportan melloras en redución de ruídos e, sobre todo, en eficiencia enerxética.

8. DOCUMENTACIÓN E ARQUIVO

O ano 2024 foi decisivo para o Servizo de Documentación e Arquivo da CRTVG, tanto desde o punto de vista operativo como organizativo, xa que desenvolveu a súa actividade diaria en paralelo a un complexo proceso de adaptación física e normativa, derivado da nova lexislación de prevención de incendios, que obrigou a reorganizar o depósito histórico e a implantar medidas de seguridade avanzada.

Este proceso levouse a cabo sen interromper a actividade ordinaria dun departamento clave na preservación, acceso e posta en valor do patrimonio audiovisual da Corporación.

8.1 Obras de adaptación á normativa de prevención de incendios

Os obxectivos principais desta intervención no espazo físico do arquivo son o cumprimento das novas esixencias normativas en materia de seguridade e prevención, a sectorización do depósito histórico e a adaptación do espazo a zonas estancas, e a implantación dun sistema de extinción por gas, non daniño para soportes analóxicos ou dixitais.

Ao longo do ano mobilizáronse preto de 45.000 cintas e 1.000 discos duros, co seu traslado temporal a depósitos externos. Reorganizouse internamente o arquivo físico segundo criterios de criticidade e prioridade para a súa conservación. E levouse a cabo unha actuación sobre contidos de ficción, como foi o caso das series máis sensibles ou valiosas do fondo, co obxectivo de garantir o seu acceso futuro en condicións óptimas.

8.2 Optimización do arquivo dixital

No ano 2024 desenvolvéronse tamén obras de mellora e reordenación do arquivo dixital en varios aspectos:

- Reestruturación da árbore de departamentos.
- Creación do novo departamento de “Materiais complementarios”, onde se integran elementos non audiovisuais (guións, escaletas, fotografías, documentación administrativa).
- Automatización da entrada de *clean feeds*, facilitando a súa catalogación e vinculación ás producións definitivas.
- Acceso por primeira vez aos rexistros de emisión Harris (*run logs*), permitindo a comprobación cruzada entre o emitido e o arquivado e o control de trazabilidade e recuperación eficiente dos contidos.

8.3 Dixitalización do fondo histórico

O inxente fondo documental da Corporación segue o seu proceso de dixitalización de fondos seleccionados. Esta dixitalización do fondo histórico mantívose ao ritmo dos anos anteriores, con cifras destacables como:

- 12.260 horas dixitalizadas
- 22.751 *assets* procesados

O traballo centrouse en fondos entregados fóra de prazo logo da dixitalización da TVG, e na dixitalización de programas históricos emblemáticos dos primeiros anos da TVG, como 'Boa noite', 'Tres por catro', 'Crocante', 'Apaga a luz' e 'Parlamento', entre outros.

8.4 Entrada de produción nativa dixital

A actividade diaria do servizo mantivo a súa dimensión habitual, xestionando a entrada e catalogación dos contidos audiovisuais que se producen na Corporación, que neste 2024 ascendeu a 19.226 horas de imaxes e a 67.491 *assets* arquivados. A estas cifras hai que sumar os materiais complementarios vinculados a cada produción, que tamén son revisados e rexistrados. Entre eles, guións, escaletas, fotografías, propostas gráficas, etc.

8.5 Atención a solicitudes externas

O servizo de Documentación e Arquivo respondeu durante 2024 a un total de 2.166 solicitudes externas, o que supón un incremento do 25,5% respecto de 2023.

O 85,41% das peticións procederon de produtoras audiovisuais, tanto galegas como estatais e internacionais. E as demandas céntranse maioritariamente en imaxes de arquivo para reportaxes e documentais, fondos históricos para proxectos institucionais e educativos, e vídeos limpos (*clean*) para uso artístico ou divulgativo.

Cabe destacar accións como as levadas a cabo arredor de celebracións sociais e culturais, entre elas:

- Apoio a proxectos arredor do Día das Letras Galegas
- Premios Martín Códax
- Mostra de Curtas de Noia
- Arquivo da Filmoteca de Galicia
- Asociacións culturais e organizacións sociais (Fegarec, SOS Racismo Galicia...)

8.6 Atención interna e servizo á produción

O servizo deste departamento funciona diariamente entre as 06:30 e as 22:30 horas, dando cobertura integral a toda a actividade informativa e de entretemento da Corporación CRTVG.

As súas funcións principais son:

- Procesamento e validación de contidos.
- Revisión técnica e legal das imaxes.
- Dixitalización baixo demanda.
- Asistencia á edición e montaxe.
- Control de dereitos e cesións.

En total, no 2024 procesáronse preto de 20.000 contidos ao longo do ano, garantindo a calidade, trazabilidade e dispoñibilidade do material para a súa reutilización.

9. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

No 2025 vanse facer 40 anos do comezo das emisións na Radio Galega, primeiro, e da Televisión de Galicia, en xullo. É momento de lembrar, en concreto, o feito transcendental de ter desde aquel momento uns medios que empregaron integramente a lingua galega.

A pesar dos cambios lingüísticos experimentados na sociedade desde aquel 1985, con escolarización en lingua galega e con presenza dela en calquera contexto imaxinable, curiosamente as eivas en corrección lingüística non están plenamente superadas, e é preciso aínda desenvolver un labor de asesoramento e corrección.

Durante estes anos de traballo foise tecendo un modelo que nos define e conseguíuse normalizar unha lingua que se acepta como pangalega e académica, con flexibilidade para rexistros cultos (en informativos) e non tan cultos (en entretemento), e con cabida para dialectalismos cando o seu uso é oportuno.

Quizais nos primeiros anos de existencia dos medios públicos se constataba unha maior intervención dos asesores lingüistas, pois sobre eles pesaba ir dando forma a ese primeiro modelo de lingua para os medios, porque non había asistencias de fóra, e quizais con maior liberdade, por tanto maior responsabilidade, para que ese modelo combinase corrección, sedución e normalización, con atención especial ás características dun medio de comunicación, por tanto a unha terminoloxía específica do xornalismo e da comunicación, común ao sector.

Na actualidade hai unhas asistencias externas que veñen axudar, alivian de traballo, resolven dúbidas de maneira inmediata e achegan seguridade, como o dicionario da Real Academia, a Fundeu ou o Nomenclátor da Xunta de Galicia.

Pero estas novas ferramentas poden facer descansar a atención ao propio patrimonio da nosa lingua e levar a non facer traballo propio para solucións ou adaptación de terminoloxías ao mundo da comunicación, polo que se debe manter acesa a atención ao estudo sobre todo lexicográfico e á definición de modelo lingüístico dos medios públicos.

O labor principal do equipo de asesores lingüistas da CRTVG consiste en supervisar e corrixir a lingua galega nos diferentes medios da Corporación, así coma en todos os textos administrativos, xurídicos e corporativos. O servizo intégrase na Dirección de Proxección Social, dentro da Oficina do director xeral.

Desde o equipo de asesores lingüistas, formado por 9 profesionais, garántese que os textos e locucións se axusten á normativa gramatical e lexicográfica emanadas da Real Academia Galega. Ademais, este equipo resolve diariamente cuestións de realidades novas e de tratamento de topónimos e xentilicios do mundo, non sempre tratados pola RAG ou ás veces máis tarde.

Neste sentido, os asesores lingüistas da CRTVG sempre resultaron ser, pola natureza do seu medio, os primeiros que se enfrontan a certos problemas terminolóxicos e de adaptación lingüística, o que supuxo sempre un plus de dificultade que non existe para outros equipos de lingüistas doutros ámbitos, que non teñen o problema da inmediatez.

O equipo tamén desenvolve, máis alo dos seus compromisos laborais, iniciativas de investigación e divulgación da lingua, con propostas pedagóxicas e de participación dos cidadáns, asumindo así en plenitude o cometido de normalizadores da lingua. Neste sentido, os lingüistas da CRTVG levan desde o ano 1985 traballando en propostas lexicográficas a realidades novas.

9.1 Adaptación a novas necesidades da Corporación

Desde os inicios da CRTVG os cometidos dos lingüistas fóronse adaptando ás ampliacións dos medios. Nestes últimos anos é xa unha realidade a atención que require a lingua dos contidos da CRTVG en redes sociais e canles dixitais. Nesta liña, os asesores lingüistas asumiron novos roles na redacción da Radio Galega, na de Programas da TVG e no departamento de Contidos. E, coincidindo coa aposta determinante da Corporación por promover os contidos dixitais e servizos complementarios da emisión en TDT, os portais G24.gal e crtvg.gal requiren tamén da súa atención e obrigan a reforzar a revisión destas ventás informativas nun arco horario máis amplo.

Así mesmo, os asesores asignados á redacción de Programas e na área de Producción Allea reorganizaron o seu traballo para adaptalo ás necesidades destas áreas, que afectan aos contidos de produción propia, programas en directo de produción externa, series de animación, cine e documentais.

9.2 Equipo de asesores lingüistas

Nove asesores lingüistas repártense nas distintas redaccións e departamentos, en distintas quendas horarias e de luns a domingo.

A Radio Galega, as distintas redaccións da TVG e a área de Tempo Real, que cobre os contidos dixitais, contan con asesores que revisan a produción informativa e de entretemento, así como a documentación administrativa e corporativa. Tamén prestan cobertura a outros contidos, como os propios da área comercial, corporativa e administrativa.

9.3 Principais cometidos

Os principais cometidos do equipo de asesores lingüísticos son:

- Asegurar a corrección no uso da lingua das emisións e da documentación xerada de todo tipo.
- Coidar de que a lingua se axusta á doutrina gramatical e lexicográfica da Real Academia Galega. Dado que non existe unha gramática oficial como tal, e posto que o dicionario oficial está en fase de elaboración, os lingüistas da CRTVG encóntranse continuamente con dificultades que teñen que solventar con oficio lingüístico e sentido corporativo de medio público.
- Axudar a manter con coherencia un rexistro idiomático unha vez que se elixiu. As distintas propostas informativas e de entretemento poden presentar tamén distintas opcións diastráticas, dentro da corrección, que unha vez decididas se deben manter.
- Proporcionar recursos orais tradicionais e literarios como metaloxismos, figuras lóxicas, ironía, retransca ou riqueza de imaxes nas redaccións e descrições (aínda que haxa ilustración sonora e visual).
- Proporcionar material lexicográfico e fraseolóxico para conseguir un texto rico e afinado.
- Axudar no modelo entoativo e prosódico. Aínda que se realizaron varios cursos de formación nesta materia, o equipo de lingüistas sempre traballou con autonomía neste aspecto tan importante da lingua oral.
- Ofrecer, na medida do posible, un modelo de lingua da comunicación en galego recoñecible, académico sen renunciar á riqueza dialectal e que os galegos non sintan alleo nin artificial.

Ademais destes asuntos xenéricos, os asesores lingüísticos encárganse doutros aspectos extralingüísticos:

- Revisar e corrixir topónimos. Por defecto, revisan todas as entidades de poboación segundo o criterio do Nomenclátor de Galicia. Ademais de ser de obrigado cumprimento, como servizo público a CRTVG debe coidar de que ningún galego vexa o seu topónimo usado incorrectamente.
- Revisar e corrixir textos con criterios de edición, podendo tratarse de temas convencionais que en moitos casos presentan distintas solucións noutros medios de comunicación, coa obriga de ofrecer unha liña coherente por parte da CRTVG.
- Corrixir erratas ou equívocos. A inmediatez e a habitual celeridade e prontitude propios das redaccións informativas fan inevitables este tipo de descoidos, que o asesor lingüista detecta e corrixen en numerosas ocasións, servindo neste sentido de filtro de calidade.

9.4 Participación en procesos de selección

Os lingüistas participan en todos os procesos de selección realizados na CRTVG para contratos en prácticas ou ampliación de listaxes en categorías laborais. No 2024 participaron en 28 probas, para as seguintes categorías laborais:

- Operador-montador de vídeo (2)
- Técnico de control da radio (1)
- Control de cámara (1)
- Operador de cámara (1)
- Redactor (4)
- Deseñador gráfico (1)
- Axudante de realización (4)
- Relacións públicas (1)
- Analista programador (1)
- Operador de posproducción (1)
- Iluminador (3)
- Documentalista (1)
- Reporteiro gráfico (1)
- Locutor-presentador (1)
- Titulado superior (1)
- Locutor de radio (1)
- Axudante de produción (1)
- Auxiliar de programas (1)
- Promotor (1)

9.5 Relacións con institucións académicas e lingüísticas

O equipo de lingüistas mantén contactos coas autoridades institucionais e académicas en materia de lingua galega, co fin de aplicar as súas decisións, consultar dúbidas, recibir formación e manter, en xeral, unha comunicación enriquecedora.

- Coa Real Academia Galega, en desenvolvemento do convenio asinado con esta institución.
- Co Centro Ramón Piñeiro, para achega de material informativo para fins investigadores, particularmente para as investigacións do Corpus de referencia do galego actual (CORGA).
- Coa Facultade de Filoloxía da USC e o Instituto da Lingua Galega, para consultas e formación dos asesores lingüistas da CRTVG. Esta relación é recíproca, pois contan tanto USC como ILGA coa CRTVG para solicitude de material gravado e para proxectos lingüísticos, tanto en Galicia coma fóra, nos que a lingua dos medios é motivo de estudo. Concretamente, este ano colaborouse co Centro Europeo de Asuntos Minoritarios a través dunha solicitude da USC.

- Coa Facultade de Filoloxía da USC para acoller todos os anos bolseiros que veñen realizar as súas prácticas curriculares. Colaboran todos os membros do equipo de lingüistas para que os bolseiros coñezan todas as realidades das que se ocupan.

9.6 Colaboracións de normalización lingüística

Os lingüistas da CRTVG tamén desenvolven iniciativas de investigación e divulgación da lingua, que teñen lugar nos distintos medios da CRTVG, con maior presenza nestes últimos anos no contorno dixital. Concretamente este ano:

- 'Apalabradas'. É unha colaboración no magazín da mañá dos sábados da Radio Galega do coordinador de lingüistas de CRTVG. Explícanse curiosidades lexicográficas, coméntanse correccións para un bo uso da lingua e recórdanse palabras que van estando en desuso.
- 'A revista'. É unha colaboración semanal do coordinador de lingüistas da CRTVG, na que se tratan e explican palabras que presenten algunha curiosidade e dean pé a facer explicacións sinxelas e que intenta coñecer mellor, de maneira non profunda, a nosa lingua.

10. A PROXECCIÓN SOCIAL DA CRTVG

A Dirección de Proxección Social, enmarcada na Oficina do Director Xeral da Corporación, xestiona a comunicación institucional, a comunicación externa da programación e actualidade da Corporación, a atención ao público dos programas, o Buzón da Galega, así como as relacións institucionais e co tecido social de Galicia.

Proxección Social inclúe os servizos de Coordinación Creativa, a área de Relacións Públicas, o servizo de Prensa, Responsabilidade Social Corporativa, así como a coordinación dos asesores lingüistas.

A planificación anual de comunicación corporativa desenvólvese baixo o territorio de comunicación da Dixitalización de Galicia. E un dos seus eixes de traballo principal é a Responsabilidade Social Corporativa (RSC) co deseño e produción das #AcciónsG, campañas de servizo público que se enmarcan nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU e que cada ano poñen o foco en distintas realidades e necesidades sociais e culturais ou na promoción de bos hábitos que poidan repercutir positivamente en primeiro lugar en Galicia e os galegos, pero cun enfoque global.

10.1 Responsabilidade Social Corporativa

#AcciónsG

As **#AcciónsG** son as iniciativas de Responsabilidade Social Corporativa da CRTVG. Son accións de produción propia que prestan visibilidade aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU, con proxectos de valor para a sociedade que contribúan a solucionar os retos aos que esta se enfronta. Desde 2018, a Corporación desenvolve un plan anual de #AcciónsG, visibilizando necesidades sociais e iniciativas vinculadas ao traballo da ONU, en ocasións da man de colectivos e entidades sociais.

Estas campañas son deseñadas e producidas por equipos internos da CRTVG e quedan recollidas no seu propio espazo no portal crtvg.gal.

No 2024, estas accións xiraron arredor da Semana Mundial da Inmunización de Nacións Unidas, en abril; a lingua e a cultura galegas, na Semana das Letras, en maio; e a Semana coa Infancia de UNICEF, en novembro. Ademais, en decembro, a CRTVG lanzou unha campaña de coñecemento do galego entre a comunidade educativa a través da plataforma de contidos Xabarin.gal.

MARZO

Entre outras colaboracións co tecido social galego, en marzo, TVG e Radio Galega contribuíron á visibilización da campaña de Down Galicia con motivo do Día Mundial da Síndrome de Down, o 21 de maio, desde distintos espazos dos servizos informativos. Tamén en marzo o programa 'Galicia en goles' deu unha cobertura especial ao desenvolvemento, os días 15, 16 e 17, da Liga Genuine na Coruña, na que participaron 24 equipos, tres deles galegos: Deportivo da Coruña, Lugo e Racing de Ferrol. Durante os tres días, nas diferentes conexións e entrevistas aos protagonistas, destacáronse os valores do esforzo e do compañeirismo, coa potenciación do deporte inclusivo.

ABRIL

Semana Mundial da Inmunización

No marco da Semana Mundial da Inmunización de Nacións Unidas, a CRTVG desenvolveu unha campaña de concienciación arredor da importancia da vacinación para protexer a sociedade, nenos e maiores, de enfermidades que se poden prever, e coa que os medios públicos apoiaron o labor divulgador da ONU neste eido.

TVG emitiu un anuncio na súa programación, co slogan #AíndaQueNonOVexas, que incide na protección silenciosa e invisible que supoñen as vacinas para a saúde, e dispoñible tamén na web: <https://accionsg.crtvg.gal/inmunizacion/>. Programas informativos da TVG e a Radio Galega colaboraron coa campaña emitindo contidos relacionados. Foi o caso de espazos como os telexornais, o radiofónico 'Convivir' ou o *magazine* matinal da TVG 'A revista'. Esta #AcciónG perseguíu tamén apoiar e difundir os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible número 3, Saúde e Benestar, e número 10, de Redución das Desigualdades.

Visitas didácticas 'O tempo'

En abril, unha das xornalistas da sección 'O tempo' visitou a aula hospitalaria do servizo de Pediatría do CHUS e ofreceu unha charla en que explicou aos menores ingresados como se fan as predicións e como se traballa no plató de informativos.

Ademais, o equipo de xornalistas desta área realiza ao longo do curso escolar visitas didácticas a centros escolares das catro provincias, para chegar a importancia da ciencia e da meteoroloxía e as súas aplicacións ao día a día, aos cativos.

MAIO

Campaña Letras Galegas

A CRTVG volveu ser altofalante da celebración do Día das Letras Galegas, o 17 de maio, cunha programación especial arredor da figura homenaxeada este ano, Luísa Villalta. Durante toda a Semana das Letras, a plataforma dixital AGalega.gal, a TVG e a Radio Galega estrearon contidos relacionados coa autora para divulgar e afondar na súa figura, obra e o seu labor intelectual como personaxe do activismo cultural e social, da música e da docencia.

A plataforma, estreada en xaneiro de 2024, dispuxo contidos categorizados tanto en AGalega.gal como en AGalegaAudio.gal. Deste xeito, o público puido atopar os contidos categorizados nas seccións 'Programas', 'Xeración Z', dirixidas ao público máis novo, e 'Lingua e literatura', cun carrusel con contidos divulgativos, reportaxes e documentais como 'Letras de Galicia', sobre a historia da literatura galega desde o medievo.

As canles dixitais e as redes sociais da CRTVG completaron e ampliaron a difusión dos contidos e, a nivel institucional, a Corporación produciu unha nova #AcciónG de Responsabilidade Social Corporativa cunha campaña de difusión propia e recursos no portal web.

Cruz Vermella

En maio, a CRTVG abre as súas portas á Asemblea Comarcal da Cruz Vermella de Santiago de Compostela no marco da súa campaña de captación de fondos anual, pola que se instala no centro de San Marcos un posto de venda do Sorteio de Ouro da Cruz Vermella nalgunhas xornadas deste mes. O Sorteio de Ouro é unha das principais fontes de financiamento da entidade social que lle permite levar a cabo a súa actividade no eido socio-sanitario, asistencial e de inserción laboral na cidade de Santiago.

NOVIEMBRE / XIV SEMANA COA INFANCIA

O labor de RSC inclúe tamén o apoio ao tecido social internacional con presenza en Galicia. Este é o caso de UNICEF, entidade coa que CRTVG levou a cabo en novembro unha nova campaña da 'Semana coa Infancia'.

E así, no marco da súa #AcciónsG, a CRTVG levou a cabo, entre o 18 e o 24 de novembro, a campaña #SomosInfancia de UNICEF na que que promoveu que a sociedade defenda os dereitos da infancia mirando o mundo a través dos seus ollos. A iniciativa busca deste xeito colocar os dereitos de nenas, nenos e adolescentes no centro da conversa social, das prioridades e das políticas.

Ao longo da semana, xornalistas e presentadores da TVG e da Radio Galega divulgaron cuestións clave como a importancia de coidar a saúde mental, a vacinación, a loita contra a pobreza ou a protección da infancia fronte á violencia, a explotación e o abuso. Ademais, programas informativos como 'Bos días', 'Galicia noticias', 'Telexornal mediodía' e 'Telexornal serán' colaboraron emitindo contidos, mentres que outros espazos contaron con entrevistas con expertos de Unicef.

Este é o caso de 'O termómetro' na TVG e de 'Galicia por diante', 'A bóla extra', 'A tarde', 'A crónica', e 'Galicia en goles' na RG. Entre outras cuestións, abordouse o impacto das tecnoloxías na saúde mental dos adolescentes, a situación da infancia migrante nas Canarias ou a devastadora situación que vive a infancia afectada polos conflitos en Gaza ou O Líbano. Houbo tamén tempo e espazo para a participación infantil, con nenos intervindo no estudio de deportes da Radio Galega e no plató de televisión do cultural 'ZigZag'.

DECEMBRO

Presentación Xabarin.gal á comunidade educativa

O 14 de decembro, a CRTVG celebrou unha festa de Nadal para os cativos das familias de todos os seus traballadores. A esta #AcciónG de Responsabilidade Social Corporativa no eido da comunicación interna, acudiron preto de 170 nenos e nenas, fillos, sobriños ou netos de traballadores da CRTVG, que puideron visitar as instalacións de TVG e a Radio Galega e coñecer o lugar de traballo das súas nais, pais, tíos ou avós.

O programa incluíu actividades para distintas idades, como un espectáculo de maxia, un concerto de Xabarin, un plató virtual de informativos, unha merenda e un obradoiro de adornos cos que posteriormente se vestiron as árbores de Nadal do vestíbulo central de San Marcos. A felicitación de Nadal 2024 da CRTVG foi deseñada cunha imaxe dalgúns destes adornos feitos polos cativos.

Esta acción foi a primeira dunha semana, do 16 ao 20 decembro, dedicada a unha campaña de presentación dos contidos infantís en galego que incluíu tamén a comunidade educativa. A campaña fíxose en colaboración coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e deu a coñecer a plataforma en centros de educación infantil e de primaria das principais cidades de Galicia co obxecto de incrementar o emprego do galego entre os máis cativos. Este afán divulgativo terá continuidade no 2025, ano en que os medios públicos galegos celebran o seu 40º aniversario, cun plan de actividades para achegarlle á cidadanía os contidos e canles da Corporación, no marco do impulso a obxectivos como os que recollen os ODS nº 4, educación de calidade, e nº 10, redución das desigualdades desde o punto de vista do acceso a servizos educativos, neste caso ademais en lingua galega.

A Radio Conta

A Radio Galega leva xa 12 anos sendo unha das entidades líderes do proxecto solidario A Radio Conta, no que cada Nadal participan oito emisoras públicas e privadas da Coruña. A Radio Galega é membro fundador da iniciativa e ademais presta o soporte técnico preciso para desenvolver a acción. Neste 2024, os locutores e técnicos das emisoras participantes realizaron un programa de tres horas en directo desde o salón de actos da ONCE que incluíu entrevistas, anuncios e sintonías de radio antigas, música en directo e o repaso a anécdotas da historia da radio local.

As achegas solidarias do público foron nesta edición a beneficio do Banco de Alimentos Rías Altas. Este programa especial emítese simultaneamente nas oito emisoras que participan na iniciativa: Radio Galega, RNE, Radio Coruña-Cadena SER, Radio Voz, Onda Cero, COPE, Radio Marca e InterCoruña, así como nas súas respectivas canles de *streaming*.

Fesbal (bancos de alimentos)

A través do convenio entre FORTA e FESBAL as radios e televisións públicas autonómicas emitiron en decembro a campaña de sensibilización para fomentar a doazón de alimentos que se destinan a persoas desfavorecidas.

OUTRAS ACCIÓNSG ao longo de 2024

En maio, o director de Proxección Social da Corporación participou como relator nun obradoiro formativo organizado por Pacto Mundial de Nacións Unidas en Santiago de Compostela. O obradoiro, 'Ferramentas para a acción: impulsa a sostibilidade', no que se explicitou unha vez o apoio da CRTVG aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU.

E neste mes, a CRTVG levou a cabo unha colaboración con IGAXES, oenegué que traballa coa xuventude e a infancia, e que organizou unha campaña contra o odio en centros educativos e clubs deportivos, coa participación do futbolista Brais Méndez. As imaxes foron emitidas nos espazos deportivos da TVG.

Informe de Progreso de Pacto Mundial das Nacións Unidas

Como no exercicio anterior, neste 2024, a CRTVG cumprimentou o informe requirido polo Pacto Mundial de Nacións Unidas que substituíu a antiga edición da memoria anual de RSC que a Corporación producía desde 2012. Este cuestionario *on line* complementábase co EINF (Estado de Información non Financeira) que tamén se inclúe e que permite deixar rexistro do traballo desenvolvido no eido da RSC.

Desde o Portal de Transparencia dos medios públicos (<https://www.crtvg.gal/crtvg/portal-de-transparencia>) creouse un acceso directo ao portal web da organización <https://unglobalcompact.org>, de xeito que se facilita a consulta desta información, que é pública.

No portal de Pacto Mundial atópase o histórico de todas as memorias editadas ata agora pola CRTVG, que foi a primeira televisión en España que seguiu este modelo de rendición de contas con información sobre recursos humanos, a relación co sector audiovisual galego como principal provedor de contidos ou sobre a rendición de contas que se desenvolve ante os mecanismos de control, como o Consello de Administración ou o Parlamento de Galicia.

Transparencia

O Portal de Transparencia da CRTVG, renovado no 2023, está formado por catro grandes bloques: información institucional (organigrama, definición estratéxica, anuncios corporativos, referencias legais...), actividade corporativa (orxamentos, contratos, Plan de Actuación...), de responsabilidade social (sección #AcciónsG, informes de Pacto Mundial e contidos do eido da autorregulación) e a área de interacción cos usuarios, ligada tamén ao Portal de Transparencia da Comunidade Autónoma. O portal está dispoñible en: <https://www.crtvg.gal/crtvg/portal-de-transparencia>

Responsabilidade social na publicidade

O control da publicidade que se emite nas canles e soportes dixitais da Corporación lévase a cabo a través de distintas vías. Unha delas é o control desde o Consello de Administración da CRTVG que desenvolveu xa no 2017 unhas normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual, das que cabe resaltar que contan cun capítulo específico sobre a imaxe da muller (Título II, cap. 3).

Este documento é accesible e está dispoñible na sección 'Normativa' en <https://www.crtvg.gal/gl/crtvg/portal-de-transparencia/informaci%C3%B3n-comercial>

Por outra parte, a CRTVG está comprometida cunha serie de acordos e regulacións:

- A Asociación para a Autorregulación da Comunicación Comercial, entidade da que CRTVG é membro e que vela polas boas prácticas da publicidade en España, seguindo un Código de Conduta.
- Normas internas de *product placement* para evitar a confusión da publicidade con outros contidos dos programas da CRTVG.

- En 2024, unha representante da CRTVG continuou a participar na Comisión Asesora de Publicidade non Sexista, creada no ámbito do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, e na que se valoran as denuncias daqueles casos de publicidade que fan un posicionamento non axeitado do papel da muller na sociedade. A mesma representante participa como xurado no certame escolar anual de carteis do Día Internacional da Muller da Xunta de Galicia, e do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero.

10.2 Coordinación creativa

Velar pola identidade visual da TVG, a Radio Galega e as canles dixitais é unha das principais responsabilidades desta área, que tamén achega solucións de deseño e de promoción das canles, desenvolve as #AcciónsG de Responsabilidade Social Corporativa, e apoia o traballo diario do servizo de comunicación externa da Corporación.

Mais neste 2024 foi o desenvolvemento da nova plataforma dixital o que centrou o seu labor, achegando solucións gráficas tanto a AGalega.gal como a AGalegaAudio.gal e Xabarín.gal. Moi especialmente, esta área liderou a organización do sistema de creación e adaptación das imaxes da plataforma, aplicando solucións de intelixencia artificial de código aberto para a mellora e escalado de imaxes e o deseño de seccións e categorías da OTT para lograr unha experiencia de usuario mellorada.

Nesta liña, o coordinador creativo supervisa a identidade das tres plataformas e a produción diaria de recursos, nun traballo continuado arredor de AGalega.gal, AGalegaAudio.gal e Xabarín.gal.

No eido da RSC, as AcciónsG da CRTVG son creadas nesta área, desde a liña gráfica xeral ata todas as súas aplicacións, como os anuncios publicitarios para TVG, as cuñas publicitarias para a Radio Galega e os recursos que se precisen para as redes sociais ou os contidos no espazo propio destas campañas dentro do portal corporativo www.crtvg.gal.

Noutra liña de acción, a área de Coordinación Creativa é a responsable de crear os materiais promocionais tanto físicos como dixitais. Entre eles, as cortinas de lanzamento das novas temporadas de TVG, os agasallos para as visitas escolares que recibe o centro emisor de San Marcos, o autobús Xabarín da cabalgata dos Reis Magos ou a libreta/axenda anual que se entrega en xaneiro a todo o persoal, por citar algúns. Tamén, as pezas publicitarias e os recursos desenvolvidos no eido da promoción dos produtos e servizos da Corporación, como as bandeirolas ou as carpas que se empregan nas retransmisións dos programas en exteriores e que foron renovadas con vistas á celebración dos 40 anos da CRTVG.

Así mesmo, con vistas ao 40 aniversario da CRTVG, en 2025, formulouse a identidade da efeméride así como a súa aplicación a todos os soportes precisos como a emisión en pantalla, as cortinas na TVG, as imaxes de fondo no estudio multimedia da Radio Galega, os micrófonos da TVG e da emisora de radio e diversos produtos promocionais da celebración.

Os novos programas e novos pódcasts precisan dunha imaxe actualizada e acorde coa marca e o seu regulamento gráfico, de xeito que toda a Corporación transmita unha imaxe de marca coherente.

Ao longo do ano, levouse a cabo tamén o seguinte traballo:

- Deseño da identidade visual do espazo 'Galicia por diante' da RG na súa emisión en TVG coa incorporación do sistema automatizado de realización Vmix (gráficos de 'O tempo', distribución de contidos en pantallas, grafismos, etc.).
- Recompilación de imaxes para a actualización do material didáctico do Servizo de Programación de Formación Profesional da Xunta de Galicia, e para informes internos e externos da CRTVG.
- Cobertura gráfica da programación electoral nos comicios autonómicos de febreiro de 2024.
- Proxecto de estandarización da imaxe dos presentadores da TVG, en colaboración co departamento de Maquillaxe e Peiteado (estandarización e referencias de aplicación de maquillaxe).

10.3 Comunicación e relación co público

O Buzón da Galega

O Buzón da Galega é un servizo de comunicación co público, que se atende desde a área de Proxección Social da CRTVG. Esta canle de comunicación emprega unha conta de correo electrónico info@crtvg.gal a través da cal no 2024, se contestaron **4.205 consultas** de particulares, empresas, asociacións e todo tipo de colectivos que envían solicitudes de información, dúbidas, incidencias ou queixas. Aténdense directamente ou derívanse aos destinatarios oportunos.

Houbo un notable aumento de comunicacións respecto de anos anteriores, do 63% respecto a 2023, ano no que se rexistraron 2.579 mensaxes contestadas. Isto débese especialmente ás consultas recibidas arredor da estrea da plataforma dixital de contidos dos medios públicos e ao apagamento da canle de televisión en TDT en SD, no mes de febreiro, co pase das emisións a calidade HD.

Información sobre os produtos e servizos

A área de Prensa da CRTVG informa sobre a actualidade e a programación da TVG, a Radio Galega e as plataformas dixitais aos medios de comunicación, xerais e especializados, así como as axencias e empresas que alimentan os EPG (Electronic Program Guide) das canles e plataformas de contidos audiovisuais. Estes servizo responde tamén as consultas dos medios de comunicación como parte do seu labor de servizo público.

Ademais de información, remítense tamén imaxes sobre os contidos das grellas e as novidades de todas as canles, aténdense peticións de entrevistas e actualízase a sección corporativa do portal web.

Na relación cos medios, a CRTVG pide unha comunicación por escrito para que quede constancia e transparencia de todas as interaccións cos diferentes medios de comunicación.

Neste 2024, contestáronse peticións de medios como *La Voz de Galicia*, *El Progreso*, *El Correo Gallego*, *Faro de Vigo*, *El País*, *Público*, *Nós Diario*, *Praza Pública* ou *eldiario.es*, entre outros.

O servizo de Prensa encárgase tamén da subministración diaria de información sobre a programación de televisión ao sistema EPG de guía de pantalla do televisor conectado á rede dixital terrestre (TDT), onde se atopa tamén información de clasificación por idade ou control parental. En total, no 2024 emítiéronse 1.681 comunicados e información sobre as grellas.

Visitas á CRTVG

A área de Relacións Públicas atende ao longo do ano a intensa actividade de xestión e asistencia a todos os convidados dos programas de entrevistas e faladoiros da TVG e a Radio Galega.

En total, no 2024, foron 19.425 persoas desagregadas en:

- Informativos e programas de Televisión de Galicia, 17,796 persoas.
- Visitas escolares, 1.077 persoas
- Convidados da Radio Galega, 552 persoas

10.4 Igualdade e Inclusión

10.4.1 Igualdade e tratamento da violencia de xénero

A CRTVG mantén un sólido e sostido compromiso coa igualdade de xénero, o que se reflicte a nivel corporativo e de contidos dun xeito continuado e transversal e coa promoción ao longo do ano tanto na TVG como na Radio Galega dunha imaxe igualitaria entre homes e mulleres. Desde 2024, a nova plataforma dixital AGalega.gal amplifica esta acción divulgativa programando contidos que quedan á disposición do público, para o seu consumo baixo demanda. Entre os programas especificamente deseñados para este obxectivo, pódese citar 'Din que non falan', estreado en outubro. O espazo presenta mulleres galegas relevantes nos seus eidos, entre outras a escritora Leticia Costas, a deseñadora de moda Vanessa Torre, a cardióloga María Crespo, a cineasta Paula Cons ou a presentadora Patricia Pardo. As protagonistas achegan en 13 capítulos as súas historias inspiradoras a través de conversas coa actriz Estíbaliz Veiga.

Nas datas puntuais de maior visibilidade institucional, o 8-M, Día Internacional da Muller, e o 25-N, Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero, os medios públicos potencian a súa actividade neste eido da sensibilización social. Toda esta actividade e programación ten oco tamén nas redes sociais, tanto corporativas como dos distintos programas, así como nos espazos nativos dixitais que cada ano teñen máis presenza como ferramenta esencial do diálogo co público.

8-M, Día Internacional da Muller

A información sobre o 8-M arrancou no 'Bos días' cunha entrevista coa secretaria xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e seguiu cunha mesa redonda no *magazine* da mañá, 'A revista', centrada particularmente no ámbito laboral e na que interviñeron unha avogada, a presidenta da Federación de Asociacións de Mulleres Rurais e unha orientadora dun centro educativo público. Reportaxes e conexións en directo ao longo do día tiveron continuidade na ampla cobertura do 'Telexornal mediodía' e do 'Telexornal serán'. No eido da cultura, 'Zigzag' ofreceu unha entrevista con representantes da compañía Cali-Danza Consciente, que representaron no teatro Jofre de Ferrol o espectáculo 'Donas', e unha reportaxe sobre o ciclo 'Olladas de muller' da Filmoteca de Galicia.

E no que respecta aos deportes, se 2023 fora o ano con máis contidos sobre o deporte feminino na historia dos telexornais, estes datos melloráronse nos dous primeiros meses de 2024 en relación co mesmo período do ano anterior. Cómpre valorar estes antecedentes para non establecer o Día Internacional da Muller como única medición para determinar a cobertura da que é obxecto nos principais espazos informativos da TVG.

Deste xeito, ao longo da primeira semana de marzo, difundíronse 22 novas relacionadas co deporte feminino. Foron noticias de actualidade como o reto olímpico da selección española de fútbol; a lesión da atleta María Vicente García no Mundial de Atletismo en Pista Cuberta de Glasgow, as previas e as crónicas dos encontros da Liga Endesa de baloncesto feminino Celta Zorka Recalvi-Baxi Ferrol e Durán Maquinaria Ensino-Lointek Gernika Bizkaia; os bronce de Ana Peleteiro e Fátima Diame no Mundial de Atletismo en Pista Cuberta (o tratamento informativo sobre o fito de Peleteiro versou ademais sobre a importancia do retorno dunha deportista de elite ao alto nivel despois de ser nai); o día a día de Tamara Echegoyen no Campionato do Mundo 49erFX ou a marca da regatista estadounidense Cole Brauer que deu á volta ao mundo en solitario.

Xa no 8-M, a sección deportiva do 'Telexornal mediodía' abriu cun titular para a xogadora brasileira do Deportivo Abanca Millene Cabral, máxima goleadora do equipo que aspira ao ascenso á máxima categoría do fútbol feminino. Na edición do serán emitíuse unha información sobre Cristina Fernández Piñeiro, primeira muller que dirixiu un encontro da Liga Asobal e a primeira árbitra internacional de balonmán en Europa. En días posteriores mantívose o foco no deporte feminino con información e reportaxes sobre xogadoras e crónicas do Deportivo Abanca, do Durán Maquinaria Ensino e do Baxi Ferrol.

No eido dixital, promovéronse contidos relacionados coa efeméride que logo se difundiron na emisión convencional e a través da plataforma AGalega.gal. Con estes contidos de carácter nativo dixital, elaborouse un colaxe para darlle visibilidade á celebración e divulgáronse vídeos relacionados cos principais fitos pola igualdade que tiveron lugar en Galicia. Como exemplo, os vídeos sobre o sufraxio feminino, relacionándoo con Galicia a través de Emilia Pardo Bazán, sobre a inclusión das mulleres no sistema educativo, relacionándoo con Galicia a través de Concepción Arenal, ou sobre o aborto, relacionándoo con Galicia por medio da historia do filme 'O corno', gañadora da Cuncha de Ouro de San Sebastián no 2023.

Por outra parte, TVG programou unha serie de contidos baixo a denominación xenérica 'As + PRO' con traballos de humor, música, ou series de ficción. A G2 tamén recuperou contidos e estreou outros, como 'Womex', documental que percorre o mundo na busca de retratos de diferentes mulleres con vidas distintas. O *magazine* 'Quen anda aí?' achegou tamén contidos para visibilizar o papel das mulleres na sociedade, entrevistando galegas referentes en distintos eidos laborais como o traballo coa pedra, o emprendemento rural, o ensino da danza ou a cerámica.

A plataforma AGalega.gal deseñou unha sección, 'Grazas a elas' para identificar os seus contidos especiais entre os que salientan os documentais 'Sofía Casanova, a obreira do pensamento', 'Contou Rosalía', 'Juana de Vega, vizcondesa do arado', 'Concepción Arenal, a visitadora de cárceres' ou 'Emilia Pardo Bazán, a condesa rebelde', todas elas galegas e mulleres precursoras que se enfrontaron aos canons sociais e políticos do seu momento.

A plataforma programou tamén o carrusel 'Elas dirixen', unha escolma de longametraxes documentais e de ficción que dirixiron mulleres. Incluíronse filmes como 'A illa das mentiras', 'Sei quen es', 'Arima', 'Meigallos', ou 'Valentina', entre outros títulos. Na área das producións documentais incluíronse longametraxes como 'Nación', sobre a loita das traballadoras da fábrica de porcelanas Pontesa; 'A poeta analfabeta', un retrato da poetisa Luz Fandiño; 'Esquece Monelos', 'Tralas luces', 'Todas as mulleres que coñezo', 'Trinta luns', 'Noite irisada', 'Alén da terra' e 'O futuro da mente'.

Pola súa parte, na Radio Galega nesta semana houbo tamén unha programación especial.

O *magazine* 'Galicia por diante' programou entrevistas en profundidade con mulleres que son referentes da sociedade galega, e informouse sobre as actividades promovidas polas distintas asociacións sociais. Entre moitas outras, houbo espazo para falar con traballadores de entidades como Médicos sen Fronteiras, empresas galegas de distintos sectores ou profesionais premiadas nos seus eidos.

'A tarde' recolleu este labor divulgativo, emitindo entrevistas ao longo da semana, como as realizadas á investigadora Susana Martínez Vidal, quen analizou os roles femininos nas ilustracións e na publicidade das entidades bancarias entre 1949 e 1970 ou Josefa Martínez, que se xubilou logo de case 30 anos á fronte do quiosco da Ferraría de Pontevedra. Informouse sobre o coloquio 'Con M de muller' realizado na Coruña con cinco mozas da Xeración Z representativas de distintos ámbitos profesionais. Desde a mesma cidade, a emisora achegouse á ruta en clave feminina por núcleos históricos coruñeses para coñecer mellor a vida das mulleres que deixaron pegada na historia da cidade.

O espazo 'Convivir', que xa de seu pon de manifesto as situacións de desigualdade que aínda existen e no que se lles dá voz a colectivos que traballan para erradicalas, incidiu na mirada en feminino para abordar a saúde feminina, no Día Internacional da Concienciación sobre a Infección do Virus do Papiloma Humano, ou informar sobre a 1ª Carreira pola Igualdade de Barbadas, coa intervención da súa concelleira de Servizos Sociais, Saúde e Igualdade.

O 'Diario cultural' contou entre os seus contidos coa relato dunha conversa organizada polo Consello Superior de Investigacións Científicas e a Biblioteca de Galicia na que participou, entre outros, o investigador Miguel García Fernández, especialista no estudo da historia das mulleres. Tamén, con varios faladoiros sobre recomendacións literarias e o papel das mulleres na cultura e unha reportaxe sobre a exposición 'Eu son. Memoria das rapadas do Museo Provincial de Lugo'.

No eido deportivo, 'A crónica deportiva' achegou declaracións de Ana Peleteiro tras o seu bronce en Glasgow, e de Mirian Sempere tras a súa renovación co Mecalía Atlético Guardés. En 'Ao contraataque' emitíronse entrevistas con Esther Casado, xogadora do Durán Maquinaria Ensino (LF Endesa), a

nadadora Paula Otero, ou Henar Muiña, xogadora do Deportivo Abanca. No 'Galicia en goles' emitíronse, entre outros contidos, unha entrevista a Raquel Mondoruza, adestradora do Ourense Ontime, antes do partido contra o Poio Pescamar ou a conferencia de prensa de Irene Ferreras, adestradora do Deportivo Abanca, na véspera do partido contra o Alhama CF. Tamén se deu cobertura a distintos encontros de deporte feminino como o xogado entre o Deportivo Abanca e o Alhama CF con entrevistas á adestradora e xogadoras; e ao partido da Liga Guerreiras Iberdrola, Conservas Orbe Rubensa contra o BM Porriño-Elda Prestigio, con entrevista á súa conclusión á xogadora Fátima Aye-len. Na fin de semana, emitiuse continuamente información sobre as competicións de elite de balonmán, fútbol sala e voleibol.

Son moitas as organizacións e as empresas que adoitan publicar informes e traballos de investigación na semana na que se conmemora o Día Internacional da Muller e se tratou de informar de todo o posible. Deste xeito, 'A crónica 14 h' informou sobre o novo sistema de puntos violeta do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE); trasladou as conclusións de informes publicados polos sindicatos UXT e CCOO; tamén sobre os datos sobre o Sistema Integral nos casos de Violencia de Xénero (Sistema VioGén); sobre o Informe de Save the Children; ou as declaracións políticas dos principais grupos parlamentarios galegos. Tamén se deu cobertura aos actos institucionais da Xunta de Galicia e ao Consello de Ministros extraordinario.

O espazo 'A crónica 20h' retomou o fío do día resumindo os actos e informando sobre a xornada, incorporando entrevistas con Pilar Estévez, voceira da Plataforma Feminista Galega, e Ximena González, coordinadora da Marcha Mundial das Mulleres.

Todos os contidos dos que deu conta o programa inseríronse na plataforma AGalegaAudio.gal, nun apartado específico denominado 'Grazas a elas', contidos que ademais quedan de maneira permanente na plataforma. Neste 2024, desde a estrea da plataforma AGalega.gal, hai que resaltar o seu papel como altofalante do talento e traballo femininos, así como alto número de producións audiovisuais sobre mulleres, ou producidas e dirixidas por mulleres que ofrece. Entre moitas outras xa citadas neste informe, lémbrense o documental 'Woman', a miniserie 'Cara bonita' ou a serie 'Carmen Curlers'.

Fóra da pantalla, o mesmo 8-M, a xornalista da TVG María Solar, que conta co recoñecemento de Amiga de UNICEF, moderou a mesa redonda 'A igualdade no fútbol', celebrada en Sanxenxo no marco dun acto de entrega de premios que salientaba o traballo de visibilización da muller no deporte por parte dos clubs municipais e entidades deportivas de diferentes disciplinas.

25-N, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

A finais de novembro, os medios públicos volveron despregar unha atención especial aos contidos vinculados do 25, Día Internacional da Eliminación

da Violencia contra a Muller. Como en anos anteriores, a cobertura das canles da CRTVG incluíu información sobre os actos organizados polas institucións e o tecido social con reportaxes e pezas de análise e sensibilización.

Deste xeito, TVG informou sobre os actos organizados polo Goberno central e a Xunta de Galicia, así como polas distintas entidades políticas galegas e cubríu as manifestacións que mobilizaron milleiros de persoas en Galicia e no resto do Estado. Ademais, planificouse a difusión de informes estatísticos e de contexto: en España, no que ía de ano, foran asasinadas 48 mulleres. En Galicia cometéranse catro asasinatos, un dato que se analizou de xeito amplo o 25 de novembro a través de gráficos e reportaxes. Informouse a cidadanía e convidouse a expertos que subliñaron a importancia da intervención temperá e a sensibilización.

Neste senso, Televisión de Galicia apostou pola difusión de producións culturais e documentais como ferramentas de concienciación. Entre elas, en horario de máxima audiencia, 'O que a G esconde', que investigou o asasinato de Elisa Abruñedo ou un capítulo especial de 'Na mente do asasino', sobre o caso de Ana Enjamio. AGalega.gal ofreceu así mesmo os documentais: 'Contraaluz', 'Woman' e 'Todas as mulleres que coñezo'. A segunda canle, no marco das súas 'Noites temáticas', ofreceu 'Elas cantan', produción de contido musical para destacar algunhas das novas voces femininas galegas e 'A poeta analfabeta', documental sobre a vida e a loita de Luz Fandiño.

Os *magazines* da canle, a páxina web g24.gal e as redes sociais contribuíron a dar difusión a todos os contidos.

Pola súa parte, todos os grandes formatos da Radio Galega fixéronse eco da actualidade cunha cobertura global para concienciar o público que comezou nas xornadas previas ao 25 de novembro. Todos os bloques informativos incluíron entrevistas e reportaxes, igual que se fixera no 8 de marzo. Entre moitos outros, 'Galicia por diante' e 'Galicia por diante fin de semana' convidaron autoras como Noelia Míguez e Isabel Blanco, e a Irene García, axente da Garda Civil especialista do Equipo de Muller-Menor (Emume) de Pontevedra e coordinadora do Punto de Atención Especializada a Mulleres.

O programa 'Diario cultural' contou coa deseñadora Uqui Permuy, autora do libro 'Sempre libres e vivas. En negro contra as violencias de xénero' e a Eva Mejuto, colaboradora de literatura infantil e xuvenil, quen propuxo a lectura de libros nos que se recolle e esperta a memoria das mulleres. Tamén falaron para a emisora Consuelo Neira Leis, directora do Centro de Recuperación Integral para Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero de Santiago, ou Sonsoles Bartolomé, voceira da Fundación ANAR (organización sen ánimo de lucro que axuda os nenos e adolescentes en risco), entre outras.

No eido deportivo, os espazos 'Ao contraataque' e 'Galicia en goles' contribuíron nos seus contidos a visibilizar os valores do deporte na infancia e a igualdade entre deportistas.

En canto á normativa

- A CRTVG aplica as recomendacións sobre o tratamento informativo da violencia contra as mulleres, propostas polo seu Consello de Administración da CRTVG e accesibles no portal corporativo (<https://portal.crtvg.gal/crtvg/responsabilidade-social-corporativa/autorregulacion-recomendacion-do-consello-de-administracion-da-crtvg-sobre-o-tratamento-dos-casos-de-violencia-machista-nos-medios-de-comunicacion-publicos-galegos>)
- As informacións relacionadas coa violencia de xénero son obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso no que prima ante todo o respecto extremo ás vítimas. Por outra banda, sempre se inclúe nas informacións o número de teléfono de atención aos casos de violencia machista: 016.
- A CRTVG ten unhas normas reguladoras de publicidade, tamén dispoñibles no Portal de Transparencia da Corporación, e que inclúen un capítulo específico sobre a imaxe da muller <https://portal.crtvg.gal/crtvg/portal-de-transparencia/informacion-comercial>

Outras accións encamiñadas a visibilizar o compromiso coa igualdade:

- A Comisión de Igualdade na CRTVG, constituída por representantes dos traballadores e por representantes da Corporación, aprobou no 2024 o I Plan de Igualdade da Corporación, de acordo coa definición dese principio que establece a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. O plan, que conta con numerosas medidas en todos os seus eixes, foi aprobado en xuntanza do 7 de outubro e prevé unha vixencia de catro anos. O escrito veu a luz tras seis anos de negociacións continuas, iniciadas no 2018. Tras a aprobación e o rexistro do plan, estase en condicións de empezar a desenvolver todas as accións previstas nel, que redundarán en beneficio das persoas traballadoras da Corporación e, de xeito indirecto, na totalidade da sociedade galega por canto receptora do servizo público esencial que se presta.
- A CRTVG forma parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero constituído no 2014 e que conta con representantes das administracións, da Xustiza, sindicatos, asociacións de mulleres e medios de comunicación.
- A CRTVG é membro da Comisión Asesora de Publicidade non sexista do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, no que participa activamente e no que se avalían as denuncias daqueles casos de publicidade que fan un posicionamento non axeitado do papel da muller na sociedade.

- A CRTVG está integrada na asociación Autocontrol de Publicidade, na que participa todo o sector da publicidade de España.

Recoñecemento a CRTVG Empresa Igual en Xénero 2024

A CRTVG recibiu a acreditación que a recoñece por sexto ano consecutivo como **Empresa Igual en Xénero**, e suma tamén un novo indicador, o primeiro, como Empresa Circular. Estes Indicadores ARDÁN son outorgados polo servizo de información empresarial desenvolvido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, que se publica anualmente.

O indicador de Empresa Igual en Xénero é outorgado ás empresas que *“presentan altos valores en igualdade desde unha perspectiva de xénero no ámbito laboral, medida en tres dimensións: igualdade de funcións, igualdade de retribucións e igualdade por actuacións”*, e a entidade emisora salienta que a CRTVG se atopa entre *“o selecto 4 % das compañías analizadas en Galicia que alcanza os esixentes criterios para obter estes indicadores”*.

A igualdade dentro da CRTVG

A Corporación é exemplo de plena igualdade na súa estrutura directiva. Máis concretamente, a 31 decembro de 2024, o equipo directivo estaba composto por 19 mulleres e 19 homes. E o Consello de Administración conta desde verán de 2021 con 3 conselleiras e 3 conselleiros.

A área de Soporte Tecnolóxico, que engloba toda a xestión dos departamentos técnicos de produción, e a de Información e Documentación, a de maior peso na parte xornalística, están dirixidas por dúas mulleres. Son mulleres tamén maioría na dirección da área de Contidos. E en pantalla, a presenza de presentadoras e xornalistas é tamén maioritaria. Son mulleres, ademais, a adxunta ao director xeral, a directora do Departamento Operativo dos Servizos Informativos, a subdirectora de Contidos, a xefa de Programas da Radio Galega, a xefa de Comunicación Corporativa e RSC ou a redactora xefa de Informativos, ademais doutras xefas de servizo e responsables de área.

A 31 de decembro de 2024, en total, son mulleres 355 dun cadro de persoal de 856 traballadores, é dicir o 41,5% do total do persoal da CRTVG. E no que respecta aos salarios, na CRTVG non existe fenda salarial entre homes e mulleres. Así mesmo, no que respecta á conciliación laboral, a CRTVG implementa distintas medidas para facilitar a compatibilización do traballo e da vida persoal para os empregados e empregadas. A porcentaxe deles que gozou no 2024 dalgún tipo de medidas de conciliación é o 14,3%.

10.4.2 Apoio ás persoas con discapacidade

A Corporación atópase firmemente comprometida coa accesibilidade e a inclusión como piares fundamentais da súa misión de servizo público. Actualmente, Televisión de Galicia ofrece coa opción de subtítulo todo o contido que non se emite en directo, que emana fundamentalmente do sector audiovisual galego, e todos os informativos principais.

Durante 2024 a CRTVG reforzou o seu compromiso coa inclusión, a accesibilidade e a innovación tecnolóxica, aliñándose cos máis altos estándares de servizo público no panorama da comunicación dixital.

Achegar os medios públicos galegos a toda a sociedade e a favorecer a inclusión plena das persoas con necesidades especiais é o obxectivo dos proxectos que lidera ou nos que participa a CRTVG, ao que se suma o valor de promover a accesibilidade en lingua galega. Nesta liña, a Corporación traballa para mellorar e ampliar o servizo de subtítulo ou a tradución de contidos informativos a lingua de signos (LSE), entre outras accións.

Subtitulado

Os procesos de subtítulo en directo están severamente condicionados pola inexistencia de sistemas automáticos homologados que entendan o idioma galego capaces de subtitular en tempo real. Ante esta inexistencia, a CRTVG incluíu na súa estratexia a colaboración con todos os entes de investigación de Galicia que traballan sobre a subtitulación automática.

Rematados no 2024 proxectos de investigación que estaba a desenvolver a Universidade de Vigo así como o Proxecto TILGAL, impulsado conxuntamente polo Clúster Audiovisual Galego e as empresas Adivina Producciones, Setemedia Producciones Audiovisuales e Voz audiovisual, así como o Grupo de Tecnoloxías Multimedia do centro de investigación AtlanTTic da UVigo e a empresa Imaxinsoftware, as súas conclusións e avances pasaron a ser absorbidas no Proxecto Nós, que promove a Consellería de Educación e que desenvolve a USC.

Os medios públicos galegos seguen a colaborar neste proxecto, a través dun convenio, para o que presta os recursos precisos para avanzar nas súas liñas de actuación, con especial atención ás aplicacións previstas no proxecto. Entre estas, a xeración de subtítulos de xeito automático, dentro da actividade 'Sistemas de recoñecemento da fala', así como a posibilidade de que os dispositivos autónomos entendan o galego, a xeración de textos automáticos para determinados contidos informativos ou mesmo a corrección automática de textos. A Corporación garante o acceso ao seu arquivo audiovisual para poder construír os diferentes corpus, necesarios para poder probar as tecnoloxías e ferramentas que se creen.

No 2024, a Televisión de Galicia incorporou, como se explicou no capítulo 7, á produción de informativos un *software* que permite o subtítulado automático de programas en directo, neste caso o espazo ‘Galicia noticias’, o ‘Telexornal mediodía’ e o ‘Telexornal serán’.

Subtitulado para redes sociais

No 2024 instalouse o uso do *software* Kapwing para subtitular os contidos en redes sociais de xeito automático grazas á implementación de modelos de intelixencia artificial. Este esforzo busca facilitar o acceso e o seguimento dos contidos por parte de toda a audiencia, promovendo unha comunicación máis inclusiva nas plataformas dixitais ademais de adestrar esta plataforma para mellorar o servizo en idioma galego que lle dá á cidadanía.

Transcrición e subtítulado a través de intelixencia Artificial (IA)

A Corporación está a traballar desde 2024 nun proxecto que permite a transcrición de determinados programas da plataforma AGalegaAudio.gal, permitindo así o subtítulado de contidos en formato VoD (Video on Demand) e a inclusión do texto nos seus contidos para facilitar a accesibilidade dos mesmos.

Este servizo, en fase tamén experimental, é unha clara mellora na accesibilidade para os usuarios do servizo de audio da CRTVG, xa que permite mesturar vídeo, audio e subtítulado dun xeito automático. Con este sistema subtitulouse a serie ‘Historias de Galicia’ e foi colgada na canle de YouTube da CRTVG respondendo a unha petición da comunidade universitaria.

Proxectos con hologramas

En colaboración con TESLA Technologies, a CRTVG está a promover unha proposta innovadora denominada Holoconferencing and Social XR, que será presentada ao IBC Accelerator Media Innovation Programme de 2025.

Este proxecto ten múltiples aplicacións, destacando a inclusión de hologramas nos directos da Televisión de Galicia coa posibilidade de falar en múltiples idiomas. Deste xeito, búscase que calquera convidado, a través dun holograma, poida integrarse no relato narrativo do programa. Este proxecto abrirá un novo camiño na parte educativa e de inclusión da Corporación.

Auditoría de accesibilidade

No contexto da despregadura da OTT (Over-The-Top) da Corporación, a accesibilidade é unha prioridade clave para cumprir coa súa misión de servizo público. Para garantir a accesibilidade da plataforma AGalega.gal, a Corporación está a traballar nunha auditoría integral cos seguintes fitos:

- Auditoría avanzada do front-web: Avaliación do cumprimento das normativas UNE-EN 301549:2022, RD 1112/2018 e WCAG 2.1 (AA).

- Auditoría avanzada das aplicacións móbiles: comprobación do cumprimento nas versións de iOS e Android de AGalega.gal.
- Documentación legal: elaboración do Informe de Revisión de Accesibilidade (IRA) e da declaración de accesibilidade para a súa publicación en liña.

Contidos en lingua de signos (LSE)

De luns a venres, festivos incluídos, o 'Telexornal mediodía' e o 'Telexornal serán' son accesibles en lingua de signos pola G2, ás 15:30 h e ás 21:45 h, respectivamente. A emisión destes espazos, os principais informativos do día en LSE, fai posible o acceso das persoas xordas á información que ofrece Televisión de Galicia.

Os dous informativos quedan tamén dispoñibles na plataforma dixital AGalega.gal polo que son accesibles a calquera hora. A CRTVG conta con dúas sedes equipadas e operativas sobre as que emitir estes contidos informativos: a delegación da Coruña e a sede central de San Marcos, en Santiago.

Neste 2024, TVG emitiu 645 horas en lingua de signos (entre informativos e programas especiais como actos oficiais, entregas das medallas Castelao e de Galicia, entrevistas e actos institucionais, espazos electorais, etc).

A desagregación destes datos é a seguinte:

Telexornais LSE / Reemisión pola G2, de luns a venres

_'Telexornal mediodía': 262 días x 70 minutos = 18.340 minutos / 306 horas

_'Telexornal serán': 262 días x 75 minutos = 19.650 minutos / 327 horas

Programas especiais 2024:

- Debates e entrevistas electorais / Febreiro / Duración: 175'
- Sesións debate investidura / Abril / Duración: 370'
- Toma posesión presidente Xunta de Galicia / 13 abril / Duración: 45'
- Entrevista presidente da Xunta de Galicia / 30 maio / Duración: 20'
- Medallas Castelao / 28 xuño / Duración: 65'
- Medallas de Galicia – 24 xullo / Duración: 54'
- Discurso fin de ano presidente Xunta de Galicia 31.12.24 / Duración: 9'

Renovación do convenio coa Consellería de Política Social

No 2024, CRTVG renovou o convenio de colaboración que mantén coa Consellería de Política Social, e co que estende a colaboración vixente para dotar os principais informativos da CRTVG de interpretación en lingua de signos (LSE). Segue así o compromiso iniciado pola CRTVG hai máis dunha década co colectivo de persoas xordas de Galicia, que desde 2020 conta tamén co apoio explícito e económico por parte da Consellería de Política Social.

Proxecto 'Sinxelo'

O proxecto 'Sinxelo', creado no 2022, é un espazo informativo para mellorar a accesibilidade das persoas con discapacidade que naceu da colaboración coa Universidade de Vigo, e é pioneiro en España en achegar a información ás persoas con algunha dificultade cognitiva. A CRTVG foi o primeiro medio audiovisual en aplicar este nivel de comunicación con este formato aos seus contidos, nun proxecto que adapta os contidos informativos e formatos para cumprir cos estándares da "lectura sinxela" e facelos máis accesibles. A difusión dos vídeos faise a través da web G24.gal e as canles dixitais YouTube, Facebook, Instagram e TikTok. No 2024, traballouse da man de centros educativos que se propuxeron sumarse ao proceso de creación de contidos. Son varios os centros de educación especial aos que se lles explicou o proxecto integrándoo nos seus programas, o que fai realidade o obxectivo da CRTVG de xogar un rol de dinamizador social na procura da máxima integración das súas audiencias. O primeiro centro en producir e publicar un vídeo 'sinxelo' foi o Centro Juan María, centro de Educación Especial, Ocupacional y de Día de Nigrán (Pontevedra).

'Sinxelo' segue os criterios de "lectura sinxela", método que aplica pautas e recomendacións á redacción de textos, ao ritmo das imaxes ou ao deseño e maquetación de documentos, sempre coa finalidade de facer accesible a información ás persoas con dificultades de comprensión lectora, fundamentalmente, aínda que non só, a persoas con síndrome de Down. A voz do vídeo está xerada mediante intelixencia artificial ou locutada polos alumnos dos centros e a súa velocidade está regulada ao fin correspondente. Os parámetros dentro dos que se move o proxecto están tamén marcados pola asociación Inclusion Europe, apoiada pola Unión Europea, e levarán o logo *Easy-to-read*.

Outras accións

Programas como 'Convivir' e 'Convivir deportivo' atenden ao longo do ano a actualidade dos colectivos con persoas con discapacidade, complementando a información e contidos dos espazos informativos.

Tamén o programa da Radio Galega 'Lambóns dixitais' dos martes ás 21:00 horas recolle contidos sobre tecnoloxía inclusiva, como os posibles avances para a integración de persoas con discapacidade.

Ademais, un ano máis, mantivéronse dous contratos con centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, de acordo coa reserva establecida de entre o 3 e o 5% dos contratos da Administración da Xunta de Galicia aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro. Por último, a CRTVG incluíu en todos os servizos que licitou a obriga do contratista de cumprir as disposicións vixentes en materia de integración social de persoas con discapacidade.

10.5 Accións internacionais

A CRTVG mantén unha fluída relación con canles de televisión do panorama europeo, sobre todo coas do arco de países celtas e coa RTP, a canle pública portuguesa coa que se traballa de xeito continuado en colaboracións e coproducións de ficción. De feito, coa televisión pública portuguesa existe un marco establecido de colaboración e traballo que se visibiliza na produción de programas conxuntos como 'Aquí Portugal' e o apoio a proxectos comúns de produtoras galegas e lusas. O capítulo 5 desta memoria inclúe información sobre estes proxectos internacionais da Corporación no eido dos contidos.

A nivel europeo, a CRTVG segue a ser membro destacado de CIRCOM Regional, a rede de 250 medios públicos e centros de produción rexionais presentes en 29 países de Europa na que a Dirección de Contidos da CRTVG ostenta a Secretaría Xeral e a dirección executiva.

Ademais, a Corporación participa anualmente no Celtic Media, un festival no que participan canles de orixe celta, como a BBC británica en Escocia, Gales e Irlanda do Norte, as irlandesas RTE e TG4 e France 3 Bretagne. Os seus foros e programas de actividades supoñen un interesante espazo de traballo do que xorden proxectos audiovisuais e intercambio de coñecemento.

E xa no caso da América Latina, para onde se emite a canle TVG América, hai que salientar a especial cobertura informativa da televisión e a radio galegas e o seguimento de proxectos audiovisuais.

Aproximación á lusofonía e á cultura portuguesa

A colaboración coa RTP e o apoio a coproducións dos dous países veciños é unha constante no seo da CRTVG. Como resultado deste labor pódense citar títulos de producións como 'Auga seca', 'O corpo aberto', 'Motel Valkirias', 'Vidago Palace' ou o documental 'Galegos d'Ouro', entre outras destes últimos anos, ademais de programas de entretemento como as distintas edicións de 'Aquí Portugal' que se emite en cada edición desde distintos puntos de Portugal ou Galicia.

Igualmente este ano 2024 repetiuse a emisión dun programa conxunto, 'Aquí Portugal', nunha retransmisión en directo e simultánea do programa desde A Guarda (Pontevedra). Cunha gran despregadura de medios e nunha emisión dobre, o espazo achegou moitos dos nexos de unión entre ambos pobos.

Ademais, no 2024, representantes da CRTVG asistiron en Lisboa á preeestrea de 'Revolução sem sangue', a primeira longametraxe do director Rui Pedro Sousa e coprodución luso-galega, apoiada pola TVG que foi emitida pola Televisión de Galicia.

Outro eixe da relación é a demanda informativa que xera a ampla franxa de territorio fronteirizo compartida entre Galicia e Portugal, e á que se atende desde todas as canles, TVG, Radio Galega e eido dixital.

Nestes casos, o coidado lingüístico intensifícase, con respecto das grafías dos nomes propios e topónimos, cos acentos que se usan en portugués e con marcas de nasalidade en vogais, cuestión que supervisan os asesores lingüistas da Corporación, que seguen tamén as recomendacións da Academia Galega da Lingua Portuguesa para coidar a fonética portuguesa á hora de pronunciar os nomes propios e topónimos lusos.

Ademais, no 2024 chegou aos cine a película 'Xustiza artificial', unha colaboración de Televisión de Galicia con Portugal participada por Abano producións e Tornasol, xunto coa portuguesa Ukbar Films.

E desde 2022 a Radio Galega conta co pódcast 'Pasarse da raia', actualmente dispoñible na plataforma AGalegaAudio.gal. Este proxecto aborda con historias persoais da poboación arredor da raia nas conexións máis singulares entre galegos e portugueses.

Por último, hai que salientar a participación da CRTVG na constitución, en outubro, do Observatorio Galego da Lusofonía Valentín Paz Andrade, órgano creado pola Xunta de Galicia.

10.6 Colaboracións institucionais e apoio ao tecido social e cultural

A CRTVG apoia e colabora cun amplo número de eventos sociais, deportivos e culturais por toda a xeografía galega, e viaxa ao longo do ano ata 'onde estás ti', como rezaba a súa campaña do verán 2024. Deste xeito, os medios públicos están presentes en festivais musicais, de cinema, artes escénicas ou do eido audiovisual.

Gala AGalega.gal

O primeiro grande evento do ano foi a posta de largo da plataforma dixital. A gala de presentación de 'AGalega' tivo lugar o 17 de xaneiro na Cidade da Cultura de Santiago. O acto estivo presentado por Esther Estévez e Miguel Mandayo, e interviñeron Xosé Pereira, director da área de Innovación e Negocio da CRTVG, e Rosa Vilas, adxunta da dirección xeral e directora de Organización e Xestión do Cambio. Pechou o evento o presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices.

Entre os máis de 250 asistentes contábase unha nutrida representación de autoridades, con presenza de directores xerais doutros entes da FORTA, do sector audiovisual galego, representantes do tecido empresarial de Galicia e tamén de traballadores da Corporación.

Presentación de temporada, en Vigo

Nese obxectivo de achegarse ao seu público, a CRTVG organizou unha presentación aberta ao público no mes de setembro, coa que arrancou a celebración do seu 40 aniversario e se presentou a grella de outono.

A festa tivo lugar en Vigo, nas terrazas do centro comercial Vialia, cunha alfombra rosa pola que as caras máis coñecidas da TVG, actores, actrices e os presentadores máis queridos de radio e televisión, así como moitas celebridades que quixeron acompañar a CRTVG.

O público desfrutou de actuacións e agasallos e puido asistir á retransmisión dun programa especial 'Cantando as 40' que foi emitido en directo pola plataforma dixital AGalega.gal, e puido verse tamén na TVG.

'Partner' de festivais e eventos

A CRTVG volveu ser no verán de 2024 'medio oficial' do Atlantic Fest, de Vilagarcía de Arousa do 19 ao 21 de xullo, convertido nun dos grandes eventos musicais do verán galego.

Así mesmo, a Radio Galega formou parte, como medio amigo, dunha nova edición do ciclo de concertos 'Butaca de Jazz', na sede de Afundación na Coruña, a través do programa da emisora 'Notas de Jazz', no mes de novembro.

Outros festivais e eventos que contaron co apoio da Corporación foron os Premios Martín Códax da asociación Músicos ao Vivo, o Festival de Cine da Coruña ou a novena edición de Novos Cinemas, celebrado en decembro en Pontevedra, entre outros.

10.7 Premios e recoñecementos á CRTVG

No eido internacional, a CRTVG foi galardoada co:

_ Premio á mellor película no **Anima Film Festival de Bruxelas** para a longametraxe 'O soño da sultana', participada pola TVG

_ Premio **CIRCOM 2024** na categoría Minorías Sociais para o documental da Televisión de Galicia 'A Cero.5'.

_ Premio Quirino de **Animación Iberoamericana** no apartado Mellor Desenvolvemento Visual para a longametraxe 'O soño da sultana', participada pola TVG

_ Dous premios Sophia da **Academia Portuguesa do Cine** para 'Os demos de barro', película de animación participada pola Televisión de Galicia

_ Premio de Prata dos **New York Festivals TV & Film Awards**, na categoría de programa de entretemento/drama, para 'Motel Valkirias'.

_ Premio Contrechamp do **Festival de Annecy** para a longametraxe 'O soño da sultana', participada pola TVG

_ Premio **Celtic Media Festival 2024** na categoría de animación para 'O soño da sultana'.

Ademais, o espazo *reality* de aventura 'Salvaxe' da TVG foi un dos poucos formatos de entretemento seleccionados pola prestixiosa consultora francesa The Wit no Spain Fresh TV Showcase, evento no que se elixiron os contidos máis innovadores creados en España, país de honor da 40ª edición do MI-PCOM Cannes, o mercado internacional por excelencia de coprodución e contidos de entretemento.

No eido estatal, a Corporación recolleu os seguintes galardóns neste 2024:

_ **Premios Mestre Mateo 2024:**

- Premio á mellor comunicadora para Lucía Veiga, presentadora de 'Malicia noticias'
- Premio a mellor programa de televisión para o espazo do *prime time* da TVG 'Cos pés na terra'
- Premio de Honra Fernando Rey do Clúster, por toda a súa traxectoria, á xornalista Eva Veiga, quen fora unha das primeiras presentadoras da TVG, en 1985. Foi entregado por Xosé Ramón Gayoso.

- Sete premios para a película 'O corno', participada pola TVG: mellor longametraxe, mellor dirección, mellor guión, dirección de arte, maquillaxe e peiteado, son e vestuario.
- Cinco premios para 'Matria': mellor actriz protagonista, mellores interpretacións de elenco masculina e feminina, dirección de fotografía e dirección de produción.
- Premio ao mellor actor protagonista para Tamar Novas por 'Salta!', longametraxe tamén apoiada pola canle pública galega.
- Premio ao mellor documental para 'Os espazos en branco', no que colabora a TVG.
- Premio a mellor realización para o programa 'O Gran Camiño. Grandes rutas a pé do mundo', participado tamén pola TVG.
- Premio especial Deleite á Promoción da Lingua' para 'Bechos', serie de animación en galego producida por Undodez para a TVG, composta por pímulas de 5 minutos de duración e dirixida a primeiros espectadores. A serie foi finalista na categoría de Mellor Serie Web.

O premio especial desta edición, entregado na xuntaza de finalistas dos Mestre Mateo, recaeu na **produción infantil 'Bechos'**, serie de animación en galego producida por Undodez para a TVG

_ Biznaga de Prata na sección oficial da 27ª edición do **Festival de Cine de Málaga** para a cinta 'Salvaxe, salvaxe', participada pola TVG.

_ Premio Saria da EITB no **FesTVal de Vitoria-Gasteiz** para a rede de canles europeas de televisión CIRCOM na que se inclúe á Televisión de Galicia.

_ **Premio Iris ao mellor programa autonómico 2023** para o espazo da Televisión de Galicia 'Xente marabillosa', recollido en xaneiro de 2024.

_ **Premio Iris ao Mellor Programa Autonómico 2024** ao programa 'Atrápame se podes', emitido pola Televisión de Galicia.

Por último, e como xa foi mencionado neste informe, a Corporación acadou neste 2024, a acreditación que a recoñece por sexto ano consecutivo como **Empresa Igual en Xénero**, e suma tamén un novo indicador, o primeiro, como Empresa Circular. Estes Indicadores ARDÁN son outorgados polo servizo de información empresarial desenvolvido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, que se publica anualmente.

11. O CONTROL SOBRE A CORPORACIÓN

11.1 Consello de Administración da Corporación

O Consello de Administración é un dos órganos da CRTVG, segundo se determina nos artigos 12.1.a) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e 10 dos estatutos da empresa. Componse de sete membros (un deles a persoa titular da Dirección Xeral da Corporación RTVG). Correspóndelle a administración e o control da Corporación RTVG.

11.1.1 Competencias e funcións do Consello de Administración da Corporación RTVG

Determinanse nos seguintes artigos: 19.1 e 2., 36.3, 39.1.b) e 45.2 da Lei 9/2011, do 9 de novembro; 5.2, 16, 31 (segundo parágrafo), 32 (segundo parágrafo), 36.1 e 40.2 dos estatutos da Corporación RTVG; 18 e 34.3 do mandato marco.

As dúbidas que no transcurso da actividade da sociedade poidan xurdir en relación coa atribución dunha competencia ao Consello de Administración ou á persoa titular da dirección xeral da Corporación RTVG resolveranse sempre a prol desta última.

11.1.2 Elección e nomeamento das e dos membros do Consello de Administración

No Pleno do 13.07.2021, o Parlamento de Galicia elixiu como membros do Consello de Administración da CRTVG a Alfonso Cabaleiro Durán, Luis I. de la Matta Cantó, Higinio Mejjide Gómez, Ana I. Peón Piñeiro, María Carmen Vidal Lage e Irene Viña Bravo. Acadaron a maioría de $\frac{2}{3}$ que se determina nos artigos 14.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.1 dos estatutos da empresa. O seu nomeamento por parte da Xunta Xeral realizouse mediante acta de decisións do 16.07.2021, que asinou o secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia (de acordo co que se preceptúa nos artigos 14.4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.4 dos estatutos da empresa).

A aceptación do cargo por cada unha das persoas que se mencionaron antes produciuse no pleno ordinario do 21.07.2021. Os acordos que se adoptaron nel eleváronse a escritura pública que se outorgou ante José Manuel Amigo Vázquez, notario de Santiago de Compostela, o 24.09.2021 (núm. 1.727 do seu protocolo), e que se inscribiu no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela (tomo 212, libro 0, folio 210, sección 8, folla SC-4608, inscrición 66 do 15.10.2021; Borme núm. 205 do 25.10.2021).

Por escrito do 22.04.2022 (registro de entrada núm. 11 da mesma data), o conselleiro Luis I. de la Matta Cantó renunciou ao cargo con efectos do 25.04.2022. A súa renuncia inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela no tomo 212, libro 0, folio 212, sección 8, folla SC-4608, inscrición 70 do 06.06.2022 (Borme núm. 111 do 13.06.2022).

Mediante escrito do 21.05.2022 (registro de entrada núm. 16 da mesma data), o conselleiro Higinio Mejjide Gómez renunciou ao cargo con efectos do 25.05.2022. A súa renuncia inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela no tomo 212, libro 0, folio 212, sección 8, folla SC-4608, inscrición 71 do 12.07.2022 (Borme núm. 139 do 21.07.2022). No Pleno do 12.07.2022, o Parlamento de Galicia elixiu como membros do

Consello de Administración da CRTVG a Álvaro Alonso Filgueira e Margarita López Blanco. Acadaron a maioría de $\frac{2}{3}$ que se determina nos artigos 14.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.1 dos estatutos da empresa. O seu nomeamento por parte da Xunta Xeral realizouse mediante acta de decisións do 19.07.2022, que asinou o secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia (de acordo co que se preceptúa nos artigos 14.4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.4 dos estatutos da empresa). Aceptaron o cargo neste mesmo acto. Este acordo inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago no tomo 212, libro 0, folio 212, sección 8, folla SC-4608, inscrición 72 (Borme núm. 161 do 24.08.2022).

Dese xeito, con efectos do 19.07.2022, o Consello de Administración da Corporación RTVG quedou configurado por Álvaro Alonso Filgueira, Alfonso Cabaleiro Durán, Margarita López Blanco, Ana I. Peón Piñeiro, Alfonso Sánchez Izquierdo (director xeral da Corporación RTVG), María Carmen Vidal Lage e Irene Viña Bravo.

11.1.3 Mandato

O mandato das persoas membros do Consello de Administración é de cinco anos contados dende o seu nomeamento (renovable por unha soa vez). Cando se esgota o seu mandato, continúan no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión dos novos conselleiros (artigos 16 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 14 dos estatutos da empresa).

11.1.4 Réxime das persoas membros do Consello de Administración da Corporación RTVG

As persoas membros do Consello de Administración da Corporación RTVG están vinculadas coa Corporación RTVG por unha relación mercantil, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 9/2011, do 9 de novembro.

11.1.5 Presidencia

A Presidencia é puramente funcional e exerceuse de forma rotatoria por un período de seis meses (excluída a persoal titular da dirección xeral da CRTVG). As súas funcións determinanse nos artigos 20 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 18 do estatutos da sociedade e 16 do Regulamento interno. Quen exerce a Presidencia non ten ningunha función de representación ou dirección executiva da empresa (correspóndelle á dirección xeral da CRTVG).

En 2024, ocuparon a Presidencia:

- Viña Bravo, elixida por unanimidade no pleno ordinario do 31.08.2023. Desempeñou o cargo entre o 01.01.2024 e o 26.03.2024. O seu nomeamento inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela o 25.10.2023. Datos rexistrados: tomo 212, libro 0, folio 213, sección 8, folla SC-4608, inscrición 75 (Borme núm. 210 do 03.11.2023).
- Cabaleiro Durán, elixido por unanimidade no pleno ordinario do 26.03.2024. Desempeñou o cargo entre o 26.03.2024 e o 22.10.2024. O seu nomeamento inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela o 16.05.2024. Datos rexistrados: sección 8, folla SC-4608, identificador único rexistral da sociedade 100120074033, inscrición 76 (Borme núm. 98 do 23.05.2024).

- Alonso Filgueira, elixido por unanimidade no pleno ordinario do 22.10.2024. Desempeñou o cargo entre o 22.10.2024 e o 31.12.2024. O seu nomeamento inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela o 16.12.2024. Datos rexistrais: sección 8, folla SC-4608, identificador único rexistral da sociedade 100120074033, inscrición 78 (Borme núm. 246 do 23.12.2024).

11.1.6 Secretaría

No pleno extraordinario do 26.04.2022, por unanimidade, designouse a Martina Puente Nogueira secretaria non conselleira. Déuselle cumprimento ao que se establece nos artigos 21 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 19 dos estatutos da sociedade e 17 do Regulamento interno (nos que se indican as súas funcións). O seu nomeamento inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela o 28.04.2022. Datos rexistrais: tomo 212, libro 0, folio 212, sección 8, folla SC-4608, inscrición 69 (Borme núm. 87 do 09.05.2022).

11.1.7 Dirección xeral da CRTVG

Por acta de decisións do 31.12.2015, a secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (actuando como representante da accionista única da Corporación RTVG, a Administración xeral da CAG) designou a Alfonso Sánchez Izquierdo director xeral da Corporación RTVG. Aplicouse o que se sinala na disposición transitoria terceira da Lei 9/2011, do 9 de novembro, modificada pola disposición derradeira cuarta da Lei 13/2015, do 24 de febreiro, de medidas fiscais e administrativas.

Alfonso Sánchez Izquierdo desenvolveu as funcións de administración e de representación da empresa dende as 00:00 h do 01.01.2016 e foi nomeado director xeral da Corporación na primeira sesión do Consello de Administración da CRTVG (04.01.2016). Presente no acto, aceptou o cargo.

11.2. Funcionamento do Consello de Administración da Corporación RTVG

Réxese polo que se determina na Lei 9/2011, do 9 de novembro, nos estatutos da sociedade e no Regulamento interno (aprobose, por unanimidade, no pleno ordinario do 19.07.2016 e modificouse, tamén por unanimidade, no pleno ordinario do 27.07.2021).

11.2.1 Relación das 12 sesións plenarias que se realizaron en 2024 (todas elas ordinarias)

30 de xaneiro de 2024

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 22.12.2023 (aprobose por unanimidade e asentimento).
- Informes do director xeral da Corporación RTVG:
 - 1 Plataforma OTT AGalega
 - 2 Plan de cobertura da campaña das eleccións ao Parlamento de Galicia do 18.02.2024
 - 3 Actividade nas redes sociais sobre a Corporación RTVG e profesionais da empresa

- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros (formuláronse a título individual, no pleno ordinario do 22.12.2023):
 - 1 Motivos polos que en programas recentes nos que se fixera referencia ás novas de portada de diferentes diarios se incluían as que publicara o xornal *La Razón* e non se incluían as noticias que destacou a única cabeceira que se edita en galego.
 - 2 Razóns polas que no acceso ao estudio de gravación 300 da TVG se emprazara unha placa, cuxo texto, ademais, estaba en castelán.
 - 3 Ao abeiro do contido do escrito de amparo que unha redactora da TVG lle enviara o 14.12.2023 ao Comité Intercentros e que a presidenta deste último trasladara a este órgano mediante correo electrónico do 19.12.2023 (registro de entrada núm. 18 da mesma data), causas polas que se lle encomendara á devandita profesional que lle realizase unha entrevista ao avogado de tres persoas que sufriran danos en Vigo o 12.08.2018, durante a celebración do festival do Marisquiño, con preguntas que elaboraran terceiros.
 - 4 Parecer da dirección arredor da praxe consistente na entrega dun cuestionario a calquera redactor no que se contivesen as preguntas que debía realizar nunha entrevista e do que non era autor.
 - 5 Opinión da Dirección Xeral da Corporación RTVG sobre o cuestionario da entrevista ao presidente da Xunta de Galicia ('Telexornal serán' do 30.11.2023).
 - 6 Valoración do contido da nova que se titulou *Proclamación de Ana Pontón como candidata á Presidencia da Xunta de Galicia* ('Telexornal mediodía fin de semana' do 03.12.2023).
 - 7 Posible asignación dunha carga de traballo diaria mínima a determinados redactores da Radio Galega.
 - 8 Identificación pola dirección de potenciais e graves carencias da Radio Galega no ámbito tecnolóxico.
 - 9 Motivos da modificación dos horarios e das funcións de profesionais da Radio Galega do centro de traballo de Vigo.
 - 10 Referido a 2023, número de entrevistas das que foran protagonistas nas canles da Corporación RTVG Ana Pontón Mondelo, Valentín González Formoso e Alfonso Rueda Valenzuela.
 - 11 Actuacións para evitar a frivolidade en determinacións informacións que se difundiran a través das contas da Corporación RTVG nas redes sociais.
 - 12 Prazo para a execución do estudo psicosocial.
 - 13 Suposta presión que se exercera sobre unha profesional adscrita ao centro de traballo de Vigo (modificación das funcións e da súa xornada).
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, formuláronse a título individual)

Contestáronse no pleno ordinario do 27.02.2024.

- 1 Procedemento que se seguiu na elaboración da nova que se encabeizou do seguinte xeito: *Un maltratador cambia de xénero acolléndose á lei trans e xa non o poden xulgar por violencia machista* (divulgouse a través da web www.g24.gal e da TVG). Ao fío desta información, mecanismos que se estableceran para que os profesionais da información coñecesen o contido da Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, e o tratamento que debían recibir as novas sobre o dito colectivo.
- 2 Criterios que se observaran na escollo das persoas que formaron parte das comisións de valoración e dos tribunais dos procesos selectivos que se convocaran por resolucións do 29.12.2022 e 30.11.2023, da dirección xeral da Corporación RTVG, e previsión en relación cos seus prazos de desenvolvemento (formularon a pregunta dúas conselleiras).
- 3 Solicitude de ampliación da información sobre o obxecto do expediente CRT-2023-0041 (*Servizo de actualización, mantemento e soporte da plataforma de produción e arquivo da CRTVG*).
- 4 En relación co proxecto *Fila 2, butaca G* (emisión de oito obras teatrais que se gravaron no auditorio do Grove), linguas nas que se interpretaron.
- 5 No período decembro 2003-xaneiro 2024, relación de colaboradores que interviñeran nos faladoiros e nas columnas da opinión, número de intervencións de cada persoa no dito período e retribucións que percibiran.
- 6 Motivos polos que nos programas nos que se facía referencia ás novas de portada de diferentes xornais non se incluía a de *Nós Diario*.
- 7 Utilización partidista da Corporación RTVG (púxose como exemplo desta liña de actuación o contido do 'Telexornal serán' do 29.01.2024).
- 8 Solicitude de información sobre a evolución dos procedementos núm. 156/2023, 169/2023 e 209/2023 do Xulgado do Social núm. 1 de Santiago de Compostela e da sentenza que ditara o Xulgado do Social núm. 3 de Santiago de Compostela no procedemento núm. 168/2023.
- 9 Imposición de posibles penalizacións á empresa adxudicataria do expediente CRT-2022-0018 (*Subministración dunha pantalla LED para o plató 300 da Corporación RTVG*) e, de ser así, a súa contía.
- 10 Criterios que se seguiron para proceder ao despedimento dun xornalista vinculado coa Corporación RTVG dende había máis de 17 anos e que fora declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial firme.

Ademais, realizouse a seguinte consideración:

- 1 Rexeitáronse os vetos e os sinalamentos de xornalistas.

27 de febreiro de 2024

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 30.01.2024 (aprobouse por unanimidade e asentimento).
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
Por causas alleas á súa vontade, non tomou parte na reunión o director xeral da Corporación. Ao abeiro do que se establece no artigo 22.1 do Regulamento interior do

Consello de Administración da Corporación RTVG, participou nela o director da Área de Xestión Corporativa.

- Contestación por parte do director xeral da Corporación RTVG a rogos e preguntas que formularon os conselleiros.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, formuláronse a título individual):

Contestáronse no pleno ordinario do 26.03.2024

- 1 Contido da nova que versou sobre o pasamento de Ventura Pérez Mariño e que se divulgou o 14.02.2024.
- 2 Causas polas que se prescindiu das colaboracións de Rogelio Santos Queiruga (mariñeiro divulgador).
- 3 Posibilidade de recuperar o histórico dos informativos da TVG, coas súas correspondentes escaletas, na web www.g24.gal ou na plataforma AGalega.gal.

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Contido das respostas que se proporcionaran ao fío dalgunhas preguntas que se formularan nas sesións plenarias precedentes e arredor de como se acolleran por parte da dirección.
- 2 Razóns polas que no pleno ordinario do 30.01.2024 se puxera como exemplo o contido do 'Telexornal serán' do día anterior (29.01.2024) para criticar a utilización partidista da CRTVG.
- 3 Ante a ausencia do director xeral da CRTVG, unha conselleira deu conta da súa decisión de aprazar para o seguinte pleno ordinario a formulación de diversas preguntas sobre o tratamento que recibiran certos temas nos espazos informativos da Corporación RTVG.
- 4 Os conselleiros Alonso Filgueira e Cabaleiro Durán e as conselleiras López Blanco e Peón Piñeiro pregáronlle ao director da Área de Xestión Corporativa que lles trasladase os seus parabéns ao director xeral da CRTVG, ao equipo directivo da Área de Información e Documentación e a todos os traballadores que estiveran implicados na cobertura da campaña das eleccións ao Parlamento de Galicia do 18.02.2024, que cualificaron de exemplar.
Destacaron o seguinte feito: durante o período electoral, as xuntas electorais competentes non reconviñeron á Corporación RTVG por incumprir os principios básicos que se consagran na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño. Felicitaron á organización polo debate do 05.02.2024 e pola programación que se puxera en antena na xornada dos comicios (18.02.2024) e solidarizáronse co persoal da empresa sometido a constantes ataques e descualificacións en diversos medios de comunicación e nas redes sociais.
- 5 As conselleiras e os conselleiros deixaron constancia do seu pesar polo pasamento de M^a Pilar de Sas Espiñeira, traballadora adscrita ao Servizo de Documentación e Arquivo.
- 6 Por unanimidade, agradecéuselle ao director da Área de Xestión Corporativa a súa presenza na sesión plenaria.

[26 de marzo de 2024](#)

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 27.02.2024 (aprobose por unanimidade e asentimento).
- Elección do presidente do Consello de Administración da Corporación RTVG.

En función do que se dispón nos artigos 20.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 18.1 dos estatutos da Corporación RTVG e 16 do Regulamento interno do órgano, e ao abeiro da proposta de acordo que se adoptou na reunión da Comisión de Regulamento e Réxime Interior do 12.03.2024, elixiuse a Alfonso Cabaleiro Durán por unanimidade.

- Formulación das contas anuais correspondentes ao exercicio 2023 (artigo 253.1 da Lei de sociedades de capital, aprobada polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo).

Formuláronse as contas anuais da Corporación RTVG correspondentes ao exercicio 2023 (comprendidas do balance, das contas de perdas e ganancias, dos estados de cambios no patrimonio neto, dos estados de fluxos de efectivo e da memoria), o informe de xestión (incluído o estado de información non financeira) e a proposta de aplicación do resultado. Os anteditos documentos asináronse polas/os conselleiras/os antes da súa elevación á Xunta Xeral para a súa aprobación.

- Informes do director xeral da Corporación RTVG:
 - 1 Nota en defensa dos profesionais dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia
- Contestación por parte do director xeral da Corporación RTVG a rogos e preguntas que formularon as/os conselleiros.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, formuláronse a título individual)

Contestáronse no pleno ordinario do 23.04.2024.

- 1 Expectativas do director xeral da Corporación RTVG en canto ao desempeño do cargo transitoriamente ou se prevía algunha iniciativa para darlle cumprimento ao que se dispón no artigo 23.2 da Lei 9/2011, do 9 de novembro (formularon a pregunta dúas conselleiras).
- 2 Solicitud de información que puidese proporcionar o director xeral da Corporación RTVG sobre a declaración que efectuou como investigado ante o Xulgado de Instrución núm. 1 de Santiago de Compostela (diligencias previas procedemento abreviado 784/2023) (formularon a pregunta dúas conselleiras).
- 3 Previsións da CRTVG para difundir as futuras edicións dos Premios de Teatro María Casares.
- 4 Motivos polos que cando se deu conta da evolución da campaña das eleccións á Asemblea da República portuguesa e dos resultados destes comicios (10.03.2024) nas revistas de prensa da TVG se utilizaron as informacións que publicaron exclusivamente xornais de ámbito estatal.

- 5 Criterios para establecer o número de veces que os colaboradores interviñan nos faladoiros e nas columnas de opinión e apelación para que se lles esixise un correcto emprego da fala.
- 6 Ao abeiro do traballo pendente de elaboración do estatuto profesional, solicitude consistente en que o director xeral da Corporación RTVG explorase as previsións do Goberno galego en funcións en relación coa Lei 9/2011, do 9 de novembro, no senso de se tiña previsto mantela invariable, modificala ou substituíla por outra norma.

Ademais, realizáronse as seguintes consideracións:

- 1 Efectuouse un recordatorio do traballo que se desenvolvía na Comisión de Regulamento e Réxime Interior para redactar o borrador do estatuto profesional.
- 2 Felicítouse aos 17 actrices, actores, presentadores e producións de entretemento e ficción que apoiou a Corporación RTVG galardoados na XXII edición dos Premios Mestre Mateo.

23 de abril de 2024

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 26.03.2024 (aprobouse por unanimidade e asentimento)
- Destitución e formalización do cesamento de persoal directivo da Corporación RTVG. Nomeamento polo Consello de Administración da Corporación RTVG de persoal directivo designado pola Dirección Xeral da Corporación RTVG. Cambio organizativo asociado.

Notifícase:

- A destitución de Alba Mancebo Soto como xefa do Servizo de Extensión Audiovisual (Área de Contidos).
- O nomeamento de Natalia Penas Varela como xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega (Área de Contidos).
- O nomeamento de Alberto Varela Pereiro como xefe do Servizo de Planificación de Informativos (Área de Información e Documentación).

Lembrouse que por escrito do 10.04.2024 (registro de entrada núm. 3 da mesma data) se comunicara a destitución, a petición propia, de Tania Fernández Lombao como xefa de Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega.

Ao abeiro dos ditos cambios, realizáronse as seguintes adaptacións na estrutura directiva:

- Suprimiuse o Servizo de Extensión Audiovisual-Xefatura de Redacción, que dependía da Área de Contidos.
- Creouse o Servizo de Planificación Informativa (dependente organicamente da Área de Información e Documentación, compartida coa Área de Contidos).

O Consello de Administración da CRTVG deulle cumprimento ao que se establece nos artigos 19.1.b) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 16.1.b) dos estatutos da empresa.

- Informes do director xeral da Corporación RTVG:
 - 1 Promoción da cultura e da lingua galegas
 - 2 Evolución da cota de pantalla da TVG na TDT
 - 3 Evolución da taxa de absentismo
- Contestación por parte do director xeral da Corporación RTVG a rogos e preguntas que formularon os conselleiros.
- Asuntos de trámite.

Tras a recente reforma do artigo 49 da Constitución española, acordouse, por unanimidade, incluír no próximo pleno ordinario un punto específico para someter a consideración dos conselleiros a modificación dos Criterios reitores da dirección editorial da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, formuláronse a título individual):

Contestáronse no pleno ordinario do 28.05.2024.

- 1 En relación coa posible retribución incorrecta a traballadores que se acolleron á xubilación parcial e que nalgún momento estiveron en situación de incapacidade temporal, número de persoas afectadas, medidas que se adoptarían para corrixir o erro e decisións que cabería tomar sobre os períodos que prescribían (formularon a pregunta dúas conselleiras).
- 2 Apelación para que se reflexionase sobre determinadas aseveracións e acusacións graves que se contiñan nas *Notas en defensa dos/as profesionais dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia* (pleno ordinario do 26.03.2024). Demandouse a supresión de determinadas referencias falsas. En relación con este asunto, solicitouse unha explicación sobre os casos particulares nos que representantes do BNG foran acusados de exercer determinadas prácticas contra profesionais da Corporación RTVG.
- 3 Razóns polas que durante a campaña das eleccións ao Parlamento Vasco (21.04.2024) nas revistas de prensa que se incluíran nos espazos informativos non se fixera mención ás novas que destacaron os medios escritos de Euskadi e eventualidade de modificar os contidos das revistas de prensa en función do que marcaba a actualidade, é dicir, sen facer mención sempre ás mesmas cabeceiras.
- 4 Reiteración da pregunta que se formulou no pleno ordinario do 27.02.2024: causas polas que se decidira prescindir das colaboracións de Rogelio Santos Queiruga e razóns polas que, como estaba previsto, non ía participar na obra audiovisual de divulgación marítima que unha produtora elaboraba para a Corporación RTVG.
- 5 Actuacións para que na composición das mesas de faladoiro se reproducise o panorama da opinión pública galega e reiteración da invocación para que se esixise dos participantes nelas un dominio da fala.
- 6 Criterios na escolla dos artigos de opinión que se difundían a través da www.g24.gal.
- 7 Proxectos para conmemorar o XXX aniversario do *Xabarín club* e para relanzar este contedor.

- 8 Causas polas que non se informara sobre os encontros que se realizaron o 16 e o 17.04.2024 entre representantes de concellos e colectivos contrarios á radicación dunha factoría de Altri SGPS, S.A. en Palas de Rei e autoridades comunitarias.
- 9 Motivos polos que, dende a súa elección como alcaldesa de Compostela, Goretti Sanmartín Rei aínda non fora protagonista de ningunha entrevista na TVG.

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Pesar polo pasamento do pai dunha traballadora da Corporación RTVG.
- 2 Condenouse a campaña que unha organización política estaba despregando no Parlamento Europeo contra a Corporación RTVG e o boicot do que fora obxecto o correspondente da TVG en Bruxelas cando interviña en directo no 'Telexornal mediodía' do 16.04.2024.
- 3 Lamentouse a estratexia de deslexitimación e frustración contra a organización en diversos foros, na que se utilizaban argumentos falsos e se realizaban acusacións graves, xa que nelas se imputaban delitos.
- 4 Unha conselleira reafirmouse na afirmación que fixo no pleno ordinario do 26.03.2024 sobre o sinalamento de xornalistas da Corporación RTVG en distintos ámbitos.
- 5 O director xeral da Corporación RTVG expresou o seu desexo de que se puidese superar o máis axiña posible a situación de crispación que se vivira durante o período correspondente ás eleccións ao Parlamento de Galicia do 18.02.2024.

28 de maio de 2024

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 23.04.2024 (aprobose por unanimidade e asentimento).
- Aprobación, se procede, da modificación dos Criterios reitores da dirección editorial da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG).

Posto que dúas conselleiras anunciaron que se absterían na votación, na procura da unanimidade nas modificacións que se propuxeron, decidiuse aprazar o pronunciamento dos conselleiros.

- Informes do director xeral da Corporación RTVG:
 - 1 Iniciativa legislativa que promoveu a Xunta de Galicia para prover unha nova lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital
 - 2 Dilixencias previas procedemento abreviado núm. 53/2016 do Xulgado de Instrución núm. 2 da Audiencia Nacional
 - 3 Taxa de absentismo (abril de 2024)
- Contestación por parte do director xeral da Corporación RTVG a rogos e preguntas que formularon os conselleiros.

- Asuntos de trámite.

Polo que atinxe á eventualidade de que a responsabilidade civil dos conselleiros quedase amparada pola póliza que a Corporación RTVG subscribiría cunha aseguradora, por unanimidade, acordouse abordar este asunto na próxima sesión plenaria ordinaria, previo tratamento nunha reunión da Comisión de Regulamento e Réxime Interior.

- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, formuláronse a título individual):

Contestáronse no pleno ordinario do 26.06.2024.

- 1 Modalidade de contratación laboral a través da que se vincularon coa Corporación RTVG a xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega e o xefe de Planificación Informativa. No caso de que se optase polo contrato que se regula no Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto, implicacións que podería ter esta determinación, e posible avaliación doutras vías de contratación menos lesivas no futuro (formularon a pregunta dúas conselleiras)
- 2 Razóns da non difusión do 'Telexornal serán' do 12.05.2024 (domingo) e polas que se apostaba pola inclusión de producións de contido sensacionalista na grella da TVG.
- 3 Consideracións arredor da organización do debate do 27.05.2024 no estudio multimedia e que se inscribiu no plan de cobertura da campaña das eleccións de deputados e deputadas ao Parlamento Europeo do 09.06.2024: horario que se escolleu para a súa difusión, fallos nos elementos accesorios e erros na atribución de tempos de intervención.
- 4 Atención que recibira o chamamento que fixeron representantes do movemento que se denomina *Novo cinema galego* para que a Corporación RTVG incrementase a dotación que destinaba á produción de formatos de distinta natureza que realizaban empresas do sector audiovisual galego.
- 5 Razóns polas que na web www.g24.gal e na Radio Galega (neste caso mesmo interrompendo a programación habitual) se emitían en directo as sesións de control no Congreso dos Deputados ao presidente do Goberno español e non se seguía o mesmo procedemento coas de igual natureza que se realizaban no Parlamento galego.
- 6 En relación coa nova que se incluía no 'Telexornal mediodía' do 22.05.2024 e que versara sobre a sesión de control ao Goberno no Congreso dos Deputados, causas polas que non se recollera un fragmento da intervención de Néstor Rego Candamil ou declaracións súas unha vez concluído o pleno.
- 7 Condicións económicas que se pactaran coas entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual de autores e procedemento de reparto dos ingresos que obtían da Corporación RTVG.
- 8 Actuacións para solucionar determinadas eivas que se detectaran nalgunhas dependencias do centro de traballo de San Marcos e para renovar os equipos informáticos que empregaban os profesionais da redacción da Radio Galega.
- 9 Tratamento informativo que recibira no 'Telexornal mediodía fin de semana' do 26.05.2024 a manifestación que se realizara en Palas de Rei na mesma data contra a radicación dunha factoría de Altri SGPS, S.A. na dita localidade.
- 10 Razóns polas que no espazo 'Galicia por diante' do 27.05.2024 se lle realizou unha entrevista ao conselleiro delegado de Altri SGPS, S.A. e non se procedeu do mesmo xeito coa representación da plataforma Ulloa Viva.
- 11 Estratexia na que se baseou a atención que recibira o asasinato de Asunta Basterra Porto na programación recente da TVG.

- 12 Polo feito de que o debate que produciu a UER en colaboración coas entidades políticas europeas e o Parlamento Europeo (23.05.2024) se difundira traducido ao castelán (G2, www.g24.gal e OTT), como tamén no mesmo idioma (con subtítulos en galego) unha reportaxe sobre a repercusión da pornografía nos adolescentes (TVG), posibilidade de que se afondase nesa liña ou se a dirección tiña claro que toda a programación se debía emitir estritamente en galego.
- 13 Obxeccións sobre o debate que a CRTVG organizara o 27.05.2024 e que formaba parte do plan de cobertura da campaña das eleccións de deputados ao Parlamento Europeo do 09.06.2024: horario que se determinou para a súa emisión, estudio no que se realizou, carencia de determinados elementos neste espazo e eivas no seu desenvolvemento en función das indicacións previas que recibiran os equipos de campaña.
- 14 En relación co plan de cobertura da campaña das eleccións de deputados e deputadas ao Parlamento Europeo do 09.06.2024, lamentouse que nas seccións que se incluían nos telexornais a información sobre o Bloque Nacionalista Galego-Agora Repúblicas (BNG-Agora Repúblicas) se identificase como Agora Repúblicas (ERC-Bildu-BNG-AM).

Ademais, realizáronse as seguintes reflexións e consideracións:

- 1 Destacouse a consideración da que fora obxecto a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, por parte da CRTVG dende o inicio do período electoral correspondente ás eleccións ao Parlamento Europeo do 09.06.2024.
- 2 Indicouse que no BOE 117 do 14.05.2024 a candidatura número 4 denominábase *Ahora Repúblicas (ERC-EH Bildu-BNG-Ara Més) [(Agora Repúblicas (ERC-EH Bildu-BNG-Ara Més))]* e que identificar a coalición doutro xeito sería o mesmo que negarlle á cidadanía o seu dereito a recibir información veraz.
- 3 Rexeitouse calquera intento de limitar a liberdade de información e que terceiros lle indicasen aos profesionais da información como debían realizar o seu traballo.
- 4 A Dirección Xeral non aceptou que se afirmase que se estaba incumprindo o plan de cobertura para a campaña das eleccións ao Parlamento Europeo do 09.06.2024. Subliñou que se observaba estritamente e que se puido cometer algún erro, o cal xa se corrixiu. En relación coas denominacións das coalicións electorais, explicou que o que se determinaba na lexislación europeo non se traspuxo na normativa estatal.

[26 de xuño de 2024](#)

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 28.05.2024 (aprobose por unanimidade e asentimento).
- Adhesión, se procede, dos membros deste órgano á póliza de responsabilidade civil que subscribirá a Corporación RTVG. A adhesión dos/as membros do Consello de Administración da Corporación RTVG á póliza de responsabilidade civil que ía subscribir a Corporación RTVG aprobose por unanimidade.
- Aprobación, se procede, da modificación dos Criterios reitores da dirección editorial da Corporación Radio e Televisión de Galicia (Corporación RTVG). A modificación dos Criterios reitores da dirección editorial da Corporación Radio e Televisión de Galicia (Corporación RTVG) aprobose por unanimidade.

- Aprobación, se procede, do Informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2023). O Informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2023) aprobouse por maioría ((5 votos a favor e 2 en contra).
- Aprobación, se procede, dos anteproxectos de orzamentos e do programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF) da Corporación para 2025. Os anteproxectos de orzamentos e o programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF) da Corporación RTVG para 2025 aprobáronse por maioría (5 votos a favor e 2 en contra).
- Informes do director xeral da Corporación RTVG.
- Contestación por parte do director xeral da Corporación RTVG a rogos e preguntas que formularon os conselleiros.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, formuláronse a título individual):

Contestáronse no pleno ordinario do 23.07.2024.

- 1 Posibilidade de realizar con recursos humanos propios o servizo de creación artística de imaxes, gráficos e animación para o sistema de pantallas do plató 300 da Corporación RTVG (licitárase a través do expediente CRT-2024-0018).
- 2 Realización de posibles cambios no equipo directivo da organización.
- 3 Substitución das bisagras das portas dos locutorios núm. 2 e 4 da Radio Galega e solicitude consistente en que se activasen medidas co obxecto de que non se reproducisen situacións semellantes en calquera outra dependencia que puideran ter efectos nocivos na seguridade das persoas.
- 4 Razóns da supresión do programa da TVG 'Café sen gotas'.
- 5 Opinión da Dirección Xeral da Corporación RTVG sobre a investigación que abraira o Consello de Contas de Galicia ao abeiro da denuncia que formulara a CIG pola execución dos contratos que derivaron dos expedientes núm. 2018000264 e CRT-2021-0003.
- 6 En relación coa dotación da partida *Outras producións contratadas* dos anteproxectos de orzamentos da Corporación RTVG para 2025, por importe de 12.996.000 €, previsións sobre a súa xestión (procedemento para a presentación dos proxectos, criterios de valoración, comisión encargada da súa avaliación, propostas susceptibles de atención...).
- 7 Motivos polos que en determinados programas da TVG se incrementara a presenza de personaxes da denominada *escena mediática española*.
- 8 Criterio que se seguira para, a través das redes sociais da Corporación RTVG, divulgar un corte da intervención dun colaborador do programa 'Land Rober Tunai show' no que se fixera mofa do emprego da verba *escordadura*.
- 9 Excesiva atención na programación da TVG ás celebracións e aos festexos que se realizaron en Galicia durante o verán de 2024.

Ademais, realizouse a seguinte consideración:

- 1 En función do recoñecemento do que eran obxecto por parte da dirección profesionais da Corporación RTVG que prestaron servizos na organización durante un extenso período de tempo e que decidiran xubilarse, elevouse a proposición de que o Consello de Administración da Corporación RTVG procedese de igual xeito.

23 de xullo de 2024

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 26.06.2024 (aprobouse por unanimidade e asentimento).
- Aprobación, se procede, da composición das comisións de participación, asesoramento ou de control interno do Consello de Administración da CRTVG (con efectos do 27.07.2024). En virtude do que se indica no artigo 18.2 e 3 do Regulamento interno do Consello de Administración da CRTVG, por unanimidade e asentimento, acordouse a composición das comisións de carácter permanente, así como a designación dos conselleiros que ocuparían as súas presidencias (nos dous casos con efectos do 27.07.2024).
- Destitución e formalización do cesamento de persoal directivo. Nomeamento polo Consello de Administración de persoal directivo designado pola Dirección Xeral da RTVG. A Dirección Xeral notificou a destitución, a petición propia e por mor da súa xubilación, de María Dolores Armada Barreiro como xefa do Servizo de Administración e Facturación (Área de Xestión Corporativa) e o nomeamento de Beatriz Isabel Couceiro González para o mesmo cargo.

O Consello de Administración da CRTVG deulle cumprimento ao que se establece nos artigos 19.1.b) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 16.1.b) dos estatutos da empresa.

- Informes do director xeral da Corporación:
 - 1 Código de conduta para a cualificación de programas audiovisuais e sistemas de descritores visuais
 - 2 Evolución da audiencia das canles da Corporación RTVG no primeiro semestre de 2024 (servizos lineais e dixitais)
- Contestación por parte do director xeral da Corporación RTVG a rogos e preguntas que formularon os conselleiros.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, formuláronse a título individual):

Contestáronse no pleno ordinario do 30.08.2024, agás a que se indica en último lugar.

- 1 Suposta externalización do espazo *A revista* (as dúas interpelantes solicitaron que se lles confirmase se era certa a información que recibiran nese senso e, de ser así, os motivos polos que se adoptou esta determinación).

- 2 Parecer da Dirección Xeral da Corporación RTVG sobre as decisións da titular do Xulgado de Instrución núm. 1 de Santiago de Compostela nas dilixencias previas procedemento abreviado núm. 784/2023, consistentes en estender a querela que presentara unha traballadora contra o director do Departamento de Recursos Humanos e ampliar os feitos polos que investigaba outros dous membros do equipo directivo xa acusados de vulnerar dereitos da dita profesional (formularon a pregunta dúas conselleiras).
- 3 Consideración que debía recibir toda a documentación que a Corporación RTVG achegou no procedemento núm. 209/2023 do Xulgado do Social núm. 1 de Santiago de Compostela (formularon a pregunta dúas conselleiras).
- 4 En relación coa temporada outono 2024-primavera 2025, cambios que se ían introducir nas grellas das canles da CRTVG e motivación dos trocos.
- 5 Por mor do nomeamento de Luis Enrique Ramos Naveira como director da Casa de Galicia en Madrid, decisións sobre a delegación da empresa na capital do Estado.
- 6 Polo que atinxe ás contas da empresa nas redes sociais, criterios para bloquear determinados usuarios cando efectuaban comentarios que non eran ameazas ou ataques persoais.
- 7 Dúas conselleiras e dous conselleiros rexeitaron a intervención do presidente do Goberno central do 17.07.2024 na tribuna do Congreso dos Deputados por sinalar profesionais da CRTVG, faltar á verdade e estender mentiras sobre a organización. Consideraron pertinente que a Dirección Xeral da Corporación se dirixise á Presidencia do Goberno do Estado para esixir dela unha rectificación e que pedise as oportunas desculpas (contestouse no mesmo pleno ordinario).

Ademais, realizáronse as seguintes crítica e consideración:

- 1 Botouse en falta que o director xeral da Corporación non informase sobre os cambios que xa se produciran ou acordaran en relación cos condutores de diversos formatos.
- 2 Rogouse que se difundisen na web www.g24.gal, co correspondente vídeo, as entrevistas que se realizasen no estudio multimedia da Radio Galega.

30 de agosto de 2024

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 23.07.2024 (aprobose por unanimidade e asentimento).
- Aprobación, se procede, da modificación do cadro de persoal da Corporación RTVG. A modificación do cadro de persoal da Corporación RTVG aprobose por maioría (5 votos a favor e 2 en contra).
- Informes do director xeral da Corporación RTVG:
 - 1 Programación da TVG, da Radio Galega e da OTT para a temporada outono 2024-primavera 2025.
- Contestación por parte do director xeral da Corporación RTVG a rogos e preguntas que formularon os conselleiros.

- Asuntos de trámite:
 - 1 Notificación do presidente sobre a comunicación que enviou para expresar o pesar do Consello de Administración da Corporación RTVG polo pasamento do presidente e editor do xornal *La Voz de Galicia*.
 - 2 Conclusión do prazo para a presentación de alegacións ao anteproxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, formuláronse a título individual):

Contestáronse no pleno ordinario do 24.09.2024.

- 1 Parecer da dirección sobre o contido dos artigos do proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital que terían efectos na xestión directa da organización.
- 2 Causas polas que se desistira do procedemento de adxudicación do contrato derivado do expediente CRT-2024-0018 (servizo de creación artística de imaxes, gráficos e animacións para o sistema de pantallas do plató 300 da Corporación RTVG).
- 3 Motivos polos que se decidira cambiar os presentadores-condutores de determinados programas da TVG e da Radio Galega que estas canles emitiron na temporada outono 2023-primavera 2024 e que tiveron continuidade na equivalente posterior.
- 4 En relación co proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, opinión da Dirección Xeral da CRTVG sobre: as repercusión a nivel práctico de todos os cambios que se contemplaban nel en función do que se determinaba na Lei 9/2011, do 9 de novembro (denominación, uso da lingua, vinculación laboral que se establecerá co persoal directivo, persoal de natureza artística, Consello Asesor de Participación Social e Profesional...), e os pronunciamentos que expresaran determinadas entidades ou asociacións contra algúns dos seus artigos.
- 5 Posibles obstáculos de carácter técnico para incluír na correspondente sección da OTT as escaletas dos espazos informativos da TVG, ferramenta anteriormente accesible na web www.g24.gal.
- 6 Relación de colaboradores dos faladoiros (temporada outono 2024-primavera 2025).
- 7 Repercusións da sentenza núm. 3716/2024 da Sala do Social do TSXG, do 30.07.2024 (conflicto colectivo núm. 19/2024) (formularon a pregunta dúas conselleiras).
- 8 Razóns polas que un profesional deixou de formar parte do equipo do *Xabarín club*.
- 9 Posible adhesión da Corporación RTVG ao convenio que formalizaran a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) e que permitiu impartir formación especializada en xénero nos medios de comunicación galegos.
- 10 Criterios de selección das novas do 'Galicia noticias'.

Ademais, realizáronse as seguintes consideracións:

- 1 Pesar polo pasamento de Francisco Puy Muñoz, quen foi membro do Consello de Administración da CRTVG entre o 05.07.1990 e o 30.03.1998 e que faleceu o 31.07.2024.

- 2 Proceder que debería seguir o Consello de Administración da Corporación RTVG no debate que se xerou arredor do contido do proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.
- 3 Postura neutral da Dirección Xeral en relación co contido do antedito proxecto de lei.

24 de setembro de 2024

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 30.08.2024 (aprobose por unanimidade e asentimento).
- Informes do director xeral da Corporación RTVG:
 - 1 Iniciativa lexislativa popular para modificar a Lei 9/2011, do 9 de novembro.
 - 2 Posibles continxencias na orde laboral.
 - 3 Evolución da audiencia da TVG (TDT), da OTT e das contas nas redes sociais.
- Contestación por parte do director xeral da Corporación RTVG a rogos e preguntas que formularon os conselleiros.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, formuláronse a título individual):

Contestáronse no pleno ordinario do 22.10.2024.

- 1 Malestar que provocou no colectivo a substitución de 'A revista' polo programa 'O termómetro' pola externalización deste último.
- 2 Custo de cada programa da produción 'Land Rober Tunai Show' e parecer da dirección sobre o *sketch* que se incluíu no programa do 18.09.2024 do que foi protagonista indirecto David Broncano Aguilera (presentador de 'La revuelta').
- 3 Proceder que se seguira na selección das informacións que se basearon na pretensión de Altri SGPS, S.A. (Greenfiber, S.L.) de construír unha factoría de celulosa en Palas de Rei.
- 4 Motivos polos que no *Tx-I* do 20.09.2024 se emitiu en directo, durante 17', a rolda de prensa que ofreceu o presidente da Xunta de Galicia logo de reunirse co presidente do Goberno español.
- 5 Causas polas que no espazo 'A crónica 19h', na sección de contactos con representantes de medios de comunicación escritos para dar conta das novas que serían portada nas edicións do día seguinte deses xornais, nunca se contactaba con interlocutores do único xornal que se edita en galego (*Nós Diario*).
- 6 Criterio informativo que se aplicou na configuración da nova que xirou arredor do debate que se produciu no Congreso dos Deputados o 18.09.2024 sobre o Plan de acción pola democracia.
- 7 Criterio informativo que se seguiu na elaboración da nova sobre a decisión do Grupo Parlamentario Junts per Catalunya en relación co proxecto de lei para regular os alugueiros de temporada (18.09.2024).
- 8 Repercusións da sentenza núm. 3730/2024 da Sala do Social do TSXG do 31.07.2024 no recurso de suplicación núm. 945/2024.
- 9 Decisións da dirección para que os presentadores de programas da Corporación RTVG e os colaboradores do medio se expresasen correctamente en idioma galego.

- 10 Posibles resolucións para supervisar os contidos de determinadas mensaxes que se trasladaban a través das redes sociais a partir de fragmentos de programas.
- 11 Ao abeiro da intervención de Sánchez Pérez-Castejón do 17.07.2024 na tribuna do Congreso dos Deputados, atención que recibiu o rogo que se elevou ante a Dirección Xeral da Corporación RTVG, no senso de que se dirixise á Presidencia do Goberno do Estado para esixir dela unha rectificación e que pedise as oportunas desculpas. De atenderse a súa solicitude, contido da resposta que se recibiu na Corporación RTVG.

Ademais, realizáronse as seguintes consideracións:

- 1 Desaprobouse o feito de que no pleno ordinario do 30.08.2024 a Dirección Xeral da Corporación RTVG, por iniciativa propia, non informase sobre os cambios que finalmente se realizaron nas persoas encargadas de presentar programas da TVG e da Radio Galega (informativos e doutra natureza), que estas canles emitiron na temporada outono 2023-primavera 2024 e que tiveron continuidade na equivalente posterior, e das razóns polas que se levaron a cabo.
- 2 Lembrouse o número de deputados e senadores electos polas circunscricións galegas nas eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 23.07.2023 e o reflexo que debía ter esta realidade na información de natureza política que difundise a Corporación RTVG.
- 3 En virtude das presións das que eran obxecto, reiterouse a solidariedade cos profesionais da información da Corporación RTVG.
- 4 Considerou atinada a decisión de emitir en directo, no 'Telexornal mediodía' do 20.09.2024, a rolda de prensa que ofrecera o presidente da Xunta de Galicia logo da reunión que mantivera co presidente do executivo estatal.
- 5 O presidente agradeceu a colaboración que se lle prestou por todos os membros do Consello de Administración mentres ocupou o cargo. Estendeu o seu agradecemento ao director xeral da Corporación pola súa dedicación na preparación das sesións plenarias.

22 de outubro de 2024

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 24.09.2024 (aprobouse por unanimidade e asentimento).
- Elección do presidente do Consello de Administración da Corporación RTVG.

En función do que se dispón nos artigos 20.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 18.1 dos estatutos da Corporación RTVG e 16 do Regulamento interno do órgano, e ao abeiro da proposta de acordo que se adoptou na reunión da Comisión de Regulamento e Réxime Interior do 12.03.2024, elixiuse a Álvaro Alonso Filgueira por unanimidade.

- Informes do director xeral da Corporación RTVG.
- Contestación por parte do director xeral da CRTVG a rogos e preguntas que formularon os conselleiros.
- Asuntos de trámite.

- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, formuláronse a título individual):

Contestáronse no pleno ordinario do 26.11.2024.

- 1 Razóns polas que no punto terceiro da orde do día a Dirección Xeral da Corporación non informara sobre a aprobación do I Plan de Igualdade nin sobre a modificación dos anteproxectos de orzamentos da Corporación RTVG para 2025.
- 2 Posibles solucións para pórle fin á folga parcial que se desenvolvía dende o 07.10.2024 en días alternos (luns, mércores e venres) nos centros de traballo da empresa e que xa tiña carácter de indefinida.
- 3 Previsións da dirección en canto ao establecemento de negociacións coa representación legal dos traballadores que permitisen pórle fin á folga que se mencionou antes.
- 4 Custo das producións 'O termómetro' e 'A revista'.
- 5 Motivos polos que a dirección decidira que a franxa diaria da mañá da TVG non se configurase integramente con espazos de produción propia interna.
- 6 Falta de pluralidade na información que xiraba arredor da pretensión de Altri SGPS, S.A. (Greenfiber, S.L.) de construír unha fábrica de celulosa en Palas de Rei.
- 7 En relación coas informacións que versaban sobre os ataques que o exército israelí realizaba na Franxa de Gaza e noutros territorios próximos, causas polas que unicamente se divulgaba o punto de vista dunha das partes do conflito.
- 8 Contido das informacións que tiñan como protagonista o rei emérito e motivos polos que se omitía calquera referencia a circunstancias que cuestionaban o seu proceder mentres ocupou a Xefatura do Estado.
- 9 Medios técnicos e recursos humanos que se destinaron á cobertura do Foro A Toxa-Vínculo Atlántico 2024 e cuantificación dos custos derivados da súa emisión en directo.
- 10 Liña de actuación seguida ao dar conta da decisión do Ministerio de Transportes e Mobilidade Urbana de aplicar novas bonificacións na Autoestrada do Atlántico (AP-9).
- 11 En relación coa información de contido político, razóns da preeminencia excesiva que se lle outorgaba á que se xeraba na capital do Estado en relación coa que se orixinaba en Galicia.
- 12 Parecer da Dirección Xeral da Corporación RTVG sobre o documento *Pautas para os informadores sobre o tratamento da imaxe*.

Ademais, realizáronse as seguintes consideracións:

- 1 Deixouse constancia da solidariedade con todos os traballadores da Corporación RTVG en función da campaña de descrédito da que estaban sendo obxecto por parte do BNG e condenouse este tipo de prácticas.
- 2 Comportamento dos membros do Consello de Administración da CRTVG en relación coa folga parcial na organización, en fase de desenvolvemento dende o 07.10.2024 en días alternos (luns, mércores e venres) e que adquirira o carácter de indefinida.
- 3 Parabéns pola entrevista no 'Bos días' ao pai da moza xermano-israelí Shani Louk, cuxa familia é orixinaria de Lugo (raptada no festival de música que se celebrou preto da Franxa de Gaza o 07.10.2023, torturada e cuxo corpo se exhibiu nunha camioneta por milicianos do grupo terrorista islamista Hamas nun vídeo que deu a volta ao mundo).

[26 de novembro de 2024](#)

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 22.10.2024 (aproboouse por unanimidade e asentimento).
- Aprobación, se procede, das Recomendacións do Consello de Administración da Corporación RTVG sobre o tratamento da violencia machista

Aprobáronse por unanimidade.

- Informe sobre a modificación da composición do Órgano de Supervisión

Previa exposición dunha serie de antecedentes por parte do director xeral da Corporación, nomeadamente cambios na situación profesional das súas integrantes e a necesidade de que forme parte del un membro do equipo directivo do Departamento de Recursos Humanos, para o seu coñecemento e toma de razón polo Consello de Administración da CRTVG, comunicou a nova composición do Órgano de Supervisión.

- Informes do director xeral da Corporación RTVG:

1 Situación da Corporación RTVG no ámbito laboral (novembro 2024).

- Contestación por parte do director xeral da Corporación RTVG a rogos e preguntas que formularon os conselleiros.
- Asuntos de trámite.

O director xeral da Corporación RTVG leu o contido do escrito que lle remitira o director xeral (CEO) de Kantar Media en Latinoamérica, España, Asia-Pacífico e África, do 12.11.2024.

- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, formuláronse a título individual):

Agás as tres primeiras preguntas e o último rogo, contestáronse no pleno ordinario do 20.12.2024.

- 1 Importe que se lles aboou ás coprodutoras do espazo 'O termómetro' en función das achegas que realizaron para a súa materialización.
- 2 Reiteración da pregunta que se formulara no pleno ordinario do 22.10.2024 sobre o custo de cada programa da produción 'A revista'.
- 3 Posible condicionamento da prórroga ou da renovación do contrato que se formalizara coas coprodutoras do formato 'O termómetro' en función da actitude da representación legal dos traballadores.
- 4 Comunicación anticipada aos conselleiros da relación de participantes en cada faladoiro.
- 5 Consideracións arredor do ton que utilizaban algúns colaboradores que interviñan no faladoiro da mañá da Radio Galega ('Galicia por diante') e o feito de que os debates nel se centrasen case exclusivamente na política estatal.

- 6 Solicitud de información sobre as reestruturacións que estaba previsto acometer nos centros de traballo da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.
- 7 Medidas engadidas que cabería adoptar para solucionar os problemas que se identificaran no sistema que utilizaba Kantar Media, S.A. para determinar a cota de pantalla das canles de televisión.
- 8 Valoración sobre a cota de pantalla do programa 'O termómetro'.
- 9 Relación de vehículos do parque móbil da CRTVG e adscrición de uso de cada un deles.
- 10 Liña de actuación da TVG para informar sobre as negociacións que mantiveran representantes do Goberno central e de determinadas entidades políticas arredor do imposto á banca e ás enerxéticas.
- 11 Contido da resposta que recibira o escrito que a Dirección Xeral da Corporación RTVG dirixira á Presidencia do Parlamento de Galicia, do 29.10.2024, para pór no seu coñecemento a difusión de determinadas mensaxes en soportes publicitarios instalados en elementos do mobiliario urbano de varias cidades e vilas galegas e que, no parecer da primeira, entre outras cuestións, atentaba contra o valor da marca da organización.
- 12 Razóns polas que se reducira o volume de informacións sobre asuntos que se abordaban no Parlamento Europeo e que tiñan repercusións directas no país.
- 13 Solicitouse da dirección que realizase os máximos esforzos e adoptase todas as medidas ao seu alcance para reducir a conflictividade no apartado das relacións laborais.

20 de decembro de 2024

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 26.11.2024 (aprobouse por unanimidade e asentimento).
- Informes do director xeral da Corporación RTVG:
 - 1 Situación da Corporación RTVG no ámbito laboral (decembro 2024).
 - 2 Radio Galega Música.
 - 3 Kantar Media, S.A.
 - 4 Terceira onda do EXM de 2024.
 - 5 Evolución da taxa de absentismo.
 - 6 Proceso selectivo extraordinario de estabilización que deriva da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías do persoal.
 - 7 Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.
- Contestación por parte do director xeral da Corporación RTVG a rogos e preguntas que formularon os conselleiros.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, realizáronse a título individual):
 - 1 Tras a conclusión do proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro, viabilidade, se fose posible, de estender a vinculación laboral máis aló do 31.12.2024 con aquelas persoas que non o superaron (formularon a pregunta dúas conselleiras).

- 2 Comunicación ao Consello de Administración de calquera determinación que se tomase en relación co contrato que se formalizara para a coprodución de 'O termómetro' tan axiña se adoptase (formularon a pregunta dúas conselleiras).
- 3 Relación de participantes nos faladoiros e nas columnas de opinión e económicas no período comprendido entre o 02.09.2024 e o 31.12.2024 e número de intervencións en cada caso. En relación con esta cuestión, rogouse que se aplicase o equilibrio de xénero no faladoiro do 'Galicia por diante'.
- 4 Solicitude consistente en que na composición dos faladoiros, nomeadamente no 'Galicia por diante', se garantise o equilibrio ideolóxico e que así se preservase a pluralidade.
- 5 Tratamento informativo da manifestación do 15.12.2024 (Compostela), a iniciativa das plataformas Ulloa Viva e En Defensa da Ría de Arousa, contra a pretensión de Altri SGPS, S.A. de erixir unha macrocelulosa en Palas de Rei.
- 6 Cantidades que percibira a xefa do Servizo de Administración e Facturación cando, antes do seu nomeamento, realizou funcións de representante legal externa da CRTVG e posibilidade de ampliar o número de titulados superiores do Departamento de Asesoría Xurídica.
- 7 Razóns polas que, dende a súa elección como alcaldesa de Compostela, Goretti Sanmartín aínda non fora protagonista de ningunha entrevista na TVG, como tampouco o alcalde e a alcaldesa das dúas principais cidades galegas por número de habitantes.
- 8 Causas polas que a Radio Galega modificaba a súa programación habitual cando ofrecía entrevistas a membros do Goberno galego.

Ademais, realizáronse as seguintes consideracións e os rogos que se especifican:

- 1 Agradeceuse que se atendese un dos rogos que se formularan no pleno ordinario do 26.11.2024, concretamente a comunicación anticipada aos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG da relación de participantes nos faladoiros. Unha conselleira pregoulle ao director xeral da Corporación RTVG que lles trasladase aos colaboradores da CRTVG, entre os que se inclúen profesores e catedráticos de reputado prestixio profesional, o seu recoñecemento polas achegas que facían e o seu respecto polas súas intervencións.
 - 2 A mesma conselleira rogoulle ao director xeral da CRTVG que lles transmitise a todos os profesionais da información da organización a súa solidariedade, o seu respecto e a súa consideración. Rexeitou calquera propósito de terceiros de intervir no seu labor diario.
- * O director xeral da Corporación RTVG comunicou que estaba previsto incrementar a relación de colaboradores que participaban no faladoiro das 20:00 h da Radio Galega.

Resumo de asuntos que se trataron, tendo en conta as seguintes variables:

- Contabilízanse exclusivamente os informes que se facilitaron en función dos títulos que se lles atribuíron nas actas das sesións plenarias. Obviouse que algúns deles abranguían varios asuntos.
- Tampouco se computaron as cuestións colaterais xurdidas a partir dos devanditos informes.
- Respostas a determinadas preguntas cualificáronse como informes en senso estrito.

PLENO	ASUNTOS QUE SE TRATARON NO APARTADO INFORMES DO DIRECTOR XERAL DA CRTVG	OUTROS INFORMES DA DIRECCIÓN XERAL DA CORPORACIÓN RTVG E DECISIONS SOBRE ASUNTOS DIVERSOS	CUESTIÓNS QUE SE ABORDARON NO APARTADO ASUNTOS DE TRÁMITE
30.01.2024	3	0	0
27.02.2024	0	0	0
26.03.2024	1	2	0
23.04.2024	3	1	1
28.05.2024	3	1	1
26.06.2024	0	4	0
23.07.2024	2	2	0
30.08.2024	1	1	2
24.09.2024	3	0	0
22.10.2024	0	1	0
26.11.2024	1	2	1
20.12.2024	7	1	0
Total	24	15	5

- Rogos e preguntas que se dirixiron á Dirección Xeral da Corporación RTVG e que atendeu na mesma sesión plenaria ou nunha posterior, en función dos seguintes factores:
 - Non se enumeran as respostas que se ofreceron ao fío das intervencións posteriores dos/as conselleiros/as en relación cos asuntos sobre os que informou a Dirección Xeral da Corporación RTVG en cada sesión plenaria.
 - Igualmente, cómpre salientar que:
1. Algunhas cuestións concretas que se suscitaron en sesións plenarias respondéronse ou completáronse por representantes da Dirección Xeral da Corporación RTVG en xuntanzas das comisións permanentes de participación.
 2. Determinados rogos e certas preguntas que se efectuaron nun pleno concreto atendéronse na mesma reunión por parte da Dirección Xeral da Corporación RTVG, mais esta última tamén fixo precisións ou completou as súas respostas na sesión plenaria inmediatamente posterior.

PLENO	FORMULADOS	ATENDIDOS NO MESMO PLENO	ROGOS E PREGUNTAS ATENDIDOS DE ANTERIORES PLENOS	OUTROS ROGOS OU CONSIDERACIÓNS
30.01.2024	10	0	13	1
27.02.2024	3	0	10	6
26.03.2024	6	0	3	2
23.04.2024	9	0	6	5
28.05.2024	14	0	9	4
26.06.2024	9	0	14	1
23.07.2024	7	1	9	2
30.08.2024	10	0	6	3
24.09.2024	11	0	10	5
22.10.2024	12	0	11	3
26.11.2024	13	4	12	1
20.11.2024	8	0	9	3
TOTAL	112	5	112	36

11.3 Decisións que adoptou o socio único da Corporación RTVG

- A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (representada polo director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia), ao abeiro do que se dispón no artigo 15 da Lei de sociedades de capital (Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo), na súa condición de socio único da Corporación RTVG, por ser o titular do 100% do seu capital social, adoptou as decisións seguintes na reunión do 14.05.2023:
 - Aprobou as contas anuais, o informe de xestión (que incluíu o estado de información non financeira) e a proposta de aplicación do resultado da Corporación RTVG correspondentes ao exercicio social que se pechou o 31.12.2023.
 - Aprobou a xestión que desenvolveu o Consello de Administración da Corporación RTVG durante o exercicio social que se pechou o 31.12.2023.
 - Facultou expresamente a secretaria non conselleira para que puidese elevar a público as decisións que adoptou nesa data e, así mesmo, habilitouna para realizar cantas actuacións fosen necesarias para a validez das devanditas decisións e a súa inscrición, total ou parcial, nos rexistros públicos correspondentes.

- A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (representada polo director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia), ao abeiro do que se dispón no artigo 264 da Lei de sociedades de capital (Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo), na súa condición de socio único da CRTVG, por ser o titular do 100% do seu capital social, adoptou as decisións seguintes na reunión do 02.12.2024:
 - Nomear a K4 Ibérica Auditores, S.L.P. para realizar o servizo de auditoría financeira das contas anuais da Corporación RTVG correspondentes aos exercicios que se pecharán o 31 de decembro de 2024, 2025 e 2026. O devandito servizo (lote 1 do expediente CRT-2024-0024) adxudicóuselle a K4 Ibérica Auditores, S.L.P. por Resolución do 4 de novembro de 2024, da Dirección Xeral da Corporación RTVG (órgano de contratación). A contratación efectuouse mediante procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria, ao abeiro do que se determina nos artigos 156 a 158 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2024.
 - Facultou expresamente a secretaria non conselleira do Consello de Administración da CRTVG para que puidese elevar a público as decisións que adoptou nesa data e habilitouna para realizar cantas actuacións fosen necesarias para a validez das devanditas decisións e a súa inscrición, total ou parcial, nos rexistros públicos correspondentes.

11.4 Órganos ou comisións de participación, asesoramento ou de control interno

O artigo 12.3 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, obriga a constituír no seo do Consello de Administración da CRTVG unha Comisión de Economía e Control (mandato que se reitera no artigo 11.2 dos estatutos da sociedade).

Por outra banda, o artigo 19.1.e) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, facúltao para aprobar a creación dos órganos ou das comisións de participación, asesoramento ou de control interno (potestade na que se reincide no artigo 11.2 dos estatutos da sociedade). En virtude do que se expuxo, creáronse as seguintes comisións:

- Economía e Control (pleno ordinario do 04.01.2016)
- Igualdade (pleno ordinario do 27.07.2021)
- Programación (pleno ordinario do 26.02.2016)
- Recursos Humanos (pleno ordinario do 26.02.2016)
- Regulamento e Réxime Interior (pleno ordinario do 19.01.2016)
- Responsabilidade Social Corporativa (pleno ordinario do 27.07.2021)

11.4.1 Comisión de Economía e Control

No seu artigo 28, a Lei 9/2011, do 9 de novembro, determina que o número de membros e as normas de funcionamento da Comisión de Economía e Control se fixarán estatutariamente (ou, se é o caso, polas normas de funcionamento interno da entidade, que, de todos os xeitos, favorecerán a independencia do seu funcionamento).

Dándolle cumprimento a ese mandato, o artigo 20.1. dos estatutos da empresa dispón a creación dunha Comisión de Economía e Control, que se formará na primeira sesión do Consello de Administración da CRTVG e que se comporá por tres membros. Engade que os seus integrantes desempeñarán o cargo por un período de tres anos e cesarán cando o fagan na súa condición de conselleiros, cando así o acorde o Consello de Administración ou polo transcurso do prazo que se estableceu para o desempeño do seu cargo.

Posúe as seguintes competencias:

- O seguimento do estado financeiro da Corporación RTVG, así como o estrito cumprimento do servizo público para o que se creou.
- A supervisión das contas anuais de cada exercicio e a formulación das observacións que considere axeitadas.
- A supervisión do plan anual de actividades, da memoria anual e dos anteprojectos de orzamentos.
- A análise das liñas xerais de asignación orzamentaria de cada exercicio e dos criterios que se utilizan para a súa elaboración.
- A supervisión dos plans financeiros plurianuais.

- A realización dun seguimento e dunha análise da xestión e da evolución da execución orzamentaria.
- O seguimento da evolución dos ingresos comerciais.
- A supervisión, con carácter trimestral, da posición financeira da empresa.

No artigo 20.4 dos estatutos da empresa especificase que cómpre fixar o funcionamento da Comisión de Economía e Control no regulamento de funcionamento que aprobe o Consello de Administración da Corporación RTVG, debendo reunirse, en todo caso, con periodicidade trimestral, polo menos, e cada vez que a convoque a súa Presidencia, que será elixida polo Consello de Administración da Corporación RTVG na súa primeira sesión.

Data de creación	Membros e data da súa elección	Presidente e data de elección
04.01.2016	Cabaleiro Durán (28.06.2022, con efectos do 25.05.2022) Peón Piñeiro (27.07.2021) Vidal Lage (27.07.2021)	Cabaleiro Durán (27.07.2022)
Reelixidas e reelixido no pleno ordinario do 23.07.2024 (con efectos do 27.07.2024)		

Reunións que realizou en 2024:

- 09.01.2024
Comparecente: xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asuntos: posición financeira ao 31.12.2023 e controversia coa AEAT pola tributación do IVE
- 16.01.2024
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (decembro de 2023 e acumulado do exercicio)
- 23.01.2024
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 30.11.2023
- 07.02.2024
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: plan de actuación en relación co peche do exercicio 2023
- 13.02.2024
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (xaneiro de 2024)
- 05.03.2024
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (febreiro de 2024 e acumulado do exercicio)
- 12.03.2024
Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa
Asunto: presentación das contas anuais correspondentes ao exercicio 2023
- 19.03.2024
Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa
Asunto: contas anuais correspondentes ao exercicio 2023
- 02.04.2024
Comparecente: xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asuntos: posición financeira ao 31.03.2024 e controversia coa AEAT pola tributación do IVE
- 09.04.2024
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asuntos: ingresos comerciais (marzo de 2024 e acumulado do exercicio) e Estudo Infoadex do investimento publicitario en España 2024
- 16.04.2024
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.01.2024

- 07.05.2024
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 29.02.2024
- 14.05.2024
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asuntos: ingresos comerciais (abril de 2024 e acumulado do exercicio) e sistema de medición de Kantar Media, S.A.
- 21.05.2024
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.03.2024
- 04.06.2024
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (maio de 2024 e acumulado do exercicio) e difusión de espazos gratuítos de propaganda electoral durante a campaña das eleccións de deputados e deputadas ao Parlamento Europeo do 09.06.2024
- 11.06.2024
Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa
Asunto: presentación dos anteproxectos de orzamentos e do programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF) para 2025
- 17.06.2024
Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa
Asunto: anteproxectos de orzamentos e programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF) para 2025
- 05.07.2024
Comparecente: xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asuntos: posición financeira ao 30.06.2024 e controversia coa AEAT pola tributación do IVE
- 09.07.2024
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (xuño de 2024 e acumulado do exercicio)
- 16.07.2024
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 30.04.2024
- 03.09.2024
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (xullo e agosto de 2024 e acumulado do exercicio)
- 12.09.2024
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.05.2024

- 17.09.2024
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 30.06.2024
- 08.10.2024
Comparecente: xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asuntos: posición financeira ao 30.09.2024 e controversia coa AEAT pola tributación do IVE
- 15.10.2024
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (setembro de 2024 e acumulado do exercicio) e expediente CRT-2024-0029 (Servizo para a comercialización dos espazos publicitarios da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A. para o mercado autonómico galego)
- 17.10.2024
Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa
Asunto: proxectos de orzamentos e do programa de actuación, investimentos e financiamento (PAIF) para 2025
- 05.11.2024
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.07.2024
- 12.11.2024
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (outubro de 2024 e acumulado do exercicio) e expediente CRT-2024-0029 (Servizo para a comercialización dos espazos publicitarios da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A. para o mercado autonómico galego)
- 19.11.2024
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.08.2024
- 02.12.2024
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 30.09.2024
- 12.12.2024
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (novembro de 2024 e acumulado do exercicio)
- 17.12.2024
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.10.2024

11.4.2 Comisión de Igualdade

Data de creación	Membros e data da súa elección	Presidenta e data de elección
27.07.2021	López Blanco (27.07.2022) Peón Piñeiro (27.07.2021) Vidal Lage (27.07.2021)	Vidal Lage (27.07.2021)
Reelixidas no pleno ordinario do 23.07.2024 (con efectos do 27.07.2024)		

Reunións que realizou en 2024:

- 21.02.2024
Comparecente: xefa do Servizo de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social
Asunto: plan de igualdade
- 19.03.2024
Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asuntos: actuacións que desenvolveron a TVG e a Radio Galega para conmemorar o Día Internacional da Muller
- 28.05.2024
Comparecente: xefa do Servizos de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social
Asunto: plan de igualdade
- 24.09.2024
Comparecente: xefa do Servizos de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social
Asunto: plan de igualdade
- 22.10.2024
Comparecente: xefa do Servizos de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social
Asunto: plan de igualdade
- 02.12.2024
Comparecentes: subdirector de Xestión dos Servizos Informativos e xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asuntos: actuacións que desenvolveron a TVG e a Radio Galega para conmemorar o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

11.4.3 Comisión de Programación

Data de creación	Membros e data da súa elección	Presidente e data de elección
26.02.2016	Alonso Filgueira (27.07.2022) Cabaleiro Durán (27.07.2021) Vidal Lage (27.07.2021)	Alonso Filgueira (27.07.2022)
Reelixida e reelixidos no pleno ordinario do 23.07.2024 (con efectos do 27.07.2024)		

Reunións que realizou en 2024:

- 09.01.2024
Comparecente: director da Área de Contidos
Asuntos: cotas de pantalla da TVG en decembro de 2023 e no exercicio 2023
- 23.01.2024
Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e subdirector de Xestión dos Servizos Informativos
Asunto: campaña das eleccións ao Parlamento de Galicia do 18.02.2024 (plan de cobertura)
- 06.02.2024
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG en xaneiro de 2024
- 21.02.2024
Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e subdirector de Xestión dos Servizos Informativos
Asunto: cobertura da campaña das eleccións ao Parlamento de Galicia do 18.02.2024
- 05.03.2024
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG en febreiro de 2024
- 19.03.2024
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: decisións do 26.01.2024 da Comisión de Apoio á Producción Cinematográfica
- 03.04.2024
Comparecentes: directores das áreas de Contidos e de Innovación e Negocio
Asuntos: cota de pantalla da TVG en marzo de 2024 e sistema de medición de Kantar Media, S.A.
- 02.05.2024
Comparecente: subdirector de Xestión dos Servizos Informativos
Asunto: audiencia das canles de radio da CRTVG na primeira onda do EXM de 2024

- 07.05.2024
Comparecente: director da Área de Contidos
Asuntos: cota de pantalla de TVG en abril de 2024, audiencia das canles de televisión da CRTVG na primeira onda do EXM de 2024 e sistema de medición de Kantar Media, S.A.
- 14.05.2024
Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e subdirector de Xestión dos Servizos Informativos
Asunto: campaña das eleccións de deputados e deputadas ao Parlamento Europeo do 09.06.2024 (plan de cobertura)
- 04.06.2024
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla de TVG en maio de 2024 e sistema de medición de Kantar Media
- 09.07.2024
Comparecente: director da Área de Contidos
Asuntos: cota de pantalla de TVG en abril de 2024, audiencia das canles de televisión da CRTVG na segunda onda do EXM de 2024 e sistema de medición de Kantar Media, S.A.
- 16.07.2024
Comparecentes: xefe e xefa dos servizos de Planificación de Informativos e de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asunto: audiencia das canles de radio da CRTVG na segunda onda do EXM de 2024
- 03.09.2024
Comparecentes: xefe e xefa dos servizos de Planificación de Informativos e de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asunto: programación da Radio Galega para a temporada outono 2024-primavera 2025
- 10.09.2024
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla de TVG en xullo e agosto de 2024
- 08.10.2024
Comparecente: subdirectora do Departamento de Programación e Emisións
Asunto: cota de pantalla de TVG en setembro de 2024
- 05.11.2024
Comparecente: director da Área de Contidos
Asuntos: cota de pantalla de TVG en outubro de 2024 e sistema de medición de Kantar Media, S.A.
- 12.12.2024
Comparecente: director da Área de Contidos
Asuntos: cota de pantalla de TVG en novembro de 2024 e audiencia das canles de televisión da CRTVG na terceira onda do EXM de 2024

- 17.12.2024
Comparecentes: xefe e xefa dos servizos de Planificación de Informativos e de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asunto: audiencia das canles de radio da Corporación na terceira onda do EXM de 2024

11.4.4 Comisión de Recursos Humanos

Data de creación	Membros e data da súa elección	Presidenta e data de elección
26.02.2016	Cabaleiro Durán (27.07.2021) López Blanco (27.07.2022) Viña Bravo (27.07.2021)	López Blanco (27.07.2022)
Reelixida e reelixidos no pleno ordinario do 23.07.2024 (con efectos do 27.07.2024)		

Reunións que realizou en 2024:

- 09.01.2024
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 30.11.2023 e procesos selectivos
- 06.02.2024
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.12.2023 e procesos selectivos
- 05.03.2024
Comparecente: xefa do Servizo de Formación e Selección
Asuntos: memorias de formación e de bolseiros (exercicio 2023)
- 19.03.2024
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.01.2024 e procesos selectivos
- 02.04.2024
Comparecente: xefa do Servizo de Formación e Selección
Asunto: plan de formación (exercicio 2024)
- 23.04.2024
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 29.02.2024 e procesos selectivos
- 28.05.2024
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.03.2024 e procesos selectivos

- 26.06.2024
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 30.04.2024 e procesos selectivos
- 23.07.2024
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.05.2024 e procesos selectivos
- 30.08.2024
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: modificación do cadro de persoal da CRTVG e situación do cadro ao 30.06.2024
- 24.09.2024
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.07.2024, folga xeral do 27.09.2024 e procesos selectivos
- 12.11.2024
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.08.2024, desenvolvemento da folga na CRTVG (princiara o 07.10.204) e créditos horarios dos/as representantes dos traballadores
- 26.11.2024
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 30.09.2024, procesos selectivos e expediente disciplinario que se lles abrira a dous traballadores
- 20.12.2024
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.10.2024, procesos selectivos e expediente disciplinario que se lles abrira a dous traballadores

11.4.5 Comisión de Regulamento e Réxime Interior

Data de creación	Membros e data da súa elección	Presidenta e data de elección
26.02.2016	Cabaleiro Durán (27.07.2021) Peón Piñeiro (27.07.2021) Viña Bravo (27.07.2021)	Peón Piñeiro (27.07.2021)
Reelixidas e reelixido no pleno ordinario do 23.07.2024 (con efectos do 27.07.2024)		

Reunións que realizou en 2023:

- 29.01.2024
Comparecente: Pérez Cidoncha, delegado de Protección de Datos da Corporación RTVG
Asuntos: borrador do estatuto profesional
- 13.02.2024
Asuntos: borradores das Normas da CRTVG sobre a comunicación comercial audiovisual, do apartado referido ao Consello de Administración que se integrou no informe anual sobre a xestión da CRTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (2023) e proposta de calendario de reunións
- 12.03.2024
Asuntos: borrador das Normas da Corporación sobre a comunicación comercial audiovisual, orde de rotación na Presidencia do Consello de Administración da CRTVG e proposta de calendario de reunións
- 16..04.2024
Asuntos: borradores do estatuto profesional e da modificación dos Criterios reitores da dirección editorial da Corporación RTVG e proposta de calendario de reunións
- 11.06.2024
Asuntos: póliza de responsabilidade civil, proposta de modificación dos Criterios reitores da dirección editorial da CRTVG, composición das comisións de participación, asesoramento ou control interno, borrador do estatuto profesional e proposta de calendario de reunións
- 29.10.2024
Asuntos: proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, borradores do estatuto profesional, das Recomendacións do Consello de Administración da Corporación RTVG sobre o tratamento da violencia machista e das Normas da Corporación sobre a comunicación comercial audiovisual e comunicación da participación dunha conselleira na elaboración dunha obra literaria
- 12.11.2024
Asuntos: borradores das Recomendacións do Consello de Administración sobre o tratamento da violencia machista, das Normas da Corporación RTVG sobre a comunicación comercial audiovisual e do estatuto profesional e proposta de calendario de reunións
- 02.12.2024
Asuntos: borrador do estatuto profesional e proposta de calendario de reunións
- 17.12.2024
Asuntos: borrador do estatuto profesional e proposta de calendario de reunións

11.4.6 Comisión de Responsabilidade Social Corporativa

Data de creación	Membros e data da súa elección	Presidenta e data de elección
27.07.2021	Alonso Filgueira (27.07.2022) Peón Piñeiro (28.06.2022) Viña Bravo (27.07.2021)	Viña Bravo (27.07.2021)
Reelixidas e reelixido no pleno ordinario do 23.07.2024 (con efectos do 27.07.2024)		

Reunións que realizou en 2024:

- 19.03.2024
Comparecente: xefa do Servizo de Comunicación Corporativa e Responsabilidade Social
Asunto: Informe de Progreso 2022
- 21.06.2024
Comparecente: director do Departamento de Proxección Social
Asunto: Informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2023)
- 17.09.2024
Comparecente: director do Departamento de Proxección Social
Asunto: actuacións e proxectos do Departamento de Proxección Social
- 12.12.2024
Comparecente: xefa do Servizo de Comunicación Corporativa e Responsabilidade Social
Asunto: Informe de Progreso 2023

Resumo das reunións das comisións de participación:

COMISIÓN	Nº DE REUNIÓN	Nº DE ASUNTOS QUE SE ABORDARON	COMPARECENT.
Economía e Control	32	41	32
Igualdade	6	8	8
Programación	19	28	26
Recursos Humanos	13	26	13
Regulamento e Réxime Interior	9	28	1
Responsabilidade Social Corporativa	4	4	4
TOTAL	83	135	84

11.5 Parlamento de Galicia

O control do Parlamento de Galicia sobre a Corporación plasmouse no ano 2024 na intervención do director xeral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control sobre a CRTVG para responder, en 8 comparecencias, a 22 preguntas parlamentarias formuladas polos grupos parlamentarios.

Comisión de Control (31/05/2024)

- 851 POC Sobre a misión da CRTVG de reflectir a diversidade e pluralidade ideolóxica, política e social.
- 876 POC Sobre o cumprimento da Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- 2091 POC Sobre a cobertura informativa da TVG no concello de Melide.
- 46549 POC Sobre o número de sentenzas condenatorias do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recibidas pola CRTVG nos catro últimos anos e durante o mandato do actual director xeral, así como sobre as súas consecuencias en gastos procesuais e indemnizacións.
- 4024 POC Sobre a valoración de determinados contidos do programa de TVG 'Land Rober Tunai Show' emitidos o 9 de maio deste ano e as eventuais decisións tomadas pola dirección da CRTVG ante unha posible vulneración da intimidade dunha muller que formaba parte do público.
- 4105 POC Sobre o balance e as previsións de cara ao futuro respecto da plataforma dixital AGalega, posta en marcha hai case medio ano pola CRTVG.

Comparecencia e Comisión de Control (28/06/2024)

- 5269 Comparecencia do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para presentar as contas anuais da CRTVG correspondentes ao exercicio 2023, en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas.
- 2491 POC Sobre os cambios anunciados en outubro do ano pasado respecto da organización e selección dos contidos dos boletíns informativos da Radio Galega e as previsións sobre a posibilidade de volver ao modelo anterior.
- 5437 POC Sobre a evolución dos niveis de audiencia da TVG desde o remate de 2023 e as previsións que ten a CRTVG para afrontar a situación.

Comparecencia e Comisión de Control (12/07/2024)

- 6534 Comparecencia do sr. director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para presentar a memoria de servizo público da CRTVG correspondente ao exercicio de 2023.
- 5710 POC Sobre as externalizacións de servizos para o estudio 300 da TVG, os investimentos que se realizadon nel nos últimos cinco anos e as razóns de non recorrer a persoal propio para estes traballos.
- 6105 POC Sobre o nivel de defensa e promoción da lingua galega por parte da CRTVG e as medidas previstas para fomentar o seu uso.

Comisión de Control (27/09/2024)

- 10380 POC Sobre as causas do atraso na negociación da nova clasificación profesional do persoal da CRTVG e a postura da Corporación ante as reivindicacións da parte social e a entrega de informes.
- 7914 POC Sobre o balance que fai a CRTVG dos consumos dixitais, do seguimento en redes sociais e das liñas que se van seguir no futuro neste ámbito, así como da situación da páxina web www.g24.gal.
- 10645 POC Sobre o nivel de respecto que se está a dar na CRTVG do principio de separación entre a información e a opinión.
- 10869 POC Sobre os criterios informativos adoptados pola CRTVG en relación co informe do Consello da Cultura Galega relativo á implantación do complexo de Altri en Palas de Rei.

Comisión de Control (18/10/2024)

- 7915 POC Sobre a colaboración da CRTVG co sector audiovisual galego no ano 2023 e a súa evolución desde 2009, ano en que tivo lugar a remuda da súa dirección xeral, así como sobre as perspectivas para este ano e para o vindeiros neste ámbito.
- 10349 POC Sobre os criterios da CRTVG para cubrir con xornalistas actos públicos e comparecencias de prensa.
- 11477 POC Sobre a externalización do programa 'A revista', da TVG, os eventuais problemas que poidan derivar desta forma de operar e a garantía do cumprimento do marco normativo por parte da CRTVG.
- 11671 POC Sobre a substitución na TVG do programa propio 'A revista' polo programa 'O termómetro', de produción fundamentalmente externa.

Comparecencia do Director Xeral da CRTVG (31/10/2024)

- Comparecencia do director xeral da CRTVG ante a Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos para realizar unha sesión informativa en relación co Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2025 relativo á CRTVG.

Comisión de Control (28/11/2024)

- 7057 Sobre as perspectivas de cambio na Dirección Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia.
- 12451 POC Sobre a convocatoria de folga na CRTVG provocada pola externalización do programa 'A Revista'.
- 14206 POC Sobre o balance de xestión dos recursos humanos na CRTVG no período 2009-2024 e os procesos de estabilización de emprego que se desenvolveron neste espazo temporal ou que están en marcha.

Comisión de Control (13/12/2024)

- 8095 POC Sobre determinadas cuestións relacionadas coa elaboración dunha nova lei de medios de comunicación e os cambios que esta pretende incorporar, nomeadamente no relativo ao sistema de elección do director ou directora xeral da CRTVG e á emisión de producións en castelán.
- 14697 POC Sobre a conflictividade orixinada na CRTVG entre a dirección xeral e o persoal da Corporación.

Ademais, pódese salientar que, xunto ás referidas preguntas orais, outras 17 preguntas parlamentarias foron respondidas por escrito neste ano 2024. E tamén se procedeu á resposta por escrito de tres solicitudes de datos.

11.6 Outros organismos de control

Neste 2024, non se rexistraron expedientes na Valeduría do Pobo arredor da actividade da CRTVG.

